



# **Programa de Goberno Eleccións ao Parlamento de Galiza, xuño 2005**



<b>I. O NOSO COMPROMISO CUN PAÍS NOVO .....</b>	<b>6</b>
<b>II. UN NOVO ESTATUTO DE NACIÓN .....</b>	<b>8</b>
II.1. MÁIS AUTOGOBERNO E MÁIS BENESTAR .....	9
II.2. GOVERNARMOS OS NOSOS ASUNTOS .....	10
II.3. FACER EFECTIVOS OS DEREITOS DAS GALEGAS E GALEGOS .....	11
II.4. POLÍTICAS PÚBLICAS AO SERVIZO DO BENESTAR .....	11
II.5. UN FINANCIAMENTO AXEITADO .....	12
II.6. UN NOVO MODELO DE ESTADO .....	13
<b>III. A NOSA PRIORIDADE: MÁIS BENESTAR SOCIAL .....</b>	<b>15</b>
III.1. CREAR EMPREGO ESTÁBEL NA GALIZA .....	15
III.2. MELLORAR A PROTECCIÓN SOCIAL .....	26
III.2.1. PRESTACIÓNS SOCIAIS .....	26
III.2.2. SERVIZOS SOCIAIS .....	28
III.2.3. LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL .....	32
III.2.4. AS PERSOAS CON DISCAPACIDADES .....	33
III.2.5. ATENCIÓN Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL .....	36
III.2.6. ATENCIÓN Á VELLEZ .....	37
III.3. A SAÚDE SEN ESPERA .....	41
III.4. 20.000 VIVENDAS PROTEXIDAS EN CATRO ANOS .....	48
III.5. IGUALDADE REAL PARA OS EMIGRANTES .....	50
III.6. INTEGRAR OS INMIGRANTES .....	53
III.7. UN GOBERNO COMPROMETIDO COA IGUALDADE .....	55
III.8. UNHA MOCIDADE CON FUTURO NO PAÍS .....	65
III.9. DEPORTE PARA TODOS E TODAS .....	81
<b>IV. POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL .....</b>	<b>86</b>
IV.1. UN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE .....	86
IV.2. A UNIVERSIDADE AO SERVIZO DO PAÍS .....	97
IV.3. GALIZA EN GALEGO .....	106
IV.4. REFORZAR O COMPROMISO COA NOSA CULTURA .....	113
<b>V. DESENVOLVEMENTO E POLÍTICA ECONÓMICA .....</b>	<b>125</b>
V.1. UNHA ECONOMÍA PRODUTIVA AVANZADA .....	125
V.2. UNHA ESTRATEXIA PARA A INDUSTRIALIZACIÓN .....	128
V.3. DESENVOLVER OS SECTORES PRODUTIVOS .....	147
V.3.1. NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS .....	147
V.3.2. SECTOR AUDIOVISUAL .....	152
V.3.3. POLÍTICA AGRARIA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL .....	158
V.3.4. POLÍTICA PESQUEIRA .....	181
V.3.5. POLÍTICA ENERXÉTICA .....	205
V.3.6. POLÍTICA TURÍSTICA .....	208
V.3.7. APOIO AO COMERCIO .....	211
V.3.8. DEFENSA DOS CONSUMIDORES E CONSUMIDORAS .....	213
V.4. MELLORAR O FINANCIAMENTO PÚBLICO .....	215

<b>VI. TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTE .....</b>	<b>224</b>
VI.1. UNHA ORDENACIÓN RACIONAL DO TERRITORIO .....	224
VI.2. INFRAESTRUTURAS PARA O SÉCULO XXI.....	225
VI.3. UN NOVO CONSENSO EN URBANISMO .....	232
<b>VII. UNHA GALIZA SUSTENTÁBEL .....</b>	<b>234</b>
VII.1. REORIENTARMOS SOGAMA.....	234
VII.2. MELLORAR A XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E ESPECIAIS .....	236
VII.3. CUMPRIMOS CON QUIOTO.....	237
VII.4. POLO SANEAMENTO INTEGRAL DAS AUGAS.....	238
VII.5. PROTEXER OS NOSOS RÍOS .....	239
VII.6. DEFENDENDO O NOSO MAR.....	240
VII.7. PRESERVAR A BIODIVERSIDADE .....	242
VII.8. MOBILIDADE SUSTENTÁBEL .....	243
VII.9. EDUCACIÓN AMBIENTAL .....	245
<b>VIII. MÁIS DEMOCRACIA E LIBERDADES.....</b>	<b>247</b>
VIII.1. REXENERACIÓN ÉTICA E DEMOCRÁTICA.....	247
VIII.2. UNHA NOVA CULTURA DE SERVIZO PÚBLICO .....	251
VIII.3. UNS ENTES LOCAIS ADAPTADOS Á REALIDADE DO PAÍS.....	256
VIII.4. UNHA XUSTIZA GALEGA ÁXIL E CON GARANTÍAS .....	257
VIII.5. UNHA POLÍTICA INTEGRAL DE SEGURANZA .....	260
VIII.6. MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS E POLÍTICA INFORMATIVA .....	264
VIII.7. AVANZAR NOS DEREITOS CÍVICOS .....	267
VIII.8. GALIZA E A UNIÓN EUROPEA .....	269
VIII.9. UNHA GALIZA ACTIVA E SOLIDARIA NO MUNDO .....	270

O BNG é quen de transformar Galiza nunha terra vizosa, de alumear un novo país. Temos un proxecto deseñado para atinxir ese obxectivo, que se condensa no Programa Electoral que agora vos trasladamos e termades nas vosas mans. Eis o ideal nacionalista acoutado para un proxecto a catro anos, dirixido a que as xentes do país incrementen substancialmente o seu benestar. A que os mozos e mozas teñan emprego, digno e estábel. A que as persoas maiores gocen de asistencia universal gratuíta. Para que mellore a atención sanitaria nos hospitais públicos. Que se ofrezca unha educación gratuíta de calidade. Que os traballadores e traballadoras dos sectores produtivos estratéxicos non se vexan sometidos a continuos axustes e limitacións da súa actividade que fagan perigar os seus postos de traballo. Que as mulleres do noso país disfruten de igualdade real de oportunidades. Que todos sigamos a desfrutar dun entorno natural incomparábel e así llo entreguemos ás xeracións vindeiras. Que manteñamos viva a nosa lingua e a nosa identidade colectiva terme perante o empurrón da globalización e uniformización cultural.

De todo iso trata este Programa Electoral do BNG para as Eleccións ao Parlamento galego de 2005 que ofertamos á sociedade galega e que, desde un Goberno nacionalista, co noso Presidente Anxo Quintana á cabeza, nos comprometemos a levar adiante para lle dar o impulso necesario á Galiza do século XXI.

## **I. O NOSO COMPROMISO CUN PAÍS NOVO**

O 19 de xuño a cidadanía galega ten a oportunidade de comezar unha nova etapa para construír un país novo e deixar atrás, como un mal recordo, o que dezaseis anos de gobernos do PP deixaron no noso país: regresión económica e social, de restrición das liberdades democráticas e perda dos noso sinais nacionais.

As eleccións ao Parlamento de Galiza servirán para designarmos o novo Presidente da Xunta e mais o Goberno galego para os vindeiros catro anos. Mais servirán tamén para algo aínda máis importante: para que emerxa un país novo, aberto e solidario, orgulloso da súa personalidade e convencido das súas potencialidades. Un país en que pague a pena vivir e co que pague a pena comprometerse.

### ***A herdanza de Fraga***

A evolución de Galiza ao longo do período que comprende os gobernos do PP presididos por Fraga Iribarne é preocupante: desmantelamento progresivo dos sectores produtivos básicos do país, como o agro ou a pesca; desindustrialización e reconversión traumática no sector naval; regresión e avellentamento poboacional; índices de persoas en activo máis baixos do Estado e taxa de desemprego superior á media estatal; máis de 200.000 mozos e mozas forzados a emigrar; incremento da diferenza da renda dispoñíbel dos galegos e galegas respecto á dos cidadáns do resto do Estado ou da Unión Europea.

Esta herdanza negativa non se reflicte só nos datos económicos e sociais. O uso clientelar e abusivo do poder, o déficit democrático, a manipulación informativa, a arbitrariedade na xestión dos recursos públicos... configuran un panorama desolador. Apoiándose nas institucións públicas, o PP exerceu un control social antitético co respecto polas liberdades públicas e o dereito á expresión da discrepancia, base de todo o sistema democrático. Os disidentes foron silenciados e vetados. Os medios de comunicación convertíronse en órganos de propaganda ao servizo do poder.

E, a pesar da propaganda, Galiza segue sen ocupar o papel que lle corresponde no marco estatal e europeo. Galiza segue sen ser respectada como país. Porque os gobernos galegos do PP non souberon gañarse ese respecto. Pasaron da submisión á confrontación só en función de quen gobernara en Madrid e, como consecuencia, Galiza segue discriminada nos planos de infraestruturas e nos investimentos previstos para os sucesivos orzamentos estatais.

## ***Unha sociedade viva***

Mais nesta lexislatura producíronse no país mudanzas que xa non teñen volta atrás. A catástrofe do “Prestige” supuxo unha grande desgraza para Galiza, tinguiu de negro o mar e de loito o conxunto do país, ocasionou consecuencias negativas económicas, sociais e ambientais para toda Galiza, feriu o mar que nos fornece de recursos para o desenvolvemento económico, eivou o patrimonio que nos pertence a todos os galegos e galegas de hoxe e que debemos conservar para os que veñan no futuro. Mais, ao mesmo tempo, a catástrofe do “Prestige” tamén foi o detonante que catapultou a sociedade civil máis dinámica de Galiza e alumeou un dos movementos cívicos máis puxantes que poidamos atopar no noso tempo e entorno: NUNCA MÁIS. Ao berro de “Nunca Máis” aglutinouse unha maioría social de galegas e galegos que protestaban contra algo máis que a marea negra: protestaban contra o abandono e a incompetencia gobernamentais, clamaban contra a indefensión do país e reclamaban, e seguen a reclamar, solucións. Foi daquela cando a sociedade galega máis activa e máis comprometida co país lle virou definitivamente as costas ao PP.

## ***Un cambio galego***

Os homes e as mulleres do BNG sempre estivemos convencidos de que Galiza contaba coa enerxía necesaria para cambiar este estado de cousas. E por iso estamos preparados para empregar esa enerxía social a favor dun cambio no país. Porque Galiza precisa un cambio de goberno que implique ademais un cambio de política. Non será abondo cambiar para que apenas nada varíe: hai que cambiar para lle dar un novo pulo ao país. E ese cambio real, ese cambio galego, só é posíbel cun goberno liderado polo nacionalismo galego. Con Anxo Quintana de Presidente.

Porque só o BNG é garantía de rexeneración democrática e respecto polos dereitos e liberdades de todos e todas, sen excepción nin discriminación ningunha. Só o BNG é garantía de que as institucións públicas actúen con eficacia e obxectividade, ao servizo do país. Só o BNG é garantía de que os galegos e as galegas contemos con servizos públicos de calidade e accesíbeis a todas as persoas. Só o BNG é garantía dunha política económica sustentábel que persiga un desenvolvemento harmónico e equilibrado do país e o logro de maiores cotas de emprego e de benestar para todos. Só o BNG é garantía de avanzar no autogoberno e de lograr que Galiza xogue outro papel no marco estatal e europeo. Que Galiza sexa respectada.

Máis democracia. Máis benestar. Máis autogoberno. Eis os eixes básicos do programa que o BNG presenta á sociedade galega. Un compromiso para construír, entre todos e todas, un país novo.

## II. UN NOVO ESTATUTO DE NACIÓN

Ao longo dos últimos anos asistimos a un intenso debate sobre o modelo político e institucional do Estado español, alentado polas forzas políticas nacionalistas, ocupando un lugar destacado entre elas o BNG.

Actualmente atopámonos nunha fase especialmente crucial, dado o impulso que o debate estatutario está a ter nas nacións do Estado, que aspiran a conseguir maiores cotas de autogoberno e ao mesmo tempo propiciar un proceso de mudanza da actual configuración político-institucional do Estado, avanzando cara a unha máis acorde coa realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüe do Estado.

Na Galiza, o BNG é o auténtico impulsor dese debate. O BNG foi a primeira forza política en formular abertamente a necesidade dunha reforma estatutaria que nos permita determinar con liberdade o noso sistema institucional, desenvolver políticas propias nos asuntos fundamentais que afectan á sociedade galega e definir un novo marco de relacións co Estado onde a identidade nacional sexa claramente respectada.

A actuación decidida do BNG neste eido obrigou ás forzas políticas de ámbito estatal que actúan na Galiza a tomaren posición, mais quedando clara a súa intención de rebaixar o estatus de Galiza, relegándoa a unha categoría inferior ao das outras nacións do Estado, Euskadi e Cataluña.

Nin PP nin PSOE demostraron ter unha vontade decidida de afondar no autogoberno de Galiza.

Por parte do PP négase a posibilidade de comezar o proceso de reforma estatutaria, cando mesmo outras Comunidades Autónomas que adquiriron esa condición no final do proceso de articulación institucional do Estado xa iniciaron formalmente os traballos de reforma dos seus Estatutos. De xeito moi especial, Fraga mantén o PP nunha rexa posición inmovilista, pois sabe que o estatus actual posibilita dun xeito natural a integración política e a asimilación cultural do noso país. Boa proba diso é que durante o período de goberno absoluto de Fraga na Galiza, malia contarmos con institucións políticas propias dotadas de certa capacidade decisoria, asistimos a un proceso de paulatina “rexionalización” de Galiza, de perda de consciencia nacional revelada na regresión dos valores e sinais que nos identifican como pobo de noso.

Pola súa banda, o PSOE mantén unha posición ambigua e dubitativa sobre o desenvolvemento estatutario, a expensas do asentimento desde a sede central en Madrid sobre as súas propostas. Comparte co PP a intención de que o debate na Galiza se demore, cando menos até que se resolva unha limitadísima reforma constitucional que deixe intacto nos seus aspectos básicos o vixente modelo político do Estado, para condicionar as aspiracións de maior autogoberno de Galiza, sobre todo para impedir que a identidade nacional de Galiza se vexa reflectida con claridade no seo dun modelo de Estado que recoñeza institucionalmente a súa diversidade nacional.

O BNG é a única forza política que de certo desexa variar o actual sistema político-institucional, caracterizado por un acusado carácter centralista,



avanzando cara a unha nova relación no Estado máis favorábel para os nosos intereses, fortificando as institucións de Galiza para que poidamos decidir por nós mesmos a maior parte dos asuntos que nos afectan. É, ademais, a garantía para valorar todo o potencial do país, para rachar coa subordinación a intereses alleos que na práctica está a provocar a merma das condicións económicas e sociais dos galegos e galegas, para que as galegas e galegos academos un maior benestar, e para avanzarmos no recoñecemento da identidade galega nun estado plurinacional, pluricultural e plurilingüe.

A vindeira lexislatura suporá o comezo dunha nova etapa na Galiza en que verá a luz un novo Estatuto para Galiza, concebido como un instrumento de mellora da nosa capacidade de autogoberno, de reforzo do poder político das institucións galegas e ao servizo do incremento da calidade de vida das xentes do país.

## **II.1. MÁIS AUTOGOBERNO E MÁIS BENESTAR**

O vixente marco estatutario outorga a Galiza unha limitada capacidade de decisión sobre competencias fundamentais, que o nacionalismo galego vén denunciando desde a súa aprobación. A evolución do proceso de desenvolvemento estatutario agravou a situación de partida, restrinxindo cada vez máis o noso autogoberno por medio da interpretación extensiva das competencias estatais, especialmente nos períodos de maiorías absolutas nas Cortes Xerais. Precisamente, durante a última lexislatura do Parlamento galego, que coincidiu en boa parte cun Goberno central do PP apoiado nunha maioría absoluta, ampliouse de xeito abusivo a lexislación básica do Estado en materias sensíbeis (entre outras: ensino, sanidade, ordenación e planificación económica, contratación pública, pesca marítima) minguando o xa exíguo ámbito competencial galego e asentando un modelo de descentralización máis administrativa que política, onde as decisións políticas transcendentais son adoptadas no Estado e onde os entes autonómicos só ostentan facultades de desenvolvemento de carácter meramente executivo e administrativo, cunha escasa marxe de manobra ao teren que actuar dentro do modelo prefixado desde instancias centrais.

A situación de dependencia de Galiza, de subordinación a intereses alleos, non crebará se non muda o actual marco estatutario, xa que o Estatuto vixente non foi quen de resolver os problemas cruciais que Galiza afronta: a preservación e recuperación dos nosos sinais de identidade, a desindustrialización e o desmantelamento dos nosos sectores produtivos, o despoboamento do rural, a emigración da xente nova ou o atraso relativo en nivel de renda ou infraestruturas a respecto do resto do Estado e de Europa.

Por iso, afondar na capacidade de decidirmos por nós mesmos, de gozarmos de máis autogoberno, é sinónimo de maior benestar, pois racha coas dependencias externas que limitan o progreso de Galiza. O novo Estatuto, elaborado polo conxunto da sociedade galega, ha de organizar os nosos poderes públicos e pór os nosos recursos a traballar en función do desenvolvemento económico e da creación de emprego con vistas a transformar esta situación. E por cima de todo, será un “Estatuto de Nación

para Galiza”, onde Galiza fiquen claramente recoñecida como nación e poida así mesmo promover e ver recoñecida a súa identidade nacional no seo dun Estado plurinacional, que asuma o principio de que a soberanía nacional non reside no pobo español, senón no conxunto das nacións que integran o Estado.

No BNG estamos convencidos de que na Galiza terminou unha etapa e de que cómpre abrir outra, onde precisamos un novo Estatuto de Galiza que será a ferramenta chave para transformar a estrutura institucional e política do Estado cara a un novo Estado plurinacional, plurilingüe e pluricultural, que tamén contribuirá ao avance do benestar social de Galiza, á consolidación da democracia, ao respecto polo pluralismo e ao reforzamento da identidade propia.

## **II.2. GOBERNARMOS OS NÓSOS ASUNTOS**

Sobran exemplos de como Galiza foi prexudicada e mesmo marxinada pola xestión allea aos nosos intereses. Sen sermos exhaustivos, e por citar algúns casos significativos: a xestión estatal dos estaleiros públicos, as decisións sobre o litoral galego, o salvamento diante das nosas costas e a actuación ante a contaminación mariña seguen a depender de Madrid, ou tamén os Fondos europeos que lle corresponden a Galiza como rexión obxectivo 1 da Unión Europea son xestionados en grande parte polo Goberno central.

Para que o autogoberno sexa real, Galiza debe contar cun marco de competencias coherente, non fragmentado, e garantido, protexido face a eventuais extralimitacións por parte do Estado.

O novo Estatuto ha de recoller un amplo catálogo de competencias que xire arredor dos seguintes principios políticos:

- ❑ Incrementar a capacidade de incidirmos de xeito determinante na base produtiva e nos sectores estratéxicos para desenvolver unha promoción económica e do emprego axeitadas ás nosas necesidades.
- ❑ Exercermos a dirección, xestión e organización dos servizos públicos que forman parte da estrutura do estado do benestar.
- ❑ Podermos organizar, promocionar e estruturar sen interferencias os sinais identificativos da expresión da nosa diversidade como nación, como son a lingua, a cultura ou o patrimonio.
- ❑ Podermos deseñar e impulsar a execución da nosa ordenación territorial para dar resposta a un crecemento harmónico, equilibrado e sustentábel.
- ❑ Articularmos a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza de forma xenuína.
- ❑ Dotármonos dun modelo de financiamento que garanta a suficiencia e a autonomía financeira.

### **II.3. FACER EFECTIVOS OS DEREITOS DAS GALEGAS E GALEGOS**

A elaboración dun novo Estatuto é tamén a oportunidade para ampliar o catálogo de dereitos e liberdades de todas as galegas e de todos os galegos, así como de fortalecer a súa protección e garantir a súa efectividade.

O novo Estatuto que propugna o BNG situarase na mellor tradición democrática, e como norma básica que rexerá a convivencia na Galiza do futuro, recollerá os dereitos reflectidos nos diversos textos legais en materia de dereitos humanos, civís e políticos. Alén diso, avanzará sobre todo na articulación de dereitos económicos e sociais que obriguen aos poderes públicos e dese xeito garantirlle un nivel de benestar básico a todos os cidadáns e cidadás que non poida ser minguado ou limitado polo goberno de turno como veñen facendo os gobernos do PP. Eis algúns exemplos:

- ❑ Dereito a recibir pensións dignas equivalentes ao salario mínimo.
- ❑ Dereito á conciliación da vida laboral e familiar coa obriga directa de os poderes públicos proporcionaren servizos de apoio ás familias.
- ❑ Dereito a ter un traballo na terra digno e estábel, o dereito a prestacións que aseguren ingresos mínimos garantidos en casos de desemprego ou enfermidade no camiño da implantación dun rendemento social básico.
- ❑ Dereito a servizos públicos universais, gratuitos e de calidade.

A regresión democrática a que asistimos neste momento en todo o mundo, que se plasma nunha restrición de dereitos civís e políticos, até o de agora incuestionábeis, e nun recorte dos dereitos económicos e sociais, que contribúen a distribuír de xeito máis xusto a riqueza, non pode ter acollida na Galiza, e o novo Estatuto será un valado contra o autoritarismo e guíaranos cara a unha democracia máis igualitaria e participativa.

### **II.4. POLÍTICAS PÚBLICAS AO SERVIZO DO BENESTAR**

O Estatuto de Nación para Galiza conterá as directrices das políticas públicas a que se someterán a actuación dos poderes públicos e as institucións galegas:

No eido económico, o eixe central será o desenvolvemento económico autocentrado, onde as institucións galegas contén cun protagonismo elevado no deseño das regras do xogo económico e dos instrumentos necesarios para que o modelo económico discorra polo camiño da eficiencia e da distribución equitativa dos recursos.

No eido social, os poderes públicos serán garantes e reguladores de que o funcionamento do mercado non impida a consecución do benestar social, intervindo por medio do deseño dunha política laboral e de emprego orientada á estabilidade e á seguranza laboral, así como ao logro do pleno emprego, que rache coa tendencia recente á emigración cualificada e á redución da precarización, e articularán unha política de igualdade e benestar social en que as pezas chave deben ser a mellora dos servizos públicos esenciais (sanidade,

seguridade social e ensino) que se traduza nun incremento da calidade de vida para o conxunto da poboación.

No eido político, o exercicio dun maior autogoberno repercutirá nun maior nivel de liberdades cívicas e democráticas e, loxicamente, nun aumento da dignidade comunitaria e institucional, onde todas as persoas terán dereito a formar parte das solucións dos asuntos que lles afecten directamente.

No eido da igualdade, os poderes públicos galegos integrarán o principio de transversalidade de xénero en todas as súas accións, a todos os niveis e en todas as fases de planificación, execución e avaliación, co obxectivo de eliminar a discriminación e promover a igualdade de mulleres e homes.

No eido territorial e ambiental, as políticas públicas de ordenación territorial e de infraestruturas incorporarán a dimensión ambiental para, ao mesmo tempo, ser quen de ordenar a morfoloxía do espazo, os usos da terra e do solo, a vertebración das comunicacións internas e exteriores, de xeito compatíbel e respectuoso coa conservación e a valorización do medio ambiente.

## **II.5. UN FINANCIAMENTO AXEITADO**

Face ao enganoso discurso con que nos baten a cotío o binomio PP-PSOE, Galiza non é un país pobre que precisa da solidariedade de forma permanente para poder sobrevivir. Galiza é un país empobrecido por moitos anos de políticas feitas ás costas dos nosos intereses.

A consecución dun maior autogoberno debe ir parello a un novo modelo de financiamento público baseado na responsabilidade fiscal plena de Galiza, que elimine a confusión existente ao incluír no mesmo sistema nacións como Galiza e Comunidades Autónomas que non teñen identidade nacional de seu e que demandan horizontes competenciais cualitativamente diferentes.

Galiza debe aspirar a medio prazo á definición dun sistema de financiamento que sexa congruente co seu recoñecemento nacional no marco da configuración plurinacional do Estado, que lle permita exercer as máximas capacidades normativas sobre a totalidade dos tributos soportados por contribuíntes galegos, sexan propios ou integrantes dun sistema fiscal estatal previa e debidamente territorializado. Só deste xeito as institucións galegas de autogoberno poderán dispor dunha ferramenta indispensábel para incidir no desenvolvemento económico do país, como é a política fiscal, e garantir os recursos necesarios para financiar niveis de gasto público que garantan a converxencia cos demais territorios do Estado e do noso contorno europeo.

O Estatuto garantirá a financiación que Galiza precisa para o futuro, e para iso incorporará as fórmulas que nos permitan avanzarmos cara ao exercicio da soberanía fiscal no territorio da Galiza, o avance real da autonomía financeira e a garantía da suficiencia dinámica dos recursos da Administración galega, sen prexuízo da contribución galega ao financiamento das cargas xerais do Estado e mesmo do reforzo da solidariedade interterritorial, e dos mecanismos de redistribución interpersoal da renda, que permitan avanzar na converxencia real entre os distintos territorios do Estado.

## II.6. UN NOVO MODELO DE ESTADO

A preocupación esencial do nacionalismo galego é como Galiza pode ver recoñecida a súa identidade nacional no seo do Estado español, e como ha de reflectirse no novo Estatuto de Galiza. Nós formamos parte dun Estado que impide que as comunidades nacionais, perfectamente definidas en base a trazos lingüísticos, culturais, históricos e territoriais, poidan trasladar a súa personalidade real ao plano político e institucional. O novo Estatuto de Galiza contribuirá a asentir o recoñecemento da identidade nacional do noso país dentro do Estado español, avanzando cara a unha nova configuración político-institucional do aparello estatal acorde coa súa pluralidade nacional.

O BNG pretende comezar a construír un novo modelo de Estado que reflecta a diversidade nacional, que manteña un sistema de relacións bilaterais entre as nacións e o Estado.

O Estatuto de Galiza reflectirá o novo estatus que Galiza merece dentro do Estado español e que implicará un novo marco de relacións institucionais. Este novo marco de relacións debe incrementar a participación activa de Galiza nas institucións estatais comúns, en base aos principios de igualdade, lealdade mutua, cooperación, colaboración, solidariedade e información recíprocas.

O real autogoberno de Galiza precisa dun novo reparto da capacidade de decisión entre o Estado e as institucións galegas, a través da previsión dun amplo abano de mecanismos de relación bilateral:

- A creación dunha Comisión Mixta, formada por igual número de representantes do Goberno galego e do estatal, que será o órgano preferente para a cooperación mutua, a resolución dos conflitos que poidan xurdir, e mais a intervención de Galiza na elaboración das políticas e decisións estatais que afecten ás competencias e intereses das institucións galegas. Intervirá nos seguintes asuntos:
  - Na planificación, elaboración e seguimento conxuntos das políticas económicas e de regulación de mercados que afecten a Galiza.
  - Na participación dos representantes de Galiza nos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas que actúan en Galiza.
  - Na formulación dunha nova metodoloxía de planificación económica, que garanta unha participación real e efectiva das institucións galegas nas decisións relativas á dirección e planificación xeral da economía.
  - Na elaboración e seguimento conxunto da política exterior e de defensa, naqueles aspectos que afecten ao territorio, ás competencias e aos intereses de Galiza.
- A competencia de as institucións galegas designaren directamente os seus representantes nas institucións estatais comúns e, en concreto, no Consello Xeral do Poder Xudicial, o Tribunal Constitucional, o Banco de España, Radio Televisión Española e os entes reguladores dos mercados de valores, enerxéticos e das telecomunicacións.

- A presenza de Galiza nas institucións da Unión Europea cando se traten asuntos relativos ás competencias exclusivas da Galiza ou que afecten directamente aos trazos da súa identidade será garantida, ben de xeito directo, ben participando o Goberno galego como integrante da representación do Estado español.
- A articulación da proxección exterior de Galiza a través da representación institucional directa naqueles países que presenten lazos políticos ou económicos con Galiza, e especialmente onde haxa unha presenza significativa de comunidades galegas, así como por medio da designación de representantes propostos polas institucións galegas en embaixadas e consulados do Estado español no exterior.

### III. A NOSA PRIORIDADE: MÁIS BENESTAR SOCIAL

#### III.1. CREAR EMPREGO ESTÁBEL NA GALIZA

##### III.1.1. FOMENTO DO EMPREGO

A situación socio-laboral da Galiza reflicte unha preocupante **diverxencia coas medias estatais e europeas**. A comparación dos datos de 1990, ano da primeira toma de posesión do actual Presidente da Xunta, cos correspondentes ao ano 2004, revelan até que punto as políticas da Xunta de Galiza foron inoperantes para variaren unha dinámica socioeconómica derivada de decisións da Administración Central ou das institucións europeas claramente prexudiciais para Galiza.

Segundo os actuais datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, **Galiza segue a estar por cima da media do Estado canto á taxa de desemprego** (un 3 %), facéndose máis ostensíbel esta diferenza no caso concreto das mulleres e da mocidade. Así, a taxa de paro rexistrada no ano 2004 situouse no 13,5 %, superando a rexistrada no ano 1990 (12,3 %) cun saldo de 27.430 persoas desempregadas máis. E a taxa de ocupación efectiva mantívose sen grandes cambios no período 1990-2004, cunhas taxas de emprego de 46,46 % e 46,94 % respectivamente, mentres que no conxunto do Estado se incrementou no mesmo tramo temporal en case 7 puntos.

Unha das razóns desta diferenza atópase no feito de que a Xunta de Galiza non empregou os recursos, procedentes basicamente dos fondos europeos, con eficacia, nin tivo política económica ou laboral merecente de tal nome. Mais a principal causa do fracaso da súa política veu dada pola inadecuación á situación real dos sectores produtivos galegos e das potencialidades e especificidades da nosa economía.

##### III.1.1.1 Obxectivos

Fronte a esta situación, **o BNG considera que vivir e traballar na propia terra é un dereito básico**, cuxa consecución constitúe a maior preocupación dos galegos e das galegas, tendo en conta que a escaseza de postos de traballo e a má calidade dos poucos existentes ten obrigado a emigrar na Galiza desde a década dos anos 90 a máis de 200.000 persoas. Por iso, o esencial neste momento é que Galiza poida dotarse dunha **política económica orientada cara á creación de emprego estábel e de calidade**, complementada e coordinada con outras accións como a formación, a política industrial, a dinamización comarcal, a proxección exterior e a satisfacción profesionalizada das necesidades que ten a sociedade galega e que están sen cubrir ou mal cubertas polos servizos públicos ou pola oferta de servizos privados.

Conxuntamente, esta reorientación das políticas de emprego debe ir acompañada dunha dotación orzamentaria que incremente a capacidade de actuación do Goberno galego. Nesta liña, o BNG comprométese a **incrementar**

**os orzamentos destinados ás políticas activas de emprego**, co obxectivo de que supoñan o **1,1 % do PIB** ao término da legislatura, acorde co gasto medio comunitario.

Para alén da reordenación do actual **sistema de incentivos á contratación de colectivos con altos índices de desemprego** (principalmente mulleres, persoas menores de trinta anos, persoas desempregadas de longa duración, persoas discapacitadas e persoas en situación de exclusión social), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, que perdeu o seu sentido inicial tras a súa universalización e que lonxe de ter contribuído á estabilidade do emprego e á eliminación das taxas de precariedade, serviu en moitas ocasións para incrementar os beneficios empresariais, a situación de Galiza reclama actuacións máis decididas que vaian non só a paliar as consecuencias senón as causas determinantes do crecemento do desemprego e da precariedade laboral.

Trátase, en definitiva, de **redefinir as políticas de fomento de emprego atendendo á estrutura e situación reais dos sectores produtivos galegos e das potencialidades e especificidades da nosa economía**. Mais tamén, apostando polo **desenvolvemento de novos xacementos de emprego**, por constituíren unha oportunidade **para crear emprego e satisfacer necesidades sociais**, en actividades relativas a servizos da vida diaria (servizos a domicilio, atención á infancia, novas tecnoloxías da información e da comunicación e axuda á mocidade con dificultades e persoas dependentes), servizos de mellora da calidade de vida (mellora da vivenda, transportes colectivos locais, revalorización de espazos urbanos, comercio de proximidade en zonas rurais e urbanas periféricas e xestión da enerxía), servizos de lecer (turismo en calquera das súas formas, audiovisual, valorización do noso patrimonio cultural, desenvolvemento cultural local e deporte) e servizos medioambientais (xestión de recursos, xestión da auga, protección e mantemento das zonas rurais e regulamentación e control da polución e das instalacións correspondentes). Neste sentido, o BNG, desde o Goberno galego, adoptará as medidas que a seguir se explican.

### **III.1.1.2 Medidas**

Creación dunha **Consellaría de Traballo** que agrupe todas as competencias da Xunta de Galiza nesta materia e que inflúa positivamente na calidade do emprego, na formación, na intermediación laboral ou na saúde laboral.

Promover, a través do Consello Económico e Social de Galiza, a elaboración dun **Plano Galego de Emprego**, que terá como obxectivo principal a **creación de emprego** suficiente para non deixar ociosas as potencialidades produtivas e de contribución á xeración de riqueza do país. Ademais, a xeración de emprego deberá axustarse aos seguintes criterios: emprego estábel, condicións de traballo dignas e compensador dos desequilibrios territoriais.

Para a consecución deste obxectivo, o Plano Galego de Emprego comprenderá un conxunto de actuacións sectoriais dirixidas:



1. A consecución dun crecemento económico diversificado sectorialmente e equilibrado territorialmente, que xere emprego tamén nas zonas rurais, e que sexa quen de frear o actual proceso de despoboamento de moitas comarcas do interior do país.
2. A creación de emprego en actividades novas, que o mercado e a iniciativa privada non están en condicións de desenvolveren por si propios na Galiza. Non se trata de cargar o orzamento público coa responsabilidade exclusiva da creación de emprego, nin tampouco de substituír a iniciativa privada, mais si de garantir a necesaria presenza de Galiza en determinadas ramas de actividade con forte potencial de crecemento, e de apoiar e acompañar a empresa privada sempre que sexa necesario.
3. A creación de empregos que contribúan a acrecentar a capacidade técnica e xestora das empresas e explotacións existentes.
4. A creación de emprego en actividades intensivas en coñecemento. Para a identificación das iniciativas específicas terase en conta a perspectiva das tendencias dos diferentes sectores produtivos a nivel mundial, xunto coa avaliación da experiencia e *know-how* acumulado na nosa estrutura produtiva, sen ficar restrinxidos ao repertorio de sectores estratéxicos ou priorizados a nivel europeo ou español, senón procurando encontrar as nosas potencialidades específicas, sendo conscientes de que é xustamente a diversidade a que pode abrir ocos no mercado mundial.
5. A creación de emprego en actividades que contribúan a incrementar o benestar da poboación, atendendo precisamente ás características do noso hábitat, da estrutura da nosa familia e da poboación, do noso medio ambiente natural, etc.
6. Reordenación das políticas activas de fomento do emprego estábel e de calidade, que, en calquera caso, estarán destinadas a colectivos específicos con graves problemas para traballar, e non a calquera contratación, coa salvedade daquelas medidas dirixidas á conciliación da vida laboral e familiar e á redución excepcional da xornada ordinaria sen perda de salario.
7. Reorganización do tempo de traballo, apoiando todas as iniciativas que teñan como fin a consecución dun marco global que facilite a adopción de medidas de aplicación voluntaria do reparto do traballo para crear emprego, en función das circunstancias de cada empresa e das persoas que traballan nelas, mediante a redución da xornada laboral e doutras medidas que sexan capaces de xerar a negociación colectiva, mais sempre garantindo os dereitos laborais e de Seguridade Social en xogo.

### III.1.2. EMPREGO ESTÁBEL DE CALIDADE

As necesidades das empresas non xustifican os cambios operados na contratación laboral. **O contrato estábel tense convertido na excepción e a contratación temporal na norma.** As sucesivas reformas laborais non conseguiron modificar esta relación, e hoxe, a taxa de temporalidade segue a

ser realmente moi alta. No ano 2004, o 92 % dos contratos de traballo asinados foron de carácter temporal, situando a taxa de temporalidade galega nun 34,1%, superando con isto en 21,3 puntos a media comunitaria e 4 puntos a media estatal. Este feito provoca consecuencias negativas tanto do punto de vista social como económico. Do punto de vista social, a precariedade laboral non combate o desemprego e provoca desasosego, inseguranza, escaseza de rendas, incremento da pobreza e a medio prazo, marxinação. Do punto de vista económico, a precariedade laboral tamén afecta ás propias empresas, porque ten efectos negativos sobre a produtividade, a calidade dos bens e servizos producidos, así como o retraemento do consumo. Ademais, existe unha probada relación estatística entre os índices de sinistralidade laboral e a contratación eventual ou precaria.

O BNG reafirmase no principio de que **os contratos de traballo de duración indefinida e a xornada a tempo completo deben ser a forma máis común de relación laboral**, por contribuíren á calidade de vida das persoas que traballan por conta allea e á mellora do seu rendemento. Por esta razón, o BNG non comparte as concepcións e estratexias que priman a flexibilidade nos mercados de traballo, e aposta por unha poboación socialmente integradora e con maiores niveis de equidade na distribución do excedente, esencialmente, a través de tres mecanismos: creación de máis e mellor emprego, reordenación do tempo de traballo sen menoscabo dos dereitos laborais e de Seguridade Social e protección social adecuada.

Isto lévanos a establecer como necesarios os seguintes **principios xerais de actuación**:

1. A contratación indefinida e a xornada a tempo completo deben ser a regra xeral de acceder a un emprego.
2. As modalidades de contratación temporal deben ser sempre excepcionais. Estarán baseadas nunha estrita causalidade e non serán utilizadas como forma de abaratar custos salariais nin como mecanismo de competencia desleal.
3. Non se incentivarán as modalidades de contratación temporal e o seu emprego terá un custo adicional, cando menos equivalente ao do emprego fixo, gravando a cuota empresarial da Seguridade Social.
4. A través da negociación colectiva, as partes negociadoras poderán abordar e regular con carácter excepcional e específico a definición das modalidades de contratación causal, dotándoas de maior estabilidade e de contido incentivador para a mellora da produtividade en función de aspectos relevantes como a cualificación e a promoción profesional.

### **III.1.2.1 Obxectivos**

1. Creación de emprego estábel e de calidade nun marco de relacións laborais normalizado, onde se eliminen os efectos perversos dunha excesiva taxa de temporalidade e rotación no emprego, tanto na sociedade como no funcionamento das empresas e na competencia entre elas.

2. Consecución dun marco galego de contratación estábel, que propicie unhas relacións laborais máis xustas e que incida de xeito positivo na redución das taxas de temporalidade.
3. Reducir as taxas de temporalidade na Administración pública de xeito que se priorice e fomente a creación de emprego público.

### III.1.2.2 Medidas

Todo país ten un marco legislativo e político propio, que rexe o sistema de relacións laborais entre as empresas, as clases traballadoras e os Poderes Públicos. Este marco debe ter presentes as características propias da súa sociedade e os feitos diferenciais da súa estrutura económica. En canto Galiza non se dote de plenos poderes, cumpre explotar as posibilidades que ofrece o actual Estado das Autonomías á hora de **configurar un espazo galego de relacións socio-laborais**. Como se sabe, a lexislación laboral é competencia exclusiva do Estado, o que non é obstáculo para que o Goberno galego tome posición ao respecto, tanto promovendo debates e negociacións co Goberno central sobre as modalidades contractuais, como reclamando, se é o caso, a transferencia de competencias pola vía do artigo 150.2 da Constitución Española. En calquera caso, a Xunta de Galiza ten competencias sobre a execución da lexislación e pode, ademais, apoiar, influír convenientemente e, se for preciso, participar na consecución dun marco galego de contratación estábel. Neste sentido, a acción de goberno irá encamiñada a favorecer:

1. Un **Acordo Interconfederal Galego** entre as Confederacións Empresariais e as Centrais Sindicais para a promoción efectiva da contratación estábel, que, ademais de considerar a contratación indefinida como modalidade básica, sexa capaz de:
  - a) Definir as causas que poden dar lugar á contratación eventual en relación ás características estacionais ou necesidades específicas de determinados sectores produtivos, así como a duración deste tipo de contratos e as indemnizacións que correspondan pola súa finalización como medida incentivadora do emprego fixo.
  - b) Identificar aqueles traballos susceptíbeis de seren cubertos con contratos de obra e servizo determinado que evite a actual utilización xeneralizada desta modalidade contractual, establecendo tamén, ao seu término, unha indemnización adecuada.
  - c) Estabelecer o número máximo de contratos para a formación que se debe realizar en cada empresa en función do tamaño do cadro de persoal, así como os postos de traballo obxecto dese contrato e o tempo -e a súa distribución- dedicado á formación teórica, concretando finalmente compromisos de contratación indefinida para as persoas formadas.
  - d) Acordar a non utilización das Empresas de Traballo Temporal ou, no seu caso, as condicións e límites desa utilización.

- e) Determinar a duración dos contratos en prácticas, os compromisos de contratación indefinida e, no seu caso, as indemnizacións correspondentes.
  - f) Regular a utilización do contrato a tempo parcial, clarificando a xornada mínima e máxima a realizar, a súa conversión a tempo completo cando se sobrepase na práctica a xornada pactada e a preferencia de acceso, no caso de novas contratacións, a tempo completo. Estabelecer unha regulación específica para o traballo fixo-descontinuo.
  - g) Evitar o encadeamento de contratos eventuais, de xeito que unha persoa asalariada non poida ter máis que un contrato temporal e, no seu caso, unha prórroga, na mesma empresa ou grupo de empresas.
  - h) Impedir a fraude na contratación temporal, de xeito que os postos de traballo fixos ou que anteriormente xa estiveran cubertos por contratación fixa non poidan cubrirse con modalidades eventuais nin coas ETT.
  - i) Diferenciar a eventualidade da estacionalidade, de forma que as persoas contratadas durante dúas campañas sucesivas se consideren fixas-descontinuas.
2. O Goberno galego aprobará, coa participación das Centrais Sindicais e Organizacións Empresariais representativas, un **Plano Galego de Inspección**, que garanta o cumprimento do Acordo Interconfederal e que, en todo o caso, garanta a aplicación das leis neste ámbito e evite a actual fraude na contratación.
  3. O Goberno galego comprometerase a aplicar, en todo o caso, os criterios e medidas contempladas a respecto da contratación do persoal ao servizo da Administración, a **reducir drasticamente os índices de temporalidade na función pública**, que veñen incrementándose escandalosamente nos últimos anos.
  4. O Goberno galego establecerá unha **taxa mínima de estabilidade en todos os pregos de condicións dos concursos administrativos** para poderen concorrer as empresas e valorará especificamente o grao de eventualidade do cadro de persoal da empresa. Nos procesos de libre designación, priorizará aquelas empresas que presenten unha taxa de estabilidade igual ou superior á media da Galiza.
  5. O Goberno galego aprobará un programa específico de formación e inserción que permita o establecemento dun salario social para aquelas persoas desempregadas que non percibiren ningunha prestación económica.

### III.1.3. NOVAS POLÍTICAS DE FORMACIÓN E EMPREGO

A formación é un instrumento importante na formulación da política de emprego, pola súa capacidade para incrementar e mellorar as posibilidades de ter acceso a un posto de traballo. A Xunta de Galiza nos últimos anos dispuxo de importantes recursos económicos destinados á formación, sen que os seus

resultados prácticos na mellora da empregabilidade, tiveran os efectos desexábeis.

Unha ineficacia marcada pola falta de planificación e de mecanismos de avaliación das necesidades formativas e do mercado de traballo por comarcas. É imprescindible unha racionalización das **políticas de formación que dean coherencia ao conxunto das políticas activas de emprego e eficacia aos recursos dispoñíbeis**. A creación do Instituto Galego de Emprego e Formación, ao servizo das políticas activas de emprego, é unha necesidade que a Xunta de Galiza ten de afrontar decididamente

### III.1.3.1 Obxectivos

1. Crear instrumentos de estudo e planificación das políticas de formación e emprego, de xeito que se racionalicen as mesmas e incidan de xeito positivo no incremento da ocupación na Galiza.
2. Reclamar o cumprimento da Sentenza do Tribunal Constitucional que determina que a integridade das políticas activas e pasivas de emprego, titularidade na actualidade do Servizo Público de Emprego estatal, deben ser transferidas á Xunta de Galiza.
3. Reformular os servizos públicos de emprego galegos co fin de optimizar o seu funcionamento nos labores de intermediación, orientación, fomento da contratación, clasificación das e dos demandantes de emprego e control da legalidade das contratacións, convertíndoo no elemento referencial da poboación que busca emprego e optimizando a súa eficacia.

### III.1.3.2 Medidas

- ❑ Elaboración dun mapa de necesidades formativas que, ao servizo da política de emprego, defina comarcamente a demanda potencial de traballadoras e traballadores en función da realidade socio-económica de cada comarca, das súas especificidades e das súas potencialidades.
- ❑ Reclamar do Goberno do Estado a transferencia da integridade das políticas activas e pasivas de emprego do SPES á Xunta de Galiza.
- ❑ Estabelecer un Sistema Galego de Avaliación, Acreditación e Certificación da competencia das traballadoras e traballadores galegos, tanto da obtida a través da formación ocupacional e continua, como da obtida a través da experiencia profesional contrastada.
- ❑ Creación do **Instituto Galego de Emprego e Formación**, ao obxecto de o conver nun instrumento fundamental da política de emprego, de acordo cos seguintes **perfis básicos**:
  1. Organismo autónomo, adscrito á Consellaría de Traballo, con personalidade xurídica e orzamentos propios.

2. Con facultades de organización xeográfica e funcional (terá en conta a estrutura comarcal e facilitará a participación dos Concellos) e dotado dos recursos humanos e dos medios materiais e de infraestrutura que permitan:
  - a) Unha continua prospección do mercado de traballo.
  - b) Unha intermediación eficaz, baseada nunha información e orientación profesional individualizada, xunto cunha relación permanente coas empresas.
  - c) Unha política de formación deseñada en función da inserción e da colocación.
3. Os órganos de control do Instituto Galego de Emprego e Formación (IGAEF) deberán ter unha representación tripartita e paritaria por parte da Administración e das organizacións empresarias e sindicais representativas.

Este Instituto deberá desenvolver as seguintes **funcións**:

1. Exercer de mediador na busca de postos de traballo.
2. Xestionar as prestacións e os subsidios de desemprego.
3. Calificación, orientación e cualificación profesional personalizada, no seu caso, dos e das demandantes de emprego (Servizo integrado de Promoción de Emprego).
4. Programación, xestión e avaliación da formación ocupacional (Plano FIP e Fondo Social Europeo).
5. Colaboración na xestión da formación profesional continua, co obxectivo de desenvolver un Acordo Galego de Formación Continua.
6. Elaborar, presentar, xestionar e avaliar todo tipo de proxectos e iniciativas comunitarias de formación e emprego.

#### **III.1.4. PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL**

A práctica da Xunta de Galiza en relación aos organismos institucionais de participación, mostra unha falta de confianza no papel dos interlocutores sociais para valorar a súa función consultiva e representativa e mesmo unha falta de respecto ás súas competencias atribuídas.

O BNG considera necesario conceder a máxima importancia á **participación efectiva dos interlocutores sociais**, a organizar esa participación de maneira que fique o máis nidiamente posíbel regulada a independencia, autonomía e competencias das institucións e dos seus interlocutores sociais.

1. Para alén de fomentar o diálogo social, o BNG promoverá unha **Lei de Participación Institucional** que contempla, entre outras, as seguintes cuestións:

- a) As condicións e características da presenza das organizacións sindicais e empresariais, nos organismos institucionais, garantindo a participación das máis representativas e a ponderar a presenza doutros colectivos en función da coherencia cos temas en que interviñeren.
  - b) As competencias e mecanismos de actuación das organizacións representativas de empresarios e empresarias e traballadores e traballadoras de cara a conseguir, máis alá da función asesora, unha implicación real na participación e na xestión.
2. O Goberno galego instará o desenvolvemento do artigo 129.2 da Constitución como forma de “promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa”.

### III.1.5. NEGOCIACIÓN COLECTIVA

O Goberno galego impulsará o diálogo autónomo entre sindicatos e asociacións empresariais, co obxecto de promover unha **negociación colectiva** (convenios ou acordos específicos) **asentada sobre** as condicións reais de desenvolvemento da actividade produtiva no seo das empresas da **Galiza**, protagonizada polos interlocutores sociais e económicos representativos e **orientada á mellora da calidade de vida de traballadores e traballadoras e á viabilidade económica da estrutura empresarial**. A existencia de convenios propios nas empresas e sectores produtivos galegos avaliaríase polo Goberno como factor favorábel no exercicio das competencias de promoción, fomento ou apoio que corresponderen.

Entendendo a negociación colectiva como un elemento para a cohesión social, observase nos últimos tempos como se está a configurar a negociación colectiva cada vez máis como unha negociación de ámbito estatal, dando lugar, por unha parte, a convenios demasiado xeneralistas, de contidos empobrecidos e de condicións mínimas (ou a convenios provinciais que se limitan a repetiren o acordado a nivel estatal), e, por outra parte, a convenios e pactos de empresa que acordan maiores flexibilidades contractuais, horarias e salariais. Este panorama é preocupante para o BNG por canto afasta a negociación colectiva e a sitúa en grande medida fóra da Galiza.

#### III.1.5.1 Obxectivos

O BNG fixa como obxectivos de Goberno nesta área os seguintes:

1. Impulsar a creación dun **Marco Galego de Relacións Laborais**.
2. Potenciar o papel do Consello Galego de Relacións Laborais ao lle traspasar as competencias do actual Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación.
3. Favorecer a negociación de convenios galegos, tanto no sector privado como no público.

4. Fomentar a negociación colectiva nos sectores produtivos galegos carentes na actualidade de convenio colectivo.
5. Procurar a converxencia de convenios provinciais, prioritariamente naquelas actividades que esencialmente competiren no noso territorio.
6. Pular pola unificación de convenios que agrupen sectores e subsectores afíns, con obxecto de simplificar a negociación colectiva.
7. Terminar coa acusada tendencia á inercia na negociación colectiva, consistente en pactar a observancia de normas notoriamente modificadas ou derogadas ao tempo de se suscribir o convenio colectivo correspondente, precisamente porque acaba frustrando o resultado do negociado.

### III.1.6. SAÚDE LABORAL

Desde a aprobación da Lei Estatal de Riscos Laborais en 1995 **a sinistralidade laboral incrementouse de maneira exaxerada no noso país**. Antes desa data non existiu ningunha política activa dirixida a mellorar as condicións de vida e de traballo da poboación asalariada galega. Os accidentes tiveron un incremento constante con incidencia especial na pesca, na construción e nos servizos. A falta de vontade política e de compromiso orzamentario por parte da Xunta de Galiza impediu quebrar esa tendencia.

Ademais do problema social, persoal e familiar que conlevan os accidentes laborais, existe un problema económico derivado dos enormes recursos que require a atención desta problemática en indemnizacións, tratamentos rehabilitadores, xornadas non traballadas.

Aínda que as causas da accidentalidade son múltiples, hai un consenso básico no mundo do traballo, en considerar **a información, a formación, a promoción das actividades preventivas, a dotación de medios ás pequenas e medianas empresas e o labor da inspección de traballo como imprescindíbeis para variar a tendencia actual**. Todo isto acompañado das medidas legislativas, administrativas e orzamentarias que o fagan posíbel.

#### III.1.6.1 Medidas

1. A creación do **Instituto de Seguridade e Saúde Laboral**, xunto coas normas reguladoras, como organismo científico-técnico especializado que aglutine todas as competencias hoxe repartidas, directa ou indirectamente en distintas Consellarías, e que teña como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a súa promoción e a súa mellora.
2. Dotar de medios humanos, económicos e materiais a “Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais”, para que sexa efectivo o seu labor de promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, especialmente na pequena empresa.



3. O Goberno galego vixiará o cumprimento do Estatuto dos Traballadores e demais normativa laboral, nomeadamente en colectivos de traballadoras que desenvolven hoxe o seu traballo en condicións infrahumanas e de explotación.
4. O Goberno galego vixiará e controlará especialmente o cumprimento das medidas de seguridade e saúde laboral no que se refire ás condicións de traballo da mocidade e das mulleres que, como se sabe, son os principais afectados dunha contratación laboral temporal e precaria en exceso, coas consecuencias que isto comporta respecto á accidentalidade laboral.
5. O Goberno galego dará instrucións concretas aos técnicos de seguridade e saúde laboral para que nas medicións ergonómicas se contemple a diferenciación de sexo, co obxecto de superar o padrón “home”, até agora utilizado, e poder así determinar adecuadamente a adaptación do traballo ás condicións anatómicas e fisiolóxicas de mulleres e homes.
6. O Goberno galego considerará a problemática de acoso sexual e laboral no traballo integrada na problemática xeral de seguridade e saúde laboral, mais merecente dunha inspección específica. Igualmente, considera que patoloxías como drogodependencias e alcoholismo, cando poidan ter unha orixe laboral, deben ser tratadas con parámetros propios da saúde no traballo, desenvolvendo campañas formativas e favorecendo formas voluntarias de reinserción.
7. O Goberno galego establecerá un procedemento executivo propio que garanta o cobro das sancións impostas en materia de seguridade e saúde laboral. Non concederá ningún tipo de subvención a aquelas empresas sancionadas por incumprimentos graves ou moi graves en materia de prevención de riscos. Igualmente, instará o Ministerio Fiscal para a súa actuación nos delitos contra a seguridade e saúde laboral.

### III.1.7. INSPECCIÓN DE TRABALLO

A vixiancia e a exixencia do cumprimento de toda a lexislación laboral e de Seguridade Social son actividades cuxa efectiva realización **garante a estabilidade e calidade no emprego**, pois trátase de labores de suma importancia tamén para acabar coa precariedade laboral. Por iso, o BNG defenderá a existencia dun Servizo de Inspección non meramente recadatorio, senón activo na detección e sanción dos incumprimentos laborais e de Seguridade Social que se poidan cometer, especialmente en materia de contratación laboral, xornada e horarios de traballo e prevención de riscos laborais.

Propugnando o BNG a asunción decidida das competencias en materia de emprego, sería incoherente non reivindicar unha Inspección de Traballo ao servizo desas competencias e respectuosa co Estado das Autonomías.

En consecuencia, e dado que constitucionalmente é posíbel que a Xunta de Galiza se poida dotar do seu propio servizo de Inspección de Traballo, de maneira que poida actuar no ámbito competencial que lle corresponda, o BNG

estabelecerá **unha Inspección de Traballo propia**, adscrita funcional e organicamente á Xunta de Galiza.

### III.2. MELLORAR A PROTECCIÓN SOCIAL

O gasto en protección social no Estado español, en relación á porcentaxe que supón do Produto Interior Bruto, sitúase sete puntos por baixo da media da UE. No caso de Galiza, o gasto social aínda é inferior á media estatal. Estes datos son indicativos do deficiente nivel de protección social que desde os sucesivos Gobernos galegos se vén outorgando ás galegas e galegos, polo que cómpre actuar con decisión para converxermos no eido social.

O BNG situará nas prioridades da súa acción de goberno a política social, incrementando substancialmente as dotacións orzamentarias destinadas a ampliar os niveis de cobertura do sistema de protección social. A mellora das prestacións económicas por parte das institucións públicas ás persoas en situacións de necesidade e a extensión universal dos servizos públicos relacionados coa política social que son competencia de Galiza terán un impulso firme, pois ambas as liñas de actuación constitúen a garantía para que todas as persoas gocen dun nivel mínimo de benestar económico e social e se dilúan as diferenzas sociais.

#### III.2.1. PRESTACIÓNS SOCIAIS

A implantación dun sistema público coherente de prestacións económicas a todas as persoas menos favorecidas aínda é unha cuestión pendente en Galiza. O reparto competencial vixente fai que tanto a Xunta de Galiza como a Administración central compartan competencias na materia, polo que a actuación do BNG desde o Goberno galego se articulará en dous eixes: **o impulso a un modelo de prestacións asistenciais por parte das institucións galegas** no nivel non contributivo, complementando o deseño básico do Estado para así poder **situación a Galiza na vangarda da política social no Estado**, e a reivindicación das melloras necesarias no sistema de pensións que xestiona a Seguridade Social para que as galegas e galegos accedan a un nivel de prestacións sociais similares ás doutros pensionistas do Estado.

Os Gobernos do PP na Xunta de Galiza puxeron en marcha unha serie de medidas inconexas demostrativas da falta de criterio e decisión á hora de asentir un sistema público de prestacións sociais en Galiza que contribúa a acadar unha maior xustiza social. Isto ten provocado unha segmentación no tipo de axudas, na contía e nos requisitos para o acceso ás mesmas, respondendo máis a unha política de carácter asistencialista que a unha concepción das mesmas como dereitos das persoas e, polo tanto, obrigas dos poderes públicos. Ao tempo que non existen axudas con vocación universal que teñan por obxectivo garantir uns niveis mínimos de ingresos a todas as persoas que carecen de recursos, con independencia da súa casuística particular, que se combinen con políticas destinadas á integración laboral, e

consecuentemente, á eliminación das condicións de partida que condicionan a falta de ingresos propios, e das que se pode derivar unha situación de exclusión social.

Tampouco o PP botou man da posibilidade de mellorar as pensións non contributivas que perciben as persoas residentes na Galiza, mesmo foi belixerante con decisións similares adoptadas noutros territorios do Estado, como proba palpábel da súa vocación antisocial. Isto é incomprensíbel se temos en conta, ademais, que a contía deste tipo de pensións é moi baixa en Galiza e sitúan os que dependen delas nuns niveis de renda insuficientes para ter unha mínima calidade de vida.

Por outra banda, a maior parte das persoas galegas que perciben unha pensión ten carácter contributivo do sistema de Seguridade Social. Segundo as estatísticas oficiais, o promedio das pensións galegas é bastante inferior á media estatal. As pensións contributivas que perciben os galegos e galegas son as máis baixas de todo o Estado, sitúanse por debaixo do salario mínimo interprofesional, recibindo como media case 100 € menos que o resto de pensionistas. Tamén, no que se refire á prestación por desemprego, a metade das persoas desempregadas en Galiza non tiveron acceso a ningún tipo de prestación económica por desemprego, e aqueles desempregados galegos que si tiveron dereito á prestación, percibiron contías inferiores á media do Estado.

Os datos apuntados son o suficientemente reveladores das insuficiencias e carestías dos sistemas de protección social na Galiza e da fragilidade do denominado estado de benestar na nosa nación. Unha situación que non é novidosa e que se mantivo inalterábel no tempo. Unha cuestión de tanta relevancia e trascendencia non motivou por parte da Xunta de Galiza ningún tipo de actuación que servira para eliminar estas diferenzas e elevar as rendas que perciben os e as pensionistas do noso país.

### **III.2.1.1 Obxectivos**

- ❑ Asignar á protección social máis recursos económicos dos orzamentos da Xunta de Galiza co fin de incidir no incremento medio das pensións na Galiza, especialmente aquelas cuns importes máis baixos e en que concorran un maior grao de dependencia.
- ❑ Implantar un modelo coherente de prestacións sociais por parte dos poderes públicos galegos que fuxa do fraccionalismo e particularismo.
- ❑ Aumentar o nivel de protección social na Galiza, garantindo uns ingresos mínimos a todas as persoas que lles permitan disfrutar dun nivel de vida digno.
- ❑ Reforzar o carácter público das prestacións sociais, mudando a tendencia á asistencialización e o favorecemento de opcións privadas de cobertura social.
- ❑ Simplificar e axilizar os procedementos de concesión de prestacións públicas, erradicando a burocratización e complexidade crecente.

### III.2.1.2 Medidas de Goberno

O BNG levará a termo a seguinte acción de Goberno para mellorar as prestacións sociais das galegas e galegos:

- Incremento do gasto global en políticas sociais da Xunta de Galiza, até atinxir ao final da lexislatura o gasto medio en protección social dos países máis avanzados do noso entorno.
- Facer uso das competencias en materia de pensións non contributivas, incrementando a contía das que perciben todas as persoas residentes na Galiza a fin de equiparalas ás pensións medias do Estado.
- Articular un **sistema galego de prestacións sociais** que integre as existentes e amplíe o nivel de cobertura aos colectivos que non poden acceder ás mesmas:
  - Reclamar a transferencia plena da Renda Activa de Inserción Social (RAI), de xeito que Galiza teña capacidade de regulación e xestión.
  - Axilizar e simplificar a tramitación da RAI.
  - Reformar a Lei Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, co obxectivo de incrementar progresivamente a contía da RISGA e flexibilizar os requisitos para ter acceso á mesma a axilizar a súa tramitación.
  - Implantar un **salario social**, como medida solidaria de integración laboral e social, destinado a todas as persoas desempregadas, priorizando aquelas que, após un período de formación, buscan o seu primeiro emprego ou se reincorporan á actividade laboral e que na actualidade non están amparados polo sistema de protección social.
- Presionar desde o Goberno galego para modificar o sistema contributivo da Seguridade Social a fin de :
  - Aplicar o superávit da Seguridade Social á dotación do Fondo de Reserva e á mellora da acción protectora do sistema.
  - Incrementar as pensións do nivel contributivo da Seguridade Social, fomentando ademais a solidariedade entre réximes da Seguridade Social, activando mecanismos para destinar superávits na balanza positiva da Seguridade Social á mellora da cobertura protectora nos Réximes Especiais que proporcionan pensións de inferior contía.

### III.2.2. SERVIZOS SOCIAIS

#### III.2.2.1 Modelo de servizos sociais e financiamento

A actuación da Xunta de Galiza ao longo dos 16 anos de Goberno Fraga non tivo entre as súas prioridades a política de carácter social. Non existiu a provisión de fondos e recursos públicos necesarios para dotar a Galiza dos

equipamentos e medios suficientes, de xeito que incidiran positivamente na mellora do benestar e da calidade de vida dos galegos e galegas. A retórica propagandística do PP de priorizar a atención ás necesidades sociais (particularmente ás familias) non se corresponde na realidade coa súa acción de Goberno, que foi paulatinamente detraendo fondos públicos para as políticas sociais.

Mais, na situación actual, tamén incidiu a falta de planificación e coordinación das actuacións da Xunta de Galiza no terreo dos servizos sociais. Caracterizouse a súa actuación pola dispersión das competencias en diversas consellarías sen seguir ningún tipo de criterio lóxico, mais alá do reparto de “poder” interno ao goberno, que na práctica repercutiu negativamente na eficacia e eficiencia dos servizos que ten a obriga de prestar. Unha situación que limita ou impide unha actuación froito dunha visión de conxunto que ordenara, coordinadara e racionalizara as actuacións nesta materia.

Se a descoordinación é a nota dominante na Xunta de Galiza, é facilmente deducíbel que a súa coordinación coa administración local non sexa unha característica destes anos de Goberno. Os servizos sociais de carácter polivalente, dependentes da administración local, xogan un papel fundamental pola súa vocación de atender de xeito universal a unha poboación con problemas e necesidades diversas. A súa potenciación e dotación suficiente incidiría decisivamente na mellora da calidade asistencial dos servizos sociais.

O raquitismo orzamentario dunha boa parte dos concellos galegos, determina a imposibilidade, por si propios, de dotárense dunhas estruturas sólidas e de equipos multidisciplinares que permitan atender a demanda que rexistran este tipo de servizos. O traballo de carácter burocrático e asistencial centra a maior parte do tempo (xestión de axudas e diferentes programas), sen apenas dispor de tempo para atender outros labores de intervención e dinamización social.

A consecuencia desta situación é que o sistema non responde na práctica aos criterios de globalidade e universalidade, con claros desequilibrios entre diferentes zonas do territorio galego, en función do tipo de poboación e cunha clara discriminación cara aos concellos máis pequenos e con menos recursos, acentuándose as desigualdades sociais.

En definitiva, a valoración que se pode facer dos sucesivos Gobernos do PP non pode ser positivo, marcados por unha política antisocial con repercusións directas no tipo de servizos aos que teñen acceso os galegos e galegas, así como, que rexistremos unha carencia importante nas ratios de cobertura dos mesmos e na súa dotación no territorio galego, moi inferiores ás medias estatais e cunha distancia maior das comunitarias.

Son notábeis as carencias e deficiencias na atención domiciliaria, nas prazas en escolas infantís, nas residencias e centros de día para persoas maiores e dependentes, nos centros ocupacionais para persoas discapacitadas ou na falla de recursos e vontade política para loitar contra a pobreza e a exclusión social, fortemente feminizadas.

O BNG promoverá un cambio de rumbo na política de carácter social que será considerado prioritario, apostando pola inversión pública, por un incremento dos recursos a disposición da poboación que os precise. Este xiro repercutirá na calidade de vida e na calidade dos servizos públicos, con beneficios que non só inciden no incremento do benestar social, senón na creación de postos de traballo.

### III.2.2.2 Obxectivos

1. Incrementar os recursos públicos destinados á protección social e á prestación de servizos, co obxectivo de situar o gasto medio ao final da legislatura no 26 % do PIB, freando a tendencia privatizadora na prestación dos servizos sociais.
2. Impulsar a coordinación efectiva das políticas sociais, cun modelo baseado na planificación, na consecución de obxectivos concretos e na implicación de usuarios e entidades sociais.
3. Promover unha dotación de recursos equilibrada en todo o territorio nacional, garantizando a todos os galegos e galegas idénticas posibilidades de acceso con independencia do lugar de procedencia ou residencia.
4. Mellorar as condicións socioeconómicas das persoas máis desfavorecidas ou en situación de certas desvantaxas persoais e sociais, de xeito que se lles permita acadar unha vida digna e máis satisfactoria.

### III.2.2.3 Medidas

1. Creación dunha **Consellaría que concentre todas as competencias en materia de servizos sociais**, dotando de racionalidade, visión de conxunto e eficacia as medidas adoptadas neste ámbito.
2. Estabelecer mecanismos que permitan unha coordinación interdepartamental e interinstitucional, incrementando a eficacia e rendabilidade social das actuacións nesta materia, para o que se articularán os seguintes mecanismos:
  - Creación dunha Comisión Permanente de Coordinación de Servizos Sociais que aglutine o conxunto de departamentos que poden incidir na calidade e benestar social (ensino, saúde, vivenda emprego, servizos sociais), a fin de coordinar actuacións entre as diferentes consellarías implicadas.
  - Estabelecemento de mecanismos estábeis de coordinación entre o Goberno galego, Concellos e Deputacións para analizar as necesidades e problemas relativos aos servizos sociais, dar resposta aos mesmos e canalizar alternativas e demandas da iniciativa social.
3. **Impulsar o funcionamento regular do Consello Galego de Servizos Sociais**, como órgano efectivo de participación, establecendo os

supostos que requiran informe previo do mesmo e facultándoo para a emisión de informes por iniciativa propia.

4. Elaborar un **atlas de servizos sociais** que contemple:
  - Avaliación e diagnóstico da realidade social, con datos desagregados por comarcas, idades e sexos.
  - Tipo de recursos existentes, así como a súa distribución comarcal e local.
  - Necesidades de atención detectadas por comarcas e localidades.
  - Priorizar a cobertura das necesidades sinaladas, fixando compromisos orzamentarios e prazos temporais para a cobertura das mesmas.
  - Desenvolvemento dunha rede socio-sanitaria para situacións que requiran actuacións interdepartamentais entre sanidade e servizos sociais.
5. Impulsar a reforma da **Lei de Servizos Sociais** para viabilizar as propostas contidas neste programa no tocante á axilización da prestación de servizos, mellora da calidade dos mesmos, coordinación de actuacións, ordenación de servizos e incremento de recursos.
6. Renegociar coa Administración Central o financiamento do Plano Concertado para o Desenvolvemento de Prestacións Básicas de Servizos Sociais, en base a criterios obxectivos que teñan en conta particularidades de Galiza como a dispersión xeográfica e o envellecemento da poboación.
7. Estabelecer acordos de financiación compartida entre consellarías en materia de servizos sociais, para centros e programas socio-sanitarios, para a xeración de emprego, vivenda, educación, etc.
8. Rendabilizar ao máximo os equipamentos de xeito que se concentren o maior número de servizos nun único complexo, evitando a dispersión de edificios, máis custosa.
9. Aproveitar ao máximo os programas financiados ou cofinanciados pola Unión Europea baixo a premisa da súa provisionalidade, procurando a inserción nas estruturas normalizadas dos servizos sociais para garantir a súa continuidade.
10. Apoiar o **incremento de persoal destinado aos servizos sociais dos concellos**. Fixaranse ratios mínimas de recursos humanos e técnicos en función da pirámide de poboación, dispersión, número de habitantes e taxas de dependencia.
11. Reforzar a dotación de servizos de carácter comarcal, tanto nos xa existentes como nos de nova creación.
12. Estabelecer mecanismos de coordinación efectivos entre os diferentes equipos que traballan nos servizos sociais.
13. Potenciar o traballo dos equipos de desenvolvemento integral comunitario, co obxecto de fortificar as redes comunitarias na loita contra a marxinación, exclusión social e todo tipo de discriminacións.

14. Promover e **fomentar o papel das entidades sen ánimo de lucro e de colectivos como motores na prestación de servizos innovadores e complementares** no terreo do ocio, creación de redes de relación, incremento da autonomía e do grao de asociacionismo.
15. Estabelecer un sistema que vele polos dereitos das persoas e colectivos en desvantaxa social e faga efectivos os dereitos das persoas usuarias de servizos sociais.
16. Desenvolver planos anuais de formación, en colaboración con deputacións e concellos, co obxecto de reciclar e complementar as capacidades e coñecementos profesionais do persoal de servizos sociais, tendo en conta as necesidades detectadas, demandas e intereses dos propios profesionais e as innovacións producidas neste campo.
17. Promover o uso e aproveitamento das vantaxas que ofrecen as novas tecnoloxías, especialmente no que ten a ver con internet e os servizos de documentación e publicacións, para facilitar a divulgación de coñecementos específicos e información entre as e os profesionais.

### **III.2.3. LOITA CONTRA A POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL**

Diferentes estudos e estatísticas dan conta da incidencia da pobreza e exclusión social na Galiza. Se ben as cifras son dispares, froito da utilización de diferentes variábeis, son os suficientemente elocuentes e significativas de que na nosa nación hai un número importante de persoas que viven en situación de pobreza. Un estudo de Cáritas fixa a pobreza no 19,5 % das familias galegas e nun 21,8 % da poboación. Segundo o mesmo, hai 31.450 persoas en pobreza extrema, 104.790 en pobreza grave, 207.340 en niveis de pobreza moderada e 231.570 en situación de precariedade social. Un informe do CES do ano 2001, alertaba de que Galiza era unha das Comunidades que tiña unha maior incidencia da pobreza e exclusión social.

O BNG considera que a persistencia e permanencia da pobreza e a exclusión social son incompatíbeis cun modelo social baseado na xustiza e no benestar social. A pobreza cuestiona os alicerces dunha sociedade que na teoría di garantir idénticos dereitos, mais que na práctica, os condicionantes socio-económicos limitan, ou mesmo impiden, o seu exercicio. É preciso, polo tanto, articular programas para a súa prevención e atender ás diferentes situacións de necesidade que se detectan hoxe no noso país.

#### **III.2.3.1 Obxectivos**

- Reducir a incidencia da pobreza e exclusión social na Galiza, apostando por unha acción de Goberno que teña como prioridade políticas destinadas a incrementar o benestar social.
- Influír de maneira positiva nas situacións de pobreza e exclusión de maneira que se garanten uns ingresos mínimos a persoas nesta situación e se articulen políticas destinadas á súa inserción laboral e social.



### **III.2.3.2 Medidas**

- ❑ Elaborar un Plano de Loita contra a pobreza e a exclusión social na Galiza, con prazos e obxectivos concretos, e no que se inclúan actuacións coordinadas coa administración local e entidades de carácter social.
- ❑ Revisar os criterios estatísticos para o estudo da pobreza en Galiza, a fin de detectar a súa incidencia, prevalencia, localización e factores causais.
- ❑ Elaborar proxectos orientados á mellora das condicións de vida, integración social e relacións interculturais das persoas e colectivos máis desfavorecidos, entre as que se contan como básicas unha vivenda digna, a formación e a inserción laboral.
- ❑ Implementación dos proxectos -contando co equipamento necesario- desde unha metodoloxía comunitaria, en que as persoas con que se intervén asuman un papel protagónico na resolución dos seus problemas.
- ❑ Incentivar a participación social, desenvolvendo a capacidade organizativa da comunidade, consolidando un tecido social activo e implicado na problemática dos seus respectivos concellos.
- ❑ Coordinación e cooperación cos servizos sociais de atención primaria, na articulación e desenvolvemento de actuacións, así como a relación con outras entidades sociais e de voluntariado.

### **III.2.4. AS PERSOAS CON DISCAPACIDADES**

Existen no noso país un número significativo de persoas con diferentes tipos e graos de discapacidades. Segundo datos oficiais da “Enquisa sobre discapacidades, deficiencias e estado da saúde” (1999) hai 272.190 persoas residentes na Galiza con algún tipo de discapacidade, rexistrando unha taxa algo superior á media do conxunto do Estado español.

Entre os problemas das persoas con discapacidade podemos sinalar a falta de formación académica e / ou profesional – que limita as posibilidades de acceso a emprego cualificado; a dispersión poboacional e residencia dunha parte considerábel en núcleos pequenos ou rurais, condicionando en maior grao o acceso a servizos e ás oportunidades; un excesivo proteccionismo das persoas con discapacidades, que ás veces dificulta as relacións sociais; e a falta de concienciación e sensibilización social sobre a eliminación de barreiras sociais, que condicionan as súas posibilidades de integración.

A actuación dos poderes públicos debe ir encamiñada á eliminación das barreiras e obstáculos (sociais, económicos e físicos) dunha sociedade que non ten integrado na medida precisa as necesidades e demandas das persoas con algún tipo de discapacidade. Deben respectarse as diferenzas, pasando da súa concepción como un problema a unha concepción positiva, resultado da complexidade social en que estamos inmersos, sempre enriquecedora se se trata de potenciar máis as capacidades que de lamentarse das limitacións.

Non existe a concienciación social suficiente entre a poboación sobre as potencialidades e posibilidades de aportación das persoas con discapacidades,

prevalecendo demasiados estereotipos e prexuízos sobre as mesmas. O Goberno galego debe contribuír á súa superación, desde o seu ámbito de responsabilidade e capacidade de incidencia, tanto na articulación de políticas destinadas á súa plena integración social, como na atención das demandas específicas das persoas con discapacidades. Unha visión que o BNG se comprobe a impulsar na súa acción de Goberno, coa interlocución e participación necesaria das asociacións que defenden os intereses e dereitos destes colectivos.

#### III.2.4.1 Obxectivos

1. Eliminar os condicionantes sociais que dificultan ou impiden a plena integración social das persoas con algún tipo de discapacidade.
2. Promover as políticas de fomento da inserción laboral das persoas con discapacidades.
3. Posibilitar a accesibilidade normalizada e autonomía social para este colectivo.
4. Ampliar e mellorar a rede de servizos asistenciais para atender as necesidades específicas de diferentes tipos de discapacidades, articulando unha rede asistencial coherente de atención, en cooperación coa iniciativa social.

#### III.2.4.2 Medidas

1. Introducir como principio de actuación do Goberno galego o **criterio de transversalidade** nas políticas que teñan como destinatarias ou beneficiarias as persoas con discapacidade. A fin de garantir a efectividade deste principio articularanse os mecanismos necesarios para a coordinación das diferentes Consellarías neste ámbito.
2. Efectivizar a actual Lei de accesibilidade e supresión de barreiras da Galiza, controlando o seu cumprimento.
3. Elevar as normas sobre accesibilidade ao rango de normativa básica de edificación.
4. Promover vivendas adaptadas e vivendas tuteladas desde o ámbito público.
5. Ampliar as marxes de axuda para a adaptación do domicilio ou da comunidade de veciños.
6. Estabelecer no sistema educativo programas de atención temperá, apoio escolar, seguimento familiar e rehabilitación.
7. Garantir a orientación laboral en función do grao de discapacidade, potenciando a súa integración laboral, en función das súas aptitudes e capacidades.

8. Promover o acceso ao sistema de formación profesional. Promoverase, como experiencia piloto, un Centro Integral de Formación, adaptado ás necesidades específicas de persoas con discapacidade, non destinado en exclusiva a este colectivo, senón con carácter mixto.
9. Implantar programas para promover o acceso ás novas tecnoloxías.
10. **Estabelecer nas contratacións da Xunta de Galiza normas favorábeis á creación de emprego de persoas con discapacidade**, tales como a inclusión nos pregos de condicións e especificacións técnicas, normas uniformes de accesibilidade para os servizos e produtos que se vaian adquirir ou contratar; reservar aos centros especiais de emprego procedementos de adxudicación directa de contratos públicos; ou exixir na execución dos contratos a promoción de obxectivos sociais e de política de emprego, en particular aquelas destinadas a favorecer a inserción laboral de persoas con discapacidade.
11. Impulsar liñas de colaboración e apoio para a creación de empresas solventes e normalizadas, promovidas polas súas propias asociacións.
12. Apoiar, económica e tecnicamente, os proxectos de autoemprego promovidos por persoas con discapacidade.
13. Fomentar actividades culturais, deportivas e recreativas, que deben ser xeralizadas en todo o territorio.
14. Desenvolver programas en colaboración coas asociacións e co voluntariado para a sensibilización social como vía para avanzar na integración social.
15. Dotación dunha **rede de centros, en colaboración coas administracións locais e iniciativa social privada non lucrativa**, integrada polos seguintes dispositivos:
  - Servizos de Atención ás persoas discapacitadas. Estabelecerase unha rede de centros de atención ás persoas discapacitadas, que se dotará de contidos específicos para unha atención físico-psico-social de xeito integral.
  - Centros ocupacionais para a capacitación laboral e axuste persoal e social das persoas minusválidas.
  - Centros para a atención de deficientes psíquicos severos.
  - Centros de psicóticos e autistas que polas súas especiais características deben ter a súa propia atención con modalidades de prazas fixas, temporais e centros de día.
  - Centros Especiais de Emprego para aqueles que polas súas condicións non poidan acceder a unha empresa convencional.
16. Implantar un Servizo de Asistencia Persoal ás persoas con discapacidade, co obxectivo de prestar unha asistencia integral a aquelas que desexan permanecer no seu domicilio e entorno social e poder desenvolver unha vida independente de acordo coas súas posibilidades, que abranguerá tanto a atención ás necesidades domésticas e os coidados específicos da vida diaria e sanitarios, como as necesidades relativas á educación e formación, rehabilitación, ocio e lecer, etc ...

17. Reclamar a transferencia do Centro de Atención a Minusválidos Físicos de Ferrol, na actualidade adscrito ao IMSERSO.
18. Garantizar ás mulleres con discapacidade o dereito á familia, relacións sexuais e á maternidade, promovendo a formación médica, a accesibilidade ás consultas e centros de orientación e planificación familiar.

### **III.2.5. ATENCIÓN Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL**

A poboación infantil e xuvenil precisa dunha actuación que dea cobertura aos seus dereitos, tal e como se recollen na Declaración Universal dos Dereitos da Infancia. Neste sentido, cobran importancia as medidas que garanticen unha atención ás súas necesidades e que fomenten a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas e adolescentes, cunha actuación por parte do Goberno que priorice as súas necesidades educativas, garantizando unha cobertura axeitada desde o ámbito público. É necesario, ademais, atención para as persoas menores, perante casos de abuso e maltrato, que detecten o problema e posibiliten a normalización da vida do menor nun curto espazo de tempo e co menor impacto na súa vida. Así como unha actuación que posibilite e evite a exclusión e marxinación dos menores sometidos a medidas xudiciais e que potencie a súa socialización con normalidade.

Os servizos sociais deben mellorar os seus medios para atenderen as necesidades das persoas menores, dado que son un grupo que presenta unha maior vulnerabilidade e en ocasións se atopan desprotexidos.

#### **III.2.5.1 Obxectivos**

- ❑ Ampliar e mellorar os recursos e infraestruturas destinadas á atención da poboación infantil e xuvenil.
- ❑ Incrementar a actuación dos servizos sociais na defensa dos dereitos da infancia.

#### **III.2.5.2 Medidas**

1. Regulamentar a dotación, horarios e funcionamento dos Puntos de Atención Continuada á Infancia.
2. Posta en marcha de medidas para detectar e combater o absentismo escolar.
3. Programas de prevención das situacións de desamparo e desprotección do menor, regulamentando as competencias e coordinación dos diferentes dispositivos que atenden á infancia normalizada e á desprotexida.

4. Potenciación do acollemento familiar e da adopción de menores, removendo os procedementos burocráticos de xeito que se axilicen os trámites e evitar a cronificación do internamento.
5. Incrementar a dotación económica e humana dos equipos provinciais de menores para o traballo directo e apoio aos servizos sociais dos concellos nas problemáticas da infancia, establecendo liñas de actuación homoxéneas en todo o territorio galego.
6. Impulsar a calidade asistencial nos centros de menores existentes en todo o territorio nacional.
7. Establecemento dun tempo máximo de permanencia nos centros de menores antes de iniciar a adopción de medidas especiais.
8. Establecemento dun programa de seguimento e apoio para as persoas internadas que por cumpriren os 18 anos teñen de abandonar os centros, que inclúa medidas de aloxamento, incentivos económicos e de inserción laboral.
9. Actuacións dirixidas a menores sometidos a medidas xudiciais:
  - a) Reclamar da Administración Central a dotación económica necesaria para o desenvolvemento pleno das medidas contempladas na nova Lei de Responsabilidade Penal do Menor.
  - b) Programas para a execución das medidas en medio aberto.
  - c) Adecuación dos centros e ampliación dos recursos técnicos e profesionais que faciliten os obxectivos de resocialización.

### **III.2.6. ATENCIÓN Á VELLEZ**

En Galiza o envellecemento da poboación véñse incrementando de xeito acelerado desde os anos 80. Na actualidade, viven preto de 600.000 persoas maiores de 65 anos, que supoñen case o 22 % da nosa poboación. Segundo datos oficiais, máis do 32 % dos nosos maiores presentan algún tipo de discapacidade (192.000 persoas). Destes, o 68 % presenta discapacidade grave ou dependencia (máis de 130.000). Tampouco podemos esquecernos de todas as persoas maiores, que en condicións de precariedade cada ano retornan do exterior e para a súa acollida, malia a propaganda, na actualidade carecemos dos recursos precisos para a súa atención.

Esta realidade tería que ter especializado a intervención da Xunta de Galiza na axeitada atención á vellez. Mais atopámonos cunha resposta por parte do Goberno do PP que situou a Galiza nos últimos postos de calquera dos recursos sociais para a atención dos maiores, tanto nos que teñen por obxecto facilitar a permanencia no propio fogar, como na oferta de aloxamento alternativo. Somos a penúltima Comunidade do Estado en cobertura en Axuda a Domicilio e a última en prazas residenciais, mesmo computando a oferta privada. Segundo o Informe 2004 do Valedor do Pobo, a lista de espera para acceder a unha praza en Residencia é de 3.425 persoas, das que 2.700 precisan unha praza asistida.

O “Plano Galego de Persoas Maiores 2001-2006” non é máis que outra evidencia da concepción que ten o PP dos servizos sociais, deixando a resolución das necesidades sociais en mans das familias e o mercado, reservándolle un papel totalmente marxinal á Administración. As eivas deste Plano son moitas, mais son reveladores os reducidos obxectivos en servizos básicos, o feito de que non previra ningún Centro de Día público, a falta de solucións ás necesidades de vivenda en condicións dignas ou a falta de axudas técnicas para o autovalemento.

En canto á necesidade de aloxamento alternativo, propugnou un modelo macrorresidencial como única resposta, ignorando equipamentos como as Vivendas Comunitarias e os Apartamentos Tutelados, que permiten que as persoas maiores non rompan as súas relacións sociais e familiares, manténdose no contorno comunitario. No que se refire á dotación de residencias, apostaron pola vía da iniciativa privada, con e sen ánimo de lucro, como vía para ocultar a escasa oferta pública e a falla de vontade política para unha intervención decidida desde a Xunta de Galiza.

O BNG defende a permanencia das persoas maiores no seu contorno socio-familiar mentres isto sexa desexado, posíbel e convinte. A institucionalización non é *a priori* a resposta axeitada a calquera persoa maior que presente algún tipo de limitación na súa autonomía persoal ou social. É preciso dotarse dunha rede de recursos suficiente que permita a súa permanencia, en condicións axeitadas e dignas, no seu contorno habitual. Consideramos que toda persoa con gran dependencia, cando o precisar, ten dereito a unha praza residencial pública. De cara a acadar unha maior rendibilidade social, cómpre suscitar a multiutilización destes equipamentos, promovendo tanto a relación dos seus usuarios e usuarias coa comunidade, como a utilización dos mesmos por esta, de xeito que os principios de integración social, participación, normalización e universalidade se poidan facer efectivos.

Os compromisos do BNG nesta lexislatura centrados en procurar unha resposta global ás necesidades dos nosos maiores concréntanse nos seguintes obxectivos e medidas:

### III.2.6.1 Obxectivo

- Promover a atención integral dos e das nosas maiores establecendo un marco normativo específico e articulando unha resposta pública axeitada ás súas necesidades.

### III.2.6.2 Medidas

1. Aprobar e desenvolver a “**Lei integral de atención ás persoas maiores**” con especial atención ás problemáticas que xera a dependencia.

2. Aprobar o **Plano Xerontolóxico Galego (PXG)**, que contemplará o desenvolvemento (con prazos e compromisos orzamentarios) dunha rede de recursos coa finalidade de garantirle ás persoas maiores a permanencia na súa comunidade en condicións axeitadas; promovendo a súa valorización, atendendo á súa promoción e participación social activa, e proporcionándolles, cando por razón de dependencia for preciso, unha praza en residencia. Esta rede entenderase como un abano de equipamentos, servizos e prestacións integrados e coordinados que poidan dar unha resposta global, integral e universal ás necesidades –en sentido amplo- das persoas maiores, permitindo e promovendo a súa permanencia, ben no seu fogar habitual, ben no seu propio contorno social.

Este Plano incluirá polo menos os seguintes obxectivos básicos:

1. Garantir a información necesaria para o coñecemento dos recursos sociais aos que poidan ter acceso e a protección no caso de persoas maiores incapacitadas para decidiren por si mesmas.
2. Garantir a permanencia no seu propio fogar, favorecendo o seu desenvolvemento persoal e integración social, articulando os recursos necesarios tanto para promover a súa autonomía persoal como para servir de soporte á rede informal que presta atención ás persoas con dependencia.
3. Evitar a institucionalización e o desarraigamento das persoas que tendo certo nivel de autonomía precisan dun aloxamento alternativo, dotando o seu contorno social máis próximo de alternativas que respondan a esta necesidade.
4. Promover un envellecemento activo, participativo e de calidade dos nosos maiores desenvolvendo actuacións con carácter preventivo (preparación á xubilación, educación para a saúde, animación socio-cultural, fomento do asociacionismo e utilización do lecer).
5. Garantirlles a axeitada atención ás persoas maiores que precisaren de atención especializada nun Centro Residencial.

Con carácter inmediato poremos en funcionamento medidas tendentes a:

1. Duplicar a cobertura actual do Servizo de Axuda a Domicilio e xeneralizar a Teleasistencia domiciliaria a todos os maiores de 70 anos que vivan sós e soas.
2. Crear unha rede pública comarcal de Centros de Día.
3. Estabelecer Axudas económicas periódicas ás familias cuidadoras de maiores con dependencia.
4. Destinar o 2 % das prazas residenciais a “Respiro Familiar”.
5. Incluír entre as prestacións do SERGAS as axudas técnicas para persoas maiores con dependencia.

6. Implantar Unidades de Xeriatría, Unidades de Psico-xeriatría e Camas Socio-sanitarias en todas as Áreas sanitarias. Garantirlles o transporte sanitario ás persoas con dependencia. Cubrirlle as necesidades básicas de saúde.
7. Promover a construción de vivendas públicas axeitadas aos maiores en réxime de aluguer e regulamentar a permuta de vivendas en propiedade. Estabelecer axudas específicas para maiores para a adaptación funcional do fogar. Estabelecer bonificacións nos servizos básicos para pensionistas con ingresos inferiores ao SMI. Promover a investigación domótica. Posibilitar a accesibilidade a todos os edificios e equipamentos de uso público e o seu uso por persoas con mobilidade reducida.
8. Elevar ao 1 % os e as maiores en Acollemento familiar.
9. Dotar dunha Vivenda Comunitaria cada localidade e dun conxunto de Apartamentos Tutelados cada comarca.
10. Reconverter os Fogares e Clubs nunha única tipoloxía dotada de persoal e equipamentos, con servizo de comedor, sala de audiovisuais, conexión a internet, biblioteca, etc., e abertos á comunidade.
11. Estabelecer programas de preparación á xubilación en colaboración con organizacións empresariais, sindicais e profesionais. Estabelecer programas permanentes de educación para a saúde en todas as comarcas en coordinación dos servizos sanitarios e sociais.
12. Promover o asociacionismo e organización das persoas maiores, a súa participación directa nas decisións que lles afectan, no ámbito local e galego a través dos Consellos de Maiores.
13. Modificar o modelo residencial actual, promovendo os aloxamentos alternativos de baixo nivel para as persoas válidas e facilitando a atención residencial a aqueles e aquelas maiores que o precisaren, fundamentalmente por razóns de dependencia (física ou psicolóxica).
14. Incrementar en 10.000 as prazas en Residencia (de tipoloxía única cun 75% de prazas asistidas, e un 25 % de prazas para persoas válidas destinadas fundamentalmente aos/as cónxuxes ou parellas dos primeiros). Garantir a participación dos residentes por medio do desenvolvemento dos regulamentos de réxime interno e o cumprimento dos seus dereitos; garantir o axeitado funcionamento dos servizos de inspección e dotarse de instrumentos de control de calidade.
15. Modificar a Lei Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social co gallo de permitir que os e as galegas emigrantes retornados maiores de 65 anos poidan ter acceso á RISGA, no entanto non se modifica a lexislación das pensións non contributivas.



### III.3. A SAÚDE SEN ESPERA

Ao longo dos últimos anos tanto da sociedade como do sector sanitario aboiron novos problemas no sistema de saúde, que se sumaron a outros que aínda non tiveron resolución axeitada. Así, cabe destacar a necesidade de aumentar e racionalizar o gasto sanitario, debido fundamentalmente ao envellecemento da poboación; cambios na morbimortalidade poboacional condicionados pola aparición de enfermidades crónicas ligadas aos estilos de vida; o desenvolvemento acelerado das novas tecnoloxías; o crecemento desmedido do gasto farmacéutico e a existencia de ineficiencias na xestión e uso dos recursos sanitarios; a mellora na accesibilidade ao sistema público de saúde, onde os cidadáns perciben a cotío as notorias dificultades que teñen para acceder aos servizos, desde as dificultades para concertar unha cita telefónica até o problema estrela das listas de espera que cada vez se estenden a máis ámbitos (acceso ás consultas, realización de probas complementarias, intervencións cirúrxicas, etc); e a flexibilidade da organización sanitaria para atender acaídamente a demanda sanitaria, que vai desde un trato máis personalizado e con participación informada aos usuarios até a atención domiciliaria de calidade ou a extensión dos horarios de atención médica en zonas urbanas.

Dentro da problemática do sistema sanitario, ocupa un lugar destacado o déficit de financiamento, que se vén agravando nos últimos anos en parte por mor dalgúns problemas que se citaron anteriormente, e tamén polas políticas de contención do gasto público (coloquialmente xa se xeralizaron as expresións “equilibrio orzamentario” ou “superávit nas contas públicas”) que inciden directamente no volume de diñeiro asignado ao sistema público de saúde. Ademais, no caso de Galiza, agravado pola nefasta negociación do traspaso dos servizos sanitarios desde a Administración Central do Estado, que xenerou un grave prexuízo para o desenvolvemento do noso sistema sanitario e a coñecida “débeda histórica” .

A resposta á problemática en materia sanitaria por parte do Goberno do PP en Galiza, e tamén no Estado, partiu dunha concepción ideolóxica neoliberal asentada na pretensión de limitar as prestacións sanitarias e de incrementar o copago para aumentar os ingresos económicos do sistema, así como na procura da creación dun mercado competitivo entre centros (públicos e privados) e profesionais. É ilustrativa desta orientación a aprobación na pasada lexislatura por parte do PP a Lei de Ordenación do Sistema Sanitario de Galiza, cuxo principal obxectivo é consolidar a senda da privatización do sistema de saúde público coa integración na mesma rede de todo tipo de centros e con iso o desvío cara aos centros privados de importantes recursos públicos que se detraen dos centros públicos, o mantemento da separación de compra e provisión de servizos sanitarios ou a constancia explícita de que os servizos sociosanitarios non poderán ser gratuítos.

O BNG considera que a saúde, alén dun dereito, é un ben social que os poderes e institucións públicas teñen a obriga de pular e priorizar, e xa que logo, tanto o financiamento como a provisión dos servizos sanitarios deben ter carácter público. O goberno do BNG apostará decididamente por incrementar o gasto sanitario público para se achegar á media europea, evitando toda tentación a introducir o copagamento por parte dos usuarios e usuarias, xa que

iso afectaría ás persoas con menos recursos económicos e non chegaría unha solución para racionalizar o gasto sanitario.

### **III.3.1. OBXECTIVOS**

Os obxectivos básicos que o BNG se traza en materia sanitaria son os seguintes:

- ❑ Conseguir que todas as persoas atinxan de xeito pleno o seu potencial de saúde, conforme ao obxectivo definido pola Organización Mundial da Saúde.
- ❑ A potenciación da rede sanitaria pública cara á consecución da equidade para todos os galegos e galegas.
- ❑ Mellorar a calidade asistencial, apostando por unha organización da actividade asistencial en áreas funcionais que dean unha atención integral ao paciente.
- ❑ Mellorar o acceso ao sistema sanitario, reducindo os tempos de espera para a atención especializada e a hospitalización.
- ❑ A promoción da saúde e de hábitos de vida saudábeis.
- ❑ A participación comunitaria no sistema público de saúde.
- ❑ Impulsar a Atención Primaria de Saúde a fin de que sexa o verdadeiro alicerce do sistema sanitario, fundada na priorización das actividades preventivas.
- ❑ A humanización dos servizos sanitarios, centrada en acadar un trato aos usuarios e usuarias baseado na consideración e o respecto e ligada de maneira nidia á obtención dos mellores resultados posibles cos recursos empregados.
- ❑ Fortalecer o recoñecemento da valía, o mérito profesional e a experiencia dos seus traballadores no sistema sanitario público galego, para o que se desenvolverán acaidamente os mecanismos de promoción profesional vinculados ao traballo e dedicación.
- ❑ A atención específica e promoción da saúde mental entre a poboación, reforzando as estratexias de prevención e garantindo a atención ás doenzas mentais, desde un enfoque bio-psico-social e a extensión a todas as áreas sanitarias de dispositivos de saúde mental.
- ❑ O uso racional dos medicamentos e o control do gasto farmacéutico.

### **III.3.2. MEDIDAS DE GOBERNO**

O Goberno do BNG garantirá o dereito á saúde de todas as persoas, situando como prioridade a mellora do sistema sanitario público, implementando medidas organizativas, de planeamento e xestión, para que todas as galegas e galegos accedan de xeito equitativo ao mesmo.

### **III.3.2.1 1. Atención Primaria**

- Articular unha atención integral, personalizada, permanente, continuada, participativa e programada no campo da Atención Primaria de Saúde, concretándose nas seguintes medidas:
  - Extensión, ao longo da vindeira lexislatura, de Servizos e Unidades de Atención Primaria que cubran o 100 % da poboación, coa creación de novos Servizos e Unidades de Atención Primaria naqueles lugares onde non existan, así como garantir a atención rápida, de xeito que o tempo de acceso das poboacións máis distantes en funcións das vías de comunicación, non superen os 20 minutos.
  - Remodelación e acondicionamento dos Servizos e Unidades de Atención Primaria xa existentes, formados por equipos interdisciplinares que fornezan unha atención integral e de calidade, diminuír a masificación, aumentar o tempo de atención aos usuarios cos recursos humanos e técnicos necesarios.
  - Achegar a atención de saúde á poboación. Implantación de Servizos ou Unidades en horario de tarde nas zonas que pola elevada taxa de actividade ou presión demográfica así o requiran, mediante o establecemento dos denominados “turnos deslizantes”.

### **III.3.2.2 2. Atención Especializada**

- Apostar por un novo modelo de atención especializada que se apoie no consenso profesional, o traballo interdisciplinar, a análise rigorosa da práctica clínica e no recoñecemento do papel dos diferentes colectivos profesionais na toma de decisións asistenciais:
  - Reforzar a coordinación e cooperación entre atención primaria e atención especializada, con especial atención ás figuras de Xerencia de Área Única e aos Consellos de Dirección de Área, e na elaboración de Planos de Área de Saúde para coordinar os dous niveis de saúde.
  - Completar a rede hospitalaria do SERGAS, así como potenciar os hospitais comarcais existentes aumentando a súa carteira de servizos.
  - De forma concreta, na vindeira lexislatura, o BNG impulsará a creación dun Hospital público na comarca de Vigo, como centro de referencia para toda a área sanitaria do sur de Galiza, no cal se centralicen todos os recursos actualmente dispersos e dispoña dun número de camas públicas suficientes para atender a demanda asistencial da totalidade das especialidades, e onde teñan cabida Unidades de Alta Tecnoloxía.
  - Integrar o Hospital Naval de Ferrol na rede hospitalaria pública galega, solicitando o seu traspaso ao SERGAS por parte do Ministerio de Defensa.

- Incrementar o número de camas na rede pública hospitalaria, reducir o número de camas por habitación con vistas a poder ofertar no futuro unha cama única por habitación e corrixir o desfase que se produce entre as distintas áreas sanitarias.
- Definir áreas de actuación preferente, de acordo con estudos previos, dotadas do máximo nivel de desenvolvemento e configuradas como áreas de referencia de todo o sistema galego de saúde.
- Potenciar as alternativas á hospitalización tradicional sempre que vaia parello a unha mellora da calidade asistencial: unidades de Curta estancia médica ou cirúrxica; unidades de Cirurxía sen hospitalización, de xeito que se chegue até un 70 por 100 das intervencións neste réxime asistencial; unidades de Hospitalización domiciliaria; creación de Hospitais de día polivalentes.
- A creación de Hoteis de doentes, como alternativa á hospitalización tradicional, así como de novos hospitais de media ou longa estancia de acordo cos recursos dispoñíbeis, para aliviar a carga asistencial dos hospitais e contribuír a reducir as listas de espera.
- Impulsar as novas modalidades de Consultas Externas, en especial a Consulta de Alta Resolución que xa ten demostrado o seu éxito alí onde foi implantada.
- Crear en todos os hospitais da rede pública galega Servizos de Atención ao Usuario (SAU), que se encargarán de velar por unha atención humanitaria aos pacientes e mellorar a convivencia entre profesionais, doentes e os seus familiares.
- Organizar Consultas de Enfermaría, tanto no nivel de Atención Primaria como na atención especializada, especialmente nos Hospitais, de xeito que os profesionais da enfermaría poidan dar atención personalizada aos pacientes do nivel hospitalario que precisen dos seus cuidados.

### **III.3.2.3 3. Reducir as listas de espera**

- Artellar un Plano de Choque contra as listas de espera na sanidade pública, desde unha perspectiva coordinada e integral dos diferentes niveis do sistema sanitario, xa que é preciso unha estratexia firme que supere a implementación de medidas a curto prazo con máis afán propagandístico que efectivo:
  - Crear unha comisión de expertos sobre listas de espera, que incida sobre todo nunha xestión dos recursos dispoñíbeis para así poder controlalas eficazmente.
  - A utilización dos medios materiais e humanos dos servizos sanitarios con criterios de eficiencia, pois non abonda co necesario incremento dos recursos dedicados á saúde, senón que hai que acertar na súa aplicación.
  - Aplicar tempos de atención garantida, reducindo considerabelmente os previstos na LOSGA de 180 días até situalos máximo en 60 días,

de xeito que os servizos públicos de saúde garantan nese período calquera tipo de atención ou intervención.

- Estabelecer a posibilidade de que o usuario ou usuaria cambie de lista de espera dentro da rede asistencial pública galega.
- A priorización en función de criterios clínicos (maior gravidade, urxencia ou maiores probabilidades de beneficio), de criterios sociais e finalmente de criterios cronolóxicos.
- Incorporar á xestión das listas de espera programas de segunda opinión, utilizar estratexias educativas para reducir a variabilidade entre profesionais e incorporar as mellores probas científicas na definición das indicacións médicas.
- Potenciar a Cirurxía Maior Ambulatoria e outras alternativas á hospitalización convencional (Hospitais de día, Hotel de doentes, Unidades de Hospitalización a domicilio).
- Publicitar a información sobre as listas de espera.

#### **III.3.2.4 4. Saúde bucodental**

- Ampliar a cobertura en saúde bucodental, comprométendose na vindeira lexislatura a conceder as seguintes prestacións desde o sistema público de saúde:
  - A atención dental infantil, que atenderá a rapazas e rapaces de entre 6 e 16 anos cunha cobertura dental completa.
  - A posta en marcha dun Programa de Educación de hixiene bucodental para os maiores de 65 anos que comprenderá limpeza bucais e educación na hixiene bucodental diaria para a conservación e prevención.
  - Garantir a aplicación do Programa de hixiene bucodental ás embarazadas, recollido nominalmente desde 1995, que comprenderá unha limpeza de boca e unha educación de hixiene bucodental para a nai e o futuro bebé, co obxectivo de educar na prevención.

#### **III.3.2.5 5. Saúde Mental**

- A elaboración dun “Plano Galego de Saúde Mental“, que terá como obxectivo garantir a cobertura sanitaria en saúde mental a toda a poboación, independentemente da idade, da patoloxía presentada e da comarca de residencia e priorizando a intervención sobre as patoloxías que xeneren unha maior morbi-mortalidade e sexan máis prevalentes.
- Dentro do “Plano Galego de Saúde Mental” desenvolver, nos dispositivos ordinarios, Programas de actuación sobre patoloxías e problemas de saúde, en concreto: Programa para a detección temperá do trastorno por déficit de atención–hiperactividade (TDAH) e dos trastornos condutuais

na poboación infantil e adolescente; Programa de prevención da drogodependencia na infancia e adolescencia; Programa de atención aos fillos dos enfermos mentais graves; Programa de detección, tratamento e prevención de recaídas dos trastornos do estado de ánimo (depresivos e bipolares) e do risco suicida; Programa de continuidade de cuidados, tutela de casos e prevención de recaídas para pacientes con esquizofrenia; Programa de reinserción socio-laboral para pacientes con trastorno mental grave (esquizofrenia, trastornos graves de personalidade e retraso mental); Programa de prevención do alcoholismo e outras adiccións na poboación adulta; Programa de atención ás mulleres maltratadas e ao maltratador.

- Garantir o correcto tratamento dos nenos con patoloxía comportamental grave e trastornos graves de conduta; así como impulsar unha liña de actuación específica para nenas e nenos autistas e con trastornos xeneralizados do desenvolvemento que comprenda a avaliación diagnóstica e intervención terapéutica.
- Mellorar a atención da poboación adulta e xeriátrica nas unidades de saúde mental, establecendo ratios de dotacións persoais e materiais que nos acheguen ás recomendacións dos organismos internacionais en materia de saúde.
- Afrontar o problema das drogodependencias desde unha perspectiva preventiva no ámbito da saúde, coas seguintes medidas:
  - Desenvolvemento na rede de Atención Primaria de Saúde de programas específicos para este tipo de pacientes, coordinados cos dispositivos de Saúde Mental.
  - Integración da actual rede de drogodependencias na rede asistencial pública de saúde mental.
  - Mellorar os programas de desintoxicación hospitalarias, nas unidades de hospitalización psiquiátrica.
  - Implantar Centros de Deshabitación e Reinserción Social na rede pública, adscrito a cada unidade de atención aos drogodependentes, así como de Unidades de Atención ao Alcoholismo.

### **III.3.2.6 6. Gasto Farmacéutico**

- Implantar un Plano de Racionalización do Gasto en Medicamentos, que comprenda:
  - Crear Programas Específicos sobre o uso racional do medicamento dirixidos aos profesionais sanitarios, que teñan en conta información veraz, imparcial e actualizada sobre os medicamentos; guías farmacoterapéuticas actualizadas periodicamente; protocolos actualizados de manexo dos diferentes problemas de saúde e acceso inmediato ás bases de datos da medicina baseada en probas.

- Elaboración de Programas Educativos destinados aos pacientes, familiares encamiñados á formación nas patoloxías de maior prevalencia e ao uso racional do medicamento nas mesmas.
- Negociar coa Administración do Estado e co sector a adecuación das presentacións das distintas especialidades farmacéuticas ás pautas posolóxicas aceptadas cientificamente para as diferentes patoloxías en que están indicadas, así como a presentación secuencial e progresiva das doses unitarias cos seus prospectos en envases clínicos por parte da industria para algúns medicamentos
- Estabelecer un maior control para aqueles laboratorios farmacéuticos, que directa ou indirectamente ofrezan calquera tipo de incentivo, prima ou agasallo aos profesionais sanitarios implicados no ciclo da prescripción, dispensación e administración de medicamentos.
- Impulsar o uso racional das Especialidades Farmacéuticas Publicitarias para patoloxías menores.
- Potenciar a política de Especialidades Farmacéuticas Xenéricas.
- Reclamar a participación das Comunidades Autónomas na determinación dos prezos dos produtos farmacéuticos, na selección dos medicamentos que vaian ser financiados polo sistema de saúde, na definición do modelo de financiamento dos fármacos e no desenvolvemento dunha política de prezos de referencia para grupos homoxéneos de medicamentos, promovendo a reforma da Lei do medicamento nese sentido.

### **III.3.2.7 7. Mellora das condicións laborais dos profesionais sanitarios**

- Mellora das condicións laborais dos profesionais da rede sanitaria pública galega:
  - Potenciar a carreira profesional dentro do sistema de saúde público, primando a quen a exerce en exclusiva.
  - Mellora nos programas de Formación Continuada de xeito que esta sexa sistematizada, obrigatoria, sen cargo adicional para as traballadoras e traballadores e relacionada cos obxectivos de saúde que se teñan marcados nos diferentes planos de saúde.
  - Acabar coa precariedade laboral que existe dentro da Atención Primaria convocando anualmente prazas e terminando cos contratos por horas e coas condicións de discriminación con respecto ás traballadoras e traballadores fixos.
  - Desenvolver o Real Decreto 2490/1998 para a normalización das retribucións, como Facultativos Especialistas de Área, aos psicólogos clínicos do SERGAS.

### III.4. 20.000 VIVENDAS PROTEXIDAS EN CATRO ANOS

A política de vivenda seguida polos sucesivos gobernos do PP merece tamén unha avaliación negativa. A promoción pública de vivenda foi, na práctica, irrelevante. A Xunta de Galiza, que renunciou a desenvolver unha política de vivenda propia adaptada ás necesidades do país, non foi quen de modificar os parámetros relativos ás peculiaridades territoriais -ingresos familiares, distribución por áreas xeográficas, superficies e incidencia da mobilidade no uso habitual da residencia nas áreas periurbanas de cidades e vilas, etc.– non desenvolveu tampouco ningunha iniciativa salientábel –nin no ámbito do solo, nin no fiscal– para abaratar uns prezos da vivenda que, nestes dezaseis anos, experimentaron na Galiza un aumento espectacular.

O parque de vivenda de Galiza presenta o dualismo de vivenda regulada -fundamentalmente urbana- e de vivenda irregular -fundamentalmente rural-, cunhas características peculiares (reducido en termos comparativos, deficiente canto ao seu estado de conservación e equipamento, caro en función á renda familiar galega dispoñíbel e desequilibrado canto ao seu réxime de tenza) a ter en conta para a elaboración dunha política de vivenda coherente.

Débese reparar tamén en que a escaseza de vivendas de aluguer determina unha oferta rixida, incapaz de resolver as necesidades de determinados sectores de poboación que, noutras circunstancias, poderían acudir a este réxime para solucionar as súas necesidades de aloxamento.

Polo que atinxe á protección pública da vivenda, para alén do seu escaso relevo en termos cuantitativos, a política seguida polos sucesivos gobernos do PP foi incapaz de integrar o conxunto de instrumentos que inciden na vivenda (fiscais urbanísticos e financeiros ), centrouse na promoción da vivenda urbana en edificios colectivos de nova construción para adquirir en réxime de propiedade (desatendendo a oferta pública de vivendas en aluguer) e restrinxiu as actuacións de rehabilitación a actuacións en edificios de notoria singularidade arquitectónica ou situados en conxuntos de interese histórico-artístico (carecendo, deste xeito, de instrumentos adecuados para promover a rehabilitación doutra caste de vivendas e, en particular, das situadas no medio rural). Por outra parte, a intervención directa do Estado limitouse ás axudas contidas no Plano de Vivenda en forma de empréstitos cualificados e axudas económicas directas (subsidiación de xuros e subvencións persoais). Nos últimos anos as sucesivas revisións á baixa dos tipos de xuro de convenio mentres se mantiñan os tipos subsidiados, supuxo a redución drástica dos recursos proporcionados polo Estado á Galiza para o financiamento dos Planos de Vivenda.

Face a esta situación, o goberno do BNG desenvolverá unha política activa de vivenda na oferta de terreos para edificar, na posta no mercado de vivenda nova e rehabilitada, de axudas económicas e de control da especulación co fin de garantir a todos os galegos e as galegas o acceso a unha vivenda digna en condicións razoábeis:



### **III.4.1. MEDIDAS DE GOBERNO**

#### **1. Un plano plurianual de vivenda pública que garanta o acceso á vivenda**

- ❑ Incremento dos fondos destinados á promoción pública de vivendas protexidas co fin de incrementar o número de vivendas promovidas polo IGVS, concedendo prioridade ás destinadas ao aluguer e á rehabilitación de vivendas, planificando as actuacións en función das demandas territorializadas. No período 2005-2009 poranse ao dispor da sociedade 20.000 novas vivendas protexidas, tanto de nova construción como rehabilitadas.
- ❑ Asunción polo IGVS da xestión das vivendas protexidas en réxime de aluguer e actuará como mediadora no mercado da vivenda libre garantindo o cumprimento de certas condicións básicas en materia de habitabilidade e prezo. Estas funcións realizaranse desconcentradamente a través de oficinas territoriais de vivenda que, ademais encargaranse da xestión e conservación das vivendas protexidas de promoción pública, do control das de promoción privada, das áreas de rehabilitación e da elaboración de informes sobre as necesidades de vivenda e solo residencial.
- ❑ Diversificación da oferta de vivenda protexida para adaptala a todo tipo de demandas. Nova definición dos tipos de vivenda protexida no rural, fomentando axudas á rehabilitación de vivendas no rural e a construción de novas vivendas conforme á tipoloxía tradicional.
- ❑ Estabelecemento de mecanismos de acceso á vivenda para persoas con poucos recursos económicos e coordinación das actuacións inconexas existentes na actualidade como as axudas aos Concellos para a erradicación do chabolismo.
- ❑ Fomento do asociacionismo e do cooperativismo para a promoción de vivendas, a través de axudas económicas, asesoramento técnico e simplificación das cargas fiscais e burocráticas que dificultan, na actualidade, a súa expansión.
- ❑ Mellorar a regulación da bolsa pública de vivendas en aluguer, en dous sentidos: ampliación do ámbito territorial para que as vivendas de todo o país poidan ser incluídas na bolsa se así o desexaren os seus propietarios; e establecer prezos de renda taxados para cada concello para evitar que a axuda pública ocasione un incremento global dos prezos do arrendamento.

#### **2. Un réxime de axudas fiscais para a adquisición de vivenda máis equitativo**

- ❑ Restabelecemento dos beneficios fiscais para o arrendamento de vivendas no tramo autonómico do IRPF na procura do equilibrio cos supostos de compra.

- ❑ Instar ao Goberno Central para que diminúa o tipo de gravamen do IVE para as vivendas protexidas e do ITP para todo o tipo de vivendas.
- ❑ Diminución da presión fiscal na transmisión da primeira vivenda dedicada a residencia habitual.
- ❑ Penalización das vivendas desocupadas a través de recargos no IBI e no tramo autonómico do IRPF.

### **III.5. IGUALDADE REAL PARA OS EMIGRANTES**

O fenómeno emigratorio foi particularmente intenso ao longo dos dous últimos séculos. A maior parte dos estudos realizados sobre o asunto recollen estimacións que sitúan por cima da cifra dun millón os galegos e as galegas que emigraron cara a diversos destinos dentro do Estado español, Europa e América Latina.

Porén, lonxe de remitir esa vaga migratoria, observamos que moitas persoas de Galiza han de procurar un traballo e un futuro dignos lonxe da súa terra aínda hoxe en día. Continúa a haber galegas e galegos, que por mor do declive económico de Galiza, parten a traballar a outros lugares do Estado, cara a Andorra, Portugal, Reino Unido, etc., e nun número significativo.

Esta nova emigración afecta sobre todo a xente nova, formada e cualificada na Galiza, en plena capacidade produtiva, e que non atopa posibilidades de desenvolvemento profesional no país acorde co seu nivel formativo. Baixo o eufemismo da mobilidade laboral, agáchase na realidade a cativeza e falta de dinamismo do sistema produtivo de Galiza que obriga a que moitas persoas -xeralmente con idades inferiores aos 30 anos, con coñecementos e preparación notábeis- teñan que emigrar para poderen desenvolver un traballo acorde coa súa formación. Son notorios os exemplos de profesionais sanitarios galegos en Portugal e Gran Bretaña, ou de científicos e enxeñeiros ás cidades industriais do Estado español.

Así mesmo, debemos ter presente que as anteriores xeracións de galegas e galegos que emigraron, sobre todo cara a países de América, están a pasar dificultades pola forte crise económica e social que atravesan a maioría dos mesmos, co que deben ser obxecto de atención permanente por parte do Goberno galego. Unha atención que debe ir máis aló do reparto de recursos públicos entre as comunidades galegas no exterior con afán de recobro pola vía de réditos electorais, como vén facendo o PP nos últimos anos. E tamén unha actuación que fuxa da aplicación de criterios personalistas e partidistas, e que substitúa a concepción de beneficencia da política de apoio aos galegos e galegas emigrados que se atopan en situacións de necesidade pola consideración de cidadáns que son suxeitos de dereitos sociais e económicos.

O BNG vén afirmando o seu compromiso a prol da igualdade entre os galegos e galegas, con independencia do seu lugar de residencia. Como plasmación do mesmo, a acción de Goberno do BNG en materia de emigración nuclearase arredor da plena equiparación dos dereitos sociais, civís e políticos dos cidadáns e cidadás residentes no exterior, que se concreta tanto en facilitar

o acceso a un nivel de servizos sociais e prestacións asistenciais básicas, como en garantir unha participación política de xeito libre e democrático.

### **III.5.1. OBXECTIVOS**

A fin de atinxir esa igualdade real, o BNG fíxase os seguintes obxectivos:

- Promover a mellora do nivel de protección social dos galegos e galegas emigrados que se atopan en situacións de necesidade.
- Garantir uns niveis de cobertura e asistencia social básicos a todas as persoas emigrantes orixinarias de Galiza por medio do establecemento dunha rede asistencial estábel, en colaboración coa Administración central.
- Asegurar o financiamento público suficiente para estender a rede asistencial á emigración.
- Mellorar dun xeito especial a asistencia sanitaria dos galegos e galegas no exterior.
- Implantar un sistema de interlocución e participación democráticos coas comunidades galegas no exterior.
- Articular un reparto xusto das axudas públicas ás comunidades galegas no exterior que erradique o clientelismo.
- Manter vivos os vínculos lingüísticos e culturais coas persoas de orixe galega que residen fóra de Galiza.
- Favorecer o retorno e a inclusión social e económica dos emigrantes retornados.

### **III.5.2. MEDIDAS DE GOBERNO**

O Goberno do BNG aplicará as medidas de goberno dirixidas á diáspora:

- Diseñar un Plano de asistencia sanitaria e servizos asistenciais, que permita cubrir as deficiencias dos sistemas sociosanitarios de protección social dos países de acollida dos emigrantes galegos que non contan cun sistema sanitario e asistencial con cobertura suficiente.
- Establecemento dun plano de retorno para os galegos e galegas emigrados coas seguintes liñas:
  - Atender as peculiaridades dos distintos tipos de emigración
  - Implementar medidas de información, reciclaxe e reorientación profesionais
  - A concesión de prestacións sociais e económicas iguais ás percibidas polos residentes na Galiza

- ❑ En tanto non se produzan as transferencias en materia de emigración que o BNG reclama no novo Estatuto para Galiza, o BNG intercederá perante o Goberno central para eliminar as trabas existentes na lexislación para o acceso a prestacións e subsidios de protección social para os emigrantes. De xeito especial, proporase a reforma do subsidio de desemprego para mellorar o acceso por parte dos emigrantes e a inclusión na cualificación de baixas por incapacidade do sistema de Seguridade Social española de enfermidades que noutros países son causa de incapacidade e que polo de agora non é recoñecida pola lexislación española.
- ❑ Potenciar a difusión de programas da lingua e cultura galegas nos Centros Galegos da diáspora e nas institucións e organismos dependentes do Estado español no estranxeiro (Instituto Cervantes) a través da promoción de actividades culturais, de promoción da lingua galega e intervención e catalogación dos abundantes bens culturais galegos no exterior.
- ❑ Espallamento da lingua galega e da cultura na emigración, co fin de promocionala e mantela, potenciando os intercambios, a edición de libros, a produción audiovisual e musical, a organización de exposicións e conferencias, co fin de estimular ademais a creación dun mercado de consumo cultural de produtos galegos que teña en conta o mercado potencial representado pola Galiza exterior.
- ❑ Emprego da lingua galega na programación exterior dos medios públicos de comunicación destinada á emigración, tanto en radio como en televisión.
- ❑ Ampliar a dotación orzamentaria e a implantación territorial dos Lectorados de galego nas Universidades estranxeiras.
- ❑ Inclusión de materias como Lingua, Literatura e Historia de Galiza nos centros formativos españois abertos no estranxeiro.
- ❑ Preservación e defensa do patrimonio galego na diáspora, impedindo a súa privatización ou o uso para fins comerciais ou diferentes aos orixinariamente concebidos.
- ❑ Reforma da Lei de Galeguidade e da normativa referente aos centros e asociacións galegos, co fin de modernizalos, repartindo equitativamente os fondos e subvencións, realizando auditorías regulares para evitar situacións de fraude e manipulación e en especial de convertilos en verdadeiros lugares de información, xestión e axuda para as galegas e galegos no exterior.
- ❑ Incremento da dotación orzamentaria dos Centros Galegos e redefinición das funcións que desenvolven a través de programas comúns de actividades, para que cubran, ademais do eido cultural, funcións de información, asesoría xurídica, programas de atención laboral e creación de emprego e de cursos de lingua e cultura galegas.
- ❑ Aproveitamento dos centros dependentes da Xunta de Galiza no exterior (Casa de Galiza en Madrid, Centro de Información de Bos Aires, etc.), para potenciar a proxección de Galiza no exterior. Así mesmo, estableceranse convenios de cooperación entre estes centros e

institucións culturais galegas (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Centro Ramón Piñeiro, Centro Dramático Galego, Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, asociacións, etc.) para posibilitar a divulgación da cultura galega no exterior.

- Impulsar a organización dunha rede para proxectar Galiza no exterior, especialmente nos principais focos onde está concentrada a diáspora galega, para seren epicentros de divulgación de Galiza como nación universal, da súa lingua e cultura.
- Reclamar a reforma urxente da lexislación electoral, a fin de incrementar as garantías de personalidade e segredo do voto: establecemento da posibilidade de votar en urnas en mesas electorais situadas en Embaixadas, Consulados e outros centros oficiais instalados no exterior; exixencia ao Goberno estatal que perfeccione o control, a depuración e a actualización do censo de residentes no extranxeiro; garantir a igualdade de condicións na campaña electoral no exterior a todas as forzas políticas; consideración dos residentes no estranxeiro como electores aos efectos de determinar os Deputados e Senadores que corresponden a Galiza nas Cortes Xerais e os membros das corporacións locais.
- Modificación e mellora dos mecanismos de participación institucional entre a emigración e a Administración galega.

### **III.6. INTEGRAR OS INMIGRANTES**

Na Galiza o fenómeno inmigratorio comeza a ser obxecto de atención, pois, de xeito paseniño, detéctase a presenza de persoas procedentes doutros países, en moitos casos sumidos nunha profunda crise económica e social, que procuran un traballo e unha mellora na súas condicións de vida.

Por outra banda, tamén se detecta o retorno de descendentes de emigrantes galegos aos que se lle outorga o tratamento legal e consideración de inmigrantes e nutre, xa que logo, o continxente de persoas “estranxeiras” na Galiza.

O asentamento de cidadáns e cidadás estranxeiros concéntrase nunha pequena parte de concellos de Galiza (apenas a décima parte) que coinciden coas áreas urbanas, os corredores de conexión entre cidades e a zona da Mariña lucense, reforzando nalgúns casos os desequilibrios territoriais do asentamento de poboación galega nestes últimos anos.

Os inmigrantes non só están a chegar, senón que se están instalando na Galiza, o que fai reflexionar sobre a necesidade de levar adiante unha política global de intervención social arredor da integración social e da convivencia intercultural. Ademais, o fenómeno da inmigración en Galiza está a aumentar a súa relevancia ao longo dos últimos tempos e todo apunta a unha intensificación maior, o que exige analizar a súa realidade social e abordar a problemática desde o Goberno galego, aínda coas súas limitadísimas competencias, desde unha perspectiva comprensiva da inmigración.

### III.6.1. OBXECTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego aspira a que Galiza deseñe unha política propia de inmigración, e desde o Goberno galego fixaranse os seguintes obxectivos en materia de inmigración:

- ❑ Garantir os dereitos e liberdades das persoas inmigrantes asentados na Galiza, equiparándoos aos dos galegos e galegas.
- ❑ Impulsar o coñecemento e a integración na lingua e cultura galegas por parte dos inmigrantes.
- ❑ Favorecer a inserción socio-laboral das persoas inmigrantes.
- ❑ Combater o racismo e a xenofobia.
- ❑ Manter un diálogo fluído cos representantes dos colectivos de inmigrantes e cos axentes sociais.

### III.6.2. MEDIDAS DE GOBERNO

Para atinxir eses obxectivos, o BNG despregará as seguintes medidas de goberno:

- ❑ No avance cara ao exercicio polas institucións galegas dunha política propia e exclusiva en materia de inmigración, solicitarase inicialmente a transferencia a Galiza das competencias sobre a xestión dos continxentes de inmigrantes.
- ❑ Artellar un Plano Galego de Inserción Social dos Inmigrantes que conleve:
  - A prestación de servizos de información e asesoramento especializados a todas as persoas inmigrantes que residan na Galiza, organizando nas cidades galegas, así como nas principais localidades de concentración de poboación de orixe estranxeira na Galiza, Puntos de Información para Inmigrantes.
  - O intercambio de información e asesoramento con todas aquelas institucións, asociacións ou profesionais que traballen con inmigrantes.
  - A creación dun Servizo Galego de Mediación Social Intercultural, concebido dentro dun espazo interdisciplinar dedicado á investigación, formación e intervención no ámbito das migracións, as relacións interétnicas e o desenvolvemento social.
- ❑ Redefinir e potenciar o Observatorio Galego sobre as Migracións, para ofrecer unha visión actualizada de todos os movementos de poboación en termos cuantitativos e cualitativos.
- ❑ Estabelecer espazos de encontro entre o tecido asociativo, os sindicatos, os partidos políticos e as administracións local e autonómica para a abordaxe consensuada dos criterios básicos e as liñas de actuación en materia de inmigración.

- Impulsar, en colaboración co Goberno central, a creación de oficinas das Comunidades Autónomas nas embaixadas e consulados do Estado para interceder na realización da contratación.

### **III.7. UN GOBERNO COMPROMETIDO COA IGUALDADE**

#### **III.7.1. CRITERIOS XERAIS DE ACTUACIÓN DO GOBERNO GALEGO**

Malia a constante publicitación de pretendidas “políticas de igualdade”, a realidade demostra que os negativos indicadores socio-económicos inciden, de forma moito máis virulenta, nas mulleres.

O BNG considera urxente e necesario, o artellamento dunha outra política que, partindo das potencialidades do país, aborde con seriedade, rigorosidade e realismo a problemática feminina; lexislando sobre as desigualdades “de partida”, adoptando as medidas eficaces e incrementando os recursos públicos destinados ás políticas de igualdade.

É evidente que un verdadeiro compromiso coa igualdade real entre homes e mulleres conleva -ineludiblemente- a aplicación dunha Política transversal, desde a perspectiva de xénero, en todos os sectores ou ámbitos socio-económicos. Conforme con tal formulación, no BNG propugnamos o tratamento político das diversas necesidades que atinxen, de modo específico, ás mulleres, mediante o exercicio dun Goberno galego “horizontal”, é dicir, a través dun Goberno que garde a mesma concepción congruente inter-departamental e que vixie o cumprimento das diferentes políticas sectoriais (traballo, educación, sanidade, agricultura, cultura, ...) de forma homologada.

Para poder efectivar este compromiso é necesario contar con mecanismos institucionais que concreten e leven ao terreo da actuación práctica do Goberno galego a aplicación da transversalidade de xénero. Un principio que o BNG considera que debe informar o exercicio de todo Goberno que se quixer adxectivar de democrático.

##### **III.7.1.1 Obxectivos**

1. Garantizar a aplicación do principio de transversalidade de xénero na acción do Goberno galego.
2. Estabelecer un marco normativo que asegure ás mulleres galegas o pleno e efectivo exercicio dos seus dereitos e liberdades públicas, abordando os seus problemas específicos e implementando os recursos suficientes para a súa eficacia práctica e incluíndo medidas de acción positiva.
3. Incrementar os recursos destinados ás políticas de igualdade a fin de incidir de xeito decisivo e radical na posición socio-económica das mulleres, removendo os obstáculos que perpetúan un sistema discriminatorio e inxusto.

### III.7.1.2 Medidas

- Creación dunha Vicepresidencia para a Igualdade, adscrita á Consellaría de Presidencia. A súa finalidade será impulsar, coordinar e velar pola aplicación da transversalidade de xénero na acción do Goberno galego, as súas directrices serán vinculantes.
- Creación dunha Comisión Interdepartamental para a Igualdade real entre mulleres e homes, integrada polas diferentes Consellarías, a administración local e representación social de asociacións de mulleres e feministas. A súa función primordial será impulsar medidas e accións coordinadas en materia de igualdade, implicando aos diferentes axentes sociais e niveis da administración.
- Elaboración, nos primeiros meses de Goberno, dunha *Lei Galega Integral para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres* que conterá as disposicións acaídas para asegurar ás mulleres galegas o pleno e efectivo exercicio dos seus dereitos e liberdades públicas, abordando os seus problemas específicos e implementando os recursos suficientes para a súa eficacia práctica, así como os orzamentos precisos e prazos de execución. A elaboración do nomeado Proxecto de Lei será participativo.
- Acompañar obrigatoriamente a Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade dun estudo de impacto de xénero.
- Introducir a análise dos orzamentos en chave de xénero a fin de avaliar todas as actuacións de carácter sectorial, as medidas impositivas e os servizos e bens provistos, en función de como incide a acción do Goberno e o impacto da política a respecto dos obxectivos iniciais estipulados en función do xénero.

### III.7.2. FOMENTO DO ACCESO E PERMANENCIA DAS MULLERES NO EMPREGO REMUNERADO

A incorporación das mulleres ao emprego remunerado foi un dos cambios sociais máis importantes operados ao longo do último século. Se ben esta incorporación ten reproducido a posición subordinada que manteñen as mulleres na sociedade, xenerando situacións discriminatorias. A modo de exemplo podemos sinalar a elevada taxa de inactividade feminina (54,5 % face ao 36,2 % de inactividade masculina), os índices intolerábeis de desemprego (19,1 % de mulleres desempregadas), as altas taxas de temporalidade e precariedade no emprego (tan só o 4,3 % do total de contratos laborais rexistrados a nome de mulleres teñen unha duración indefinida), as diferenzas salariais elevadas (374,40 euros, en termos de ganancia media mensual) ou a infrarrepresentación en numerosos sectores de actividade e nos postos de dirección.

A Xunta de Galiza non contou con políticas atinadas para corrixir as tendencias negativas que rexistra o mercado de traballo feminino na Galiza, a pesar de contar con fondos importantes, na teoría destinadas a este fin (só no período 2001-2003 máis de 200 millóns de euros). A taxa de emprego era en



1989 nove puntos superior á estatal (34,25 %), no ano 2004, situose un punto por baixo da rexistrada no Estado, invertindo unha tendencia histórica. O mesmo acontece coa taxa de paro das galegas, dez puntos inferior á media estatal no ano 1989. As políticas da Xunta de Galiza tiveron como efecto nos últimos anos invertir esta tendencia. Así no ano 2004, foron máis de 83.000 as galegas en paro, cunha taxa de desemprego do 19,15 %, duplicando a masculina, mais que tamén é unha das máis elevadas de toda Europa e case cinco puntos superior á que se rexistra no Estado. No período 2001-2004 a taxa de paro feminina diminúe no Estado, mentres na Galiza incrementou en case catro puntos porcentuais, co saldo de máis de 30.000 mulleres no paro nese período.

Para corrixir estas tendencias e equilibrar a presenza e permanencia das mulleres no emprego remunerado, é necesario un cambio profundo na actuación dos poderes públicos. Neste sentido, incluimos, tanto medidas que inciden directa e estrictamente no mundo laboral, como medidas que poderíamos denominar “indirectas”, dirixidas a liberaren as mulleres do traballo non remunerado –nomeadamente as “cargas familiares”- que elas asumen ordinariamente, case en exclusiva e que impiden ou dificultan a súa integración na vida laboral en condicións minimamente “normais”. O Goberno galego outorgará prioridade absoluta ás políticas de emprego feminino, obxectivo que orientará a política económica da nación.

### **III.7.2.1 Obxectivos**

- ❑ Incrementar a taxa de emprego das mulleres, promovendo a súa permanencia no mercado de traballo e reducindo os índices de precariedade laboral.
- ❑ Incrementar e dotar de contido específico medidas que fomenten e eleven o grao de corresponsabilidade laboral e familiar entre xéneros.

### **III.7.2.2 Medidas**

- ❑ Elaboración dun Plano de Emprego, equilibrado territorialmente, cuxo principal obxectivo será a incrementación da taxa de emprego feminino, así como a diminución da precariedade laboral.
- ❑ O Goberno galego primará, á hora de efectuar as súas propias contratacións, aquelas empresas que tiveren no seu cadro de persoal unha contratación paritaria de mulleres e homes (nin máis do 60 %, nin menos do 40 % para cada un dos xéneros).
- ❑ Creación dunha Mesa Sectorial, participada por sindicatos, asociacións empresariais e a propia Administración Pública, co obxectivo de potenciar medidas de emprego para as mulleres, eliminar a precariedade laboral que estas padecen e promover unha negociación colectiva que erradique toda clase de discriminacións, tanto directas como indirectas, especialmente, entre estas últimas, as derivadas da clasificación dos postos de traballo, constitutivas de elevados índices de discriminación salarial feminina.

- ❑ Programación de políticas de formación profesional específicas para mulleres en función da inserción e da colocación.
- ❑ Racionalización e conseguinte redistribución de especialidades na Formación Profesional Regrada, Ocupacional e Continua acorde coas necesidades laborais femininas detectadas en cada parte do territorio do país, con especial incidencia nos sectores en que as mulleres están infrarrepresentadas, así como en actividades novas.
- ❑ Reordenación das medidas de fomento do emprego cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no sentido de destinalas prioritariamente ao colectivo de mulleres e non a calquera contratación.
- ❑ Promoción e apoio de iniciativas de autoemprego e, concretamente, da creación ou formación de cooperativas de mulleres.
- ❑ Intensificación de axudas para o fomento da iniciativa empresarial e do emprego no eido rural, co fin de fixar poboación feminina neste ámbito e frear o seu crecente éxodo.
- ❑ Adopción das medidas pertinentes para facilitaren o acceso das labregas á cotitularidade das explotacións agrarias, como práctica xeralizada.
- ❑ Visibilización, valoración e mellora das condicións laborais das preto de 20.000 traballadoras en sectores relacionados co mar, así como a incrementación da súa formación profesional.
- ❑ Homologación salarial dos vixentes contratos de inserción, de obra, ou servizo, efectuados polas Administracións públicas -e fortemente feminizados- ao estipulado na negociación colectiva do sector que se tratar.
- ❑ Solicitud a Inspección de Traballo da creación dunha liña exclusiva para inspeccionar, tanto as contratacións realizadas ás mulleres, como as xornadas e condicións laborais ás que están sometidas.
- ❑ Creación dun servizo de inspección propio, da Xunta de Galiza, para controlar e investigar as contratacións que se realizan ás mulleres, dentro das medidas de fomento de emprego do Goberno galego, así como para loitar contra a fraude, o abuso da contratación temporal e a economía somerxida.
- ❑ Inclusión de variábeis de xénero e de idade en todos os instrumentos de análise do mercado de traballo dos que se dote o Goberno galego - nomeadamente nos de tipo estatístico-, co obxectivo de adoptarmos as medidas acaídas a un crecemento progresivo do emprego feminino.
- ❑ Estabelecemento dunha rede pública de servizos sociais –equilibrada territorialmente-, cun duplo obxectivo: xeración de emprego público en sectores fortemente feminizados e liberación de traballo non remunerado –“cargas familiares”- que ordinariamente asume a poboación feminina, case en exclusiva, e de forma privada, individual e gratuíta.
- ❑ Impulso de iniciativas empresariais que teñan por obxecto a creación de novos empregos, a través do traslado ao mercado laboral de actividades realizadas no ámbito “doméstico” ou das unidades de convivencia, en

tanto non puideren ser estas totalmente cubertas mediante a iniciativa pública.

- ❑ Adopción das medidas lexislativas precisas que aseguren a contratación de mulleres desempregadas para cubrir os postos de traballo vacantes por mor das baixas laborais por maternidade, con custo 0 para o empresariado.
- ❑ Cuantificación contábel en termos de PIB da contribución, na economía e na sociedade galegas, do traballo non remunerado das mulleres, así como a súa publicitación e valorización.
- ❑ Realización de campañas permanentes e eficaces que impulsen a corresponsabilidade e a redistribución equitativa do coidado de nenos e nenas e na distribución de “tarefas domésticas”.

### **III.7.3. VIOLENCIA DE XÉNERO**

A violencia contra as mulleres atópase en todas as esferas da vida. Non entender e compartir as causas profundas que motivan a existencia de violencia contra as mulleres é o primeiro atranco para construír unha sociedade que equipare en oportunidades e dereitos ás mulleres

Avaliar con datos estatísticos a violencia contra as mulleres é unha tarefa difícil. En primeiro lugar, porque non existe un consenso mínimo sobre que sucesos contabilizamos o que produce unha disparidade de cifras entre diferentes estudos. En segundo lugar, porque o único mecanismo obxectivábel, ao noso dispor, é o número de denuncias, tendo moi presente que os casos que acaban nos xulgados representan unha porcentaxe moi reducida. Con todo, segundo datos oficiais, o 10,2 % das mulleres galegas están en situación ‘técnica’ de maltrato, quere dicir, máis de 126.000 galegas sofren violencia no ámbito do fogar. Os xulgados da Galiza recibiron sete denuncias cada día por maos tratos no ámbito do fogar, rexistrándose un incremento do 16 %.

A violencia contra as mulleres segue sen se abordar na súa dimensión e globalidade, non existindo un consenso mínimo sobre como abranguer as múltiples faces do problema, co fin de podermos articular políticas de carácter integral que conxuguen a imprescindible atención ou protección “ás vítimas” da violencia de xénero, coas políticas preventivas e de sensibilización social que erradiquen o problema de raíz.

#### **III.7.3.1 Obxectivos**

- ❑ Incrementar cualitativa e cuantitativamente os recursos, dispositivos e programas destinados á atención das mulleres que padecen unha situación de violencia.
- ❑ Incrementar as actuacións dirixidas á sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres, con actuacións dirixidas á sociedade en xeral.

### III.7.3.2 Medidas

- ❑ Creación dunha Subcomisión contra a Violencia de Xénero –adscrita á Comisión Interdepartamental pola Igualdade- que teña como cometido o estudo da violencia contra as mulleres, a elaboración de informes, recomendacións e directrices que vinculen a toda a Administración pública galega e a programación periódica e constante de campañas de sensibilización social.
- ❑ Creación dunha axuda económica de emerxencia para as mulleres maltratadas.
- ❑ Artellamento de medidas eficaces, conducentes á eliminación de contidos sexistas e perpetuadores de papeis discriminatorios que subordinan socialmente ás mulleres, nos medios de comunicación de titularidade pública.
- ❑ Impulsar un Acordo contra a publicidade sexista, que inclúa o Goberno galego, os medios de comunicación e as empresas de deseño publicitario.
- ❑ Elaboración dun Plano de formación e sensibilización das e dos profesionais en contacto coas mulleres maltratadas, que terá como obxectivo a formación –ao menos- do 80 % destes profesionais, ao longo da lexislatura.
- ❑ Creación de unidades móbiles de información, sensibilización, asesoramento, e atención imediata –en casos de urxencia- en materia de violencia contra as mulleres.
- ❑ Posta en marcha dun teléfono de atención e asesoramento cidadán en materia de maos tratos, composto de tres díxitos, con operatividade durante as 24 horas do día e convenientemente publicitado para común e xeral coñecemento de toda a cidadanía.
- ❑ Dotación nos centros de servizos sociais, de equipos multidisciplinares para a atención de mulleres maltratadas.
- ❑ Ampliación, en función das necesidades, dos dispositivos de emerxencia a disposición das mulleres en situación de maltrato, incrementando os recursos públicos para tal finalidade.
- ❑ Modificación do *Programa para fomentar a independencia das mulleres vítimas de malos tratos*, mediante a aplicación de criterios de máxima prioridade no acceso a programas de formación e integración no mercado laboral e concretizado na oferta real dun posto de traballo, con carácter non temporal.
- ❑ Dotación de estabilidade temporal ao programa de asistencia xurídica gratuíta, con publicidade e difusión da súa existencia.
- ❑ Creación de unidades específicas, dentro dos Corpos e Forzas de Seguridade, no marco organizativo dunha verdadeira Policía Autonómica.

### III.7.4. EDUCACIÓN

A educación é un ámbito privilexiado de intervención nas políticas destinadas á igualdade entre homes e mulleres, por ter a Administración pública capacidade directa para influír nos valores, actitudes e comportamentos dos nenos e nenas ou adolescentes. A aplicación de contidos realmente coeducativos é unha materia pendente da Xunta de Galiza, así como a plasmación concreta e práctica da transversalidade en todos os contidos e aprendizaxes que se desenvolven nas diferentes etapas do sistema educativo.

Somos conscientes das dificultades que este proceso entraña, así como da complexidade que supón un cambio no sistema educativo desta transcendencia. Porén, consideramos imprescindible dar pasos decididos que senten as bases dun ensino que impulse estratexias para mudar as mentalidades e combater prexuízos e actitudes sexistas.

#### **III.7.4.1 Obxectivos**

- ❑ Incorporar de maneira efectiva a coeducación no sistema educativo galego.
- ❑ Potenciación e fomento da participación das mulleres en áreas educativo-formativas tradicionalmente masculinizadas.

#### **III.7.4.2 Medidas**

- ❑ Elaboración dun Plano de Coeducación Xeral, de aplicación en todos os centros de ensino e en todos os niveis educativos -incluíndo o universitario- que conleve a implicación do conxunto da comunidade educativa, e que terá en conta o traballo realizado por organizacións, asociacións e colectivos que traballen neste ámbito. Responderá ás medidas que se inclúen neste apartado.
- ❑ Control, revisión e aprobación polo Goberno galego dos libros de texto, para a eliminación da linguaxe e das temáticas sexistas.
- ❑ Tratamento adecuado de prácticas coeducativas e currículos non sexistas que atinxa -integrada e coherentemente- aos libros de texto, materiais e traballos educativos, así como á actividade e metodoloxía docente diaria.
- ❑ Formación específica para o persoal non docente e o profesorado, tanto na formación inicial (incidencia no sistema universitario), como na actualización e formación permanente.
- ❑ Desenvolvemento de programas específicos de formación sexual, traballando a educación afectivo-sexual e a sexualidade en toda a súa amplitude, sen ficar, unicamente, na faceta anatómico-reprodutiva.
- ❑ Introducción dunha asignatura específica sobre igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres.
- ❑ Deseño e posta en funcionamento de programas específicos que potencien a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e familiares, e axuden a detectar e erradicar lacras sociais como a violencia de xénero e os actos atentatorios contra a liberdade sexual.

- ❑ Potenciación ou posta en funcionamento, nos niveis superiores, de estudos relativos ás mulleres, que poidan incidir nas políticas levadas a cabo nos diferentes ámbitos.
- ❑ Potenciación do autoconhecimento e do recoñecemento dos valores culturalmente femininos, así como das múltiples aportacións das mulleres á Ciencia, á Cultura e á Historia da Humanidade.
- ❑ Apoio e fomento da creación de “grupos de traballo” sobre temas feministas nos centros de ensino.
- ❑ Desenvolvemento de programas de recuperación da memoria feminina.
- ❑ Erradicación do analfabetismo funcional da poboación feminina adulta.
- ❑ Deseño e aplicación de programas de integración e participación das mulleres en todas as manifestacións culturais e sociais, loitando contra a súa invisibilidade.
- ❑ Potenciación da práctica deportiva feminina en todas as especialidades, e a todas as idades, tanto de base como de elite, combatendo calquera tipo de discriminación.

### **III.7.5. SAÚDE**

As mulleres son o sector da poboación máis relacionado co sistema de saúde. Mais sendo as mulleres as principais usuarias do sistema sanitario, as súas necesidades son pouco coñecidas, e polo tanto, están insuficientemente atendidas. A modo de exemplo do peor estado de saúde feminina, podemos citar en termos comparativos co resto do Estado que a porcentaxe media de galegas afectadas pola SIDA é máis elevada, e a respecto dos homes, que a proporción de mulleres con algunha discapacidade duplica a dos homes e a taxa de enfermidades crónicas é un 38 % máis alto nas mulleres.

Incorporar a perspectiva de xénero na atención sanitaria, mellorar a calidade dos servizos, diminuír as listas de espera e atender aqueles servizos sanitarios que en maior proporción ou en exclusiva utilizan as mulleres son elementos básicos que o BNG impulsará neste ámbito.

#### **III.7.5.1 Obxectivos**

- ❑ Mellorar a atención sanitaria das galegas dentro da rede pública, mellorando a prestación de servizos e incorporando a perspectiva de xénero de maneira efectiva no ámbito sanitario.

#### **III.7.5.2 Medidas**

- ❑ Oferta en todos os centros de atención primaria do Programa de Mulleres, de forma que se garantan as seguintes prestacións básicas: control e planificación da fecundidade, control de doenzas de transmisión sexual, control do embarazo, atención á menopausia e detección precoz do cancro xenital e de mama.

- ❑ Incremento de matroas nos centros rurais de saúde.
- ❑ Promoción de “experiencias piloto” sobre técnicas de preparación ao parto, co fin de integralas e aplicalas, progresivamente, na rede sanitaria pública. En todo caso, garantirase a existencia dunha política sanitaria efectiva no tratamento do embarazo, parto e puerperio.
- ❑ Garantía de acceso á epidural no 100 % da rede sanitaria pública para todas as mulleres que así o desexaren, sempre e cando non exista contraindicación médica.
- ❑ Ampliación da rede de Centros de Orientación Familiar (COF), de xeito que se garante un por comarca.
- ❑ Creación de centros en materia de sexualidade e anticoncepción dirixidos especialmente á mocidade, de xeito que nunha primeira fase exista dotación nas principais cidades do país.
- ❑ Dotación acaída e equilibrada territorialmente para as consultas de esterilidade e unidades de reprodución, garantindo a atención das persoas que o solicitaren.
- ❑ Subvención por parte do SERGAS dos métodos anticonceptivos.
- ❑ Garantía de acceso á pílula poscoital nos servizos de urxencia e dispensación gratuíta da mesma.
- ❑ O dereito ao aborto será garantido na rede sanitaria pública galega.
- ❑ Creación dun programa de detección precoz e prevención do cancro de cervix.
- ❑ Ampliación progresiva da idade de cobertura dos programas de detección precoz do cancro de mama.
- ❑ Adaptación, difusión e cumprimento dos protocolos de detección precoz da violencia de xénero na sanidade pública.
- ❑ Creación dun programa de atención para o período da menopausia e do climaterio.
- ❑ Formación do persoal sanitario en relación coas cuestións da saúde que afectan especificamente ás mulleres.
- ❑ Promover a investigación sobre a saúde das mulleres.

### **III.7.6. DEREITOS SOCIAIS BÁSICOS**

- ❑ Creación do *Consello para a Participación das Mulleres*, co obxectivo de que as organizacións e asociacións de mulleres poidan participar na tomada de decisións sobre asuntos que lles atinxan especificamente, por razóns de xénero.

- ❑ Realización de estudos e valoracións sobre as dificultades que achán as mulleres para a participación sociopolítica, en función do xénero.
- ❑ Programación de actividades divulgativas que conciencien as mulleres da necesidade da súa participación e implicación na vida social e política, así como na tomada de decisións nestes ámbitos.
- ❑ Promoción do asociacionismo feminino mediante o desenvolvemento de programas de formación a nivel asociativo, de xestión e coordinación, así como a través do outorgamento de subvencións ou doutro tipo de axudas (facilitación do acceso a locais,...).
- ❑ Posta en marcha de programas específicos dirixidos á plena integración de mulleres inmigrantes.
- ❑ Formación para a integración e acceso progresivo e normalizado das mulleres ás novas tecnoloxías, especialmente nos ámbitos da información, comunicación e ferramentas de redes.
- ❑ Instalación de Puntos de Acceso Público (PAP) ás novas tecnoloxías – particularmente a internet- en zonas rurais, co obxectivo de integrar, progresiva e xeralizadamente, as cidadás e os cidadáns no seu coñecemento, formación e utilización normalizados.
- ❑ Visibilizar as mulleres con discapacidades nos medios de comunicación - tv, radio, cinema , teatro- así como nas novas tecnoloxías.
- ❑ Reestruturación dos actuais Centros de Información a Mulleres (CIM), que pasarán a depender da Xunta de Galiza; garantíndose –ao menos- a existencia dun centro por cabeceira de comarca, abertos ao público durante as 8 horas laborais ao uso e dotados dun equipo multidisciplinar que ofrezca cobertura psicolóxica e xurídica completa.
- ❑ Creación de programas específicos para a atención a mulleres con risco de exclusión social. A prestación dos servizos que foren necesarios levarase a cabo mediante un sistema de xestión directa, por parte da Administración pública galega.
- ❑ A referida *Comisión Interdepartamental para a Igualdade* realizará estudos e elaborará directrices conducentes á necesaria revitalización demográfica galega, sen que tales directrices supoñan inxerencia ningunha no libre exercicio da maternidade por parte das mulleres.

### III.7.7. MEDIDAS LEGISLATIVAS DE ÁMBITO COMPETENCIAL ESTATAL

#### O Goberno galego instará:

- ❑ A reforma da *Lei 39/99, de 5 de novembro para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras*, co obxectivo de impulsar e incentivar unha verdadeira e real corresponsabilidade de



funcións entre homes e mulleres. Así por exemplo, o establecemento dun Permiso de Paternidade propio e independente do de maternidade, etc.

- A modificación da *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais*, no sentido de introducir, no seu contido, a necesaria perspectiva de xénero –moi especialmente en todo o que atinxa á saúde feminina-. En concreto, instarase a introdución, na antedita Lei, do concepto de “risco durante o período de lactancia”.
- A modificación do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño) co obxectivo de suprimir a exigencia do período de carencia para ter dereito á prestación económica por maternidade, durante a parte correspondente ao descanso obrigatorio da nai.
- A reforma da *L.O. 9/1985, de 5 de xullo, sobre Interrupción Voluntaria do Embarazo*, no sentido de establecer unha lei de prazo que garanta, en todo caso, o dereito das mulleres a decidir libre e voluntariamente, a respecto da interrupción do seu estado de embarazo, até as 16 primeiras semanas de xestación, na rede sanitaria pública e efectuada con todas as garantías –antes, durante e posparto- sen que motivos de obxección de conciencia alegábeis polos facultativos poidan impedir ou limitar o exercicio deste dereito.
- A reforma do *R.D. 1424/1985, de 1 de agosto*, relativo ao réxime especial das “Empregadas de Fogar”, así como das súa normativa concordante, nun duplo sentido:
- Que a vixente inclusión legal das chamadas traballadoras domésticas como “*relación laboral de carácter especial*” pase a ser considerada como relación laboral ordinaria.
- As traballadoras e traballadores domésticos con xornada completa, terán dereito ás mesmas prestacións (desemprego, incapacidade temporal, xubilación, etc.) de que dispoñen o resto de asalariados acollidos ao Réxime Xeral da Seguridade Social.
- O mantemento dun Réxime de Seguridade Social Agraria accesíbel, que permita ás labregas dispor dunha cobertura sanitaria propia, percibir unha prestación por xubilación, ou que recoñeza as enfermidades profesionais propias das mulleres labregas, así como o dereito a percibir baixas e o recoñecemento de incapacidades.
- A inclusión e recoñecemento como enfermidades profesionais daquelas doenzas padecidas polas mulleres que traballan no sector do mar e que teñen a súa orixe no desenvolvemento do seu traballo.
- A revisión do sistema de prestacións por fillas ou fillos a cargo.

### **III.8. UNHA MOCIDADE CON FUTURO NO PAÍS**

A mocidade galega foi un dos sectores máis desprotexidos e desfavorecidos polas actuais políticas da Xunta de Galiza. A mocidade precisa dun goberno que lle dea cobertura, que atenda as súas necesidades e que dea

resposta ás súas inquiredanzas e aspiracións para conseguir a eliminación das actuais trabas para a súa normal integración no conxunto da sociedade galega.

A Xunta de Galiza proxectou unha imaxe negativa da mocidade, conxugando discursos que van desde a criminalización das súas formas de ocio e expresión, até o paternalismo. Non apostou nin confiou no potencial das mozas e dos mozos, practicando unha política propagandística e electoralista a respecto dos seus problemas fundamentais (emprego, vivenda...) na vez de ofrecer solucións de fondo. Do mesmo xeito, tamén foi negativa a sumisión e apoio do Goberno do PP ás reformas laborais ou educativas que supuxeron retrocesos e foran impostas desde o Goberno central.

A carencia de medidas deseñadas e pensadas desde a propia realidade da mocidade galega, ten provocado que **o acceso a un traballo estábel ou a unha vivenda propia se convirtan en artigos de luxo** ao alcance dunha minoría. A taxa de emancipación xuvenil galega é das máis baixas de todo o Estado, co saldo de que só tres de cada dez mozos ou mozas de entre 18 e 35 anos abandonaron o seu domicilio familiar. O acceso a un emprego estábel e en condicións dignas é a excepción, convertíndose en norma as altas taxas de desemprego e de temporalidade, superiores ás medias estatais e europeas.

Este apartado pretende dar **resposta a unha situación que precisa dun cambio de rumbo**. Deste xeito, a posta en común e recompilación de diversas liñas de actuación, deu como resultado a concreción das medidas que serán desenvolvidas por un goberno nacionalista en materia xuvenil. Todo este traballo é o froito do contacto do BNG co tecido asociativo galego e cos seus diferentes axentes sociais, en vistas de ter un coñecemento real e de primeira man de cales son as principais inquiredanzas e preocupacións hoxe por hoxe da xente moza, e de que sexan precisamente os sectores máis dinámicos da mocidade galega os copartícipes da alternativa do nacionalismo galego.

Recollemos unha serie de medidas referidas a problemáticas especialmente significativas para o conxunto da mocidade galega como a situación do sistema educativo, o acceso ao mercado laboral da xente moza, a compra ou aluguer dunha vivenda, os transportes e as comunicacións, a sexualidade, as drogas, etc. O obxectivo é **propiciar unha serie de transformacións que provoquen unha mellora real das condicións materiais de vida da mocidade**. Mais a alternativa do BNG para a mocidade non se limita a estas propostas específicas. Entendemos que a mocidade, como parte integrante do conxunto da sociedade galega, melloraría as súas condicións de vida e vería solucionados moitos dos seus actuais problemas coa aplicación do conxunto do Programa de Goberno do BNG, porque afectan á xente moza, por activa ou por pasiva, as demais políticas deseñadas para o país.

A mocidade galega é o futuro, mais tamén o presente, un presente participativo e dinámico, con opinión sobre as cousas que nos acontecen, que xoga, pois, un papel vital para a transformación en común deste contexto desfavorábel. É por iso que o BNG abordou a análise da súas alternativas dirixidas á mocidade desde unha **perspectiva global e integral**, e cunha clara intencionalidade de facer que a mocidade sexa verdadeira protagonista, creando e potenciando desde un goberno galego, un movemento asociativo

merecente de tal nome, que funcione como verdadeiro impulsor e motor das súas propias iniciativas.

### III.8.1. MEDIDAS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1. Creación dunha **Secretaría Xeral da Mocidade**, dependente da Consellaría de Presidencia, con capacidade para coordinar políticas de varias Consellarías, que teña capacidade executiva para a posta en marcha da política xuvenil, aplicando o criterio da transversalidade e capacidade para unha coordinación interdepartamental e interinstitucional, en participación cos interlocutores xuvenís.
2. Promover a constitución dunha Comisión non permanente de mocidade no Parlamento galego.
3. Coordinación e colaboración do Goberno galego co Consello da Xuventude de Galiza para o desenvolvemento das súas funcións legais en materia de política xuvenil.
4. Elaboración dunha **Lei de Mocidade de Galiza**, garantizando na súa elaboración a participación dos sectores sociais representativos, que terá como obxecto protexer e desenvolver os dereitos da mocidade por medio de políticas públicas coa participación da sociedade.
5. Creación dun organismo público que teña como cometido o estudo e análise da situación da mocidade galega, e funcione como laboratorio de ideas á hora de focalizar, innovar e deseñar as políticas destinadas á mocidade.
6. Simplificar e flexibilizar todos os trámites relacionados coas xestións que teñan que realizar a mocidade galega e as súas asociacións perante as Administracións Públicas.

### III.8.2. TRABALLO DIGNO PARA FREAR A EMIGRACIÓN XUVENIL

A evolución económica e do mundo do traballo galegos nos últimos anos evidencia o fracaso da Xunta de Galiza a respecto dos obxectivos teóricos que pretendía acadar, sen conseguir que o noso país abandonara os lugares inferiores que continúa ocupando dentro do Estado español e da Unión Europea. As políticas laborais para a mocidade son só un lavado de cara, limitándose a desenvolver campañas de imaxe e a deseñar políticas con carácter electoralista. Así, o balanço dos últimos quince anos (período 1989-2004) no referente á mocidade, indícanos que diminuíu a poboación activa en 47.600 persoas e que temos 36.700 ocupados e ocupadas menos. Pola contra, a taxa de paro xuvenil evolucionou de xeito contraditorio a respecto do Estado. Se no ano 1989 era sete puntos inferior a taxa de desemprego galega, en 2004 é case catro puntos superior, con 35.000 mozos e mozas menores de 25 anos no paro e cunha taxa de desemprego do 25,91 % ( mentres a media estatal foi dun 22 %). Mais se observamos as condicións de traballo da mocidade, son escandalosas as taxas de precariedade e temporalidade laboral. No ano 2004,

entre os contratos asinados por menores de 25 anos, o 97,6 % foron de carácter temporal.

Todo isto a pesar de que neste espazo temporal reapareceu con forza o fenómeno da emigración, con especial incidencia entre a xente nova. No período 1990-2003 a cifra é superior ás 200.000 persoas que abandonan Galiza na procura das oportunidades que non atopan no país, dito de xeito máis gráfico, cada día marcharon do país 42 mozos ou mozas.

O BNG considera unha necesidade para o país abordar de maneira urxente e prioritaria unha reordenación das políticas activas de emprego, que consiga invertir as tendencias negativas que se dan na actualidade, ofrecendo ás xeracións máis novas as oportunidades de que careceron até o momento.

### **III.8.2.1 Obxectivos**

O Goberno galego reorientará as súas políticas activas de emprego co obxectivo básico da **converxencia das diferentes variábeis do mundo do traballo xuvenil galego coas existentes como media na Unión Europea**. Particularmente a taxa de emprego xuvenil galega deberá situarse en torno ao 55 % e a taxa de emprego temporal no 13 %.

A política de emprego do Goberno galego focalizará as súas actuacións na creación de emprego de calidade entendido como emprego produtivo e satisfactorio, con condicións laborais xustas, que proporcione seguridade económica e estábel no tempo.

### **III.8.2.2 Medidas**

Elaboración dun **Plano Plurianual de Emprego Xuvenil** que efective o dereito da mocidade galega a ter un posto de traballo digno no país<sup>1</sup>.

Este Plano sustentarse nos **principios** de:

- a) Integralidade, superando as respostas parcializadas e os compartimentos estancos
- b) Focalización, procurando solucións específicas para cada tipo de problema e fuxindo do “universalismo” das medidas
- c) Descentralización, establecendo nidiamente os ámbitos institucionais de competencias, evitando os solapamentos e duplicidades ineficientes para a execución dos diferentes programas
- d) Concertación efectiva entre institucións públicas e privadas
- e) Participación real e efectiva no deseño, execución e avaliación do Plano de Emprego Xuvenil dos axentes sociais e asociacionismo xuvenil
- f) Avaliación e seguimento permanente e sistemático dos programas específicos, analizando os seus resultados e introducindo as modificacións necesarias para a súa mellora

O Plano de Emprego Xuvenil abranguerá un conxunto de medidas e programas que permitan a consecución dos obxectivos enunciados e que se **asentará sobre as seguintes medidas:**

1. Reformulación das políticas de emprego e formación, de xeito que se supere a descoordenación e ineficacia actuais, a través da creación do Instituto Galego de Emprego e Formación, que dote de racionalidade as actuacións neste ámbito e que articule programas específicos de mellora de formación e empregabilidade da mocidade. Dotarse dun servizo de información puntual sobre os dereitos laborais da xente moza, así como dun servizo mínimo de asesoramento xurídico. Garantizar orientación laboral e seguimento a todos os mozos e mozas desempregados.
2. Creación dun **salario social**, destinado a todas as persoas desempregadas, priorizando a aquelas que, após un período de formación buscan o seu primeiro emprego e que na actualidade non perciben ningún tipo de protección social. Esta medida xeraría un chanzo mínimo por debaixo do cal ningún mozo ou moza estaría disposto a aceptar un traballo evitándose as contratacións en precario.
3. Impulso aos novos sectores de ocupación ligados á satisfacción de necesidades sociais e medioambientais, potenciando a oferta e demanda neses sectores no contexto dunha política integral que permita favorecer as condicións necesarias para un crecemento sostido da ocupación que favoreza un modelo social cohesionado e sustentábel.
4. Potenciar actividades intensivas en coñecemento, en especial aquelas relacionada coas novas tecnoloxías -fomentando a utilización do *software* libre- impulsando a incorporación destas na Administración, empresas e o impulso do autoemprego da mocidade neste ámbito.
5. Apoiar a incorporación da mocidade ás actividades primarias mediante o apoio á primeira instalación, á formación, o aproveitamento social das medidas de cese anticipado para promover o rexuvenecemento laboral neses sectores, medidas destinadas á modernización e industrialización dos sectores produtivos básicos e promover a creación de cooperativas e sociedades agrarias de transformación por parte de xente nova que permitan desenvolver e consolidar proxectos viábeis economicamente.
6. Estabelecer convenios coas administracións laborais doutras Comunidades Autónomas ou países especialmente receptores de emigración galega, para facilitar a difusión entre poboación emigrada de información sobre oportunidades de emprego en Galiza e sobre medidas favorecedoras do retorno de emigrantes.
7. Reformulación do papel das Escolas Obradoiro e Casas de Oficio, mellorando as condicións económicas e laborais e vencellando a súa oferta á realidade socio-económica galega.
8. Fomento de bolsas formativas para xente moza e para a incorporación de investigadores novos en actividades de I+D, promovendo a estabilidade do persoal investigador e a mellora das súas condicións laborais.

9. Promoción da estabilidade laboral a través dun programa dirixido a aquelas empresas que utilicen a modalidade de contratación indefinida con traballadores menores de 30 anos, eliminando os incentivos á contratación temporal por parte da mocidade.
10. Estabelecemento de liñas específicas na inspección de traballo, para o control efectivo das condicións de traballo da mocidade.
11. Estabelecer taxas mínimas de estabilidade nas empresas que accedan a concursos públicos, adxudicacións ou reciban subvencións públicas.
12. Potenciación de liñas de apoio á contratación e de fomento do autoemprego para as mulleres novas.

### **III.8.3. FACILITAR O ACCESO DA MOCIDADE A UNHA VIVENDA DIGNA**

1. Incrementar a porcentaxe de reserva de vivendas de protección oficial de promoción pública que lle corresponde aos concellos.
2. Facilitar o acceso da mocidade a vivendas desocupadas:
  - a. Potenciación da vivenda rural no camiño de rehabilitar e frear o despoboamento dos núcleos rurais, actuando combinadamente co desenvolvemento das economías comarcais.
  - b. Realización dun censo detallado das vivendas baleiras, con indicación daquelas vivendas que, polas súas características, se adapten mellor ás necesidades da mocidade.
  - c. Fomento da reforma de vivendas e edificios baleiros, especialmente nos cascos históricos, mais tamén no resto de zonas dos concellos, para se adaptaren ás necesidades dos mozos e mozas do país que desexaren mercalas ou alugalas, a través das seguintes medidas:
    - d. Creación dunha liña especial de axudas e créditos subvencionados para a rehabilitación de vivendas desocupadas.
    - e. Dotar de asesoramento técnico solvente as actuacións de rehabilitación.
    - f. Fomentar a transformación de vivendas baleiras rehabilitadas en vivendas-residencia públicas para estudantes.
3. Adopción das medidas legislativas, económicas e de asesoramento precisas para posibilitaren a constitución de cooperativas de vivendas por parte de xente nova.
4. Elaboración e regulamentación dun "Programa de vivenda de protección pública en réxime de aluguer" destinado á mocidade.
5. Facilitar o acceso da xente moza a vivendas de protección oficial.
6. Potenciación dos servizos de información, orientación e asesoramento sobre as axudas, dereitos e deberes no acceso á vivenda, sexa en réxime de propiedade ou aluguer.

7. Cumprimento estrito das condicións mínimas de habitabilidade e accesibilidade legalmente establecidas.
8. Colaboración cos concellos para a realización de inspeccións e controis que garantan o cumprimento das condicións mínimas de habitabilidade das vivendas alugadas a estudantes.

#### III.8.4. GARANTIR O ACCESO DA MOCIDADE Á INFORMACIÓN

1. Promover Oficinas de Información Xuvenil (OIX) en todas as comarcas e nas principais cidades e vilas do país para achegar a información o máis posíbel á mocidade.
2. Instalación de Puntos de Información Xuvenil (PIX) nos centros de ensino de secundaria, instalacións das diversas institucións públicas e demais lugares frecuentados pola mocidade (equipamentos deportivos, estacións de buses e ferrocarril, etc). A súa efectividade virá complementada por unha serie de Puntos de Información Xuvenil itinerantes para empregar onde non for posíbel os permanentes.
3. Adaptar o horario de toda a rede aos horarios de tempo libre da mocidade, e pular pola adaptación de horarios noutras instancias administrativas.
4. Promoverase o uso das novas tecnoloxías na difusión da información xuvenil.

#### III.8.5. FOMENTAR A LIBRE PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO DA MOCIDADE

1. Elaboración e desenvolvemento dun **Programa de impulso do asociacionismo xuvenil** co obxectivo de potenciar o xurdimento de novas asociacións e a consolidación das xa existentes a través de:
  - a) Medidas de asesoramento que actuen na tramitación da formación de colectivos, habilitando partidas a tal efecto.
  - b) Medidas de consolidación das asociacións xa existentes en base á xestión e ao desenvolvemento de actividades.
  - c) Estabeleceranse liñas de axudas económicas que, baixo criterios transparentes, obxectivos e democráticos, permitiren ás asociacións e colectivos a realización de actividades e o desenvolvemento da súa vida organizativa. Para garantir a transparencia e igualdade estableceranse criterios obxectivos e avaliábeis que eviten a parcialidade á hora da concesión de axudas.
  - d) Dotación de infraestrutura e equipamento que servirá de soporte para a realización de actividades socio-culturais, para facilitar a reunión e asociación e para garantir a máis ampla información das mozas e dos mozos.

- e) O funcionamento dos equipamentos para a mocidade será democrático e aberto a todos os mozos e mozas que quixeren participar nas actividades organizadas nestes, camiñando cara a fórmulas de autoxestión por parte da mocidade e das súas asociacións.
2. O Goberno galego **impulsará o Consello da Xuventude de Galiza (CXG)**, que terá como obxectivo fundamental o fomento do asociacionismo e da participación da xente nova. Con este fin, o BNG promoverá desde o Goberno galego:
- A reforma da Lei do CXG.
  - A dotación de financiamento e dos medios necesarios para se cumpriren os seus planos de actividades.
  - O apoio ao CXG para impulsar o seu papel como axente dinamizador e consolidador dos Consellos Locais e Comarcais da Mocidade.
  - O recoñecemento do CXG como interlocutor válido da mocidade perante a Xunta de Galiza como verdadeiro órgano consultivo.
  - A integración no CXG de todas as entidades representativas que traballaren en temas de mocidade ou que presten servizos a esta.

### **III.8.6. GARANTIR O DEREITO A UN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE**

#### **III.8.6.1 Ensino universitario**

1. Reforma do actual sistema de taxas, sobre a base dun criterio progresivo en que o factor determinante sexa a renda.
2. Reclamar a transferencia da competencia plena en materia de bolsas para a Xunta de Galiza. Deberanse modificar os actuais criterios de concesión, para que a política de bolsas cumpra o obxectivo de igualación de oportunidades, sobre a base dos seguintes elementos:
  - a) Os criterios económicos terán máis peso na concesión que os académicos.
  - b) Adaptación dos criterios ao nivel de renda e a estrutura de propiedade.
  - c) Aumento da contía media das bolsas.
  - d) Axilización na concesión e efectivización do pagamento ao inicio de curso.
  - e) Total transparencia na concesión.
3. Creación dunha rede de residencias públicas, co obxectivo de cubrir, como mínimo, o 10 % do estudiantado matriculado en cada campus.



4. Modificación do CAP, incluíndo a posibilidade de que esta formación pedagóxica se imparta dentro das titulacións universitarias, ben como materias optativas ou como créditos de libre configuración.
5. Elaboración dunha normativa que regule os convenios de prácticas do estudiantado nas empresas, con participación sindical e das asociacións estudiantís. Neste sentido pularáse por que:
  - a) As prácticas sexan remuneradas, e garanticen como mínimo o pagamento dos desprazamentos.
  - b) Elaborarase unha guía das actividades que se desenvolverán en cada unha das prácticas, non só para unha mellor orientación do alumnado, senón para un mellor control, para estas cumpren o papel formativo que teñen asignado.
  - c) Aumentaranse os mecanismos de control sobre o desenvolvemento das mesmas.
6. Reforzarase a liña de axudas para promover o asociacionismo universitario, garantizando que estas sexan concedidas durante o primeiro cuatrimestre do curso.

### **III.8.6.2 Ensino non universitario**

1. Gratuidade progresiva dos libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio.
2. Dotación de equipamento e infraestruturas no ensino medio e ciclos formativos.
3. Racionalización, extensión e gratuidade dunha rede de comedores públicos nos centros.
4. Reestruturación dos horarios contemplando os grupos nocturnos.
5. Redacción dunha carta de dereitos e deberes do estudiantado en que se recollan o dereito á asemblea, á folga e á liberdade de estudo.
6. Maior representación do estudiantado nos Consellos Escolares de cada centro e no Consello Escolar de Galiza.
7. No relativo ás persoas que se atopan preparando unha oposición, garantirase a gratuidade dos temarios.

### **III.8.7. OCIO E TEMPO DE LECER ALTERNATIVO**

Unha das áreas de maior interese para a mocidade é o seu tempo de lecer. Os eixes do noso proxecto de política xuvenil neste eido fundaméntanse na promoción do ocio e o tempo libre como un espazo para o esparexemento, mais tamén para a relación social e o crecemento e desenvolvemento persoal no sentido máis amplo. Ocio que debe ter un carácter integral que implique aspectos lúdicos, educativos, formativos, informativos e tamén preventivos.

Desde o BNG queremos que a mocidade se convirta en elemento activo e dinamizador no seo da sociedade, potenciando a participación e a creatividade.

### **III.8.7.1 Medidas**

1. Impulsar a existencia de **Casas da Mocidade**, dado o claro déficit existente de locais de uso público, que funcionen como centros promotores de asociacionismo que sirvan de soporte físico ás actividades e iniciativas da mocidade así como de centro de encontro, información e espazo público de tempo libre e lecer. Terán un funcionamento aberto e formarán parte delas mozos e mozas, por afiliación individual, ou a través dunha asociación.
2. Promover o uso formativo do ocio e o tempo libre. Desde o BNG concebimos que o lecer debe ser tamén a ocasión para a proxección das capacidades e os talentos. Isto supón ofrecer actividades de interese para o colectivo xuvenil que supoñan unha alternativa ás existentes, tanto desde o punto de vista do contido como de metodoloxía participativa e democrática, atendendo a todas as dimensións da persoa.
3. Coeducación. Fomento da coeducación fronte ao sexismo, a través de charlas, xogos, obradoiros, equipos mixtos..., unha actitude e unha práctica contraria ao establecemento de papeis masculinos e femininos, tan comúns nos nosos hábitos de tempo libre, deporte, xogo, etc.
4. Lecer nocturno. Diversificar o disfrute do lecer nocturno. O BNG aposta por promover actividades que estean fóra dos circuitos comerciais habituais. Actividades gratuítas entendidas como complementarias e non substitutivas, do que veñen sendo as fórmulas de ocio practicadas habitualmente pola xente nova. Nesta liña, cabe apostar por unha saída consensuada aos problemas do consumo de alcohol na vía pública, entendendo que a prohibición e a persecución non son unha solución real e aumentan a conflictividade e a crispación social. Por iso entendemos que a solución está no acordo entre todos os sectores afectados (mocidade, veciñanza, hostalaría, etc.).
5. Colaboración entre a Xunta de Galiza e as Administracións locais para descentralizar a oferta de lecer, adaptándoa ás características de cada municipio e / ou comarca, e garantir a non discriminación dos concellos ou comarcas con menos recursos.

### **III.8.8. ATENDER AS NECESIDADES DE TRANSPORTE**

O Goberno galego impulsará medidas para fomentar o uso do transporte colectivo entre a mocidade, así como para atender as necesidades de mobilidade da mocidade.

### **III.8.8.1 Medidas**

1. Incrementar o número de liñas e as frecuencias, incorporando nos horarios as necesidades específicas da mocidade, incluíndo a posta en funcionamento de servizos nocturnos nas zonas de movida.
  2. Incrementar a cobertura do transporte colectivo nas zonas rurais da nación.
  3. Estabelecer convenios para rebaixar o custo do billete a estudantes e persoas desempregadas.
  4. Realizar campañas para fomentar o uso do transporte colectivo entre a mocidade.
  5. Asinar convenios entre a Administración e as compañías aseguradoras co fin de abaratar os prezos dos seguros para a mocidade.
- Programas para reducir a accidentalidade entre a xente nova:
    - Campañas de concienciación social sobre a necesidade dun maior respecto polas normas e sinais de tráfico.
    - Mellora do estado da rede viaria.
    - Introducción ou achegamento da educación vial no ensino medio.
    - Cursos de perfeccionamento da conducción destinados á mocidade que se desenvolverán nas vilas e cidades galegas.
  - Atender as necesidades específicas dos estudantes a través das seguintes actuacións:
    - Mellora da cobertura do transporte escolar, prioritariamente nas zonas rurais do país.
    - Maior control sobre o cumprimento da normativa que regula este tipo de transporte.
    - Estabelecemento de convenios coas Administracións locais para o abaratamento dos prezos do transporte urbano e interurbano para os estudantes.
    - Estabelecemento de convenios entre a Xunta de Galiza, as Universidades e as empresas de transportes, para o abaratamento dos prezos dos desprazamentos cara aos campus universitarios, camiñando cara á súa gratuidade.

### **III.8.9. MELLORAR A SÁUDE E A CALIDADE DE VIDA DA MOCIDADE**

#### **III.8.9.1 Alimentación e calidade de vida**

O obxectivo é educar á mocidade para que sexa consciente da necesidade de levar uns hábitos de vida saudábeis, polo que se impulsarán estas medidas:

- ❑ Campañas periódicas nos centros de ensino.
- ❑ Edición de material didáctico para o profesorado.
- ❑ Control das comidas nos comedores escolares.
- ❑ Cursos orientados a pais e nais para unha educación alimentaria axeitada.
- ❑ Fomento das actividades deportivas.

### **III.8.9.2 Anorexia e bulimia**

- ❑ Realización de campañas periódicas de información e sensibilización sobre a anorexia e a bulimia, enfocadas prioritariamente cara ás mozas.
- ❑ Mellora dos sistemas de detección destes trastornos e da información sobre os mesmos.
- ❑ Ampliación do número de unidades especializadas para o tratamento de trastornos alimenticios dentro do SERGAS, proporcionando unha cobertura adecuada a todo o territorio galego.

### **III.8.9.3 Drogas**

- ❑ Elaboración dun estudo sobre o consumo de drogas entre a mocidade, que permita un coñecemento máis profundo da realidade galega, e que sirva de elemento básico para o deseño de políticas preventivas.
- ❑ Plano de prevención do consumo de drogas:
  - Este Plano terá como obxectivos prioritarios a prevención do consumo de drogas entre a mocidade e a transmisión de información obxectiva sobre as consecuencias do consumo de drogas.
  - Desenvolverase prioritariamente nos centros de ensino obrigatorio e postobligatorio.
  - Entre outras actuacións, o Plano contemplan a edición de materiais didácticos específicos para cada tramo de idade do alumnado, así como para o profesorado.
- ❑ Realización de programas de rehabilitación física e social de persoas con drogodependencias:
  - Integración na rede pública sanitaria da rehabilitación física das persoas con drogodependencias.
  - Impulso a programas de prevención de riscos.
  - Medidas de reinserción social: cursos de formación profesional, fomento da contratación de persoas que superaran unha toxicomanía ou estean en planos de desintoxicación, centros de acollida, etc.
- ❑ Impulso a unha política de drogas alternativa ao prohibicionismo, nun proceso progresivo.

### III.8.9.4 Sida

- Realización de campañas periódicas de información sobre a SIDA entre a mocidade, co obxectivo de incidir nas medidas de carácter preventivo desta enfermidade. Estas campañas centraranse no ensino medio e universitario.
- Promover a realización de cursos e a edición de material didáctico destinado ao profesorado para dotalo dos coñecementos necesarios que lle permitan actuar como un axente informador nesta materia.
- Fomentar entre a mocidade o uso do preservativo e facilitar o seu acceso gratuíto.

### III.8.10. EDUCAR PARA UNHA SEXUALIDADE LIBRE

O Goberno galego deseñará e desenvolverá unha política que garantice a capacidade de desfrutar dunha vida sexual satisfactoria e sen riscos, a diminución do número de embarazos non desexados, así como o índice de contaxios de enfermidades de transmisión sexual.

#### III.8.10.1 Medidas

1. Elaboración dun **Plano de orientación e información sexual e contracepción**, ao obxecto de paliar a precaria información e atención sanitaria da que dispón a mocidade en materia de saúde sexual e reprodutiva. Dentro deste Plano incluíranse as seguintes actuacións:
  - a) Posibilitar o acceso gratuíto aos métodos anticonceptivos.
  - b) Inclusión da educación afectivo-sexual no ensino obrigatorio, con formación específica e sensibilización do profesorado.
  - c) Realización de campañas de orientación e formación, con material explicativo e charlas formativas sobre sexualidade e contracepción.
  - d) Un servizo telefónico para información e asesoramento e a creación dunha páxina web coa posibilidade de realizar consultas, garantindo a confidencialidade das usuarias e usuarios.
2. **Extensión e dotación da rede de centros para mozos de sexualidade e contracepción.** O Goberno galego impulsará unha rede de centros de información sexual e contraceptiva dirixidos especificamente á mocidade, que cubran as necesidades detectadas neste ámbito.

### **III.8.10.2 Medidas para a normalización da realidade homosexual**

1. Elaboraranse campañas que fomenten a autoestima e o coñecemento da problemática das mozas e dos mozos homosexuais e das súas familias.
2. Desenvolverase un labor específico na conscienciación dos servizos sociais de menores para adaptalos ás situacións de desprotección (violencia homofóbica, suicidio, etc.) de moita mocidade homosexual.
3. Nos casos de expulsión do fogar familiar por razón de opción sexual, a Xunta de Galiza facilitará ás mozas e aos mozos a axuda necesaria, tanto psicolóxico-emocional como material: apoio psicolóxico, orientación xurídica, pisos tutelados de acollida, bolsas de estudos, pensións de manutención, etc.
4. Incluíranse, dentro das políticas de protección do menor, medidas que garantan a liberdade de expresión da sexualidade, co fin de evitar os problemas de inseguranza, baixa estima, depresión e outros problemas derivados do rexeitamento do ambiente familiar e social, que en non poucas ocasións derivan no intento de suicidio.

### **III.8.10.3 Medidas para promover a paz**

1. O Goberno galego potenciará a educación para a paz e contribuirá á construción dunha cultura de paz.
2. Fomento da educación para a paz desde as institucións e no ensino: formación do profesorado, elaboración en colaboración coas organizacións de ensinantes (sindicatos) e de educación para a paz, de materiais didácticos, seminarios, congresos e certames sobre a paz, a non violencia, a tolerancia e a solidariedade.
3. Incorporación da educación para a paz no currículo como tema transversal de transcendencia no sistema educativo.
4. Cooperación e apoio institucional ás organizacións que traballen no eido da educación para a paz e nas campañas de divulgación de valores antimilitaristas e pacifistas.
5. Elaboración de campañas institucionais e materiais didácticos sobre a paz e a resolución non violenta dos conflitos e os dereitos humanos.

### **III.8.10.4 Medidas destinadas á promoción da cultura**

1. Potenciar a expresión cultural da mocidade nos diversos eidos, fuxindo da súa exclusivización e pulando polo diálogo en pé de igualdade cos discursos artísticos predominantes.
2. Promover a autoorganización da mocidade arredor de asociacións socio-culturais, así como o funcionamento dunha Rede Socio-Cultural Galega como elemento aglutinador que fortaleza a actividade cultural no país.

3. Facilitar o acceso da mocidade ás novas tecnoloxías, nomeadamente ao coñecemento e emprego do *software* libre; prestando especial atención á posta en valor de novos xeitos e espazos de creación a través da Internet (webs de deseño gráfico, blogs de creación literaria,...).
4. Realizaranse campañas institucionais de espallamento da cultura especificamente dirixidas á mocidade, tendo en conta as súas características e adaptándose a elas, procurando novos espazos e novos xeitos.
5. Apoiar de xeito firme a modernización e adaptación aos intereses da mocidade de contidos audiovisuais nos medios públicos.
6. Pular pola dobraxe e tradución dos produtos cinematográficos e literarios máis actuais ao galego.
7. Apoiar, tanto a nivel material como financeiro, a formación e expresión artística da mocidade desde varias fronteiras de actuación como o impulso a espazos de creación e intercambio cultural ou a organización de Certames Nacionais para Novos Creadores nos distintos eidos da cultura.
8. A Lingua Galega será sempre elemento substancial e presente en toda actividade socio-cultural de responsabilidade ou con apoio das institucións nacionais.
9. Realización de campañas institucionais de animación á lectura, con particular atención á valorización da tradición literaria, realizando campañas específicas sobre as escritoras e escritores galegos clásicos.
10. Priorizaranse as relacións culturais entre a mocidade galega e a portuguesa, practicamente inexistente a día de hoxe.
11. Revitalización da cultura tradicional, vista como unha herdanza dos xeitos de vida e de relación interpersoal das xeracións precedentes.
12. Recuperar as nosas tradicións populares (entroido, maios, lume novo, magosto, etc.), procurando a participación da xente moza.
13. Difundir a nosa rica tradición cultural, non prexuízadamente, non como produtos anacrónicos e desfasados, senón comprendida no seu contexto histórico e aproveitada no valor que mantén para o noso momento histórico.
14. Desenvolver a cultura popular (artesanía, música, etc.), procurando a súa revitalización e o seu aproveitamento socio-económico, mesmo como saída laboral viábel.

#### **III.8.10.5 Medidas de fomento da práctica deportiva**

1. Elaboración dun plano de infraestruturas territorializado que cubra progresivamente as necesidades existentes para a práctica deportiva.
2. Xestión pública dos servizos deportivos, evitando a súa privatización.

3. Potenciación do deporte de base, sobre todo en idade escolar, dotando os centros educativos de persoal especializado, e incrementando a oferta de actividades extraescolares.
4. Apoio económico e técnico ás escolas deportivas municipais. Promoverase a mancomunidade de instalacións deportivas municipais.
5. Achegamento do deporte ás zonas rurais, facilitando o acceso de toda a poboación ás instalacións deportivas.
6. Potenciamento e recuperación dos deportes tradicionais.
7. Apoio económico aos clubs e asociacións para a promoción e a difusión das prácticas deportivas.
8. Potenciar o deporte por medio de campañas informativas como xeito de achegamento do mesmo á poboación, prestixiándoo sobre a base dos seus beneficios para a saúde.



### **III.9. DEPORTE PARA TODOS E TODAS**

A importancia adquirida polo deporte na sociedade galega actual non se compadece coa falta de atención e coa errática política deportiva seguida polos gobernos do PP nos últimos dezaseis anos. Falta de planificación deportiva a todos os niveis –dotación de infraestruturas, escolas deportivas, centros de tecnificación, federacións e seleccións deportivas galegas– e reparto partidista duns fondos, por veces moi importantes, que non redundaron nin nunha maior práctica deportiva da sociedade galega, nin na creación dunha rede integrada de escolas e infraestruturas deportivas nin tampouco nunha maior presenza internacional do deporte galego de competición. Os éxitos deportivos, cando os houbo, obedeceron ao esforzo e á iniciativa individual de deportistas e adestradores e conseguíronse a pesar da administración deportiva autonómica. Fronte a este estado de cousas, o goberno do BNG daralle ao deporte o rango institucional que a súa importancia social exige, co fin de estender socialmente a práctica deportiva e usos de vida saudábeis, coordinar nunha rede integrada as infraestruturas deportivas existentes e a crear en Galiza nos próximos anos (instalacións, centros de tecnificación, etc.), regular e dignificar os títulos profesionais relacionados co deporte, integrar as federacións galegas nun órgano común -o Consello Galego do Deporte– e promover a proxección internacional do deporte galego a través das súas seleccións deportivas.

#### **III.9.1. OBXECTIVOS**

A política deportiva do goberno do BNG terá en conta principios básicos que a seguir se expoñen e que abarcan todos os ámbitos do deporte, en atención ás particularidades específicas de cada un.

- ❑ Construír, sobre a base da participación dos axentes interesados, unha nova administración deportiva galega.
- ❑ Garantir a participación deportiva e o acceso ás instalacións a todas as persoas sen distinción de sexo, raza, relixión, ideas políticas ou doutra índole.
- ❑ Fomentar e facilitar o desenvolvemento de programas deportivos dirixidos a melloraren o estado físico das persoas, repercutindo na mellora da saúde e calidade de vida.
- ❑ Garantir que todos os mozos e mozas de Galiza poidan practicar actividades deportivas e de educación física que lles garantan a aprendizaxe e o desenvolvemento das aptitudes deportivas básicas do punto de vista recreativo e educativo.
- ❑ Normalizar o uso do noso idioma no eido do deporte.
- ❑ Posta en marcha de programas que promovan o deporte e que cheguen a toda a sociedade, desde nenos até a terceira idade, pasando por mozos e adultos.

- ❑ Apoiar, a través de programas específicos, que deportistas con aptitudes para o rendemento deportivo poidan potenciaren e melloraren as súas disciplinas, facilitándolles os medios necesarios para alcanzaren o nivel óptimo de competición, e salvagardando e desenvolvendo os fundamentos morais e éticos do deporte.
- ❑ Fomentar a investigación científica en todos os campos que afectaren ao deporte, adoptando medidas que faciliten a difusión e o intercambio da información e dos resultados da investigación.
- ❑ Utilizar todo o anterior para a xeralización das actividades físico-deportivas.

### **III.9.2. MEDIDAS**

#### **III.9.2.1 Deporte de base, educativo ou de iniciación**

- ❑ Promover o deporte escolar e universitario establecendo os convenios oportunos con federacións, centros de ensino, administracións locais e universidades.
- ❑ O BNG, desde o Goberno galego, colaborará e potenciará o traballo que actualmente veñen realizando as federacións deportivas para programas de promoción, desenvolvemento, tecnificación e competición.
- ❑ Impulsarase a colaboración cos concellos e comarcas para garantir, a través de escolas deportivas supervisadas por persoal técnico cualificado, o acceso á práctica físico-deportiva, para calquera cidadán, sen distinción de sexo, condición física ou lugar de residencia.
- ❑ Facilitarase que todos os mozos e mozas poidan desenvolver capacidades físicas para adquiriren hábitos e destrezas, e fomentar a práctica deportiva. Para iso desenvolveranse programas deportivos e recreativos facilitando o uso das instalacións en horarios adecuados ás demandas.
- ❑ Posibilitarase a continuidade da práctica fóra do horario lectivo, vinculando escolas con clubs, federacións, asociacións, etc.
- ❑ Facilitarase e alentarase o acceso ás instalacións existentes.
- ❑ Promoverase a colaboración de pais, profesores, adestradores e dirixentes para a adecuación da oferta deportiva aos verdadeiros protagonistas.
- ❑ Inculcaranse na actividade deportiva valores como xogo limpo, vida sá, solidariedade...
- ❑ Asociacionismo deportivo.
- ❑ Alentarase e impulsarase o movemento asociativo voluntario, solidario e sociabilizador para favorecer as relacións persoais e de integración social.
- ❑ Educadores deportivos.

- Velarase para que estas actividades estean dirixidas por persoal cualificado, competente e con formación homologada oficialmente.

### **III.9.2.2 Deporte de competición e alto rendemento**

- Buscarase a cooperación cos deportistas de alto nivel, para aplicar actuacións específicas encamiñadas a lles ofreceren a posibilidade de desenvolveren as súas capacidades deportivas e humanas, sempre respectando a súa personalidade e a súa integridade física e moral.
- Prestarase especial atención á súa inserción na sociedade unha vez abandonada a etapa de alta competición.
- Impulsaranse competicións de carácter local, comarcal e nacional, como elementos vertebradores do deporte galego, confiando a organización e coordinación ás federacións correspondentes, co obxectivo de dinamizar as relacións entre deportistas, socios, mundo comercial, medios de comunicación, etc.
- Impulsaranse políticas de cooperación empresarial no patrocinio do deporte de alto nivel en Galiza.
- Impulsarase na Galiza unha dotación axeitada de centros de alto rendemento, especialmente nas especialidades en que o país ten máis potencialidades.

### **III.9.2.3 Deporte para as persoas con discapacidades**

- O BNG promoverá todo tipo de iniciativas co fin de potenciar a práctica deportiva dos discapacitados.
- Adoptaranse as medidas conducentes a unha equiparación real, a todos os efectos, dos deportistas pertencentes a estes colectivos cos deportistas de elite.

### **III.9.2.4 Seleccións deportivas galegas**

- O BNG apoiará e promoverá todas aquelas iniciativas que poidan levar a que Galiza teña seleccións propias que poidan participar en competicións oficiais e amigábeis. O goberno do BNG propiciará as reformas legais e desenvolverá cantas iniciativas diplomáticas foren precisas para lograr a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais de carácter oficial.

### **III.9.2.5 Deporte tradicional**

- O BNG apostará por unha política deportiva que faga fincapé na promoción dos deportes tradicionais galegos, coma sinais da nosa identidade como pobo. Para iso é preciso:

- Introducir no ensino os xogos populares: realización de Xornadas dedicadas a este tema.
- Crear ligas nacionais de deportes co apoio institucional (Concellos, Goberno galego e Deputacións), mediático (TVG e medios subvencionados) e iniciativa privada de deportes tradicionais coma a billarda e a chave.

### **III.9.2.6 Política de subvencións e mecenado**

- Elaboración dunha Lei de Axudas e Patrocinio deportivo.
- Solicitárase do goberno do Estado a transferencia dunha parte dos beneficios producidos polas diferentes lotarías e xogos de azar existentes, co fin de promover o noso deporte.

### **III.9.2.7 Deporte como mellora da saúde e a calidade de vida**

- Promoción e coñecemento por parte da sociedade dos beneficios que ten para a saúde a práctica habitual de exercicio físico.
- Promoverase a práctica deportiva na cidadanía, co fin de mellora da saúde, deporte como ocio e deporte como rendimento.
- Potenciarase a investigación nas ciencias aplicábeis ao deporte, tales como a medicina deportiva.
- Farase especial fincapé na promoción da práctica deportiva na terceira idade.
- Garantirase por parte da sanidade pública a cobertura da actividade deportiva.

### **III.9.2.8 Relación do deporte co medio natural**

- Fomentarase a práctica de actividades no medio natural co fin de espertar as consciencias dos participantes na importancia da conservación dos espazos naturais.
- Potenciaranse as diferentes modalidades deportivas relacionadas co medio natural, tales como montañismo, sendeirismo e outras.
- Regulamentarase a práctica deportiva no medio ambiente natural.

### **III.9.2.9 Dotación e equipamento de instalacións deportivas**

- Elaboración dun censo de instalacións deportivas, adoptando medidas que poidan garantir que todos os cidadáns teñan posibilidade de practicar o deporte, e na ausencia das mesmas tomaranse medidas complementares que palíen posíbeis situacións desfavorábeis.

- Dotación aos centros escolares de instalacións e do material necesario e adecuado para a práctica das actividades físicas e deportivas. Estabeleceranse medidas que permitan o uso das instalacións deportivas escolares fóra do horario lectivo.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas, integrando e facilitando o uso das instalacións e dos equipamentos ás persoas con discapacidades.
- Sinatura de convenios, sobre todo en vilas ou bisbarras carentes de infraestrutura de uso público, con entidades privadas presentes nas mesmas, co fin de garantir o acceso de todas e todos os cidadáns á práctica deportiva.
- Respecto polo medio ambiente na construción de instalacións deportivas.
  - Velarase para que -tanto no entorno urbano como no medio rural- os espazos naturais e as instalacións ao aire libre se habiliten e sexan accesíbeis para respectaren o medio ambiente, a fin de garantir unha utilización duradeira dos recursos naturais.
  - Darase especial importancia á construción de instalacións deportivas, sempre a tendo en conta o respecto polo medio natural e os valores da natureza.
  - Faranse cumprir as normas vixentes canto a hixiene, acceso, seguridade, controis de calidade, etc.
  - Os responsábeis da planificación, o deseño e a xestión das instalacións deportivas deberán ter unha formación que lles permita velar para que ditas instalacións respondan ás necesidades dos usuarios.
  - Realizarase unha planificación global, tendo en conta costumes propios de cada zona, garantindo así a boa xestión e plena utilización das instalacións coas medidas precisas para daren un servizo coa seguridade necesaria.

### **III.9.2.10 Lexislación deportiva**

- Formación e ordenación do ámbito laboral dos profesionais do deporte.
  - Propiciarase o desenvolvemento do regulamento laboral que establece os campos de actuación dos profesionais da educación física e do deporte. Con esta finalidade elaborárase un Catálogo de Titulacións de Técnicos Deportivos.
  - Fortificarase o contido das titulacións destinadas ao ensino da educación física no ensino secundario, primario e infantil, e homologáranse contidos e capacitacións para os distintos cursos de monitores de base, elementais e superiores.
  - Fomentarase a organización de cursos de formación impartidos polas institucións competentes.

- Simplificarase e facilitarase ás entidades e aos clubs o acceso á declaración de entidades de interese público.

#### **IV. POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL**

##### **IV.1. UN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE**

Os sucesivos gobernos do PP renunciaron a aplicar e desenvolver as competencias exclusivas de Galiza en materia de ensino, convertendo o sistema educativo galego nun simple subsidiario do Ministerio de Educación, sen valentía nin vontade política para acometer as necesarias reformas que a situación requería e mesmo detraendo para outros fins orzamentos imprescindíbeis para a mellora da calidade do ensino.

As leis educativas postas en marcha polo PP no goberno do Estado, nomeadamente a Lei Orgánica de Calidade do Ensino (LOCE), significaron un retroceso moi importante no camiño de conseguir un ensino de calidade para a totalidade da poboación. A LOCE apostou por institucionalizar e consolidar a segregación do alumnado en base aos resultados académicos sen arbitrar ningún tipo de medidas tendentes a compensar dificultades asociadas a factores de orixe social e usurpar competencias que xa tiñamos. Nesa mesma liña segregadora, privatizadora e centralizadora hai que incluír outras medidas adoptadas polos gobernos de Aznar como a Lei de Formación Profesional, todas elas aplicadas obediamente polo PP en Galiza.

Seguiuse retrocedendo na galeguización do ensino. A Xunta de Galiza do PP non só non foi capaz de reformar á alza os mínimos estabelecidos no Decreto de 1995 senón que mesmo permaneceu impasíbel diante do seu incumprimento.

A análise dos orzamentos educativos destes últimos dezaseis anos é boa proba do compromiso e da concepción que desde o PP se ten do ensino e en particular, do ensino público. No ano 2005, mentres os orzamentos da Xunta medran de media un 11,6 %, os da Consellaría de Educación só se incrementan nun 6,01 %, sendo xunto aos de Cultura os que menos medran. Porén, para o ensino privado o orzamento medrou nun 10,50 % cunha subvención de máis de 198 millóns de euros. Xenerosidade co ensino privado que contrasta co recorte de servizos básicos –como o transporte– e a negativa ao establecemento de servizos complementares como o de comedor e actividades extraescolares. A desidia dos gobernos do PP levou a que nin tan siquiera se reclamase do goberno estatal o pagamento da débeda histórica, procedente da falta de transferencias para a posta en marcha da LOXSE, que ascende a máis de 600 millóns de euros.

Para o BNG a educación é un servizo público esencial cuxa prestación debe ser universal e gratuíta nos seus tramos obrigatorios que, ao noso propósito, debe incluír tamén o período de cero a tres anos. Por iso, o ensino será unha prioridade para o próximo goberno nacionalista, a comezar por un incremento substancial do investimento no ensino, especialmente no ensino público e coa elaboración dunha Lei de Ordenación do Sistema Educativo Galego e dun Estatuto Docente do Profesorado onde, respectivamente, se

recolla unha planificación do ensino axeitada á realidade do noso país e se regulen e se garantan os dereitos e deberes do persoal docente. O próximo goberno galego do BNG comprométese coa efectiva e inmediata aplicación das medidas de galeguización do ensino recollidas no Plano de Normalización Lingüística aprobado unanimemente polo Parlamento galego en setembro de 2004.

#### **IV.1.1. O INVESTIMENTO PÚBLICO NO ENSINO**

O ensino será unha prioridade para o próximo goberno do BNG. En coherencia con este compromiso, o BNG comprométese a arbitrar medidas que poñan en valor unha educación ao servizo do desenvolvemento económico e social de Galiza a través dun **aumento dos recursos globais destinados á educación (até acadar o 6 % do PIB ao final da lexislatura)** e cun control efectivo e exhaustivo dos fondos públicos destinados ao ensino. Cómpre non esquecer que máis dun 10,77 % do orzamento da Consellaría de Educación vai parar ao ensino privado.

Así mesmo, o goberno do BNG exixirá o pagamento da **débeda histórica** contraída con Galiza en materia educativa, estimada en máis de 600 millóns de euros e demandará que a nova lei orgánica veña acompañada dunha memoria económica e dunha lei de financiamento que garanta a posta en marcha das medidas alí contempladas, en contraste co que sucedeu coa LOXSE e a LOCE.

#### **IV.1.2. EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **IV.1.2.1 Obxectivos**

Estes últimos catro anos foron anos perdidos á hora de vertebrar un sistema público de escolas infantís para o 1º ciclo da etapa (0-3 anos). A negativa absoluta da Consellaría de Educación a se facer cargo de toda a etapa é máis unha mostra de que o PP non lle dá a esta etapa a categoría de educativa senón que, cunha visión decimonónica, confírelle apenas un carácter asistencial, poñendo por enriba dos dereitos dos nenos e nenas outras consideracións e intereses. No canto disto, a Xunta de Galiza acentuou o seu carácter asistencial ao adscribilas á Consellaría de Familia.

Canto á segunda etapa de educación infantil, se ben é verdade que aumentou un pouco a porcentaxe de alumnado escolarizado no 2º ciclo (3-6 anos), o certo é que as condicións en que se escolariza seguen sendo moi precarias, xa que o alumnado de tres anos non ten dereito a transporte nin a comedor. Esta medida é tremendamente discriminatoria polo que ten de desequilibrio territorial e porque afecta na meirande parte dos casos ás familias con menos recursos. Nunha etapa básica e fundamental na posterior adquisición de coñecementos, permítese que xa se discrimine o alumnado en función da renda de seus pais. Por outra parte, a negativa da Consellaría a negociar calquera diminución da ratio colócanos nas antípodas dos países

máis avanzados, sendo un só docente o que atende a 25 alumnos e alumnas incluso en aulas mixtas (de 4 e 5 anos). Non pensamos que isto se faga así por aforrar cartos públicos, pois mentres isto sucede, o goberno do PP foi o primeiro en subvencionar o ensino privado de 4 e 5 anos en educación infantil. Neste último ano incrementou a subvención ao ensino infantil privado nun 14 % pasando de 17.584.400 (en 2004) a 20.040.000 (en 2005). Política privatizadora en que, por certo, o PSOE semella concordar.

Fronte a esta situación, o BNG defende que toda a educación infantil sexa considerada como parte integral do sistema educativo, con carácter obrigatorio desde os tres anos de idade e con plena cobertura, en todo o período, aos servizos de transporte e comedor.

#### **IV.1.2.2 Medidas**

- ❑ Oferta suficiente de prazas públicas no ciclo 0-3 anos. Coa máxima urxencia elaborárase un mapa escolar que contemple os recursos existentes e necesarios para a etapa 0-6. En todo caso, ao fin da lexislatura, o goberno do BNG comprométese a crear 20.000 novas prazas públicas neste ciclo.
- ❑ Integración do ciclo 0-3 anos no sistema educativo, pasando a depender da Consellaría de Educación. Porase en marcha unha rede pública de escolas infantís dependentes da Consellaría de Educación con oferta suficiente e de calidade no 1º ciclo con centros con instalacións específicas, servizos complementares e posibilidade de horarios flexíbeis para compatibilizar a vida familiar e laboral.
- ❑ Introducción do carácter obrigatorio do segundo ciclo de educación infantil (3-6 anos) e oferta de prazas públicas en cantidade suficiente para atender a demanda e garantir a escolarización ao cento por cento do alumnado de tres anos nos centros públicos.

#### **IV.1.3. EDUCACIÓN OBRIGATORIA: EDUCACIÓN PRIMARIA – ESO**

##### **IV.1.3.1 Obxectivos**

A xustiza social dunha sociedade mídese pola calidade do seu ensino obrigatorio e pola maneira en que o ensino é capaz de aminorar as diferenzas sociais. En definitiva, se o ensino é un medio ou non de igualación social. Sobre o ensino obrigatorio aséntanse os alicerces do futuro escolar, laboral e social da sociedade galega en xeral e de cada alumno e alumna en particular. No entanto, o PP non puxo en marcha nin unha soa medida que posibilite reducir o fracaso escolar e capacite aos centros para prestar axuda axustada ás distintas necesidades do alumnado: mantense a ratio de 25 alumnos e alumnas por aula na EP e 30 na ESO sen ter en conta o alumnado repetidor, non todos os centros contan con especialistas de Pedagogía Terapéutica e



Audición e Linguaxe, nin unha soa medida se puxo en marcha para potenciar as titorías...

O BNG está decidido a mudar este estado de cousas, a pór en marcha un ensino obrigatorio de calidade, capaz de compensar as desigualdades de partida dos nenos e das nenas, co fin de formar cidadáns e cidadás instruídos e críticos.

#### **IV.1.3.2 Medidas**

- ❑ Incremento do profesorado dos centros públicos, rebaixando as ratios profesor / alumno actuais e tendo en conta a presenza de repetidores e alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- ❑ Dotarase a todos os centros públicos de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- ❑ Dotación aos centros dos recursos necesarios para que, ao fin do ensino obrigatorio, todos os alumnos e alumnas coñezan perfectamente, ao menos, unha lingua estranxeira e conten con plena capacidade lingüística en galego e castelán.
- ❑ Control e exixencia dunha información transparente dos centros concertados cunha revisión das condicións dos concertos en función das necesidades de escolarización. Control rigoroso do sistema de admisión nos centros sostidos con fondos públicos que garanta que o alumnado con NEE, inmigrantes, etc. se escolarice na mesma proporción en centros públicos e privados que o resto do alumnado.
- ❑ Elaboración dun plano específico de atención ao alumnado inmigrante con apoios que permitan superar posíbeis desfases curriculares e potenciando medidas que garantan a competencia comunicativa en galego e castelán.
- ❑ Programa real de integración, con especialistas e recursos suficientes, para que a atención á diversidade garanta en base á equidade un ensino de calidade para todos e todas.
- ❑ Ampliar os cadros de persoal dos centros con máis ensinantes e garantir outros profesionais especialistas (educadores e traballadores sociais, intérpretes de linguaxe de signos, etc.)
- ❑ Os centros contarán con persoal técnico cualificado en TIC e crearanse recursos educativos en galego para as diferentes áreas. Creación nos CEFORES de prazas de orientadores tecnolóxicos en número suficiente para cubrir as necesidades dos centros.
- ❑ O goberno do BNG promoverá que o estudo do feito relixioso teña cabida no currículo de Ciencias Sociais e que o adoutramento nunha determinada fe relixiosa quede fóra das aulas.
- ❑ Mellorar a situación da escola rural e a problemática asociada a ela: situación das escolas unitarias, especialidade, nivel de servizos,... co

obxectivo de garantir uns mínimos de calidade que axuden a superar vellos desequilibrios territoriais.

- Ampliación do horario de abertura dos centros. Garantirase a oferta de dúas actividades complementarias gratuítas para todo o alumnado en colaboración, no seu caso, con outras institucións.

#### **IV.1.4. ENSINO POSTOBRIGATORIO: BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL**

##### **IV.1.4.1 Obxectivos**

O seguidismo á política do PP en Madrid levou o goberno galego a non pór en marcha as medidas necesarias que puidesen contribuír a mellorar a calidade do ensino en Bacharelato e FP, e a incrementar as porcentaxes de escolarización nas etapas non obrigatorias. Non se reclamou a transferencia das bolsas de estudo, non se buscaron solucións para os problemas de transporte no rural, non se ofertaron as necesarias prazas en moitos ciclos de FP, mantivéronse absurdos criterios de matrícula nos ciclos de grao medio,... todo o cal está a impedir un incremento real de escolarización nestas etapas. No entanto, a Consellaría segue a apostar pola privatización deste nivel, contribuíndo con máis de 12 millóns de euros ao ensino privado. A oferta de prazas nos ciclos de grao medio na concertada triplica a oferta pública e a oferta de prazas nos ciclos superiores nos centros concertados supera a oferta pública.

O BNG comprométese a exixir ao MEC a transferencia das bolsas de estudo para que cuns criterios máis adecuados á nosa realidade poidan servir efectivamente como instrumento para o logro duns niveis óptimos de equidade no ensino. Así mesmo, o BNG comprométese a invertir a continua diminución na partida de orzamento para o funcionamento dos centros de FP que sufriu nestes catro últimos anos unha diminución dun 25 %, pasando de 12.261.000 (en 2001) a só 9.220.000 (en 2005). Para o BNG é fundamental a transferencia da Formación Profesional Continua, que foi xa respaldada polo Tribunal Constitucional, para configurar un sistema público integral de FP na Galiza.

##### **IV.1.4.2 Medidas**

- Pór en marcha un Plano de reformulación e adecuación da FP ás necesidades e potencialidades de Galiza cunha nova planificación dos ciclos formativos, potenciando a rede pública e adecuando os mesmos ás necesidades reais, á demanda laboral e á aposta decidida polos sectores estratéxicos para o país, posibilitando desdobramentos e a creación dos grupos necesarios coa posibilidade de impartir un mesmo ciclo en diferentes centros públicos.

- ❑ Oferta suficiente e equilibrada, a nivel territorial, de prazas nos ciclos de Formación Profesional nos centros públicos que satisfaga a demanda existente.
- ❑ Estabelecemento dunha política de bolsas que garanta e facilite que calquera alumno ou alumna independentemente do lugar de residencia e/ou condición económica poida cursar estudos postobrigatorios.
- ❑ Extensión aos estudos postobrigatorios do servizo de transporte escolar.

#### **IV.1.5. LIBROS DE TEXTO**

O retraso e a lentitude con que se iniciou o programa de gratuidade dos libros de texto terá de se invertir para que á maior brevidade posíbel este programa teña prazos e se faga efectivo nun tempo curto. O goberno do BNG comprométese a amplialo a todo tipo de materiais curriculares que se usen nas aulas e a estendelo tamén a Educación Infantil.

#### **IV.1.6. TRANSPORTE ESCOLAR**

##### **IV.1.6.1 Obxectivos**

Aínda que a nosa dispersión xeográfica fai que sexa moito o alumnado transportado, pouco mellorou este servizo nesta lexislatura: nin se introduciu a/o acompañante, nin se estendeu o dereito a transporte para os que viven a menos de 2 quilómetros, nin tampouco para os alumnos e alumnas de 3 anos. Existe, ademais, un feito gravísimo que pode ter unha consecuencia nefasta para os niveis de ensino da nosa poboación e é a dificultade para que mozos e mozas do rural escolarizados no ensino non obrigatorio poidan contar con transporte até os institutos. A irresponsabilidade da Consellaría de Educación por entender que este é un asunto que non lle compete, facendo unha deixación de funcións verdadeiramente grave, vén demostrar ás claras a importancia que o PP lle dá á educación, á igualdade de oportunidades e ao equilibrio territorial.

É preciso pois, coa máxima urxencia, modificar a lexislación existente por estar obsoleta e por non garantir e facilitar este servizo a todo o alumnado. Debemos ter presente que o abandono temperán é unha lacra social, que todos os países desenvolvidos están arbitrando medidas contra el e que a situación de Galiza non é moi satisfactoria: de nos compararmos con outras comunidades (en abandono educativo aos 17 anos), Galiza ten uns resultados moito máis negativos que Euskadi, Asturias, Castela-León, Madrid, Navarra, Aragón... e non esquezamos que o nivel de abandono escolar aos 18 anos no Estado español é do 30 % fronte a países que teñen menos do 10 % como Suecia, Finlandia (11 %), Bélxica (15 %) ou Alemaña (17 %).

#### **IV.1.6.2 Medidas**

- O goberno do BNG comprométese a pór en funcionamento un plano de racionalización e mellora do transporte escolar, que garanta a xeneralización deste servizo para o alumnado de 3 anos, dotando os autobuses de coidadores e coidadoras, así como a implantación progresiva para o alumnado da educación secundaria postobligatoria escolarizado en centros públicos.

#### **IV.1.7. COMEDORES ESCOLARES**

##### **IV.1.7.1 Obxectivos**

Non se emprendeu ningún programa para estender o servizo de comedor a todos os centros que non contan con el. Ben ao contrario, os investimentos en comedores escolares sufriron un importante retroceso nesta lexislatura, cunha perda dun 15 % en orzamento.

O BNG entende que o comedor é un servizo que debe universalizarse, de xeito que todos os centros públicos conten con el, porque contribuirá a que moito alumnado permaneza no ensino público sen ter que optar polo privado por incompatibilidade dos horarios laborais cos horarios dos centros.

##### **IV.1.7.2 Medidas**

- Derrogación do actual Decreto de comedores e elaboración dunha normativa nova que garanta a existencia de comedores escolares en todos os centros, coa posibilidade de ofertar este servizo a todo o alumnado coa dotación de persoal cualificado para atendelo.
- Extensión deste servizo ás etapas da educación infantil e postobligatorios (EI e FP).

#### **IV.1.8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

##### **IV.1.8.1 Obxectivos**

O BNG considera que os nenos e nenas escolarizados no ensino público non poden estar a expensas da dispoñibilidade orzamental de concellos ou ANPAS á hora de realizar actividades extraescolares, ou ben que o seu desfrute dependa de que as familias poidan ou non pagalas.

#### **IV.1.8.2 Medidas**

- ❑ O goberno do BNG comprométese a facer unha planificación que contemple un mínimo de dúas actividades gratuítas para todo o alumnado dos centros públicos en colaboración coa comunidade educativa.

#### **IV.1.9. PROFESORADO**

##### **IV.1.9.1 Obxectivos**

O número de profesores e profesoras é tan escaso que fai que existan, por exemplo, menos profesores xeneralistas de primaria que aulas ten o centro, que sexa imposible pór en marcha ningún desdoblamento que garanta o coñecemento, por parte de todo o alumnado, dunha lingua estranxeira ao acabar a escolaridade obrigatoria, ou facer efectivas outras medidas, recollidas na lei, para garantir as competencias comunicativas en galego para o alumnado inmigrante, ou medidas de atención á diversidade. Ao descontento existente entre o profesorado de niveis non universitarios pola perda de poder adquisitivo a que os abocou a política do PP é preciso darlle unha resposta axeitada que mellore as súas retribucións para que o profesorado galego deixe de ser o peor pagado do Estado.

Fronte a esta situación, o BNG considera que é preciso investir en recursos humanos porque esta é a mellor garantía de calidade, ampliando os planteis dos centros con máis ensinantes e outros profesionais e dignificando a función docente a través dun Estatuto Galego da Función Pública Docente.

##### **IV.1.9.2 Medidas**

- ❑ Ampliar os planteis de profesorado nos centros públicos co fin de garantir o coñecemento e a competencia nunha lingua estranxeira ao finalizar a escolaridade obrigatoria, a atención ás necesidades educativas especiais, a redución do ratio de alumnos e, en xeral, a mellora da calidade do ensino.
- ❑ Impulsar cambios na formación inicial do profesorado. O BNG considera a formación permanente un dereito e un deber do profesorado polo que arbitrará medidas que garantan que unha parte desa formación se poderá levar a cabo dentro do horario lectivo do profesorado.
- ❑ Neste sentido, arbitrará as medidas oportunas para que todo o profesorado ao longo da súa vida profesional poida desfrutar dun ano sabático ou dunha licenza por estudos.
- ❑ Elaboración do Estatuto Galego da Función Pública Docente, co obxecto de mellorar as condicións laborais e retributivas do profesorado. O BNG impulsará un pacto polo emprego estábel para o profesorado interino.

## **IV.1.10. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **IV.1.10.1 Obxectivo**

O pouco interese mostrado polo goberno do PP á hora de potenciar a normalización da lingua galega no ensino e de facer cumprir a lei (Decreto 247/95) fai que a escola sexa a día de hoxe unha entidade desgaleguizadora.

O BNG entende que a **galeguización do ensino** é un factor de calidade en si mesmo e, en coherencia, comprométese a invertir a situación actual e a asumir o establecido no Plano Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento galego: impartición, como mínimo, dun 50 % das materias en lingua galega.

### **IV.1.10.2 Medidas**

- O goberno do BNG levará a cabo un plano de formación que abranga o conxunto do profesorado co obxecto de que conte coa competencia suficiente para impartir as súas aulas en Lingua Galega. Será obrigatorio nas probas de acceso á función pública docente realizar como mínimo un dos exames en lingua galega.
- Exixirase o perfil obrigatorio de impartición en Lingua Galega nos concursos de traslados.
- Priorización, de conformidade co establecido no Plano Xeral de Normalización Lingüística, do aumento da presenza do galego na Educación Infantil.

## **IV.1.11. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)**

### **IV.1.11.1 Obxectivo**

O goberno do BNG impulsará a informatización progresiva dos centros co fin de garantir que o acceso ás novas tecnoloxías non sexa un novo factor de discriminación. Para lograr este obxectivo, haberá que superar as moitas carencias herdadas de dezaseis anos de gobernos do PP: centros que non contan con aulas de informática, escolas do rural cunha velocidade en internet que a converte nunha ferramenta inútil, inexistencia de especialistas que impide aos centros facer fronte aos servizos técnicos precisos, falta de proxectos tendentes a dotar aos centros de recursos de calidade en galego

para as distintas áreas curriculares, práctica inexistencia de aulas ordinarias informatizadas.

#### **IV.1.11.2 Medidas**

- ❑ O goberno do BNG dotará aos CEFORES de orientadores tecnolóxicos que sirvan de dinamizadores na introdución das novas tecnoloxías, asesorando, formando e apoiando o profesorado.
- ❑ Dotación aos centros que o precisen do persoal técnico necesario.
- ❑ Ampliarase a partida referida a equipamento informático, que permanece estancada nos últimos anos, para de xeito progresivo ir introducindo na aula ordinaria as novas tecnoloxías.

#### **IV.1.12. BIBLIOTECAS ESCOLARES**

Os investimentos realizados na mellora das bibliotecas escolares foron pequenos e con escaso criterio. O goberno do BNG comprométese a pór en marcha unha rede de apoio ás bibliotecas escolares co fin de mellorar a súa xestión, instalacións e materiais con que contan, e implementar políticas efectivas de mellora das habilidades lectoras do alumnado. Así mesmo, darase a formación necesaria ao profesorado coa correspondente redución horaria para asumir a responsabilidade deste servizo educativo.

#### **IV.1.13. XESTIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS**

##### **IV.1.13.1 Obxectivos**

A falta de vontade dos sucesivos gobernos do PP para desenvolver unha política educativa propia, levou á Consellaría de Educación a se situar, dentro da estreita marxe que permitía a LOCE, no extremo máis antidemocrático negando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na elección das direccións do centros. Así mesmo, debe repararse en que a partida referida ao gasto corrente que permite afrontar o custo de materiais básicos para poder ofertar un ensino de calidade, así como realizar actividades complementarias imprescindíbeis para unha educación integral, atópase practicamente estancada pasando de 5.008.000 (en 2001) a 5.837.158 (en 2005).

#### IV.1.13.2 Medidas

- O BNG impulsará medidas tendentes a valorar a xestión democrática dos centros, a elección democrática dos directores e directoras e restabelecerá os Consellos Escolares e os Claustros como órganos de goberno.

#### IV.1.14. OUTRAS MEDIDAS

- **Ensinanzas de Réxime Especial:** conservatorios de música e danza, escolas de artes plásticas e deseño co obxectivo de incrementar a súa oferta e acabar coas actuais discriminacións territoriais e sociais.
- **Escolas de idiomas:** elaboración dunha rede de centros que posibilite dotar dunha segunda escola de idiomas alí onde sexa necesaria, estendelas ás comarcas máis poboadas e que poidan constituírse como extensións nos IES.
- O BNG impulsará a posta en marcha de **programas de alfabetización e de formación básica**, dirixidos á poboación adulta, así como á formación da poboación galega para coñecermos a nosa historia, xeografía, sociedade, natureza e cultura.



## IV.2. A UNIVERSIDADE AO SERVIZO DO PAÍS

Nos últimos dezaseis anos creáronse en Galiza dúas novas Universidades, as de Vigo e A Coruña, que se viñeron sumar á de Santiago de Compostela. Porén, os sucesivos gobernos do PP foron incapaces de construír un verdadeiro Sistema Universitario Galego, substituíndo a coordinación e a integración positiva entre as tres Universidades pola competencia entre elas por uns fondos –insuficientes– e unhas titulacións que, ao cabo, concedéronse ou denegáronse en atención a criterios clientelares e partidistas, sen priorización ou planificación ningunha.

Renunciouse a desenvolver unha verdadeira política universitaria galega, empregando para tal fin as competencias recoñecidas no Estatuto vixente. Convertiuse o Consello galego de Universidades nun simple portelo para a tramitación burocrática das solicitudes dirixidas ao Ministerio, lonxe do foro de debate e definición da política universitaria galega para a que fora creado.

Non é de extrañar, á vista de tanto desleixo, que a administración universitaria galega fose incapaz de liderar procesos positivos de cambio na Universidade galega. Incapaz de dar resposta aos retos e oportunidades que para o ensino superior resultan dos procesos de mudanza en que se atopa inmerso: implantación e desenvolvemento da LOU, creación do Espazo Europeo de Ensino Superior e do Espazo Europeo de Investigación, incorporación das TIC, etc.

No que atinxe ao financiamento universitario, as cifras galegas actuais seguen estando moi afastadas das medias europeas –e mesmo das da OCDE– e a evolución nos anos de goberno do PP foi claramente negativa. Así, se no ano 1998 o goberno galego destinaba o 0,7 % do PIB ao ensino superior, no ano 2004 esta porcentaxe descendeu até o 0,66 %. E o novo plano de financiamento non supón avance substancial ningún xa que ao final do mesmo (2010) apenas se pretende que esa porcentaxe suba ao 0,74 %. É dicir, aproximadamente a metade do que os países do noso contorno invisten de media en ensino superior hoxe en día. Unha concepción estreita da Universidade e do país, que fai depender a calidade do ensino superior do futuro da lamentábel previsión dunha perda de alumnado por mor da caída de natalidade.

Canto á política de bolsas, a base principal das axudas ao estudo universitario segue a descansar nas bolsas do MEC, que reciben en torno ao 17 % dos e das estudantes de 1º e 2º ciclo do SUG (un 10 % delas consisten unicamente na exención dos prezos públicos de matrícula), as universidades galegas e os seus estudantes reciben un 8,6 % do financiamento total destinado polo Ministerio a este tipo de axudas. Os sucesivos gobernos do PP en Galiza renunciaron a desenvolver unha política propia de bolsas de carácter xeral para os estudos de 1º e 2º ciclo, ao teren as súas convocatorias un carácter puramente complementario e subsidiario (axudas para estudantes que cursen estudos fóra de Galiza, para fillos de emigrantes, complementos a convocatorias de mobilidade do Ministerio, empréstitos, etc.). Canto ás políticas propias das Universidades, ao longo destes anos houbo un estancamento no desenvolvemento dos servizos de residencia e comedor que tradicionalmente viñan ofrecendo, e nunca se deu chegado ao obxectivo fixado

no 1º plano de financiamento do SUG, de 1990, de ofertar un número de prazas de residencia equivalente ao 9 % dos e das estudantes matriculados en cada Campus, a pesar de que máis dun 30 % dos alumnos de novo ingreso nas Universidades Galegas no curso 2002-2003 tiñan a súa residencia familiar nunha provincia distinta á do centro de estudos.

Na realidade, no único en que os sucesivos gobernos do PP na Galiza foron eficaces foi no desprestixio da Universidade pública e no favorecemento dos procesos de privatización do ensino superior.

Fronte a este estado de cousas, o goberno do BNG deseñará unha política universitaria galega que cree as condicións para que as universidades galegas contribúan de forma decidida á conformación da Sociedade do Coñecemento, dando resposta ás necesidades formativas, científicas e de investigación que Galiza require para o seu desenvolvemento social e económico. Definirá un modelo de universidade docente e investigadora, vertebradora do país, e que aposte por estratexias de cooperación dentro do Sistema Universitario Galego e mellorará o financiamento das universidades co fin de dotalas dos recursos materiais e humanos suficientes para conquistar estes obxectivos, até acadar no ano 2010, e sen renunciar a outras fontes de financiamento, o 1,2 % do PIB en investimento público no ensino superior. En definitiva, o BNG construírá un Sistema Universitario Galego integrado e capaz de devolverlle á sociedade galega, en forma dun ensino e dunha investigación punteiras e de calidade, o investimento que esta realiza no ensino superior.

## **IV.2.1. LEI DE UNIVERSIDADES DE GALIZA**

### **IV.2.1.1 Obxectivos**

O goberno do BNG márcase como obxectivo básico a elaboración dunha Lei de Universidades de Galiza que sirva como instrumento básico de conformación dun auténtico modelo de Sistema Universitario Galego, así como o establecemento dos instrumentos adecuados para executalos, pondo orde no caos normativo actual e impulsando, desde o máximo consenso e o respecto á autonomía das Universidades, a confluencia no Espazo Europeo de Ensino Superior.

### **IV.2.1.2 Medidas**

A Lei de Universidades de Galiza abordará os seguintes aspectos:

- A regulación das universidades públicas e tamén dos centros privados. Os criterios para a súa creación e recoñecemento, establecendo os requisitos mínimos exixíbeis para a creación dunha universidade.
- A normalización do uso e a promoción da lingua galega en todos os ámbitos universitarios.

- ❑ A docencia e organización dos estudos, entendendo a calidade como un obxectivo e a avaliación como instrumento da mesma. Regulación do estudo e os planos de estudo, das titulacións, e títulos propios de terceiro ciclo.
- ❑ O labor investigador na Universidade: o fomento da investigación e a previsión dunha carreira investigadora.
- ❑ Os dereitos dos estudantes e, entre eles, o de acceso ás axudas ao estudo, á mobilidade e á dotación de servizos como transporte e aloxamento.
- ❑ O estatuto do Persoal Docente e investigador no relativo á súa selección, formación, promoción, mobilidade e retribucións.
- ❑ O estatuto do Persoal de Administración e Servizos, prevendo especialmente a existencia dunha verdadeira carreira profesional na administración universitaria.
- ❑ As funcións e organización da Administración universitaria autonómica.
- ❑ Inclusión na lei dos criterios de financiamento e da adecuación do actual plano para superar as eivas e carencias actuais.

## IV.2.2. FOMENTO DA COOPERACIÓN NO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

### IV.2.2.1 Obxectivos

É necesario asentar a lóxica da cooperación no SUG co fin de o colocar, de verdade, ao servizo das necesidades de formación, e investigación de Galiza, con criterios de calidade e competitividade comparábeis co noso entorno. Para conquistar este obxectivo son necesarios recursos suficientes, mais tamén un uso máis racional destes recursos, superando a lóxica territorial e tamén a lóxica de vella e da nova universidade. Existen tres universidades e as tres son a base fundamental do SUG, coas súas potencialidades específicas.

### IV.2.2.2 Medidas

- ❑ Avanzar no **uso compartido dos recursos de investigación**, potenciación do Consorcio de Bibliotecas, etc.
- ❑ **Fomentar as sinerxías** derivadas da colaboración na solicitude e desenvolvemento de proxectos de investigación no ámbito do programa marco de I+D europeo, de deseño de titulacións de grao e posgrao, etc.
- ❑ **Impulsar programas conxuntos de formación do profesorado universitario** que dean resposta ás necesidades específicas de especialización didáctica.

- Fomentar a **coordenación dos procedementos de xestión académica** para facilitar o intercambio de estudantes, a organización de estudos interuniversitarios, a emisión de títulos conxuntos, etc.
- Estabelecer consensuadamente coas universidades o procedemento para a **harmonización das condicións contractuais, de promoción e concursos de traslados** do seu persoal, tanto PDI como PAS.

### IV.2.3. CONVERXENCIA NO ESPAZO EUROPEO DE ENSINO SUPERIOR

#### IV.2.3.1 Obxectivos

Aproveitar a reforma pendente na estrutura e catálogo de títulos para facer unha aposta pola implantación de estudos de grande futuro estratéxico, aínda non implantados nas nosas universidades, co fin de cubrir necesidades e carencias científico-tecnolóxicas, produtivas, sociais, culturais e humanísticas.

#### IV.2.3.2 Medidas

- Estabelecemento dos criterios de implantación de estudos de grao e posgrao no SUG a través de:
  - a) Fixación dun catálogo de estudos de grao completo no SUG.
  - b) Racionalización da oferta de titulacións de grao, limitando as multiplicacións innecesarias da etapa anterior e distribuindo os novos títulos de grao entre os sete campus universitarios con criterios de racionalidade.
  - c) Ter en conta os criterios obxectivos –interese e demanda social, custo económico da titulación, necesidades de especialización do profesorado, desenvolvemento equilibrado dos diferentes campus– para a implantación dos novos títulos de grao e posgrao.
- Definición, en coordinación coas universidades, do **Catálogo galego de Posgrao**, que dea resposta ás necesidades de formación altamente cualificada da sociedade galega, introducindo criterios de racionalidade e de globalidade. Para a súa concreción atenderase especialmente:
  - a) Impulso da organización conxunta de posgraos entre as universidades galegas para un aproveitamento máis eficiente e racional dos recursos tanto humanos como materiais.
  - b) Fomento da oferta en áreas de interese estratéxico para Galiza (acuicultura e recursos mariños, patrimonio histórico-artístico e turismo, urbanismo e ordenación do territorio, enxeñaría de automoción, agrogandeira, florestal, etc.) coa vista posta nunha oferta punteira e atractiva para o contorno europeo.
  - c) Evitar a multiplicidade dos títulos de posgrao coincidentes en obxectivos e contidos.

- d) Favorecemento da oferta conxunta con outras universidades (nomeadamente coas universidades da euro-rexión do Eixe Atlántico e dos países latinoamericanos).
  - e) Fomento dos posgraos dirixidos á formación continua ao longo da vida laboral aproveitando os recursos que posibilitan o ensino non presencial.
  - f) Primar a oferta de posgraos homologados fronte aos títulos propios.
  - g) Estabelecer un sistema propio de acreditación dos posgraos do SUG, reclamando o seu recoñecemento estatal, mediante convenio coa ANECA, de xeito que sirva para a homologación e tamén como control de calidade para os títulos propios.
- Estabelecemento dunha **dotación financeira extraordinaria** para que as universidades poidan asumir os custos da implantación do novo sistema.
  - Implementar as medidas necesarias para **facilitar a mobilidade e intercambio de profesores e estudantes**. Ademais de implicar ás administracións e universidades, no ámbito dos estudantes propoñemos:
    - a) Realizar unha oferta de bolsas suficiente para cubrir a diferenza de custos para estudantes que se despracen a outros países europeos, que sexan percibidas antes do desprazamento.
    - b) Reforzar a formación en linguas estranxeiras.
    - c) Dotación de recursos para servizos de acollida de estudantes procedentes doutras universidades.
  - Asegurar a igualdade de oportunidades e de dereitos para o acceso a estes estudos mediante unhas taxas e prezos públicos e unha política de bolsas axeitada. Posibilitar a incorporación ao sistema de prezos públicos aos posgraos propios (non homologados) que sexan de interese estratéxico para Galiza.
  - Estabelecer un programa para promover a realización de **estudos de doutoramento de calidade**, imprescindíbeis para o avance da cultura, da ciencia e a tecnoloxía, e a formación dos futuros profesores universitarios e investigadores en todos os ámbitos, que permita a incorporación de Galiza á primeira liña do coñecemento.

#### IV.2.4. PROXECCIÓN INTERNACIONAL DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

##### IV.2.4.1 Obxectivos

Dotar á administración universitaria galega de instrumentos con que deseñar e aplicar unha política propia de cooperación e presenza internacional asumindo, na práctica, funcións que hoxe só desenvolven o Estado ou as Universidades. O goberno do BNG, no canto de optar pola creación de novas Universidades de referencia fará por completar o SUG complementando a oferta educativa e investigadora das tres Universidades.

#### IV.2.4.2 Medidas

- ❑ Creación da **Universidade Internacional da Galiza**, encargada da organización, preferentemente coa colaboración das universidades galegas, de Cursos de Verán, Posgraos, de Doutoramento, de Mestrado e de especialización. Todos eles de moi alta cualificación e prestixiábeis a nivel internacional.
- ❑ Posta en marcha da **Universidade Aberta Galega** para cubrir as necesidades de ensino virtual e a distancia e mais a formación ao longo da vida, e de facer o acceso a uns estudos universitarios de calidade accesíbel a toda a poboación.

#### IV.2.5. O FINANCIAMENTO DA UNIVERSIDADE

##### IV.2.5.1 Obxectivos

O goberno do BNG incrementará o investimento público no ensino superior co fin de garantir que a universidade pública galega cumpra con rigor as funcións e as exixencias que a sociedade actual e do futuro lle demandan. Desde o BNG entendemos que o financiamento universitario debe ser obxecto dun acordo parlamentar o máis amplo posíbel, como mellor forma de garantir a estabilidade financeira que as universidades precisan para desenvolver as súas funcións. É por esa razón que apostamos pola **inclusión do modelo de financiamento na lei que regule o SUG**.

Consideramos necesario seguir avanzando na mellora do deseño dos criterios para o reparto dos recursos entre universidades, así como tamén dos controis de eficacia no gasto, mais entendemos que, cos datos dispoñíbeis, faise imprescindible un **incremento significativo das cantidades actualmente dedicadas ao financiamento público do ensino superior**, até nos situar en parámetros comparábeis aos do noso contorno máis próximo: o 1,2 % do PIB en 2010.

Entendemos que o establecemento de **contratos-programa** e o **financiamento por obxectivos** poden ser un instrumento adecuado para que este imprescindible incremento do investimento público na Universidade se vincule ao incremento da súa calidade.

##### IV.2.5.2 Medidas

- ❑ **Acordo parlamentar sobre o financiamento do ensino superior e inclusión do modelo de financiamento na lei universitaria galega**, antes do final do primeiro ano da lexislatura.

- **Incremento substancial e continuo do investimento público no ensino superior** co obxectivo de alcanzar o **1,2 % do PIB en 2010**, tendo en conta:
  - a) A necesidade de **recursos extraordinarios** que compensen a degradación dos últimos dezaseis anos de goberno do PP e financien a integración no Espazo Europeo de Ensino Superior.
  - b) Á marxe do anterior, a posibilidade de que parte dese esforzo financeiro se canalice a través de **contratos-programa** vinculados ao cumprimento de obxectivos en materia de docencia, investigación, formación de titulados, etc.
  - c) Estes contratos-programa conterán o incremento das bolsas e axudas ao estudo nos tres ciclos universitarios, o incremento e mellora de calidade dos servizos, a redución da ratio alumnado / profesor e Pas / profesor, a mellora das infraestruturas docentes e investigadoras, o establecemento de complementos retributivos e a dotación de programas de formación para todo o persoal docente e investigador.

## IV.2.6. POLÍTICA DE BOLSAS

### IV.2.6.1 Obxectivos

A existencia dunha política de bolsas e axudas ao estudo é un elemento fundamental no modelo de universidade que o BNG quere para a Galiza. A consideración do ensino universitario como instrumento de igualación social implica a necesidade de garantir a igualdade de oportunidades no acceso ao mesmo. A **política de axudas ao estudo a realizar desde o goberno autónomo** ten de contribuír a igualar as posibilidades e condicións de acceso ao ensino superior dos mozos e mozas galegos aos dos países da UE. Por último, é relevante fomentar a posibilidade de cursar parte dos estudos noutros lugares da UE.

Neses obxectivos é necesario coñecer cá é a composición e distribución do estudantado universitario, para fixar os obxectivos concretos da política de axudas e periodizar a súa consecución. Entre os datos que cómpre recabar están a distribución dos e das estudantes por niveis socio-económicos; o papel que xoga a proximidade ao lugar de residencia á hora de elixir estudos; número de estudantes que viven fóra da residencia familiar; custo repercutido no estudante / na familia.

Cómpre sinalar que, no marco legislativo actual definido pola LOU, corresponde ás CC. AA. o desenvolvemento, execución e control do sistema xeral de bolsas e axudas ao estudo do Estado. É, por tanto, un momento oportuno para exigir que Galiza poida deseñar os criterios de concesión das bolsas que máis se axusten á súa realidade socio-económica e xeográfica,

evitando as disfuncións que tradicionalmente ten xerado a aplicación de criterios uniformes para o conxunto do Estado.

#### **IV.2.6.2 Medidas**

- ❑ Aumentar a información sobre posibilidades de acceso a axudas ao estudo entre os sectores de menores niveis de ingresos e a poboación máis alonxada dos campus universitarios.
- ❑ Mudar os criterios de selección de beneficiarios e beneficiarias das bolsas, de xeito que, requirindo un rendemento académico suficiente, a selección veña determinada polas necesidades económicas dos ou das solicitantes.
- ❑ Ampliar substancialmente as axudas para cursar estudos fóra de Galiza naquelas titulacións non ofertadas polo SUG, así como para cursar parte dos estudos noutros países da UE, ou mesmo noutros territorios do Estado, incrementando o número de axudas e dotándoas dunha contía suficiente para cubrir os gastos reais.
- ❑ Avaliar a necesidade de dotar unha convocatoria de axudas que complemente ás do MEC para (1) ampliar a cobertura aos / ás estudantes que acceden ás bolsas do MEC (aqueles que só reciben axuda para taxas) e (2) incrementar o número de estudantes subvencionados / as.
- ❑ Deseñar un plano de axudas indirectas para residencia, de acordo coas universidades. Probabelmente este plano debe pasar por incrementar as prazas de titularidade das universidades alí onde sexan máis deficitarias, e por abrir un programa de convenios Xunta-Universidades-Concellos para a habilitación de vivendas de titularidade pública e privada en réxime de aluguer, que cumpran unhas condicións de habitabilidade adecuadas e en que o prezo sexa regulado polas administracións, de xeito que, sendo suficiente para cubrir custos, evite a especulación que se segue a producir.
- ❑ Estudar a posibilidade dunha política de concertación de créditos bancarios para a axuda aos estudos cun carácter complementario, non substitutivo, da política de bolsas, dirixida a aqueles estudantes que opten por non repercutir nas súas familias o custo da súa formación superior, e definida en termos que establezan o seu reintegro a partir da obtención dun emprego cun salario suficiente.

#### **IV.2.7. POLÍTICA CIENTÍFICA E DE INVESTIGACIÓN**

##### **IV.2.7.1 Obxectivos**

No deseño dunha política científica e de desenvolvemento tecnolóxico, o goberno do BNG atenderá especialmente á infraestrutura de investigación máis importante do país, a universitaria. Partir do que se ten e se sabe facer para avanzar a niveis internacionais de excelencia no ámbito da investigación



selectiva, garantindo que se cubran todos os demais ámbitos da investigación que poden ser estratéxicos ou en que hai desenvolvementos importantes, no camiño de logramos un desenvolvemento económico e social equilibrado, sustentábel e autocentrado.

Desde o BNG entendemos que o sistema Público de I+D, debe asesorar o goberno de xeito permanente. O Goberno do BNG comprométese a contar con todo o sistema e a manter canles e estruturas estábeis para a comunicación sen caer no perigo de as construír de xeito conxuntural despois de situacións catastróficas ou de emerxencia. O BNG é consciente de que moitos destes traballos non repercuten a curto prazo na competitividade empresarial e por tanto, é difícil pensar no seu financiamento directo polo capital privado.

#### IV.2.7.2 Medidas

- **Plano de financiamento suficiente:** para converxer coa media europea: 2 % do PIB para o financiamento do I+D+i en 2010.
- **Mellora das infraestruturas de investigación** a través de programas específicos para completar e mellorar as redes electrónicas de alta velocidade. Tamén resulta imprescindible unha optimización dos recursos, de xeito que se fomente os Centros de apoio á Investigación das distintas Universidades e OPIS, evitando a multiplicación innecesaria das grandes e medianas infraestruturas.
- **Formación de investigadores e recursos humanos:** o goberno do BNG propónse duplicar persoal investigador nos próximos catro anos (a media de investigadores por poboación activa é de 3'7 por mil no Estado español, de 5'1 na UE e na Galiza non chega ao 3). No mesmo sentido, comprométese a establecer unha **carreira investigadora nas Universidades que consolide a situación do persoal investigador** existente na actualidade, impidan a súa marcha e promovan a volta dos que están fóra, a través dunha vinculación estábel co sistema galego de I+D+i. En todo caso, as bolsas reservaranse para o período de formación predoutoral, formalizando a súa continuidade na carreira formativa debe vehicularse a través dun contrato.

### **IV.3. GALIZA EN GALEGO**

A política lingüística desenvolvida polos gobernos do PP caracterizouse pola falta de vontade política real para a normalización do galego. Non se trata só de desleixo –visíbel na falta de revisión da Lei de Normalización Lingüística en 1993 e 2003, tal e como ela mesma dispuxera– mais da existencia dunha planificación negativa que, progresivamente, vai residualizando o galego no ensino, na administración, nos medios de comunicación e, en xeral, en todas as esferas da vida social. Eis a permisividade da inspección educativa co incumprimento da lexislación lingüística no ensino, a profusión de publicacións oficiais en español, o emprego dos recursos destinados á normalización lingüística para outros fins –designadamente a axudas a medios de comunicación privados que non se distinguen, precisamente, polo seu compromiso coa lingua– ou, en fin, a oferta lanzada nos últimos meses por Fraga ao PSdeG-PSOE para modificar a LNL co fin de legalizar a forma española de topónimos como A Coruña. Segue sendo imposíbel desenvolver, de forma normalizada, a vida en galego. Séguense violando pois, diariamente e coa convivencia da administración, os dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas.

Na realidade, os avances normalizadores rexistrados nestes anos obedecen a iniciativas individuais e ao traballo das organizacións sociais – entidades culturais, normalizadoras, sindicais e políticas– ligadas ao nacionalismo e ás institucións onde o BNG goberna.

O Plano Xeral de Normalización Lingüística, aprobado unanimemente polo Parlamento galego en setembro de 2004 constitúe, aínda que serodio, un paso na dirección correcta. A partir de xuño, corresponderá ao goberno do BNG pólo en marcha, fixando obxectivos e medios para avaliar o seu cumprimento, promovendo as reformas legais precisas, marcando prazos concretos e as dotacións orzamentais suficientes para recuperar o tempo perdido nestes anos, no que será un dos compromisos prioritarios do goberno nacionalista.

#### **IV.3.1. UNHA NOVA ADMINISTRACIÓN LINGÜÍSTICA PARA UNHA NOVA POLÍTICA LINGÜÍSTICA**

##### **IV.3.1.1 Obxectivos**

A política lingüística ten que saír do gueto institucional en que se converteu a Dirección Xeral de Política Lingüística, no seo da Consellaría de Educación. O goberno do BNG daralle á política lingüística o rango adecuado no seo da Administración galega e, sobre todo, concebíraa como unha política transversal, que se debe aplicar con lóxica interdepartamental de tal xeito que todas e cada unha das actuacións do Goberno e da Administración galega – desde a impresión dun folleto até a comparecencia dos seus responsábeis– supoñan, na práctica, un impulso á normalización do galego.

### **IV.3.1.2 Medidas**

- ❑ Creación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, con capacidade política de actuación transversal en todo o goberno galego, como organismo de coordinación da actuación normalizadora dos diferentes departamentos.
- ❑ Creación dunha rede estruturada e coordinada de Servizos de Normalización Lingüística de carácter territorial, dotada de lingüistas, sociólogos e persoal de intervención social como entidades encargadas da coordinación das actuacións en materia de normalización lingüística, adecuándoas aos diferentes contextos sociolingüísticos.
- ❑ Creación dunha estrutura nacional consorciada que concite e coordene os esforzos das diferentes administracións públicas e entidades privadas, que represente autenticamente o esforzo e a corresponsabilización colectiva no proceso de normalización lingüística.

### **IV.3.2. AS INSTITUCIÓNS GALEGAS, EN GALEGO**

#### **IV.3.2.1 Obxectivos**

Difícilmente podemos demandar á sociedade a súa participación nos procesos de normalización lingüística se a mesma Administración non se expresa con normalidade e corrección en todas as súas actuacións, orais e escritas, na lingua do país. Este obxectivo normalizador é prioritario na acción do goberno do BNG e irá acompañado de cantos procesos de formación e integración lingüística sexan precisos. Este comportamento lingüístico normalizado debe atinxir tanto aos cargos políticos como ao persoal da Administración en todas as áreas de goberno, en todas as actuacións administrativas e en todos os ámbitos de actuación política. A normalización é un compromiso de todo o goberno e non materia, en exclusiva, dun departamento ou organismo.

#### **IV.3.2.2 Medidas**

- ❑ O persoal dependente da Xunta de Galiza acreditará o uso do idioma galego, oral e escrito, para o acceso ao desempeño da súa función. O catálogo de postos de traballo farase tendo en conta o obxectivo normalizador.
- ❑ A Xunta de Galiza creará unha comisión interdepartamental que favoreza a codificación, coordinación e unificación terminolóxica, así como as innovacións na linguaxe administrativa.
- ❑ O Goberno galego coordinará co resto das administracións, nomeadamente coas institucións municipais, os procesos específicos de normalización lingüística.

- ❑ O Goberno galego demandará das administracións española e europea a utilización da lingua propia nas súas actuacións na Galiza.
- ❑ O Goberno galego establecerá como preceptivo o emprego do idioma galego en toda actividade de institución ou empresa pública ou privada sexa subsidiada en todo ou en parte con fondos públicos xestionados polo poder político galego.
- ❑ Polo que respecta á toponimia, o Goberno galego fará cumprir a lei aos concellos e ao resto de administracións que a conculcaren no referido á denominación correcta do municipio, do mesmo xeito cos medios de comunicación (orais, escritos ou audiovisuais), empresas de transportes, axencias de publicidade e calquera outro servizo que utilizar oralmente ou por escrito os nosos topónimos.

### **IV.3.3. AS NOVAS TECNOLOXÍAS, EN GALEGO**

#### **IV.3.3.1 Obxectivos**

A adaptación, implantación, distribución, difusión, coñecemento e incentivación de *software* básico, impulsados polo Goberno galego, levarán emparellado o uso do idioma galego.

#### **IV.3.3.2 Medidas**

- ❑ O goberno impulsará o desenvolvemento, difusión e coñecemento de programas e aplicacións informáticas específicas, así como de todo tipo de produtos e ferramentas relacionados co desenvolvemento das novas tecnoloxías en lingua galega.
- ❑ O goberno impulsará a creación de contidos en galego, así como a adaptación de contidos xa existentes ao galego en soporte dixital (Internet, cd-rom, etc.). Tamén impulsará a súa difusión e coñecemento.
- ❑ O goberno impulsará a creación e consolidación dunha industria da lingua propia que permita a plena e rápida incorporación do galego ao novo mundo que están creando os adiantos tecnolóxicos (demótica, web semántica e intelixente, etc.) tanto no referido aos continentes como aos contidos.
- ❑ O goberno apoiará a investigación básica do noso idioma, pia indispensable para todas estas antedidas actuacións.

## **IV.3.4. ATENCIÓN ESPECÍFICA PARA AS NOVAS XERACIÓNS**

### **IV.3.4.1 Obxectivos**

O goberno do BNG afrontará unha programación plurisectorial que atinxa tanto os ámbitos familiar e educativo como o do lecer, para abordar desde diferentes prismas o problema específico da desgaleguización das xeracións máis novas.

### **IV.3.4.2 Medidas**

- O goberno do BNG elaborará os estudos sociolóxicos precisos para que, cun coñecemento exhaustivo da realidade dos usos lingüísticos familiares, elaborar e pór en práctica un programa integral de galeguización do contorno familiar, concienciando da necesidade do uso do noso idioma, e desenvolvendo campañas que teñan en conta os diferentes contextos e prácticas sociolingüísticas existentes na realidade social galega.
- Partindo da lexislación actual, o Goberno galego desenvolverá no mundo do ensino un proceso decidido, concreto e temporalizado de galeguización progresiva da actividade docente, establecendo a gradualidade temporal e dedicando os recursos económicos e humanos precisos e incentivando aqueles centros que protagonicen un impulso salientábel na normalización da actividade escolar. En concreto impulsaranse as seguintes accións:
  - O catálogo de postos de traballo e concursos de traslado terán en conta o perfil lingüístico preciso para o proceso de galeguización antedito.
  - Potenciación dos equipos de normalización dos centros educativos, establecendo a súa coordinación local, comarcal e nacional, como axentes fundamentais de dinamización da política lingüística galeguizadora.
  - Subscrición de convenios coas universidades galegas para impulsar os procesos de normalización lingüística na docencia nas diferentes Facultades e Escolas Universitarias.
- O goberno do BNG porá en marcha as medidas necesarias para que desde os diferentes departamentos gobernamentais que afecten á música e aos espectáculos, ao cinema, á televisión, á literatura, aos deportes, á informática,... exista a prioritaria coordinación para a promoción do idioma galego.

## **IV.3.5. OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, EN GALEGO**

### **IV.3.5.1 Obxectivos**

O goberno do BNG garantirá que os medios de comunicación públicos galegos cumpran coa súa obriga legal de utilización do galego para a totalidade da súa programación e prescribirá o seu uso na publicidade. Así mesmo, promoverá a presenza normalizada do galego nos medios privados a través de medidas de fomento e do establecemento de cotas mínimas de uso do galego nos medios audiovisuais de ámbito local e nacional.

### **IV.3.5.2 Medidas**

- ❑ A programación da radio e da televisión públicas manterán o idioma do país como lingua vehicular normal, reducindo a casos excepcionais e debidamente xustificados o emprego de profesionais carentes de competencia lingüística en galego.
- ❑ Potenciarase a utilización do galego co aumento da produción propia, na procura da potenciación do sector audiovisual do país, favorecendo o uso do idioma do país.
- ❑ Apoiaranse os medios de comunicación privados, en calquera tipo de soporte, no mesmo grao e proporción en que tiveren o galego como lingua vehicular.
- ❑ Estabeleceranse cotas mínimas de emisión en galego non inferiores ao 40 % para as emisións de radio e de televisión de ámbito local ou nacional.

## **IV.3.6. LINGUA E EMPRESA**

O goberno do BNG manterá unha atención especial á promoción do noso idioma na actividade económica do país, mediante convenios bilaterais cos diferentes axentes representativos, con incentivos e axudas á galeguización plena, tanto no que atinxe á actividade comercial como industrial.

## **IV.3.7. O DEPORTE GALEGO, EN GALEGO**

Como fenómeno social de primeira orde, o deporte debe converterse nun dos ámbitos de especial atención na normalización lingüística de Galiza. Deste xeito, a Xunta de Galiza potenciará a utilización do galego nas celebracións e espectáculos deportivos, vinculando a súa colaboración con clubs e federacións á utilización do galego e aos programas de galeguización no mundo deportivo.

#### **IV.3.8. CULTURA E IDIOMA**

A cultura galega é aquela que se expresa na lingua do país. O Goberno galego promoverá a plena normalización do idioma nos programas culturais directamente xestionados pola Administración e condicionará o seu apoio a todo proxecto cultural ao cumprimento dos obxectivos normalizadores fixados pola administración lingüística.

#### **IV.3.9. A XUSTIZA, EN GALEGO**

O goberno do BNG promoverá as medidas necesarias para que o galego se convirta en lingua normal da administración de Xustiza, impulsando o coñecemento e o uso do galego por parte dos funcionarios e impedindo a discriminación lingüística nas actuacións xudiciais. Defenderase a modificación da LOPX co fin de que os xuíces e maxistrados teñan o deber do coñecemento do galego para desenvolveren a súa función no territorio galego.

#### **IV.3.10. A RELIXIÓN, EN GALEGO**

A Xunta de Galiza subscribirá convenios coas diferentes confesións relixiosas presentes no noso país co fin de establecer os programas específicos que garantan a utilización normal do noso idioma nas súas celebracións relixiosas e no resto da súa actividade pública.

#### **IV.3.11. A GALEGUIZACIÓN, DEREITO DE INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS**

Dentro das medidas de integración e normalización social das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas, o goberno do BNG ofreceralles os programas formativos necesarios, nomeadamente no ámbito laboral, para a súa plena integración lingüística.

#### **IV.3.12. A REINTEGRACIÓN CULTURAL NO MUNDO GALEGO-PORTUGUÉS COMO FACTOR NORMALIZADOR**

O goberno do BNG manterá unha política activa de intercambio e promoción de produción cultural entre Galiza, Portugal e o resto dos países de expresión galego-portuguesa, na procura da normalización e internacionalización da cultura expresada no noso idioma.

#### **IV.3.13. A NORMALIZACIÓN DO GALEGO ALÉN DAS FRONTEIRAS ADMINISTRATIVAS**

O goberno do BNG defenderá a promoción e normalización do noso idioma, dentro do actual marco legal, a través da subscrición de convenios coas administracións competentes na Seabra, no Berzo, e na zona entre os ríos Eo e Navia. En todo caso, o goberno do BNG velará polo cumprimento do estipulado na Carta Europea das Lingua Minoritarias.

O goberno do BNG promoverá de forma activa o coñecemento e o uso do noso idioma entre as comunidades de emigrantes e os seus descendentes nos principais países da emigración galega.



#### IV.4. REFORZAR O COMPROMISO COA NOSA CULTURA

A política cultural do PP nos 16 anos de goberno tense caracterizado por dedicar orzamentos de luxo a fastos, eventos e conmemoracións de dubidoso proveito cultural, mentres non se asegura o funcionamento de bibliotecas, arquivos, teatro ou grupos de música. Esta perversión é a que explica, por exemplo, que se poidan prever máis de 30 millóns de euros para unha “Cidade da Cultura” e apenas 30.000 euros á promoción da discografía galega; que se poidan prever, e gastar millóns e millóns de euros no “Xacobeo” e se destinen apenas 800.000 euros aos “Circuitos Culturais” ou, en fin, que nun evento estival se fundan catro ou cinco veces os diñeiros públicos que poida ter o IGAEM para todo un ano de programación das artes escénicas e musicais de Galiza.

Outro indicador desta nefasta política é a nula atención á conservación do patrimonio, onde o dano inflixido xa é irreversible

Fronte a este estado de cousas, o goberno do BNG terá como labor prioritario o **deseño e a aplicación dunha nova política cultural**, que atenderá aos criterios xerais seguintes:

1. Potenciación do autocoñecemento, da autoestima en termos colectivos e da consciencia de sermos un pobo con historia merecente de ser estudada e divulgada.
2. Aseguramento da diversificación da cultura galega, procurando unha orixinalidade que non se debe entender enfrontada ao legado da tradición nin ao da creación de produtos modernos.
3. Superación da perversa dicotomía rural / urbano, concibindo Galiza como unha unidade.
4. Os criterios de bilateralidade e do intercambio en igualdade presidirán a difusión exterior da cultura galega. Portugal e os países de lingua portuguesa deben ser interlocutores privilexiados.
5. Procura dunha maior e mellor cooperación institucional entre os diferentes organismos e entidades, xa existentes, que operan neste campo. Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega, Fundacións Culturais, Universidades, Concellos, Deputacións, Consellaría, IGAEM, Asociacións Culturais, Arquivos privados, etc.

##### IV.4.1. INFRAESTRUTURAS E INSTITUCIÓNS CULTURAIAS

###### IV.4.1.1 Obxectivos

O goberno do BNG realizará unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, con posibilidades de acceso e recepción para todas as galegas e os galegos. Ao servizo deste obxectivo serán fundamentais as campañas de difusión e divulgación de toda a riqueza que alberga o país. Unha política conservacionista e utilitaria, que permita: (a) o consumo cultural democrático; (b) a oferta de cultura galega e en galego garantida como obriga

das institucións galegas; (c) a mellora do produto cultural existente e (d) a continuidade no futuro.

#### **IV.4.1.2 Medidas**

- Coordinación do mapa cultural galego a través da constitución dun “Consortio Cultural” que integre as actuacións de programación cultural desenvolvidas na actualidade por entidades públicas e privadas de Galiza.
- Creación do “Instituto de Galiza” como institución suprema de defensa, promoción e representación da cultura e da lingua galega, en que se integrarán o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Centro Ramón Piñeiro e, cando se crear, o Fondo Cultural Galego.
- Coordinación da actuación realizada polos entes públicos competentes en materia cultural como o IGAEM e o CGAC.

#### **IV.4.2. PATRIMONIO CULTURAL**

##### **IV.4.2.1 Obxectivos**

A política do goberno nacionalista en materia de patrimonio cultural dirixirase a asegurar a conservación, rehabilitación, posta en valor, disfrute social e garantía de transmisión ás xeracións futuras deste patrimonio, que é selo de valor inmenso da personalidade nacional de Galiza e espello da nosa historia como pobo singular e diferenciado.

##### **IV.4.2.2 Medidas**

A tal fin, e no prazo temporal dunha lexislatura, o goberno galego abordará:

1. No Patrimonio Histórico-Artístico de titularidade autonómica, procederase á súa completa catalogación e inventariado. Estabelecerase un Plano de Restauración e de Usos, con prioridades e prazos marcados.
2. No Patrimonio Histórico-Artístico de titularidade eclesiástica, asegurase a subscrición de convenios coa Igrexa Católica que supoña, garantir a apertura ao público dos monumentos, dispor usos alternativos aos eclesiásticos, garantir a utilización da lingua galega en rotulacións e informacións e homologar as intervencións previstas ás realizadas noutros monumentos ou pezas do patrimonio cultural.
3. Elaborarase, de acordo co estipulado na lei, un plano de coordinación e colaboración coas Administracións Locais, con vista a facer fronte ás necesidades máis urxentes e a non permitir o estrago de Bens de Interese Cultural radicados nos municipios e dependentes deles.

4. O Goberno galego instará o traspaso da titularidade e xestión dos monumentos, lugares, contornos e pezas do patrimonio cultural de titularidade estatal. Oporase a calquera venda, en subasta pública, de bens procedentes do Ministerio de Defensa, desafectados de usos militares.
5. A respecto dos bens culturais de titularidade privada, o Executivo utilizará as vías previstas na lei para evitar a ruína, estrago, deterioración ou espolio destes bens.
6. Crearase, segundo prevé a Lei de Patrimonio Cultural de Galiza, o corpo de inspectores do patrimonio histórico-artístico.

#### **IV.4.3. PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO**

##### **IV.4.3.1 Obxectivos**

O goberno do BNG desenvolverá unha política de protección do patrimonio arqueolóxico, etnográfico e industrial de Galiza que atenda á súa posta en valor e rendabilidade social. Así mesmo, aplicarase unha política preventiva, para, sobre a base legal, impedir que o estrago –irreversíbel- se produza.

##### **IV.4.3.2 Medidas**

1. Constitución, segundo prevé a Lei do Patrimonio Cultural de Galiza, da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
2. Os ditames das Comisións de Patrimonio han ser vinculantes a respecto das actuacións e planeamentos urbanísticos.
3. Elaborarase un Plano de Conservación, acompañado dun programa de prospección e habilitación de xacementos, priorizando as necesidades máis urxentes, tanto na arte rupestre como nos bens móbeis.
4. Elaborarase un plano urxente para a detección, catalogación e protección do patrimonio arqueolóxico subacuático.
5. As excavacións e intervencións autorizaranse sempre conforme ao regulamento establecido pola Consellaría de Cultura e en convenio cos departamentos técnicos das universidades galegas e doutras entidades investigadoras. Faranse públicos os criterios de adxudicación de proxectos e de contratación de empresas, asociacións ou particulares de arqueoloxía.
6. Elaborarase un Plano de Xestión do patrimonio rupestre que atenderá as urxencias máis visíbeis e disporá a súa preservación e rehabilitación.
7. Estabeleceranse convenios *ad hoc* cos departamentos de Educación e de Política Territorial e co organismo que se ocupará das actividades turísticas, para coordinaren actuacións e permitiren o desfrute social que non altere nin dane o patrimonio.

8. Procederáse á catalogación e inventariado dos bens do patrimonio etnográfico, para garantir a súa conservación, rexistro e investigación, tanto nos seus aspectos materiais como inmateriais.
9. Programarase a súa conservación e difusión como un instrumento de grande importancia para o coñecemento da historia de Galiza: o pasado en diálogo co presente.
10. Daráselle ao patrimonio etnográfico todo o aproveitamento didáctico que merece para o seu arquivo e rexisto daren pé á investigación.
11. Catalogarase e protexerase o patrimonio industrial de Galiza.

#### **IV.4.4. ARQUIVOS E PATRIMONIO DOCUMENTAL**

##### **IV.4.4.1 Obxectivos**

O goberno do BNG asume a necesidade de protexer, conservar, acrecentar e divulgar o patrimonio documental e arquivístico de Galiza e de reclamar a restitución dos arquivos e coleccións documentais galegos situados fóra do noso país.

##### **IV.4.4.2 Medidas**

1. Desenvolvemento do Sistema de Arquivos de Galiza, contemplado no Decreto 307/1989, nomeadamente nos seguintes puntos:
  - a) Creación da Comisión Técnica de Arquivos e Patrimonio Documental, como órgano asesor na materia.
  - b) Coordinación inter-centros, que permita a información, localización e consulta dos fondos existentes.
  - c) Creación do Centro de Microfilmado e Reprografía.
  - d) Creación do Arquivo Xeral da Administración da Xunta de Galiza, coordinado cos centros administrativos e cos arquivos das Consellarías.
2. Definición do Arquivo do Reino de Galiza como Arquivo Nacional de Galiza e delimitación do ámbito territorial e temático dos Arquivos Histórico-Provinciais.
3. Dotación adecuada, en persoal, recursos técnicos e económicos, dos arquivos, a fin de mellorar substancialmente o seu funcionamento.
4. Colaboración coas administracións locais para que os fondos (quer administrativos, quer de documentación histórica) depositados neles, sexan catalogados e depositados en locais idóneos con persoal especializado.
5. Procurar información sobre a documentación histórica ou bibliográfica, de interese galego, que pertence a propietarios particulares, con vista á súa desexábel integración no sistema de arquivos público. Así mesmo,

a Administración galega procuraría a información sobre a documentación de interese para Galiza que existe fóra do país, con vista á súa localización, dereito de uso ou reprodución, ou traslado á propia Galiza. Igualmente, para a localización da documentación existente nos arquivos eclesiásticos.

6. **Xeneralizar o uso do galego** non só no funcionamento administrativo dos arquivos, senón tamén na produción bibliográfica, atención a público e investigadoras e investigadores, divulgación académica ou doutro tipo. A produción editorial vinculada aos depósitos arquivísticos canalizaríase a través do servizo centralizado de publicacións da Xunta de Galiza ou Editora Nacional.
7. O Goberno galego iniciará decontado as xestións pertinentes cos responsábeis políticos do Goberno español para a recuperación de todos os materiais documentais de interese galego que se encontran en arquivos, bibliotecas ou hemerotecas estatais, a fin de conseguir a súa devolución a Galiza ou a súa versión reprografada e / ou filmada.
8. Lograr a completa informatización da descrición dos arquivos e dos seus fondos, tanto dos provinciais como do Arquivo do Reino de Galiza, a accesibilidade dos fondos documentais, tanto dos albergados en centros galegos como do patrimonio documental galego situado fóra de Galiza, a través de Internet, dentro dun programa de Descrición Arquivística Codificada.
9. O desenvolvemento dun programa de Arquivos Electrónicos, que permita a xestión e consulta, a través deste novo soporte comunicativo, do patrimonio documental.

#### **IV.4.5. LIBRO E BIBLIOTECAS**

##### **IV.4.5.1 Obxectivos**

O goberno do BNG empregará todos os recursos ao seu dispor ao servizo dunha política de restauración do idioma que privilexie a súa expresión escrita, en todos os soportes.

O goberno nacionalista configurará as bibliotecas como centros de información e para fomentar hábitos lectores entre o conxunto da poboación e democratizar o acceso á cultura. É por isto que será tarefa urxente construír un verdadeiro sistema bibliotecario galego, en que se profesionalice a xestión, que exista a necesaria dotación de libros e outros fondos e, en fin, que se deseñe o modelo de biblioteca pública que se considere preciso para cumprir aqueles obxectivos de información, formación e igualación social.

Por todo isto, faise imprescindible unha Lei que organice as políticas públicas de apoio e de axuda ao sector do libro e a todos os axentes e

establecementos nel implicados. Do mesmo xeito, esta Lei visa mellorar a conservación, arriquecemento e difusión do acervo cultural galego, en materia de patrimonio bibliográfico e documental e, ao mesmo tempo, perfeccionar o sistema de publicacións oficiais e a súa distribución. Ao final, créase o Consello Asesor do Libro como órgano de cooperación entre todos os implicados no sector e as administracións públicas.

#### **IV.4.5.2 Medidas**

1. Creación dunha Distribuidora Central ou Librería que distribúa toda a produción editada pola Xunta de Galiza, tanto de carácter administrativo como de calquera outra índole, tanto venal como non venal.
2. Aplicación dunha decidida política de promoción do libro e de fomento da lectura que contemplará as seguintes medidas:
  - a) A utilización favorábel dos medios de comunicación de titularidade pública.
  - b) A organización de feiras ou salóns monográficos do libro galego, xunto coa participación patrocinada do mesmo en calquera das outras exposicións nacionais e internacionais.
  - c) A realización de campañas institucionais, periódicas, de propaganda e promoción do libro galego, en convenio coas asociacións de editoras e de libreiros.
  - d) A realización de campañas de animación á lectura dentro do sistema escolar e do sistema bibliotecario galego.
3. Toda a produción bibliográfica da Xunta de Galiza se centralizará nun único centro. Esta Editora Nacional, que pode ser unicamente entidade pública ou ben tomar a forma dunha sociedade mixta, con presenza do sector editorial galego, asumirá, ademais, a edición daquelas obras que, pola súa necesidade, a conveniencia de que existan traducidas ao galego, o seu custo ou a súa non rendibilidade comercial (e si cultural) deben ter asento e circulación no mercado editorial galego.
4. Colaboración e diálogo coas Asociacións de Escritores, para as involucrar na difusión da literatura galega.
5. Política de apoio á oferta editorial privada, apoio que deberá realizarse con total transparencia, respecto á pluralidade ideolóxica e publicidade dos criterios que determinan a subvención. En especial, procurarase a edición de libros de peto en galego.
6. Patrocinio de edicións non venais ou ben a prezo abaratado, que permitan o seu consumo masivo, de obras ou textos fundamentais da lectura e da historia de Galiza.
7. Convenio con outras institucións, empresas e entidades financeiras e/ou culturais para a edición e circulación dos seus fondos. Atenderase especialmente a atención e patrocinio da edición e consulta dos fondos da 'Real Academia Galega'.

8. O “Día das Letras Galegas” deixaría de ser feriado para se converter en data principal dun mes especialmente dedicado á promoción da lectura e do libro galego.
9. Política activa de colaboración e intercambio co sector editorial, científico e académico de Portugal e países de lingua portuguesa.
10. Cumprimento da Lei de Bibliotecas e desenvolvemento regulamentario preciso para dar efectividade ás súas disposicións, nomeadamente no que atinxe á constitución dos órganos nela previstos e ao contacto permanente cos profesionais do sector.
11. Estabelecemento dun plano de coordinación entre todas as bibliotecas da rede, que permita o coñecemento e a información sobre os fondos de cada unha delas e a constitución de centros nodais que centralicen e distribúan a mesma.
12. Dotación, para todas as bibliotecas, dun fondo editorial galego, que procure a existencia de toda a bibliografía galega e sobre a Galiza dispoñíbel e que, polo menos, conste dunha biblioteca galega básica.
13. Dotación de persoal suficiente para permitir o adecuado funcionamento das bibliotecas.
14. O Centro de Documentación Bibliográfica debe recoller e ampliar toda a bibliografía e documentación non arquivística sobre Galiza, con vista á constitución dunha Biblioteca Nacional e dunha Hemeroteca Nacional.
15. A creación de novas bibliotecas responderá a un programa nacional.
16. Estabelecerase un plano de formación continuada do persoal técnico e auxiliar das bibliotecas e un programa unificado de informatización e intercambio de información entre os diferentes centros.
17. Iniciarase un proceso de diálogo e negociación con aquelas institucións públicas e/ou privadas que posúan bibliotecas de interese para Galiza, con vista á súa utilización como patrimonio público.
18. Acordarase, coa Consellaría de Educación, un plano para articular unha rede de bibliotecas do ensino obrigatorio.
19. Estabelecerase un plano de coordinación coas Bibliotecas universitarias, que permita o intercambio de información sobre os seus fondos e a consulta dos mesmos.
20. Potenciaranse os servizos bibliotecarios e procurarase que os centros sexan tamén utilizados como infraestruturas para actividades de extensión bibliotecaria.

## **IV.4.6. INSTITUTO GALEGO DE ARTES ESCENICAS E MUSICAIS (IGAEM)**

### **IV.4.6.1 Obxectivos**

O goberno do BNG reformará o IGAEM co fin de o dotar dos orzamentos e dos recursos técnicos e persoais precisos para o bo desempeño das súas funcións: a xestión integral –documentación, asesoramento e promoción– do teatro, a música e a danza galegos, sempre en conexión con profesionais, artistas e técnicos implicados económica e culturalmente na súa creación, representación, interpretación e difusión.

### **IV.4.6.2 Medidas**

- ❑ Coordinación do Centro Dramático Galego, como o resto de entidades de que se ocupa, coa dirección do Instituto.
- ❑ Alargamento do abano de actuacións que o IGAEM debe promover e mellorar de forma substancial a dotación de medios ao mesmo.
- ❑ O IGAEM debe facilitar a accesibilidade aos espazos xa existentes a grupos de teatro, de música, de danza ou asociacións culturais, tanto para actuacións ou espectáculos como para ensaios que o precisaren.
- ❑ O IGAEM poderá impartir cursos de formación en materias relacionadas coas artes escénicas, musicais e audiovisuais, que persigan a consolidación dunha canteira profesional galega e o aumento da calidade do espectáculo ou do produto final.

## **IV.4.7. TEATRO**

### **IV.4.7.1 Obxectivos**

No caso galego, como noutras nacións de Europa ou do mundo, teatro e conciencia nacional camiñaron intimamente unidos: concebiase aquel como un óptimo instrumento de dignificación do idioma nacional, de representación cultural propia, de contributo ao coñecemento e estima da historia do país, de recipiente das necesidades, sentimentos e aspiracións da sociedade que o producía. En Galiza, por isto, os sucesivos intentos que se levaron a termo para crear unha dramaturxia galega propia, foron sempre parellos á configuración e organización do nacionalismo, como necesidade política e cultural.

Na actualidade, e despois de sucesivos gobernos autonómicos, aínda non temos articulada unha política teatral estábel e adecuada ao papel que o teatro debería cumprir para o público galego de hoxe. Para o goberno do BNG, a creación e recuperación de espazos que posibiliten unha actividade teatral regular, para a faceren habitual polo menos nas cidades e vilas principais, é unha tarefa primordial que debe ser emprendida, en simultaneidade coa ampliación e mellora da rede galega de teatros e auditorios que permitan un



traballo estábel e continuado para as diferentes compañías e grupos teatrais do país.

#### **IV.4.7.2 Medidas**

1. Plano de estabilización do teatro, que abordaría o IGAEM con concellos do país, cunha programación prevista para tres ou catro anos e que permita o intercambio de actuacións das diferentes compañías por todo o país.
2. Creación da Escola Superior de Arte Dramática, que concederá títulos habilitantes para a profesión teatral, asegurará a formación continuada, e que funcionará, tamén, como centro de documentación, investigación e divulgación teatral.
3. O Centro Dramático Galego incrementará as súas producións e actuacións, para facer do teatro galego e en galego feito habitual nas cidades e vilas do país.
4. Atención ás ensinanzas de teatro que contempla o ensino obrigatorio e o ensino universitario.
5. A política de axudas públicas ao teatro debe aspirar a establecer concertos directos e particulares con cada grupo ou compañía para unha campaña concreta.
6. Os chamados Circuitos Culturais contarían cunha programación estábel de teatro galego, en conexión coas programacións culturais dos concellos.
7. Tarefa inmediata do IGAEM, en conexión co traballo da Escola Superior de Arte Dramática e o Centro Dramático Galego, sería a plena dotación e apertura ao público do arquivo das artes escénicas e musicais, así como a recuperación e progresiva escenificación do teatro clásico galego.
8. Fomentaríase o intercambio bilateral co teatro de países como Portugal e outros de lingua portuguesa.
9. Para suplir, onde for necesario, a carencia de locais públicos aptos para a actividade teatral, procuraríase establecer convenios de utilización de locais, tanto doutras institucións diferentes da autonómica, canto de entidades ou empresas privadas.
10. Aseguraríase a política de colaboración coa Radio e a Televisión públicas, para lle dar á actividade teatral a máxima difusión e rendibilidade.
11. Política de patrocinio da edición e difusión de todo o teatro galego clásico e da edición e difusión de teatro contemporáneo, así como da investigación e documentación teatral.
12. Inclusión do teatro galego nos proxectos ou investimentos de carácter cultural.

13. Política de patrocinio directo, tanto para o teatro profesional como para o amador, de rúa, de bonecos e infantil. Facilitación a estes grupos de materiais, *atrezzo* e recursos do teatro institucional.

#### IV.4.8. MÚSICA E DANZA

##### IV.4.8.1 Obxectivos

Fronte á caótica política desenvolvida polos sucesivos gobernos do PP nestas materias, o goberno do BNG terá como obxectivos a mellorar o **ensino musical** -Escolas de Música, os conservatorios profesionais e o Conservatorio Superior-, apoiar a **música tradicional** - elemento diferencial da nosa cultura que cómpre recuperar e dinamizar, incluíndo a súa aprendizaxe nas escolas de música e conservatorios-, promover e apoiar o **asociacionismo musical** - Federación Galega de Bandas de Música Populares, Federación Coral Galega, Asociación de Músicos en Lingua Galega, etc. –**rendabilizar socialmente as axudas e a colaboración coas dúas orquestras sinfónicas existentes en Galiza** (a Orquestra Sinfónica de Galiza, dependente do Concello da Coruña, e mais a Real Filharmonía, de Santiago de Compostela), **fomentar a produción musical galega** en todos os eidos e estilos e **promover a danza**, a través do apoio aos grupos de música e danza tradicionais.

##### IV.4.8.2 Medidas

1. Mellora da Escola de Altos Estudos Musicais e colaboración coas iniciativas de orquestras sinfónicas que xurdiron no sul do país, para alén das dúas formacións sinfónicas xa existentes.
2. Edición de partituras (e libretos, no seu caso) da tradición clásica galega, así como das óperas con que ela conta. Favorecerase a inclusión de compositores nacionais nos programas de estudo dos conservatorios. Preveranse bolsas para favorecer a creación musical de obras de cámara e orquestais.
3. As Escolas de Música municipais recibirán apoio e financiamento autonómico, en convivio co financiamento municipal.
4. O coñecemento e estudo da música tradicional estará garantido nas Escolas de Música e nos Conservatorios profesionais.
5. O Goberno galego manterá regularmente relacións de interlocución e colaboración con todas as asociacións presentes e actúantes no sector.
6. A Consellaría de Cultura, en colaboración indispensable coa de Educación, comezará a incluír ensinanzas das diferentes modalidades de danza nas Escolas de Música en colaboración coas compañías e escolas privadas que existen.
7. Exixirase o cumprimento real das cotas de emisión de música galega na Radio Galega e na TVG.

8. Promoverase a realización de gravacións discográficas en colaboración coa Radio Galega.

#### **IV.4.9. ARTES PLÁSTICAS E MUSEOS**

##### **IV.4.9.1 Obxectivos**

O goberno nacionalista procurará familiarizar o público cos produtos artísticos, do pasado e de hoxe e estimulará o debate aberto, crítico e plural sobre a arte, o seu consumo e a súa funcionalidade social.

A política de recoñecemento, valorización e promoción das artes plásticas non se debe supeditar á celebración de eventos extraordinarios, como o Xacobeo, a capitalidade cultural ou calquera outro semellante. Ha de ter entidade por si propia, con continuidade no tempo e sen se someter a designios do mercado internacional impostos desde fóra de Galiza. Ha de ser autónoma, libre e atenta para fortalecer a exhibición e o mercado nacionais.

##### **IV.4.9.2 Medidas**

- ❑ Reforma da Lei 12/1991, na liña de restituír a obriga legal de dotación artística dos edificios e obras públicas.
- ❑ Política de colaboración técnica, artística e promotora coas asociacións do sector, como a “Asociación Galega de Artistas Visuais”, creada en 1997.
- ❑ Coordinación e redefinición dos museos pertencentes á rede, con identificación de museos que teñan o carácter de nacionais.
- ❑ Reorganización das coleccións institucionais e do papel dos Centros de Arte Contemporánea que existen no país. O Centro Galego de Arte Contemporánea debería funcionar como o Centro Nacional de Artes Plásticas de Galiza.
- ❑ Política “de portas abertas” que dea a coñecer ao público galego en xeral, e ao escolar en particular, toda a riqueza histórico-artística que alberga a rede de museos galega.
- ❑ Facilitación do labor investigador, formativo e creador, a través de bolsas de estudo *ad hoc*, para Galiza e para o estranxeiro.
- ❑ A promoción decidida das artes plásticas realizadas por artífices galegas e galegos e que traballan no país.
- ❑ A recompilación e recuperación do legado artístico galego, cunha catalogación centralizada.
- ❑ O Museo do Pobo Galego, en atención á súa natureza e función, funcionaría como o museo central que recollese e ampliase todos os

bens culturais de carácter etnográfico e como órgano asesor daqueles centros que existisen con carácter local.

- ❑ É prioritario dotar de sentido, co cumprimento das prescricións do Título V da Lei do Patrimonio Cultural de Galiza, o legalmente establecido para os museos, as funcións que deben cumprir, a facilidade de acceso aos mesmos, o seu importantísimo didáctico, a preservación e digna exhibición dos seus fondos.
- ❑ Disporíanse os convenios oportunos coa CRTVG a fin de a rádio e a televisión públicas galegas contribuíren ao coñecemento e aprezo da arte galega, histórica e moderna.

#### **IV.4.10. ASOCIACIONISMO CULTURAL**

Para a Galiza que o BNG aspira a construír é fundamental a existencia dunha acción socio-cultural que actúe na base da sociedade, que teime nunha oferta e nunha distribución cultural ampla e con vocación maioritaria e que continúe a ser factor de dinamización cultural por todo o país.

Co fin de contribuír ao mantemento, diversificación e expansión deste asociacionismo cultural, o goberno do BNG adoptará as medidas que a seguir se recollen.

##### **IV.4.10.1 Medidas**

- ❑ Diálogo continuado entre os poderes públicos e o movemento asociativo, con inclusión das asociacións culturais, a través das súas representacións, nos órganos da administración cultural galega.
- ❑ Atención política e orzamentaria para garantir un funcionamento normalizado das asociacións culturais.
- ❑ Unha política de axudas transparente e obxectiva.
- ❑ A colaboración institucional na formación e actualización de animadoras e animadores culturais.
- ❑ O impulso do labor asociativo na mocidade, con facilitación de locais, recursos técnicos e humanos.
- ❑ A colaboración dos medios de comunicación de titularidade pública na exhibición, dignificación e difusión das actividades das asociacións culturais.
- ❑ O favorecemento da investigación e a recuperación de actividades lúdicas e festivas da tradición cultural galega.

## V. DESENVOLVEMENTO E POLÍTICA ECONÓMICA

Galiza vén perdendo posicións nas dúas últimas décadas a respecto das rexións europeas en produción por habitante, situándose nestes últimos anos entre as máis pobres da UE-15, e mesmo dentro da UE-25 seguimos sendo do pelotón de territorios de menor renda *per capita*. É das poucas que perderon emprego neto tanto na década dos oitenta como na dos noventa. Está tamén entre as poucas que mesmo perderon poboación. A pesar do triunfalismo hipócrita dos propagandistas oficiais, o certo é que, por desgracia, durante os tres lustros de Goberno Fraga, Galiza crece menos que as economías do noso entorno e, en consecuencia, perdemos posicións. O esforzo permanente de maquillaxe da realidade nos medios de comunicación experimentou un salto cualitativo nos últimos meses cando mesmo queren presentarnos como un éxito que sigamos formando parte do club de “rexións Obxectivo 1” da UE, cando iso non é máis que a constatación do seu fracaso e do fracaso ao que conduciron o país.

A nosa capacidade produtiva continuou a se resentir ao longo deses anos. Algunhas empresas conseguiron aproveitar ben o tirón da economía mundial e europea na segunda metade dos noventa, en particular o ciclo expansivo do automóbil, a industria da confección e algunha outra excepción. Mesmo foron quen de capear a recesión de principios desta década. Aínda así, o conxunto do sistema produtivo agrario, pesqueiro e industrial vai ás avesas, non aparecen empresas nas novas actividades e corremos o risco de perder máis unha vez o tren diso que se deu en chamar a “economía baseada no coñecemento”. O terciario avanzado segue a ser un espectro do que podería e debería ser. A última crise dos estaleiros públicos e os crecentes movementos de deslocalización industrial que veñen vivindo algúns sectores poñen de relevo as feblezas do noso tecido produtivo e as nefastas consecuencias dunha política industrial case inexistente, que careceu de horizonte estratéxico e espaxou os recursos de tal xeito que non foi quen de diversificar o tecido produtivo cara a actividades de maior nivel tecnolóxico, maior capacidade innovadora e maior valor acrescentado. A pasividade conservadora dos gobernos de Fraga conduciu a un debilitamento do tecido industrial de boa parte dos sectores ao mesmo tempo que se converteron en aliados e abandeados dos intereses miopes e de curto prazo dos sectores estragadores de recursos e baixa produtividade, que cifran a súa cativa sobrevivencia na precarización da man de obra e nos baixos salarios. Iso non se sostén de cara ao futuro. A realidade dos últimos lustros mostra que no marco europeo non ten viabilidade a longo prazo unha economía baseada no estrago dos recursos e en baixos custos de man de obra de baixa cualificación. E iso obriga a cambiar de rumbo.

### V.1. UNHA ECONOMÍA PRODUTIVA AVANZADA

A viabilidade económica do noso país a longo prazo depende da capacidade propia para a xeración de riqueza e, por tanto, da expansión da nosa capacidade produtiva. Para iso é preciso priorizar as políticas e a aplicación dos recursos -os propios e os percibidos do Estado español e da UE- cara a fins que revistan unha utilidade social clara, reforcen directamente a

capacidade produtiva e a diversificación do sistema produtivo. O BNG vén defendendo desde hai anos que os recursos públicos non deben volcarse prioritariamente nas infraestruturas físicas tradicionais, o popular “cemento e chapapote”, senón que deben asumir un destino máis estratéxico, directamente comprometido co investimento produtivo e social. Por esa razón, criticamos que o “Plan Galicia” improvisase medidas que abundaban na reiteración dun tipo de accións que non respondían ás auténticas prioridades da economía galega.

Pór remedio a esa deriva da economía galega require tomar decisións enérxicas e de alcance en moitos terreos, mais, sobre todo, a posta en marcha dunha *estratexia industrial e terciaria* que permita fortalecer, ampliar e diversificar tanto as actividades estritamente industriais como os chamados servizos avanzados. Consideramos que Galiza ten de estar presente no mapa europeo de actividades de futuro, que son xustamente aquelas en que se dá unha forte interpenetración dos servizos intensivos en coñecemento e a industria. A nosa situación de partida presenta algúns puntos fortes singulares (certas empresas dinámicas e ben posicionadas nos seus respectivos mercados), mais en termos xerais contamos cunha feble base industrial, especializada en actividades de carácter maduro e tradicional, con empresas infradimensionadas, con escasísima capacidade innovadora e febles redes comerciais. As escasas economías de escala, a reducida diversificación que impide o aproveitamento de economías externas e a minúscula capacidade de innovación son factores que limitan a competitividade en todos os sectores. As dificultades para se adaptar ao cambio estrutural que ten lugar na economía mundial e europea nos últimos tempos agrávanse debido á existencia de graves estrangulamentos institucionais. Entre eles cómpre destacar a ausencia de política industrial e tecnolóxica por parte da Xunta, a feble ou nula vinculación banca-industria que provoca a asfixia financeira desta última, e unha política educativa infradotada e pouco estratéxica, máis preocupada de responder ás demandas clientelares do sector privado da educación que ao reforzamento da súa calidade efectiva e ás necesidades formativas reais do sistema produtivo. Tampouco a política de infraestruturas tecnolóxicas e a de solo industrial responden na actualidade ás necesidades das empresas.

Por iso, o BNG lanzou hai algúns anos a proposta para definir un grande “**pacto social pola industrialización**” e voltamos a reiterala por a considerarmos cada día que pasa máis necesaria e urxente. Tendo moi en conta as limitacións de partida da nosa industria, o BNG propón unha serie de liñas básicas que deberán inspirar ese pacto e que logo detallamos.

1. **Infraestrutura de apoio á innovación e prestación de servizos tecnolóxicos.** Resulta urxente a posta en marcha, con recursos, dunha política tecnolóxica orientada á diversificación industrial e ao aumento do contido tecnolóxico e á calidade dos produtos, mediante a creación de Departamentos técnicos e de I+D nas empresas de dimensión media ou grande e, en todo o caso, creación e dotación dunha rede de *centros tecnolóxicos sectoriais* que respondan ás necesidades cotiás de todo o tecido industrial.
2. **Un Plano Tecnolóxico que multiplique os recursos destinados á investigación e á innovación,** que sirva de panca mobilizadora dos recursos humanos que existen nas Universidades, Centros de

Investigación e nas Empresas; que fomente a cooperación real entre eles, orientando os primeiros cara ás necesidades do sistema produtivo.

3. **Fortalecer o compromiso entre o sistema financeiro e a industria**, tanto para favorecer a creación de novas empresas innovadoras como para financiar a diversificación, modernización e innovación das existentes (así como a súa expansión comercial). A experiencia dos países máis dinámicos demostra que o compromiso do capital financeiro en forma de participacións no capital, con sociedades de capital de risco, créditos a longo prazo, *project finance*, etc., son imprescindíbeis para a expansión das empresas industriais.
4. **Promover a difusión das innovacións no tecido empresarial**. Dada a escasa cultura innovadora do empresariado galego, as Institucións deberían despregar de forma sistemática equipos técnicos especializados para diagnosticaren as deficiencias tecnolóxicas e informaren sobre as tendencias tecnolóxicas no seu sector e, ao mesmo tempo, sensibilizar, animar e apoiar as empresas na busca de solucións e socios tecnolóxicos para afrontaren anticipadamente os problemas neste terreo.
5. **Utilización da capacidade legislativa a prol da innovación**. Cando as empresas tenderen a ser pouco innovadoras, a Administración pode apoialas con axudas, mais tamén debe facer uso da súa capacidade reguladora para incentivar ou forzar ás empresas a iren introducindo canto antes aqueles cambios ou innovacións que sabemos que acabarán impóndose en calquera caso, sexa pola competencia das grandes empresas, sexa polas normativas comunitarias (p.ex., condicións ambientais, hixiénicas, normas técnicas).
6. **Impulso ás novas actividades emerxentes**. Galiza debe facer un esforzo suplementario para promover aquelas actividades novas que están a emerxer en todo o mundo á calor das novas tecnoloxías, non só na informática, as telecomunicacións e internet, senón tamén nas biotecnoloxías e nos novos materiais ou diferentes eidos dos servizos avanzados.

En definitiva, unha estratexia industrial e terciaria avanzada require unha aposta en termos de recursos orzamentarios, mais tamén, e sobre todo, unha reformulación a fondo dos mecanismos de actuación da Administración para ter en conta as necesidades específicas do noso entorno industrial.

A estratexia governamental de desenvolvemento económico non pode deseñarse desde a concepción parcial dun só departamento ou consellaría senón que ten de plasmarse nunha acción congruente e concertada polo conxunto das áreas que conforman o goberno. A superación do minifundismo governamental é unha condición necesaria para o éxito dunha estratexia realista de desenvolvemento.

En todo o caso, o desenvolvemento económico precisa unha estratexia global e integrada que coordene de xeito congruente as actuacións nos diversos factores produtivos e institucións: financiamento, recursos humanos, tecnoloxía, regulación do sector e dos mercados, promoción exterior, gasto público, etc. Por esa razón, este programa propón un amplo abano de medidas que consideramos congruentes cos obxectivos antes enunciados de situar a

Galiza como unha economía avanzada, innovadora, creadora de emprego e de riqueza, socialmente cohesionada e sustentábel.

## **V.2. UNHA ESTRATEXIA PARA A INDUSTRIALIZACIÓN**

A implementación da política industrial e de promoción do desenvolvemento económico estruturámola en diferentes niveis, por un lado, aquelas medidas de carácter transversal ou horizontal que van dirixidas ao conxunto do tecido produtivo, que se poden plasmar en actuacións a nivel sectorial ou a nivel de empresa e, por outro lado, os planos de actuación específicos para cada sector que deberán ser elaborados e desenvolvidos en estreito diálogo e colaboración coas empresas e axentes sociais de cada un dos sectores.

Estas medidas de carácter transversal van dirixidas tanto a fortalecer o sistema produtivo actualmente existente como a promover a posta en marcha de novos proxectos, que diversifiquen, integren e amplíen a gama de actividades realizadas en Galiza. Entre as medidas deste tipo adquiren especial relevancia as financeiras, as de asesoramento, as de fomento da cooperación e xeración de sinerxias entre as empresas.

### **V.2.1. APOIO FINANCEIRO E ESTRATÉXICO AO CRECEMENTO**

Un dos problemas cruciais que ten cercenado a capacidade de expansión das nosas empresas e a implantación de novos proxectos empresariais foi, sobre todo ao longo das dúas últimas décadas, a dificultade de financiamento. Sobre todo a captación de recursos alleos para ampliar o capital das empresas e o financiamento a medio e longo prazo. A Banca española nunca tivo un compromiso mínimo co desenvolvemento industrial do país e a banca galega tense distanciada nos últimos lustros cada vez máis da industria autóctona e acentuado o seu carácter especulativo. Tras a adhesión á Unión Europea, as caixas de aforros víronse liberadas das súas limitacións operativas, e comezaron a xogar o mesmo papel que os bancos, acentuando algunhas entidades galegas de forma especialmente notábel o carácter especulativo das súas actividades. A liberdade para participar no financiamento da industria tense traducido, en definitiva, no caso das caixas de aforro galegas, nunha progresiva desvinculación dos compromisos de financiamento ás pequenas e medianas empresas, nunha renuncia cada vez máis acusada a xogar un papel de intermediación entre as familias do país e o sistema produtivo galego e na acentuación do seu papel como deslocalizadoras do aforro nacional.

A modificación do *modus operandi* do sistema financeiro galego, e o reforzo do seu mercado carácter periférico, deixaron sentir a súa pegada nas pautas de financiamento das pequenas e medianas empresas do país. Con carácter xeral, a estrutura financeira das PEMES galegas reflicte unha escasa participación do crédito proporcionado por bancos e caixas de aforro, tanto a longo como a curto prazo, un escaso grao de bancarización do seu pasivo a



curto prazo, e unha excesiva dependencia do crédito comercial proporcionado por acredores non institucionais. As consecuencias deste particular modo de financiamento deixan sentir os seus efectos negativos sobre a capacidade de xeración de valor engadido bruto, sobre os resultados, e sobre a capacidade de xeración de *cash flow*.

O papel do IGAPE e da sociedade Xesgalicia, apenas son un parche para atender as urxencias dun número reducido de empresas privilexiadas, o resto do tecido empresarial galego ten ficado totalmente desatendido.

A carencia ou limitacións dos instrumentos de financiamento industrial leva a que mesmo institucións tan pouco aptas para o investimento como son as Universidades teñan dado, nalgún caso, o paso de crearen sociedades de capital risco para promoveren empresas innovadoras. Obviamente, son exemplos que evidencian un mundo ao revés: os gobernos e as entidades financeiras dimiten das súas obrigas investidoras e as Universidades creñen obrigadas a cubriren o seu oco.

Cómpre, por tanto, que desde a Administración Autonómica se corrixa esta ineficiencia do sistema financeiro galego, adoptando as seguintes medidas de goberno:

1. Aprobación dunha **nova Lei Reguladora de Caixas de Aforro** para modificar a orientación da súa política crediticia con vistas a un fortalecemento dos lazos coas empresas: compromiso de canalizar os depósitos cara a créditos concedidos en Galiza; reorientación da política de crédito para dar maior importancia aos dirixidos a empresas e favorecer a participación directa no capital de empresas industriais e terciarias.
2. Creación do **Instituto Galego de Desenvolvemento**, que se dotará de especialistas capacitados para o manexo do risco industrial, e que acometerá as seguintes funcións básicas:
  - Estudar en contacto cos investidores potenciais os seus proxectos na fase previa á tomada da decisión definitiva de investir, co obxecto de determinar as súas posibilidades de mercado, a planificación estratéxica do mesmo e a determinación dos fitos fundamentais do investimento, e a súa escrupulosa tradución a necesidades de fondos.
  - Escolmar, de entre os proxectos estudados, aqueles que contaren cun potencial de implantación maior, polo seu potencial de mercado, novidade comercial, etc., e apoialos vía crédito, colaborando, aliás, cos promotores perante institucións locais, rexistros, institucións autonómicas, centrais e mesmo comunitarias, para facilitaren os trámites legais de implantación, concesión de subvencións, etc.
  - Ampliar notabelmente, xunto coas caixas de aforro e os bancos galegos, a dotación e ambicións das Sociedades de Capital Risco hoxe integradas no “complexo IGAPE” con capacidade real para participar nos proxectos con perspectivas de éxito máis intensivos en tecnoloxía. Nese sentido, consideramos que un eixe específico que o goberno autónomo debe asumir como propio son as

iniciativas que veñen xurdindo desde o ámbito universitario para promover empresas baseadas en resultados da investigación.

- Fomentar coa colaboración das entidades financeiras a creación dun segundo mercado específico para PEMES galegas, cara á que puideran dirixirse as empresas na procura de novos capitais e no cal as Sociedades de capital risco puideran vender, realizando plusvalías, as accións das súas participadas, unha vez callaren con éxito os proxectos en que participaren.
  - Coordinar xunto coas entidades financeiras a saída a bolsa das sociedades galegas que o desexaren, sempre que estiveren capacitadas para accederen a aquela.
3. Impulso ás **novas entidades de afiunzamento** -Sociedades de Garantía Recíproca, Sociedades de Segundo Aval, etc.- participadas tamén polas caixas de aforro e os bancos galegos. Estas novas entidades estarán dotadas con recursos financeiros de abondo, para que poidan prestar aval aos novos proxectos intensivos en I+D, a demanda do Instituto Galego de Desenvolvemento (IGD), sen exixir aos empresarios innovadores o duplo aval en forma de garantías de carácter real diante das SGR.
  4. O Instituto Galego de Desenvolvemento coordinará a actividade de todas e cada unha destas sociedades, co obxecto de proporcionar coherencia ás actividades promocional, participativa e de afiunzamento e contará cunha estrutura que garanta a súa presenza efectiva ao menos nas sete grandes cidades galegas.

## V.2.2. PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN E DAS SINERXIAS ENTRE EMPRESAS

A difusión dunha nova cultura empresarial, virada cara á innovación e á competitividade, debe promoverse por todos os medios. Entre eles, consideramos moi útil a propia autoorganización das empresas en estruturas que faciliten a fluidez da información, a reflexión colectiva, o intercambio de experiencias, a cooperación e a creación de equipos de asesoramento estratéxico para todas elas. A competencia principal entre as empresas industriais non está a nivel local senón nos mercados exteriores, por iso é preciso crear as condicións que permitan ás nosas empresas adentrarse nunha estratexia cooperativa que fortaleza o seu posicionamento estratéxico nos mercados globais.

Nese sentido, a potenciación das **“plataformas tecnolóxicas”**, **“complexos industriais”**, asociacións empresariais sectoriais ou locais, foros permanentes de convivencia, etc., constitúense como un dos piares da política industrial do BNG.

A potenciación de “plataformas tecnolóxicas” e os “conglomerados empresariais de actividades afíns” son tamén fundamentais porque a maior parte do coñecemento tecnolóxico é decote específico e tácito (difícil de codificar) e a súa difusión require da potenciación das relacións e da confianza entre empresas xeograficamente próximas. Este feito require da Administración

un esforzo persistente e continuo por liderar e coordinar o esforzo conxunto dos axentes económicos na procura de maior colaboración en actividades como as de produción, I+D e comercialización. Todo o contrario ao que acontece hoxe en día, cando as políticas do PP se traducen, *de facto*, na constitución de asociacións que acaban por se conformar esperpenticamente como grupos de presión perante a Administración que actúa como promotora: a propia Xunta.

Ademais, faise cada vez máis evidente en Galiza que as tradicionais intervencións do goberno do PP a través dos seus programas e subvencións carecen da imprescindible participación dos axentes destinatarios das axudas. A política nacionalista en materia de complexos industriais é a de fomentar a participación dos axentes afectados co obxectivo de enxergar medidas que estean mellor adaptadas ás necesidades reais das empresas, en lugar de levar adiante unha planificación de arriba a abaixo desvinculada dos requerimentos operativos do entramado produtivo.

Por último, cabe destacar que durante os gobernos sucesivos do PP as políticas tradicionais centradas case exclusivamente en subvencións está demostrado en todo o mundo que son as menos eficaces. Normalmente, non axudan en nada a reformular as opcións estratéxicas das empresas. Existe, pois, unha necesidade real de adaptar a política industrial a empresas con retos estratéxicos diferentes.

De maneira concreta, a política do goberno pode axudar a prover incentivos para as empresas se renovaren e pode actuar sobre o entorno para o converter en máis exixente e facilitador do cambio.

As medidas prioritarias na **promoción dos “complexos industriais”** deben ser:

1. **Acadar masa crítica:** só se os complexos acadaren unha masa crítica suficiente poderán detectarse os beneficios do seu funcionamento. Resulta neste senso prioritario incrementar o tamaño actual dos *clusters* medido en termos de emprego, así como a intensidade das relacións entre os participantes. Con este fin, a experiencia internacional demostra que a propia demanda do sector público e tamén os seus esforzos de liderazgo e coordinación son esenciais para promoveren unha maior masa crítica na actividade en cuestión. Alén disto, e na liña da obtención de maior masa crítica, débese tamén potenciar os nodos sen cubrir das redes xa estabelecidas no territorio (automoción, móbeis, papel, servizos a empresas, etc.) para facilitaren o seu desenvolvemento ou incentivaren as compañías líderes para que estimulen os cambios na cadea cara a abaixo.
2. **Complementar algunhas funcións do empresariado** cando estes por si sós non sexan capaces de desenvolveren as súas funcións: o empresario debe ser contemplado como o axente primordial do proceso que procura ligar o desempeño innovador coas oportunidades tecnolóxicas. O labor público nestas actividades debe (a) fomentar a especialización dentro dun mesmo conglomerado industrial na procura de maior eficiencia e menores custos para acometer a tarefa de emprendedor, e (b) complementar a iniciativa privada en canto a promoción e desenvolvemento do complexo así o requirise. Cómpre reparar en que o apoio público a cada unha

destas tarefas, ben fomentando a iniciativa privada nelas, ou ben responsabilizándose delas mesmas, deberá adaptarse en calquera caso á etapa do ciclo de vida do sector obxecto da actuación. Así por exemplo, a participación do goberno galego no desenvolvemento do sector das telecomunicacións ou das biotecnoloxías na comunidade pode requiren máis compromisos que no caso de sectores maduros e consolidados.

3. **Promover a cooperación:** un dos obxectivos esenciais da Administración galega debe ser a de pór os alicerces sobre os que construír a necesaria confianza entre os participantes no conglomerado empresarial. Isto conséguese non só ao potenciar os acordos de cooperación con apoio financeiro, senón tamén ao promover os contactos informais mediante reunións, seminarios, etc., en que os participantes comparten ideas e proxectos. A escolla dos participantes en ámbitos territoriais reducidos, ademais, fai posíbel que a identificación dos determinantes da competitividade se realice en termos moi concretos e operativos, fuxindo de recomendacións e propostas xenéricas aplicábeis á práctica totalidade de actividades produtivas.

Estas actuacións xenéricas deben ter como obxectivo o conxunto das actividades máis relevantes na economía galega, mais sen renunciar nunca ao estímulo da presenza das nosas empresas nos mercados do futuro: telecomunicacións, información, biotecnoloxía, protección ambiental, novos materiais, enerxía, audiovisual, enxeñaría e servizos a empresas, etc. Precisamente, a obtención de masa crítica nestas actividades é un reto esencial para o goberno galego, pois o seu potencial de crecemento en relación aos sectores tecnoloxicamente máis maduros e predominantes en Galiza influirá decididamente na nosa capacidade para xerar emprego e, por tanto, tamén na nosa posición relativa en relación a Europa.

### V.2.3. POLÍTICA DE APOIO E PROMOCIÓN DOS SECTORES ESTRATÉXICOS

Tomando en consideración a nosa experiencia acumulada e as tendencias observadas na economía mundial cara ao predominio dos sectores e actividades intensivas en coñecemento, como consecuencia da aplicación das novas tecnoloxías e da orientación do consumo cara a produtos intensivos nas mesmas, parece necesario adoptar unha estratexia activa que, co realismo pertinente, nos permita non ficar fóra do mapa industrial do Século XXI. A evolución das actividades e do emprego nos países máis desenvolvidos móstranos que certas actividades de servizos están converténdose en eixes esenciais do crecemento económico e da creación de empregos. Por tanto, a nosa estratexia de política económica contempla tamén esas actividades como obxecto de atención preferente.

A estes efectos, serán considerados estratéxicos aqueles sectores ou pólas da actividade económica que respondan aos seguintes criterios:

1. **Complementariedade:** sectores que presenten unha densidade de interrelacións sectoriais, reais ou potenciais, que lles permitan actuar como elementos estruturadores e dinamizadores de partes importantes do noso tecido produtivo.

2. **Competitividade:** sectores que presenten potencialidades importantes para penetrar en mercados exteriores, incrementando as exportacións e tendo un efecto neto favorábel sobre a balanza comercial.
3. **Alto valor acrescentado:** que sexan **intensivos en coñecemento** e, por tanto, intensivos na creación de empregos de futuro; que permitan valorizar as cualificacións existentes entre o persoal saído dos nosos centros de educación, que hoxe se ve obrigado a buscar emprego fóra de Galiza. A nosa prioridade non pode centrarse nas actividades de baixos salarios, en que a nosa competitividade só pode ser escasa e efémera, senón nas actividades capaces de crear empregos cualificados, capaces de crear competitividade en base á calidade, diversificación, especialización, etc.
4. **Innovación:** Sectores dinámicos con capacidade para incorporaren innovacións ao sistema produtivo e para as difundiren, non pensando tan só nos sectores intensivos en tecnoloxía ligados ás “altas tecnoloxías”, senón nos sectores que son esenciais para a innovación nos sectores con unha presenza notábel no noso tecido produtivo. A estratexia debe consistir en ir incorporando aos sectores hoxe existentes aquelas actividades que permiten a súa transformación continua, dominando as fases de I+D, concepción, etc. que permiten facer evolucionar os produtos para entrar nos mercados máis remuneradores e dinámicos.

Un instrumento organizativo chave para este obxectivo pode ser a configuración de **Plataformas Tecnolóxicas** como foro ou institución de encontro dos diversos axentes involucrados en cada un deses sectores emerxentes (empresas, centros de investigación, universidades, usuarios, etc.), tomando como referencia o que se está empezando a facer a nivel comunitario por parte da Comisión Europea.

Para a identificación dos sectores estratéxicos e a selección de medidas específicas que han de permitir o seu apoio, combinarase a información procedente da prospectiva das tendencias da industria e os servizos a nivel mundial xunto coa avaliación da experiencia e *know-how* acumulado na nosa estrutura produtiva. Nese sentido debe realizarse un esforzo por non ficar reducidos mimeticamente ao repertorio de sectores estratéxicos ou priorizados a nivel Europeo ou Español, tratando de encontrar as nosas potencialidades específicas, sendo conscientes que é xustamente a **diversidade** a que pode abrir ocos no mercado mundial. O aproveitamento das posibilidades desa diversidade debe asentarse non só nos nosos recursos naturais, senón en todas aquelas cousas que sabemos facer ou podemos aprender a facer.

#### V.2.4. POLÍTICA TECNOLÓXICA

1. Galiza debe realizar un grande esforzo no cambio tecnolóxico que debe plasmarse nun PLANO DE I+D+i que englobe un PROGRAMA TECNOLÓXICO e un PROGRAMA DE I+D. Debe tratarse dun Plano cuadrienal que incremente aceleradamente os recursos dedicados a I+D, reforzando as capacidades tanto en investigación básica como aplicada, que dote de coherencia e coordinación a todas as actuacións neste

campo. O Programa Tecnolóxico terá como obxectivo central o impulso á creación de infraestruturas tecnolóxicas e servizos tecnolóxicos ao servizo das empresas e da Administración, ademais de incorporar o deseño e coordinación de todas aquelas medidas destinadas a fortalecer a capacidade do sistema galego de innovación (incentivos financeiros, fiscais, formación, aprovisionamento público, etc). O cativo e desvertebrado Plano Galego de I+D da Xunta de Galiza reflicte a pouca relevancia real que o Goberno do PP lle veu atribuíndo ao longo dos seus sucesivos mandatos. É unha necesidade perentoria dar un salto neste campo, non só no relativo á investigación científica senón tamén, e sobre todo, na tecnolóxica. Por suposto, debe asumirse que unha política tecnolóxica necesita de tempo para render froitos, por iso debe formularse con criterios estratéxicos e a longo prazo, tratando de anticipar os escenarios de futuro para o desempeño da actividade industrial.

2. Nese sentido, e tendo en conta o baixísimo nivel de partida, un obxectivo a catro anos vista debería ser conseguir multiplicar por dous os recursos actuais totais dedicados a I+D (actualmente representan o 0,85 % do PIB) e a capacidade na prestación de servizos tecnolóxicos (apoio e asesoramento técnico para a innovación; apoio á calidade técnica, normalización e calidade ambiental; apoio á mellora das condicións de hixiene e seguridade no traballo; etc).
3. Paralelamente ao aumento do gasto en I+D, debería conseguirse unha distribución dese gasto onde o sector empresarial pasase a representar cando menos o 50-60 % do gasto total; isto requeriría multiplicar cando menos por cinco o gasto en I+D empresarial (incluíndo empresas e centros sectoriais). Ese nivel pode considerarse o limiar a partir do que o Sistema de Innovación pode comezar a render resultados de certa envergadura, creando sinerxias e economías de escala e economías externas importantes. Dado o punto de partida, parece razoábel pensar que unha grande parte dese esforzo debe ser protagonizado pola Administración, os centros tecnolóxicos dela dependentes, e os centros tecnolóxicos privados. De todas formas, debería ir acompañado dun esforzo de mobilización dos recursos privados (empresas industriais sobre todo, mais podería pensarse tamén nun plano especial pilotado polas Caixas de Aforro); non debe esquecerse, así mesmo, que un dos obxectivos dese PROGRAMA TECNOLÓXICO non sería só achegar recursos financeiros, senón remover a “cultura” e comportamento empresarial, ao promover unha cultura estratéxica ao nivel da dirección das empresas.
4. O aumento da dimensión media dos centros de investigación e tecnolóxicos é, en xeral, un obxectivo moi importante tendo en conta a reducida dimensión predominante nos centros existentes. Ese aumento de escala é imprescindible para que alcancen o nivel ou masa crítica necesaria para poder abordar proxectos de certa envergadura e complexidade, para poder facer non só investigación básica senón tamén aplicada e mais aínda para abordar proxectos que implican desenvolvementos tecnolóxicos ou prestación de servizos.
5. De cara aos obxectivos anteriores, pode resultar un medio importante conseguir unha “territorialización” real e efectiva das actividades de I+D

das empresas públicas hoxe radicadas en Madrid (Construción Naval). Isto sería beneficioso non só para as propias plantas de produción aquí instaladas, senón que ademais podería xerar dinámicas de cooperación con outras empresas do sector (auxiliares, clientes, etc.).

6. Debe elaborarse unha política específica de cara aos centros que seguen dependendo da Administración Central (CSIC, Oceanográfico, etc). Nese sentido, debe reclamarse a súa transferencia á Galiza dos centros radicados aquí ou senón o establecemento de algún tipo de protocolo que permita integralos activamente na política científica e tecnolóxica de Galiza. En todo o caso, resulta prioritario negociar co Goberno central o reforzamento das capacidades destes centros e o compromiso coas necesidades do país. Cómpre, así mesmo, reclamar a adopción dunha verdadeira política de descentralización dos Centros Públicos de Investigación, hoxe radicados de forma absolutamente abrumadora en Madrid, sen que haxa ningunha razón de carácter científico para esa ubicación.
7. Como se vén insistindo, deben aumentarse e fortalecerse os mecanismos de cooperación tecnolóxica entre os elementos do SRI. Isto debe plasmar-se no fortalecemento da estrutura de centros sectoriais e na creación de instrumentos financeiros específicos para promover esa cooperación. Unha estratexia de aproveitamento do potencial das Universidades resulta vital no caso de Galiza, debido á súa importancia relativa, tanto para reforzar as capacidades científico-técnicas das empresas como dos servizos públicos e da propia Administración. En todo o caso, o deseño dunha política horizontal de I+D debe ir acompañado dunha política clara de servizos tecnolóxicos, particularmente para as PEMES, que responda ás necesidades concretas das empresas.
8. A política tecnolóxica debe incardinarse coas demais políticas conexas, particularmente coa Universitaria e de Investigación e tamén coa política de formación (particularmente formación continua, ocupacional e formación profesional). Isto require unha completa reconsideración do organigrama funcional do actual goberno autónomo, cuxa dispersión competencial e ausencia de coordinación presenta non só problemas de utilización ineficiente dos recursos a curto prazo, senón estrangulamentos a medio prazo.
9. Este tipo de criterios deben conducir a un reformulamento da articulación institucional e de competencias entre os diferentes niveis da Administración. Debería defenderse neste campo a completa aplicación do principio de subsidiariedade, de forma que haxa unha verdadeira descentralización da política tecnolóxica a nivel comunitario e español. En todo o caso, debe facerse fincapé na consideración do criterio de cohesión territorial como un parámetro esencial no deseño e implementación das políticas comunitarias e estatais. Como se sabe, unha característica que marca a configuración das actividades de I+D no Estado español é o seu elevado grao de concentración na Comunidade de Madrid. Galiza tan só representa o 3 %. Os sucesivos Planos Nacionais de I+D non significaron unha mellor distribución territorial dos Fondos para I+D, senón que, polo contrario, se traduciu nunha acentuación da súa concentración na Comunidade de Madrid,

representando case o 60 % no caso da I+D realizada polas Administracións Públicas.

Este problema presentase tamén coa Política Tecnolóxica da UE, especialmente o Programa Marco de I+D, que está volcada nas altas tecnoloxías e nos sectores chamados estratéxicos, de forma que só un número reducido de rexións europeas se benefician realmente de forma masiva destes programas, provocando un gravísimo efecto polarizador, contribuíndo a concentrar aínda máis as actividades de I+D a nivel europeo. Por esa razón, desde o punto de vista das rexións periféricas interesa promover a apertura destes programas para poder atender tamén as necesidades da innovación nos sectores chamados maduros, mais que continúan a necesitar grandes esforzos de innovación.

Por tanto, non se está en contra da existencia dunha política tecnolóxica interterritorial, senón que se considera que esta será positiva na medida en que:

- a) sirva para crear condicións infraestruturais de cara a novas actividades e de cara á innovación
  - b) poida guiar con criterios territoriais a localización de industrias e servizos
  - c) poida apoiar a innovación nas actividades económicas tradicionais
10. Un obxectivo de grande interese é o establecemento dunha estreita colaboración no eido tecnolóxico co norte de Portugal, o que nalgúns sectores ou servizos pode suplir lagoas do noso sistema, e noutros casos pode permitir o deseño de estruturas tecnolóxicas de maior envergadura tendo en conta a superior dimensión do mercado de usuarios.
11. Por último, dada a importancia do esforzo tecnolóxico que se propón asumir, consideramos que as medidas deberían ser implementadas a través dun pacto social e político, acompañando o seu deseño e a súa xestión do meirande rigor técnico e profesional. Para o garantir, debería realizarse unha avaliación, tanto das necesidades como dos resultados das medidas implementadas por técnicos independentes do Goberno. Mesmo podería pensarse na creación dun “Centro de avaliación e deseño da política tecnolóxica” en que, ao lado dun corpo profesional independente, estivesen representados os sectores implicados e os representantes sociais.
12. Entre as **medidas singulares** que impulsará o BNG están:
- A creación dun grande Centro de Investigación en Contaminación Mariña.
  - A creación dun Centro de Investigación nas Nanotecnoloxías aplicadas á medicina.
  - A creación dun Centro Tecnolóxico do Audiovisual.
  - A creación dun Centro de I+D en enerxías renovábeis e sustentabilidade enerxética.
  - A posta en marcha dun Plano para a incorporación de 10.000 doutores / enxeñeiros / licenciados ás empresas.



- A posta en marcha dun Plano para a incorporación de 600 doutores / enxeñeiros / licenciados nos Centros Tecnolóxicos e de I+D.

## **V.2.5. POLÍTICA DE APOIO ÁS EMPRESAS**

Ademais das medidas de orientación estratéxica, resulta necesario adoptar medidas de apoio directo ás empresas para fortalecer a súa capacidade competitiva, a curto e a longo prazo. Diferenciaremos dous grupos de empresas que deben contar con medidas específicas para cada un deles: As pequenas empresas e as grandes empresas.

### **V.2.5.1 Política de apoio ás PEMES**

Dado que o tecido industrial de Galiza está constituído por empresas de tamaño excesivamente reducido para as condicións da competencia actual nos mercados globalizados, resulta necesaria unha estratexia que apoie a rápida expansión daquelas empresas con máis futuro e, ao mesmo tempo, favoreza a cooperación das PEMES no campo tecnolóxico e comercial para poder vencer algúns dos atrancos a que se enfrontan.

Con esta filosofía, propóñense unha serie de medidas que orientarán a nosa acción en apoio ás PEMES:

1. Unha política fiscal e crediticia que permita unha acelerada redución dos niveis de endebedamento das empresas para estas poderen comezar a considerar unha estratexia de expansión. Ese tipo de medidas deberá requirir a existencia dun plano estratéxico da empresa en que se comprometerá a aproveitar eses beneficios para aumentar o investimento.
2. A implementación da política fiscal indicada requirirá a transferencia de competencias nesta materia nalgúns casos, noutros, podería facerse no marco da política fiscal estatal.
3. No que se refire á política crediticia, para facer fronte á envergadura do problema sería necesario proceder á creación dun Instituto de Desenvolvemento de Galiza e unha nova regulación das Caixas de Aforro para garantir un maior compromiso das mesmas coas empresas produtivas.
4. No mesmo sentido, porase en marcha un plano de apoio á modernización tecnolóxica e de mellora da calidade cunha dotación que permita realmente incentivar aceleradamente as empresas nesa dirección. Nese sentido, partimos da constatación da radical insuficiencia das medidas desenvolvidas polo Goberno do PP nos últimos anos, cuxas axudas se veñen repartindo, ademais, con criterios clientelares e sen obxectivos industriais definidos.
5. Dadas as dificultades ou imposibilidade de moitas pequenas empresas para se dotaren dun departamento propio de I+D, crearase unha rede de centros tecnolóxicos sectoriais coa dimensión e medios adecuados para responderen ás necesidades da innovación, de homologación e de control

de calidade deste tipo de empresas, tanto nas ramas máis tecnolóxicas como na ramas máis maduras. Nese sentido, retomaranse e poranse en funcionamento con obxectivos claros algúns centros xa existentes (Pizarra, Granito, CIS Innovación e Deseño, CIS Madeira, etc.) que languidecen por falta de estratexia, despois de absorber investimentos millonarios. Promoverase a ampliación de centros existentes ligados ao sector alimentario, forestal, vitivinícola. Crearanse novos centros en sectores en que o sector empresarial teña clara a súa funcionalidade e estea disposto a se comprometer na súa posta en marcha e na súa xestión. Todos os Centros a que nos referimos neste apartado funcionarán en estreita conexión e coordinación coas empresas asociadas para responderen ás súas necesidades reais e concretas, mais impóndose á falta de visión estratéxica que predomina nos sectores máis atrasados do noso empresariado.

Aínda que en Galiza predominan as pequenas empresas, e até as microempresas, existe un certo número de grandes empresas que ten unha grande importancia estratéxica porque garante a conquista de novos mercados, crea un importante volume de emprego directamente e pode servir de arraste para unha constelación de pequenas empresas con que se mantén unha relación produtiva ou comercial.

#### **V.2.5.2 Política da apoio ás grandes empresas**

As grandes empresas teñen unha problemática específica que require a adopción dunha serie de medidas de apoio que en moitos casos deben ser deseñadas a través dunha colaboración directa coas mesmas, mais que en liñas xerais consistirían en:

1. Apoio á política de apertura de novos mercados, que en moitos casos, nos de maior envergadura, pode requiren un certo apoio institucional e diplomático, aspecto este que debe ser coidadosa mais sistematicamente desenvolvido.
2. Apoio financeiro para proxectos de ampliación da capacidade comercializadora. De acordo co ICEX e as Institucións financeiras públicas e privadas, poranse a disposición das empresas de capital maioritariamente galego recursos financeiros en boas condicións para acometer planos de internacionalización comercial.
3. Fomento das alianzas estratéxicas entre empresas galegas para abordar mercados exteriores, configurar canles de distribución compartibéis, etc. Aínda que a responsabilidade desta estratexia corresponde ás empresas, o Goberno galego adoptará todas as medidas necesarias para as impulsar.
4. Apoio para a consolidación da capacidade tecnolóxica e para o fortalecemento dos centros propios de I+D e deseño desas empresas como vía para favorecer a súa flexibilidade, a diversificación e a mellora permanente da calidade.

5. Para ese obxectivo, promoverase a participación das empresas galegas como líderes en proxectos de I+D comunitarios, en colaboración con equipos universitarios galegos cando sexa posíbel, para rendibilizar as oportunidades deste tipo de proxectos. Así mesmo, defenderase unha progresiva territorialización das medidas do CDTI e do Ministerio de Industria co obxecto de reducir a excesiva concentración das súas axudas na C. A. madrileña e incrementar a participación das nosas empresas.
6. Fomento e promoción das relacións interindustriais e de subcontratación co tecido de PEMES do contorno co obxecto de aproveitar ao máximo as economías de proximidade, crear economías externas e contribuír ao fortalecemento do tecido industrial local. Para iso deseñaranse planos de actuación estratéxicos tendentes a fortaleceren os *clusters* de empresas.

#### **V.2.6. POLÍTICA PARA AS EMPRESAS PÚBLICAS ESTATAIS**

1. Aínda que a práctica totalidade do sector público empresarial do Estado foi enaxenada na última década, segue habendo presenza dalgunha empresa pública industrial (Navantia) e algunha de servizos (RENFE, AENA, etc.). Galiza debe defender a posta en marcha dun plano progresivo de participación nos órganos de dirección xeral ou creando órganos ou divisións territoriais. Nalgún caso, habería que estudar a cesión da división territorial á Xunta de Galiza, asociado a un traspaso de competencias, aínda que se garantise unha estrutura de coordinación. Noutros casos, habería que pular pola descentralización dos departamentos estratéxicos das mesmas, hoxe ubicados en Madrid (por exemplo o departamento de I+D naval, departamentos de enxeñaría, etc).
2. O sector público empresarial ten un interese intrínseco polas actividades que desenvolve e os empregos que xera, mais debe acometerse un plano de integración destas empresas no tecido industrial galego, aumentando as interrelacións coas empresas do sector, aumentando os niveis de aprovisionamento en Galiza, de forma que poidamos converter o sector público empresarial nun elemento dinamizador e de arraste doutras actividades vencelladas.
3. Como garantía de cobertura universal dos servizos públicos, defendese o carácter público das empresas que aínda o son (RENFE, Correos, etc.). Nos demais casos, promoverase unha regulación estrita e exixente que garanta a prestación do servizo a todos os cidadáns, a fin de evitar que certos usuarios ou certas zonas do noso país poidan ficar desatendidas neses servizos, por non resultar rendíbeis para a empresa privada. Especial atención debe prestarse aos servizos de abastecemento eléctrico, telefonía, internet, etc.

#### **V.2.7. POLÍTICA DE CREACIÓN DE EMPRESAS CON PARTICIPACIÓN PÚBLICA**

Para o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento industrial, fortalecemento dos sectores estratéxicos, impulso a unha nova actividade, e

creación de emprego en áreas en declive, poderá procederse á creación de empresas públicas ou mixtas (en colaboración con empresas privadas ou entidades financeiras).

1. O Goberno galego participará na posta en marcha de empresas industriais ou de servizos de carácter mixto que cubren demandas recorrentes e previsíbeis de bens e servizos realizadas pola propia Administración Autonómica e que poden tamén abrir mercados fóra (empresas de *Software* e Sistemas, consultoría tecnolóxica, comunicacións, etc). De tal forma que os contratos millonarios que regularmente deben realizarse sirvan para crear industrias e empregos neses campos de futuro.
2. Promoveranse e, no seu caso, crearanse empresas nas actividades verdes, que constitúen un campo de negocio en forte expansión e que, ademais, responden a criterios ecolóxicos e sociais que consideramos deben impulsarse.
3. A valorización estratéxica de certos recursos básicos e estratéxicos como os hidráulicos e os eólicos serían encomendados a unha empresa galega de enerxía con participación pública.

## **V.2.8. ECONOMÍA SOCIAL**

Na actualidade, as distintas fórmulas de economía social, e nomeadamente as cooperativas, teñen unha importancia crecente na actividade económica e social de Galiza. Con forte e diversificada presenza cuantitativa en sectores chave da nosa estrutura produtiva: agro, mar, industria e servizos. E cunha grande influencia social polo peso numérico dos colectivos agrupados respecto ao conxunto do corpo social galego, destacando particularmente o protagonismo crecente entre determinados colectivos como o dos agricultores, mozos e mulleres.

Así mesmo, a medición da súa estrita actividade empresarial desvela a súa relevante contribución á facturación e ao valor engadido creado en Galiza. Tamén o emprego xerado pola economía social ten un peso significativo, que vai en aumento, en relación co conxunto de ocupación. O que evidencia que, na súa variedade, a economía social non ten condicionantes *a priori* para realizar actividades de todo o tipo e pode ser tan válida para as actividades empresariais como calquera outra das figuras societarias máis usuais.

Adicionalmente, pola posición que ocupan na economía de Galiza, pola dimensión social que alcanzan e pola súa propia natureza as distintas fórmulas de economía social, confórmanse como interlocutoras destacadas para a diversidade de axentes políticos económicos e sociais de Galiza.

### **V.2.8.1 Alternativas**

A asunción da competencia exclusiva en materia de cooperativas e a promulgación da primeira Lei de Cooperativas de Galiza, constituíron feitos

importantes para o movemento galego de economía social, que cómpre mellorar e completar. Dispónse agora de máis acaídos instrumentos de promoción e ordenación do sector. Ademais, a posta en marcha do Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma e como órgano consultivo e asesor das administracións públicas galegas, posibilita a participación dos representantes do movemento no proceso de elaboración de propostas e tomada de decisión das alternativas, papel que debe ser reforzado no futuro.

Por outra banda, e por vez primeira, cóntase cunha análise recente da situación real dunha grande parte do movemento, plasmada nun informe promovido polo sector sobre a situación do conxunto do cooperativismo en Galiza, o “Libro Blanco das Cooperativas en Galicia”. Tamén por vez primeira, dispónse dun conxunto de propostas elaboradas desde o consenso e a participación do sector da economía social, plasmadas no “Plano Estratégico para o Cooperativismo en Galicia”, que o BNG se compromete a desenvolver, dándolle continuidade nos mesmos parámetros de consenso e participación que animan o espírito do propio Plano como parte nuclear das súas alternativas para a economía social.

## 1. Alternativas transversais

Nese marco e dentro das áreas que recollen a problemática e as alternativas máis transversais, por tanto susceptíbeis de encarnaren propostas que atinxen ao conxunto das empresas de economía social, e no que se refire ao **Desenvolvemento da faceta Empresarial** das mesmas :

- ❑ Propónse que os esforzos vaian encamiñados cara ao aumento do tamaño, apoiando os procesos de integración necesarios para garantir unha escala que afiance a competitividade.
- ❑ A mellora da competitividade vai da man do seguimento dunha estratexia de Calidade Total, promovendo a obtención das correspondentes acreditacións, que abrirán novas iniciativas de *marketing*, entre as que se debe utilizar a marca “cooperativa” como un instrumento diferenciador.
- ❑ Así mesmo, o mercado exige o respaldo á identificación das oportunidades de negocio en sectores ou nichos distintos aos actuais en que a taxa de crecemento do mercado sexa superior, e tamén a diversificación de marcas ofrecidas, das áreas xeográficas de influencia e da oferta de produtos e servizos complementarios e substitutivos.
- ❑ Isto será posíbel conformando programas de promoción que faciliten que as empresas aposten pola mellora das súas dotacións de equipamento, polo incremento dos seus activos tecnolóxicos e pola consolidación de equipos de xestión eficientes. Tamén por acometer máis proxectos de transformación.
- ❑ Obviamente, asegurando a previsión e planificación oportunas: nas empresas de economía social a análise e selección das condicións de

viabilidade e mesmo o acompañamento dos proxectos semellan particularmente necesarios.

No tocante ao **Desenvolvemento societario**, propóñese:

- ❑ Afianzar os mecanismos de que a fórmula dispón, a través do desenvolvemento de procedementos e ferramentas, como o Balance Social, que miden e garanten o cumprimento das empresas de economía social en relación á súa responsabilidade social.
- ❑ Fomentar o avance na participación en todos os ámbitos, a implicación de traballadores e socios, a utilización de sistemas que permitan ofrecer solucións diversas á variedade social e de intereses que as integran, nun camiño de flexibilidade, eficiencia e mellora continua.
- ❑ Así mesmo, deben promoverse as potencialidades da fórmula en diversos ámbitos de transcendencia no desenvolvemento social, como a incorporación de mulleres ao mundo do traballo, as posibilidades de conciliación da vida laboral e familiar, e outras.
- ❑ Igualmente, debe asegurarse a análise, selección e tutela das condicións de viabilidade societaria.

Na área de **Financiamento e Xestión Financeira**:

- ❑ Débese, desde o pragmatismo, facilitar o acceso das entidades de economía social aos recursos financeiros na actualidade, desenvolvendo, para iso, os instrumentos de financiamento propio e alleo, xa recoñecidos na normativa vixente, algúns deles pouco utilizados.
- ❑ Tamén potenciando a implicación e participación económica das entidades de promoción económica, públicas e privadas, nos proxectos, así como a captación de investimentos de carácter privado.
- ❑ Continuando e potenciando os apoios financeiros hoxe existentes, desenvolvendo novas liñas específicas.
- ❑ Avaliando a posibilidade de deseñar novos instrumentos de financiamento que permitan un acceso das sociedades de economía social ao mercado financeiro en condicións de igualdade con respecto a outro tipo de sociedades. Promovendo novas iniciativas de capital risco e articulando un sistema de garantías específico para a economía social.
- ❑ Actuando na mellora e profesionalización da xestión e planificación financeira.

Na área **Institucional**:

- Deféndese o impulso e a potenciación dos organismos e institucións públicas con responsabilidade en materia de economía social, así como a súa coordinación efectiva.
- Comprométese, singularmente, o apoio con medios financeiros, materiais e humanos, ás actividades do Consello Galego de Cooperativas.
- Diseñaranse e poranse en funcionamento políticas e liñas de actuación específicas, de promoción e divulgación, que permitan obter o máximo rendemento posíbel das potencialidades da economía social, especialmente as derivadas da implementación do Plano Estratéxico do Cooperativismo Galego.
- Fomentarse o asociacionismo como elemento básico para a consolidación institucional do modelo de economía social en Galiza.
- Propónse tamén a promoción da presenza activa das empresas de economía social nos diferentes foros socioeconómicos, o que lles ha permitir formar parte dos procesos de diálogo social e de dinamización económica que determinan o desenvolvemento económico e social.

#### Na área de **Emprego e desenvolvemento territorial**:

- Cómpre impulsar e afondar na economía social como ferramenta de creación de emprego de calidade, que incide en aspectos como a aprendizaxe permanente, o desenvolvemento da carreira profesional, a flexibilidade e seguridade, o equilibrio entre a vida profesional e a organización do traballo e a participación dos traballadores, particularmente, entre a xente máis nova e naqueles sectores onde se identifican os chamados “novos xacementos de emprego cooperativo”.
- Dadas as potencialidades destas entidades na promoción do desenvolvemento territorial e o seu papel complementario cos esforzos que se realizan desde outras instancias na promoción do mesmo, propónse o deseño de programas específicos, de colaboración entre empresas de economía social e administracións de distintos ámbitos, competencias territoriais, así como con outras entidades públicas e privadas, para achegar un forte impulso aos procesos dinamizadores do entorno.

#### No eido da **Divulgación, educación, formación e investigación**:

- Apóstase pola promoción da formación como valor e como requisito imprescindible do bo funcionamento das empresas, unha formación que debe ser integral: empresarial, laboral e societaria.
- Propónse o deseño de medidas concretas orientadas á difusión e divulgación a todos os niveis dos seus principios, valores e potencialidades, para poñelos en valor na sociedade galega.
- Asíumese o compromiso de facela presente en todos os niveis educativos e formativos.

- E finalmente, promóvese a investigación en materia de economía social, favorecendo o aumento da competitividade no mercado, posibilitando a transferencia de tecnoloxía e de boas prácticas entre empresas e, en definitiva, facendo que o desenvolvemento do modelo de economía social se realice de acordo coas crecentes exixencias do entorno.

## **2. Alternativas sectoriais**

Presentanse, singularmente, as propostas específicas para aquelas clases máis significativas ou con maior proxección, que son merecentes dun tratamento diferenciado, dadas as súas singularidades.

### **Para as empresas agrarias e de explotación en común da terra:**

- Promoveranse, ademais dos obxectivos xa mencionados de aumento de tamaño, dimensionamento e integración, as actuacións relacionadas coa profesionalización da xestión e a mellora das prácticas de goberno.
- Reforzarase o seu protagonismo como garantes da seguridade agroalimentar e a trazabilidade dos produtos, a aplicación de políticas de calidade entre os seus socios, así como a promoción da imaxe de marca cooperativa e a consolidación das empresas de economía social entre os organismos acreditadores da calidade.
- Impulsarase o avance necesario para teren maior presenza na industrialización e na comercialización, coa finalidade de capturaren máis valor engadido xerado ao longo da cadea agroalimentaria.
- Facilitarase que as empresas de economía social asuman novos retos como xestoras e protagonistas nas novas orientacións do desenvolvemento rural, desde a multifuncionalidade, e promovendo e implementando a pluriactividade con prácticas de desenvolvemento sustentábel desde o punto de vista medioambiental
- Poranse en valor e promoveranse novas formas de asociacionismo na produción.

### **Para as Empresas de Traballo asociado:**

- Cobra especial relevo o desenvolvemento de sistemas organizativos propios, que permitan consolidar os pactos sociais e potenciar as fortalezas dun modelo caracterizado pola dupla condición de traballador e empresario dos seus socios.
- Estimularase a busca de fórmulas flexíbeis que permitan tanto a incorporación de novos socios como a adecuada inserción do traballo asalariado.
- Impulsaranse estratexias de intercooperación e integración, o fortalecemento do movemento asociativo e o impulso de acordos puntuais de colaboración empresarial. Incluindo a elaboración de programas sectoriais diferenciados e adaptados a unha realidade múltiple e diversa.



#### Para as **Empresas de Servizos e transportes:**

- ❑ Promoverase a súa utilización como boas fórmulas de integración empresarial para autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas en xeral. Adicionalmente, o obxectivo da mellora na dimensión incorpora a necesidade de intensificación da colaboración con outros ámbitos asociativos.
- ❑ Realizaranse actuacións específicas de fomento cooperativo no ámbito do pequeno comercio, do transporte, do turismo e, en xeral, en sectores caracterizados por un importante número de actores de reducida dimensión.
- ❑ Potenciarase a prestación de servizos a través das novas tecnoloxías da comunicación, a potenciación da propia comunicación no ámbito societario, a introdución do comercio electrónico, a presenza na rede e unha eficaz utilización dos medios informáticos dos socios.

#### Para as **cooperativas de Vivendas:**

- ❑ Mellorarase as súas posibilidades de acceso ao solo público, unha necesidade perentoria para a potenciación das promocións en fórmula cooperativa.
- ❑ Contemplarase o fomento das políticas públicas de vivendas en réxime cooperativo como método de acceso á vivenda de colectivos con rendas modestas e, eventualmente, a Promoción de cooperativas de vivendas en réxime de aluguer.
- ❑ Ademais, as particularidades na participación e xestión nas cooperativas deste tipo aconsellan acometer un proceso de avaliación do seu funcionamento neses ámbitos, de cara á implantación de modelos máis acaídos.

#### Para as **empresas de Consumo:**

- ❑ Propóñense actividades de divulgación específica e a promoción da colaboración entre as empresas de economía social de produción ou comercialización e as fórmulas de consumo, xunto coa aposta polos novos hábitos de consumo e as novas tecnoloxías.
- ❑ Identificaranse as posibilidades de desenvolvemento desta figura, especialmente nas actividades relacionadas co consumo especializado e novas pautas de consumo, así como no acceso á comunicación e á cultura e o consumo cooperativo no ámbito rural.
- ❑ Promocionarase o papel, dificilmente substituíbel, que as empresas de economía social no ámbito do consumo poden asumir como organizacións que conxugan os aspectos máis teóricos da información e defensa do consumidor, con aqueles que poñen en práctica as premisas dun consumo seguro e responsábel.

### Para as **Empresas de Servizos Sociais e integración social:**

- ❑ O desenvolvemento recente de experiencias nestes dous novos eidos, ofrece un camiño de articulación das iniciativas dos axentes e traballadores cualificados que desenvolven o seu labor nesta área, ao tempo que debe facilitar, e son dous obxectivos sinalados neste campo, a identificación da problemática concreta e dos modelos prácticos, organizativos e de xestión, máis acaídos.
- ❑ Iso debe ir acompañado dun labor de divulgación, sensibilización e formación práctica entre os colectivos, moi específicos, de destinatarios, e debe contar con estratexias de apoio e liñas de promoción específicas que inclúan especiais medidas de acompañamento.
- ❑ Igualmente, resulta de interese o establecemento dunhas relacións fluídas de colaboración coas administracións públicas con competencias neste ámbito.

### Para as **Empresas do Mar:**

- ❑ Existe un importante potencial para o desenvolvemento da economía social na pesca artesanal, no marisqueo, nalgúns áreas da acuicultura e nos servizos das actividades pesqueiras.
- ❑ Para iso, cómpre a análise prospectiva nos diferentes subsectores. Unha análise que identifique os modelos máis acaídos de organización e xestión para concertar.
- ❑ Debe acompañarse de plans de información e formación na materia, destinados a todos os axentes implicados.
- ❑ Os esforzos deben ir orientados á coordinación efectiva de actuacións promotoras coas entidades profesionais de carácter asociativo e representativo, que permitan contribuír decisivamente á implantación de políticas de calidade, potenciando estratexias de diferenciación e trazabilidade dos produtos, que garantan así a súa orixe, afiancen a seguridade alimentaria e consigan incrementar o valor engadido, nun marco de explotación sustentábel dos recursos.

### Para as **Comunidades e outras empresas de economía social dos Montes:**

- ❑ Proponse identificar e promover os modelos de economía social específicos que permitan, nun marco de pequenas propiedades privadas individuais, acadar dimensións axeitadas de cara a unha xestión da produción madeireira ordenada e sustentábel.
- ❑ Comprométese a divulgación e promoción de empresas de economía social prestadoras de diversidade de servizos, tanto nos distintos labores relacionados coa explotación forestal, como nas actividades relacionadas coa comercialización da madeira.
- ❑ Tamén a divulgación e promoción de empresas de economía social na explotación e comercialización de produtos non madeireiros e nos usos alternativos do monte.

- E, en fin, consideraranse e promoveranse as complementariedades e as potencialidades que se poden xerar a partir da posta en práctica de fórmulas de colaboración entre diversas fórmulas de economía social e as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

### **V.3. DESENVOLVER OS SECTORES PRODUTIVOS**

#### **V.3.1. NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS**

As novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), están a provocar importantes mudanzas nos comportamentos individuais e sociais, creando novos hábitos de consumo, mais tamén na organización da produción e do comercio, coa aparición de novas pólas de actividade, de novos mercados e coa alteración das pautas de funcionamento e de organización dos sectores tradicionais.

Para unha sociedade como a galega, as TIC supoñen importantes oportunidades fronte ás que non podemos permanecer impasíbeis. As TIC son imprescindíbeis para o desenvolvemento dunha sociedade moderna e máis cando se parte dunha situación de atraso económico como é o caso de Galiza, en comparación coas sociedades do noso contorno xeográfico, pola incompetencia e a falla de políticas acertadas.

Os anos de goberno do PP en Galiza e no Estado foron anos perdidos. Non se adoptaron políticas decididas para a penetración das novas tecnoloxías no fogar e na empresa, nin para a alfabetización tecnolóxica da sociedade, nin para o apoio ás empresas galegas de base tecnolóxica, nin tampouco para o uso das TIC como medio de expansión e promoción da lingua, da cultura e das producións galegas.

Hoxe persisten en Galiza atrancos que dificultan o seu emprego:

1. Carestía e, no máis dos casos, falla dunha infraestrutura que permita o acceso por banda larga a Internet, nomeadamente no medio rural.
2. Escaseza de contidos específicos de interese para a poboación galega que estimulen o seu uso. Escasa presenza das TIC na relación entre as administracións galegas e os cidadáns.
3. Falla de formación para a utilización das TIC, como usuari@s e como profesionais: non hai ensino a distancia en galego, nin planos galegos de formación de usuari@s, nin formación profesional media adecuada.
4. Pouca penetración das TIC nas empresas e moi escaso apoio da Administración galega ás empresas do sector emprazadas no país.

As novas tecnoloxías supoñen un potencial de oportunidades para o desenvolvemento da economía e a promoción do emprego. Temas como informática, telemática, telecomunicacións, audiovisual, son áreas que actualmente xeran unha economía limitada, mais de gran proxección no futuro,

que permiten conseguir os ingredientes para xerar novos postos de traballo en sectores punteiros que son inaccesíbeis sen estas infraestruturas.

As TIC pementen crear novos mercados e actividades baseadas no coñecemento en que a condición periférica perde importancia relativa e ofrecen novas canles para a presenza da cultura e a lingua galegas, facendo da diversidade cultural un valor e permitindo diferenciar as nosas producións no mercado mundial.

A informática pública, a información pública, son a orixe e a filosofía de Internet e os seus servizos. Nos últimos anos, o desenvolvemento de sistemas e programas creados baixo a filosofía do *software libre* ten superado en avances técnicos e de explotación á maioría de sistemas “propietarios” do mercado, ofrecendo, especialmente ás Administracións Públicas, grandes vantaxes económicas, sociais e formativas sobre estes últimos.

A dispersión da poboación en Galiza, nomeadamente no rural, fai que os proxectos de dixitalización dos concellos permitan mellorar a calidade de vida da cidadanía, facilitando os servizos administrativos, permitindo o acceso a Internet desde locais públicos, apoiando a incorporación das TIC ás PEMES, formando e familiarizando no seu uso á poboación que non ten acceso privadamente, contribuíndo, en fin, a fixar poboación.

### **V.3.1.1 Obxectivos**

O goberno do BNG elaborará un programa integrado de integración de Galiza na sociedade da información e de eliminación da fenda dixital. Un programa que prepare a economía e consciencie á sociedade galega da necesidade e das vantaxes das TIC e a innovación. Transformando as liñas investidoras que usan os fondos da UE nas infraestruturas físicas tradicionais para as infraestruturas da sociedade do coñecemento: recursos i+d, redes, tecnoloxías TIC e adaptando o sistema educativo para a introdución de novas tecnoloxías e a innovación permanente.

### **V.3.1.2 Medidas de goberno**

#### **1. No ámbito institucional e legislativo**

- É preciso dotar á Xunta de Galiza dunha estrutura orgánica axeitada para facer fronte aos retos da chamada “sociedade da información”, mediante a creación dun departamento específico co rango institucional necesario para coordinar as competencias dispersas no ámbito das novas tecnoloxías e para que a Administración galega se convirta no verdadeiro motor do uso das novas tecnoloxías da información e das comunicacións no noso país.
- Este departamento deberá levar a cabo, con carácter urxente, un informe sobre a situación actual e as perspectivas de desenvolvemento das novas tecnoloxías en Galiza, que sirva de guía para a definición dunha política estratéxica do Goberno galego nesta materia. O seguimento público do

estado do desenvolvemento e difusión das novas tecnoloxías na Galiza realizarase desde un centro de observación e estudo, en coordinación co Instituto Galego de Estatística (IGE).

- Reclamar a transferencia da xestión e da explotación do espectro radioelétrico no territorio galego á Xunta de Galiza.
- Estabelecer un dominio galego (.gz) no espazo de nomes de internet.
- Promover a creación dunha autoridade galega de certificación.
- Fomentar o desenvolvemento de redes para a mellor información e integración da emigración galega.
- Facilitar a relación entre calquera Administración e os cidadáns a través de Internet, ofrecendo unha versión galega de todas as páxinas e formularios oficiais ofrecidos a través da rede.
- Garantir o acceso a todas as persoas con minusvalías físicas a todos os contidos electrónicos que xeneren as administracións públicas.
- Facer as páxinas oficiais accesíbeis a todos os cidadáns, a través do uso de formatos abertos e programas multiplataforma.
- Promover unha regulación europea e internacional de protección do *software* non baseada sobre a concesión de patentes.
- Realización dunha política de adquisicións de equipos e de programas informáticos que incentive as empresas locais e o *software libre*.

## **2. Apostamos polo *Software Libre***

- O goberno do BNG promoverá o uso do *software libre* e os estándares abertos en todos os novos desenvolvementos no ámbito da Administración pública, en particular no sistema educativo público, favorecendo así o desenvolvemento do tecido empresarial propio.
- O goberno do BNG comprométese a difundir e apoiar o uso do *software libre*, así como a coordinar e apoiar as empresas e colectivos galegos que traballan no ámbito do desenvolvemento do *software libre* en galego.
- Os resultados dos proxectos que reciban axudas públicas serán accesíbeis a todo o mundo mediante licenzas libres da propiedade intelectual.

## **3. Administración electrónica**

- O goberno do BNG elaborará un plano integrado para a presenza real e efectiva das administracións galegas en internet, co obxectivo de axilizar a xestión e aproximar a Administración aos cidadáns, residentes e non residentes, así como incorporar transparencia á actuación administrativa.

- ❑ O goberno do BNG garantirá que todos os contidos en Internet das Administracións Públicas estean en galego. Promoveremos o desenvolvemento de *software* en galego e de ferramentas específicas para o seu uso (dicionarios, tradutores,...) así como a produción de novos contidos en galego que contribúan a espallar o uso xeralizado da Internet. Posta a disposición de todos os cidadáns de acceso *online* a súa información e as súas solicitudes.
- ❑ Creación da caixa de correo cidadá persoal para a comunicación única de todos os organismos públicos cos cidadáns e cidadás.
- ❑ Creación da sinatura electrónica galega para todas as empresas e cidadáns que desexen operar coa Administración electronicamente. Introducción de vantaxes para fomentar a relación *online* entre a cidadanía e as administracións.
- ❑ Creación da axencia galega de protección de datos.

#### **4. Cara a unha sociedade dixital**

- ❑ O goberno do BNG desenvolverá un plano de infraestruturas de comunicacións que permita que no prazo dunha lexislatura toda a poboación galega teña a posibilidade de acceder a Internet con banda larga, cunha relación prezo / calidade accesíbel a todos e todas.
- ❑ O goberno do BNG impulsará activamente o desenvolvemento dos proxectos de dixitalización dos Concellos aportando medios e formación.
- ❑ Crearase e consolidarase unha rede de “telecentros”, con traballadores e traballadoras axeitadamente formados que sirvan como dinamizadores/as e/ou formadores/as nos diferentes concellos, barrios ou parroquias.

#### **5. Máis formación nas novas tecnoloxías**

- ❑ Aumentaremos a oferta pública de estudos superiores, técnicos e medios relacionados coas novas tecnoloxías.
- ❑ O goberno do BNG incorporará as TIC en todos os niveis de ensino, fomentando a formación de personal especializado nestas tecnoloxías, así como a creación de contidos educativos dixitais.
- ❑ O BNG fomentará o ensino universitario público a distancia, baseado no uso das TIC.
- ❑ Promoveremos a formación continua e a reciclaxe dos traballadores en activo e dos desempregados no uso das novas tecnoloxías.
- ❑ Desenvolveremos campañas de divulgación, información e alfabetización no uso das TIC, tanto dirixidas á poboación en xeral como a colectivos específicos.

## **6. Desenvolver a industria galega das TIC**

O goberno do BNG elaborará un plano cuadrienal de estruturación do sector galego das TIC, potenciando a capacidade das empresas e dos seus recursos humanos e favorecendo a calidade e a exportación dos seus produtos. En concreto, este plano conterá as seguintes medidas:

- ❑ Aposta pola creación dun operador galego de telefonía móbil e pola consolidación dun sector de telecomunicacións autonómico forte.
- ❑ Creación do *cluster* galego das TIC.
- ❑ Creación da marca de calidade galega en TIC.
- ❑ Involucrar o Instituto Galego de Estatística no desenvolvemento do sector galego das TIC.
- ❑ Impulso á creación de produto paquetizado e a exportación de produto *software*
- ❑ Axuda á creación de redes de comercialización de produtos tecnolóxicos fóra da C. A. de Galiza.
- ❑ Impulso á localización en Galiza de plantas de fabricación de *software*.
- ❑ Estabelecemento de axudas para a formación de persoal das empresas galegas en novas tecnoloxías.
- ❑ Impulso da reciclaxe de compoñentes electrónicos.

## **7. Desenvolver a presenza das TIC no tecido empresarial galego**

O goberno do BNG estimulará a incorporación das TIC nas empresas galegas a través das seguintes medidas:

- ❑ Impulsar a conexión *online* entre empresas e a creación de transaccións electrónicas.
- ❑ Facilitar a creación e o uso da sinatura electrónica por parte das empresas galegas.
- ❑ Impulsar a creación de sistemas web transaccionais por parte das empresas galegas.
- ❑ Favorecer as relacións telemáticas coas administracións con respecto ás relacións en papel.
- ❑ Impulsar a relación *online* entre as empresas e os seus clientes nas transaccións comúns, como presentación de recibos, orzamentos, etc.

## **8. A mellora das infraestruturas de telecomunicacións**

- ❑ Substitución da tecnoloxía TRAC por solucións tecnolóxicas que permitan o acceso a Internet e demais servizos de comunicacións por parte dos

habitantes do medio rural, en igualdade de condicións cos demais usuarios.

- Mellorar a infraestrutura da rede institucional galega, para aproximala aos niveis de capacidade e calidade de Internet II.

### V.3.2. SECTOR AUDIOVISUAL

Hoxe contamos no noso país cun sector audiovisual que conforma un tecido empresarial diversificado -produción, de servizos, multimedia, televisión, exhibidores e distribuidores- de 352 empresas, factura preto de 160 millóns de euros e dá emprego a case 3.000 persoas. O audiovisual hoxe é moito máis que o cinema ou a produción de contidos para a TV. Adoptando múltiples formas -cine, vídeo, TV, multimedia, realidade virtual, interactivos, novas tecnoloxías da información, videoxogos, etc.- o audiovisual é un sector estratéxico para Galiza tanto por ser unha industria cultural con grande potencial de crecemento, como tamén pola importancia que ten como medio de garantir a normalización da nosa lingua e da nosa cultura e a súa proxección exterior.

Porén, os gobernos do PP non foron capaces de daren unha resposta política adecuada ás oportunidades que o sector audiovisual lle ofrece a Galiza. Foron incapaces, en particular, de deseñaren **unha política audiovisual integral que vertebre o sector na súa globalidade e aposte por unha industria cultural que sirva aos intereses xerais dos cidadáns galegos**, tal e como se establece na Lei do Audiovisual aprobada por unanimidade no Parlamento galego. Tal será, pois, unha tarefa prioritaria para o goberno do BNG.

#### V.3.2.1 Administración audiovisual

O caos e a descoordenación que o PP instalou na administración do audiovisual compróbese doadamente repasando a nómina de organismos públicos competentes na materia: Dirección Xeral de Telecomunicacións e Audiovisual, CGAI, Consorcio Audiovisual, IGAPE (Facenda), Consellaría de Educación, Consellaría de Emprego e Asuntos Sociais, Observatorio do Audiovisual, Centro Multimedia de Galiza, Film Commission, Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual, Consello Asesor de RTVE en Galiza, Consello de Administración da CRTVG, Consello da Cultura Galega. Á vista deste panorama, non é de extrañar que neste mesmo ano, 2005, o Consello da Cultura Galega e a Consellaría de Cultura elaborasen senllos “Libros Brancos” sobre o sector.

Esta atomización administrativa, para alén de descoordenación, provocou tamén unha atomización de organismos asociativos no propio sector - Academia Galega do Audiovisual, *Cluster* do audiovisual, Agapi, AEGA (ambas asociacións de produtoras), AGAG (guionistas), CREA (directores), ADTEG (actores, directores e técnicos de escena), Federación de cineclubes, así como entidades de xestión de ámbito estatal con progresiva presenza en Galiza



(SGAE, AISGE, EGEDA...)– a maioría deles financiados con cartos públicos. Esta dispersión dificulta a aparición dun interlocutor forte e representativo do sector audiovisual galego no seu conxunto.

### **Obxectivos**

O goberno do BNG configurará unha administración audiovisual integrada, con participación directa do sector, promovendo para tal fin a reforma da vixente Lei do Audiovisual.

### **Medidas**

- Creación dun Instituto Audiovisual Galego (IAG) con personalidade xurídica propia e competencias plenas para o deseño e aplicación da política audiovisual, en coordinación cos departamentos e institucións, públicas e privadas, implicados no sector, atendendo á heteroxénea e rica realidade do audiovisual galego.
- O IAG harmonizará as accións de formación, investigación, conservación, desenvolvemento, financiación, distribución (nacional e internacional), exhibición-emisión e proxección no exterior da produción audiovisual galega, en colaboración coa TVG.

### **V.3.2.2 Os medios de comunicación públicos e o audiovisual**

A colaboración de TVG coa produción audiovisual non pode ocultar os problemas dunha xestión pouco profesional e clientelar do seu papel de locomotora da produción independente, concentrando os seus investimentos nun reducido número de compañías, con criterios e procedementos opacos

O goberno do BNG garantirá que a colaboración da TVG co sector audiovisual galego se realice de forma transparente e obxectiva, guiada polo obxectivo de fortalecer a industria e o espazo audiovisual galego.

### **V.3.2.3 Fomento da produción audiovisual galega**

### **Obxectivos**

Os gobernos do PP veñen outorgando a marca “*audiovisual galego*” a producións que dispoñen dunha participación galega minoritaria (en capital ou en equipo técnico-artístico). A xustificación oficial –o “marco incomparábel” das nosas fermosas paisaxes para “a atracción de rodaxes”– agacha, na realidade, obxectivos menos confesábeis: unha porcentaxe significativa das así denominadas películas “galegas” están filmadas na meirande partes das veces fóra de Galiza ou con raquícticos equipos humanos galegos: trátase de

completar o pastel financeiro da produción foránea, ofrecendo custos máis baixos, salarios ou desprazamentos e aloxamentos máis baratos. Deste xeito, os fondos públicos galegos inicialmente destinados ao fortalecemento do tecido produtivo galego esváese no financiamento de producións foráneas coa xustificación farisea da “necesidade de abrir fronteiras cara ao exterior”.

Fronte a este estado de cousas, o goberno do BNG comprométese a establecer un marco de apoio estábel, asentado en regras claras e obxectivas, adaptadas á realidade do sector audiovisual galego.

## **Medidas**

- ❑ Estabelecer unha regulación clara das regras do xogo e a definir de forma estrita e obxectiva o que se entende como “produción galega” nas políticas de axuda ao audiovisual, priorizando en todo caso os proxectos que aborden o imaxinario simbólico de Galiza ou a proxección internacional da súa cultura.
- ❑ Liñas específicas de apoio (en produción, distribución, exhibición) ao audiovisual filmado e / ou gravado en lingua galega.
- ❑ Diferenciar claramente entre produción financeira e coprodución minoritaria, tanto no financiamento público como nas relacións coa CRTVG.
- ❑ Creación de comisións profesionalizadas que, con carácter vinculante, que valoren o interese e a calidade do proxecto e non só a experiencia empresarial (ou a vinculación a un grupo empresarial). Neste sentido, e no terreo da produción –tendo en conta a madurez acadada polo sector– debería abrir dúas vías distintas de financiamento público: as axudas automáticas (vinculadas á explotación da produción) e as axudas sobre proxecto, destinadas a novos creadores ou proxectos de especial interese cultural.
- ❑ Ampliación e especialización das convocatorias por tipoloxías e procesos de produción, incorporando axudas a empresas dedicadas á posta no mercado de produtos audiovisuais, así como a promoción, mercadotecnia e difusión.
- ❑ Planos plurianuais de axudas que contemplan as diferentes fases dun proxecto audiovisual ou multimedia, desde a fase de desenvolvemento.
- ❑ Apoio especial na fase de desenvolvemento a paquetes de proxectos con estratexias empresariais a medio-longo prazo.
- ❑ Transparencia completa no proceso e respecto escrupuloso polas decisións do comité de expertos.
- ❑ Creación de espazos comúns e sinerxias funcionais co resto das industrias culturais galegas.
- ❑ Reforzar o vínculo coa industria audiovisual en novos mercados con paquetes compactos de contidos relacionados coa cultura galega.

### **V.3.2.4 Introducción do audiovisual no sistema educativo**

Os gobernos do PP desatenderon a formación en materia audiovisual. Á parte dun confuso programa de “*Introducción do audiovisual nas aulas*” –en que a Consellaría de Educación non participa- non se desenvolveron iniciativas ou estratexias formativas cara á aprendizaxe das linguaxes audiovisuais e da multimedia con implicación directa das autoridades educativas da Xunta de Galiza. Por outra banda, a creación de tres facultades de Comunicación audiovisual, sen apenas interrelación, a inexistencia de planos de formación ou actualización para os traballadores do audiovisual, a escasa relevancia dos orzamentos de funcionamento dos ciclos formativos de Imaxe e Son, a inexistencia de contidos específicos educativos (vídeos ou multimedia) galegos e o nulo compromiso da Consellaría de Educación co sector audiovisual, deitan un balanço francamente negativo.

Perante este estado de cousas, o goberno do BNG introducirá materias relacionadas co audiovisual, multimedia e interacción desde a formación inicial e secundaria obrigatoria, elaborará un plano integral de formación e actualización permanente dos traballadores do sector audiovisual -fundamental para non perder o tren tecnolóxico en campos como a animación 3D, multimedia, realidade virtual, así como efectos dixitais- e apoiará a produción de contidos específicos galegos para os ámbitos educativos en vídeo, interactivos e multimedia. Así mesmo, apoiará o desenvolvemento xeralizado de planos e proxectos de teleformación e a creación de novas titulacións e especialidades adecuadas ás necesidades da realidade audiovisual de Galiza, apoiando os centros de formación audiovisual e coordinando as facultades de comunicación audiovisual existentes no país.

### **V.3.2.5 Diversificación das fontes de financiamento do sector**

A estratexia financeira das máis das compañías produtoras pasa en primeiro lugar polas subvencións anticipadas da Consellaría de Cultura e os dereitos de antena de TVG, até acadar en ocasións un 75 % do investimento do produtor, o que xera debilidade estrutural do sector, así como unha dependencia excesiva da vontade inversora das institucións públicas. Existen no IGAPE algúns mecanismos de axuda ao financiamento, mais aínda son escasos e pouco decididos.

O goberno do BNG potenciará actuacións dirixidas a diversificar as fontes de financiamento do audiovisual galego, fomentando a constitución de sociedades de garantía recíproca, liñas de crédito innovadoras con entidades financeiras, convenios con institucións públicas ou privadas, axudas específicas á distribución, promoción e mercadotecnia audiovisual... no marco dun Plano integral de investimento en tecnoloxías e contidos para a cultura e a educación.

### V.3.2.6 Promoción internacional do audiovisual galego

#### Obxectivos

O escaso volume do mercado galego fai impensábel un sector exclusivamente doméstico, quitando produción televisiva e de pequeno formato. As axudas diríxense basicamente a produtos terminados, cando o que se precisa é unha proposta global e metódica desde o desenvolvemento dos proxectos. Este non é un problema privativo do audiovisual galego: todo o sector en Europa sofre a mesma eiva que impide aos produtos audiovisuais - agás os norteamericanos- a proxección no mercado internacional.

Co fin de promover a internacionalización do sector audiovisual galego, o goberno do BNG adoptará as seguintes medidas.

#### Medidas

- ❑ Elaboración de programas específicos orientados cara a Europa (con especial atención a Portugal) e Latinoamérica.
- ❑ Priorización das producións con maior demanda no mercado internacional: animación, documental e longametraxe.
- ❑ Política de apoio á internacionalización, destinada **tanto ás obras audiovisuais como ás empresas**, que permita producións deseñadas e orientadas aos diferentes mercados desde a fase de desenvolvemento, apoio ás iniciativas empresariais especializadas en mercadotecnia e distribución e tamén á presenza en festivais e certames internacionais, consonte cun calendario razoado de certames conforme á súa eficacia promocional.
- ❑ Creación dunha *imaxe de marca* do audiovisual galego.
- ❑ Posta en marcha dunha Sociedade de exportación galega.
- ❑ Creación dun mercado internacional en Galiza.

### V.3.2.7 7. Potenciación de novos valores audiovisuais

O viciado sistema de subvencións, xa analizado, provoca que os centos de novos profesionais formados nos últimos anos en escolas e facultades teñan poucas oportunidades profesionais e creativas no audiovisual galego.

O goberno do BNG establecerá un **plano de axuda aos novos talentos** a través de:

- ❑ Creación dun mercado internacional en Galiza.
- ❑ Financiación e apoio a actividades audiovisuais dos movementos asociativos de mozos: Asociacións xuvenís, casas da xuventude, etc..

- ❑ Planos de formación específicos para novos emprendedores do audiovisual.
- ❑ Liñas de apoio á produción e distribución de videocreación e audiovisual experimental.
- ❑ Mellora das condicións dos traballadores do audiovisual, mediante Convenios sectoriais adaptados á realidade audiovisual de Galiza.
- ❑ Potenciación da profesionalización e actualización permanente dos traballadores do audiovisual.
- ❑ Apoio ás redes de distribución ou exhibición alternativas.
- ❑ Creación dunha bolsa de traballo actualizada do sector audiovisual galego.

### V.3.3. POLÍTICA AGRARIA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Nos últimos 16 anos de goberno do Partido Popular, o sector agrario e o complexo agroalimentario galego víronse enfrontados a profundas mudanzas no seu marco de funcionamento. Mudanzas, por un lado, nas políticas a nivel europeo e mundial (sucesivas reformas da Política Agraria Común –PAC-, liberalización do comercio mundial) e tamén no contexto económico (saturación dos mercados na Unión Europea, crecente peso da gran distribución na cadea agroalimentaria, surximento ao mesmo tempo de novas demandas sociais sobre a agricultura e o medio rural).

Nesas circunstancias, o Goberno galego deu mostras dunha absoluta incapacidade para deseñar e pór en marcha estratexias de futuro para o sector, baseadas nas potencialidades e necesidades do noso agro. Limitándose a unha simple adaptación pasiva ás directrices emanadas das políticas externas.

Os resultados están á vista:

- Neste período, o sector agrario galego sufriu unha notábel contracción da produción e a renda, o que provocou unha forte diminución do seu peso no contexto estatal e europeo.
- A desaparición de máis da metade das explotacións acompañouse dun retroceso do espazo agrario, o que fixo que se mantiveran as fortes deficiencias estruturais, e que se consolidara un modelo produtivo cada vez máis intensivo e dependente dos *inputs* externos ao mesmo tempo que fican abandonadas porcións crecentes do territorio.
- Todo iso provocou que o forte esforzo investidor de moitas explotacións non se traducira nunha mellora paralela da súa renda, ao mesmo tempo que se agravaban os problemas ambientais.
- O saldo final resúmese en dous datos: a pesar de que o número de agricultores se reduciu nestes 16 anos en case as 3/4 partes, a renda agraria / ocupado limítase a 1/4 da media da UE.
- A esa regresión do sector agrario únese a extrema debilidade da industria agro-alimentaria, como ilustra o exemplo do sector lácteo: producindo o 35 % do leite no Estado, a industria láctea radicada en Galiza só supón o 6 % da española en termos de VAB e emprego, e dela, menos da quinta parte está ademais en mans de grupos de capital galego.
- O fortísimo axuste do emprego agrario, unido ao escaso desenvolvemento doutras actividades, está provocando un acelerado despoboamento da maioría das áreas rurais, sen que os programas de desenvolvemento rural aplicados nos últimos anos foran capaces de frear ese proceso.

Perante os signos alarmantes que ofrecen todos estes datos, o BNG considera imprescindible comezar a construír un futuro diferente para a agricultura e o medio rural, mediante un xiro profundo das políticas aplicadas desde a Xunta de Galiza. Iso é imprescindible e, queremos salientalo, tamén posíbel: como mostra a experiencia doutros países europeos, a pesar dos condicionantes externos, o Goberno galego dispón de marxe para aplicar políticas propias que senten as bases dun modelo de desenvolvemento agrario e rural adaptado ás necesidades do país.

Neste sentido, van os compromisos do Programa de Goberno para a lexislatura 2005-2009 que se resumen a continuación.

### V.3.3.1 Medidas de carácter horizontal

#### 1. Accións en relación ao marco europeo e estatal

- Actuación decidida para lograr a participación directa do Goberno galego nos foros europeos, en todas aquelas negociacións que afecten ao noso agro, co fin de defender un modelo propio de desenvolvemento agrario e rural. Neste sentido, o BNG promoverá desde as instancias europeas:
  - A configuración dunha política agraria e rural na Unión Europea que corrixa os fortes desequilibrios hoxe existentes (entre sectores e países), e que, sen renunciar á eficiencia produtiva, poña o acento no respecto ao medio ambiente, a calidade dos alimentos e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria.
  - A modificación das regras do comercio internacional de produtos agrarios, de tal modo que, fronte ás actuais tendencias liberalizadoras defendidas desde a Organización Mundial do Comercio, se avance cara a un sistema alternativo de relacións comerciais que responda ás necesidades da poboación dos diversos países e non aos intereses das grandes corporacións transnacionais, en sintonía co principio de soberanía alimentaria.
- De modo complementario, e mais a curto prazo, aproveitaranse ao máximo as posibilidades que ofrece a actual Política Agraria Común (PAC) para adaptar as medidas ás especificidades e necesidades do sector agrario e o medio rural galego.
- Exercicio efectivo das competencias nesta materia recoñecidas polo Estatuto de Autonomía, co fin de que o Goberno galego adquira unha maior capacidade, non só para xestionar, senón tamén para definir as políticas aplicadas.
- En relación coa reforma intermedia da PAC, aprobada en 2003 e que se acabará de implementar nos próximos anos, partindo das decisións

xa adoptadas a nivel europeo e estatal, o BNG defenderá un modelo de aplicación que minimize os seus efectos negativos no agro galego, apoiando para isto as seguintes liñas básicas:

- Mantemento do máximo nivel de vinculación das axudas á produción que permite a normativa europea, co fin de reducir os riscos derivados do *desacoplamento* dos pagos directos.
- Redistribución das axudas no interior do Estado español en base a criterios de progresividade social e territorial e de apoio aos sistemas respectuosos co medio ambiente e a calidade dos alimentos. Para isto farase uso da “Reserva Nacional” e sobre todo da retención do 10 % dos pagos das diversas Organizacións Comúns de Mercado.
- Limitación das transferencias de dereitos de axuda, aplicando para iso as “peaxes” máximas que permite a normativa, especialmente no caso de venda de dereitos sen terras.
- Distribución dos fondos procedentes da modulación das axudas no territorio español entre todas as Comunidades Autónomas en base a criterios de cohesión, debendo ser estes fondos, destinados polo Goberno galego, a medida de desenvolvemento rural que palíe os efectos negativos da desvinculación das axudas e contribúa a fixar poboación e xerar novas fontes de renda nas áreas rurais.

## **2. Reforma das estruturas agrarias e reorientación do modelo produtivo**

Nas últimas décadas assistimos no noso agro á consolidación dun modelo produtivo baseado na crecente intensificación e o emprego en grandes cantidades de *inputs* de orixe industrial, ao mesmo tempo que quedaban abandonadas porcións crecentes do territorio e a maioría das explotacións mantiñan fortes deficiencias estruturais.

O BNG considera que, por razóns tanto económicas como ambientais e de calidade dos alimentos, é urxente modificar esa dinámica, actuando para isto en dúas liñas complementarias: a mobilización dos recursos propios, en particular a terra, e a reorientación simultánea do modelo produtivo, de tal modo que se avance cara a sistemas extensivos, menos dependentes de *inputs* externos, que combinen un uso eficiente dos recursos cunha maior sustentabilidade. Con este obxectivo aplicaranse as seguintes medidas:

1. Elaboración dun Programa de Ordenación dos Usos da Terra, articulado a través de planos de ordenación comarcais. Nestes planos, atendendo ás aptitudes produtivas dos solos e ás condicións socio-económicas de cada comarca, estableceranse os usos máis adecuados para as distintas superficies, buscando o máximo consenso social na súa aplicación.



Sobre a base dese Programa, implementaranse ao menos as seguintes medidas:

- Control rigoroso da dedicación a usos urbanos de terras agrarias.
  - Impulso da roturación e transformación en pastos das superficies de monte aptas para este uso, co fin de incrementar a base forraxeira das explotacións e reducir as importacións de alimentos para o gando. Isto irá ligado a un apoio decidido á extensificación dos sistemas produtivos, de tal modo que se avance cara a modelos gandeiros máis sustentábeis e baseados nos recursos propios, ao mesmo tempo que máis eficientes do punto de vista económico, grazas á redución de custos.
  - Regulación das novas plantacións forestais, impedindo a forestación de terras de elevado potencial agrario. Nesta liña, reformaranse as axudas hoxe existentes á forestación de terras.
  - Fomento da forestación das terras de aptitude forestal actualmente abandonadas ou infrautilizadas. Estabelecendo unha adecuada selección das especies e buscando un equilibrio entre a función produtiva e a protectora do monte.
2. Medidas dirixidas a impulsar a mobilidade da terra e a favorecer a ampliación da base territorial das explotacións:
- a. Creación do Banco de Terras de Galiza, organismo público que terá como funcións esenciais:
    - Xestionar a venda ou arrendamento das superficies liberadas como consecuencia da xubilación anticipada de agricultores.
    - A mesma actuación (busca de comprador ou arrendatario) para todas as terras que sexan postas voluntariamente á súa disposición por calquera propietario.
  - b. Penalización, a través de medidas fiscais, do mantemento de superficies abandonadas ou manifestamente infrautilizadas, co fin de estimular, quer a súa posta en produción polo actual propietario, quer a súa venda ou cesión a agricultores en activo. Os propietarios ficarán exentos desa penalización no caso de poren as superficies a disposición do "Banco de Terras de Galiza" (para a busca de comprador ou arrendatario).
  - c. Apoio ao arrendamento como vía de mobilidade da terra, por medio de reformas legislativas e incentivos económicos.
3. Modificación en profundidade da política de concentración parcelaria, co obxectivo de que esta se convirta nun instrumento efectivo de mellora produtiva das explotacións, a ordenación territorial e a conservación da paisaxe. Con este fin, promoverase a aprobación dunha nova Lei de Concentración Parcelaria e Reordenación de Explotacións, en que se

estimularán tamén as concentracións de carácter privado e as permutas entre propietarios.

Para a aplicación da concentración, serán elaborados programas operativos cuadrienais, en que se fixe o volume das actuacións e a súa distribución xeográfica. Estes programas partirán da realización de estudos previos rigorosos, priorizando as zonas de clara vocación e elevado potencial agrario.

4. As axudas aos investimentos nas explotacións adaptaranse aos obxectivos citados de reforma estrutural e reorientación do modelo produtivo, ademais da fixación de poboación nova e o relevo xeracional no sector. Neste sentido, serán priorizados os investimentos dirixidos a favorecer: a instalación de agricultores mozos, a ampliación da base territorial das explotacións, a reorientación cara a sistemas produtivos sustentábeis e baseados no uso dos recursos propios e a mellora da calidade e salubridade dos alimentos.
5. Aplicación de medidas específicas destinadas a mellorar as condicións laborais e sociais dos agricultores e gandeiros, facilitando en especial a redución da súa carga de traballo e a disposición de tempo de ocio:
  - Apoio á creación de cooperativas de explotación en común.
  - Fomento da constitución de servizos de substitución ou cesión de persoal, a través de agrupacións de servizos, cooperativas, etc. Ademais, favorecerase que isto sirva para a formación e “adestramento” de futuros mozos agricultores que non conten con explotación propia.
  - Impulso á difusión de modelos de produción menos exixentes en traballo.
6. Estabelecemento dun plano de acción dirixido a impulsar o protagonismo e a equiparación de dereitos da muller no ámbito agrario, que contemple a cotitularidade das explotacións e o seu acceso a unha igualdade real.

### **3. Agricultura e medio ambiente; fomento da agricultura sustentábel**

Como xa se indicou, a política agraria implementada polo BNG desde o Goberno galego terá como un dos seus nortes a evolución do conxunto do sector cara a sistemas produtivos máis respectuosos co medio ambiente, sendo este un principio transversal aplicado a todas as medidas. No entanto, iso acompañarase de accións específicas en dúas direccións: a redución dos impactos ambientais negativos da actividade agraria, e o fomento da agricultura (e gandaría) sustentábel.

1. Posta en marcha do Plano de Residuos Agrarios, que contemplará polo menos os seguintes aspectos:

- Establecemento de planos de xestión de residuos dentro das explotacións, que permitan reutilizar ou reciclar os subprodutos (puríns, outros restos orgánicos) e contemplan un correcto uso e almacenamento de produtos perigosos (agroquímicos, etc).
- Recollida por parte da Administración dos residuos que deben ser obxecto dun tratamento específico (plásticos, lubricantes, pneumáticos, etc.).
- Revisión e control das fosas de purín para que cumpran as condicións adecuadas de capacidade, estanquidade e seguridade no manexo.
- Control do estado de solos e augas, especialmente nas zonas onde a concentración de actividades contaminantes é maior.
- Inclusión de medidas específicas para residuos procedentes das explotacións forestais, que teñan en conta a valorización dos mesmos.

2. Reforzamento das Medidas Agro-ambientais, destinando os fondos a:

- Apoio á conservación da biodiversidade (razas autóctonas,... ).
- Formación das labregas e labregos en métodos de produción compatíbeis coa protección do entorno.
- Fomento da gandaría extensiva.
- Protección de áreas declaradas de interese natural ou suxeitas a unha especial protección en que exista actividade agraria.

3. Campañas de información, formación e sensibilización sobre a importancia da agricultura na conservación do medio natural e sobre a lexislación ambiental e outra normativa (Código de Boas Prácticas) que afecta máis directamente ás explotacións agrarias. Así mesmo, realizaranse campañas de sensibilización ambiental dos consumidores.

4. Aplicación na próxima lexislatura dun Plano de desenvolvemento da agricultura sustentábel, cos seguintes elementos esenciais:

- a) Creación, dentro da Consellaría de Política Agroalimentaria, dun departamento específico que sirva de interlocutor administrativo no eido da produción ecolóxica.
- b) Mellora da certificación: simplificación do funcionamento do CRAEGA para os operadores; gratuidade do servizo; democratización do CRAEGA que asegure a súa transparencia; adaptación das lexislacións que afectan á produción ecolóxica ás condicións galegas.

- c) Apoio económico á reconversión, a través dunha liña específica independente do actual paquete de “medidas agro-ambientais”, de tramitación máis sinxela e rápida, máis acorde coas condicións galegas.
- d) Apoio institucional e financeiro ás iniciativas de desenvolvemento de circuitos comerciais curtos (venta directa, cooperativas de consumidores e / ou produtores, mercados de proximidade, etc... ) e de transformación de produtos polos propios agricultores.
- e) Políticas de fomento do consumo de produtos ecolóxicos galegos.
- f) Integración da produción ecolóxica nos planos de formación e no resto de actividades do Instituto Galego de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroalimentaria.

#### **4. Calidade alimentaria; mellora da sanidade vexetal e animal**

1. Elaboración de Guías de Boas Prácticas para os diferentes produtos agrarios, no camiño de cumprir a normativa comunitaria de hixiene alimentaria e trazabilidade (Regulamento CEE 852/2004).
2. Principais medidas relacionadas coa sanidade vexetal:
  - Reestruturación e dotación adecuada de medios humanos e materiais do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galiza.
  - Posta en marcha da Estación de Avisos Fitosanitarios, como servizo de alertas preventivas.
  - Mellora na dotación de persoal e medios nos servizos oficiais de inspección fitosanitaria. Mellora na dotación do Laboratorio de Residuos de Galiza (Mabegondo).
  - Potenciación da Vixilancia da Utilización mediante unidades específicas da Policía Autonómica (en substitución do SEPRONA). Elaboración do Mapa de riscos de contaminación por agroquímicos.
  - Subvención íntegra ou suministro gratuíto ás explotacións de fauna útil para o control biolóxico das pragas.
3. Medidas no ámbito da sanidade animal:
  - Cese inmediato da tendencia á privatización dos servizos veterinarios, integrando dentro dos servizos públicos de sanidade animal a realización das Campañas de Saneamento Gandeiro. O saneamento da cabana será continuado, facendo un seguimento especial das positividade por parte de servizos profesionalizados até conseguir a erradicación das enfermidades obxectivo.
  - Desenvolvemento dun programa de dotación de infraestruturas sanitarias que favorezan o control de enfermidades animais: centros de

limpeza e desinfección de vehículos, adecuación de mercados pecuarios, ampliación da rede de Laboratorios de Sanidade Animal de Galiza e dos servizos que prestan.

- Simplificación dos trámites administrativos de declaración de movementos pecuarios a que están obrigados os titulares de explotacións, así como a tramitación de autorizacións de traslado.
  - Facilidades para o sacrificio de animais destinados ao autoconsumo dos produtores, asegurando unha correcta xestión dos MER.
4. Desde o Goberno galego, o BNG promoverá a prohibición total dos cultivos transxénicos, e tamén a prohibición do uso de fariñas cárnicas e antibióticos na fabricación de pensos, garantindo un sistema de control eficaz.

## **5. Apoio á innovación: investigación, transferencia de tecnoloxía e formación**

O proxecto de futuro que o BNG quere abrir para o sector agrario e o complexo agroalimentario galego terá outra das súas bases nunha aposta decidida pola innovación e a formación. Para isto, as medidas irán esencialmente en dúas direccións: incremento dos medios humanos e materiais destinados á investigación, transferencia de tecnoloxía e formación agraria e agroalimentaria, e establecemento dunha coordinación e programación global das actuacións, que mellore a súa eficacia. Esas liñas plasmaranse nos seguintes compromisos:

1. Constitución do Instituto Galego de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroalimentaria (IGAITFA), en que se integrarán todos os servizos e centros dependentes da Xunta de Galiza (excluído o Sistema Universitario) en materia de investigación, formación, asesoramento e transferencia tecnolóxica nos eidos agrario e agroalimentario. Este Instituto asumirá a dirección de todas as actuacións neses ámbitos, tendo as seguintes funcións:
  - Diseñar e executar os plans de investigación sectorial.
  - Asegurar a conexión dos centros de investigación cos produtores agrarios e industrias, tanto para a elaboración das liñas de investigación como para a transferencia e difusión dos seus resultados.
  - Coordinar esas actividades coas Universidades e restantes centros de investigación.
  - Diseñar e executar os planos de formación de agricultores, traballadores e técnicos.
2. Incremento dos medios materiais e humanos destinados aos centros públicos de investigación agraria e agroalimentaria, fomentando ao mesmo tempo a captación de recursos a través da presentación de

proxectos de investigación a entidades tanto públicas (Estado, UE) como privadas.

3. Recuperación e potenciación das actividades do antigo Servizo de Extensión Agraria nos campos da formación permanente de agricultores, asesoramento a explotacións e transferencia tecnolóxica.
4. Integración, dentro da estrutura do IGAITFA, de todas as actividades de formación agraria e agroalimentaria, tanto o ensino profesional regrado como a formación continua. Reforma e impulso destes programas formativos, co fin de aumentar o seu atractivo para as mozas e mozos.

## **6. Vertebración social e interlocución**

1. Creación do Consello Agrario Galego, como órgano de consulta e interlocución da Administración coas organizacións representativas do sector, dotándoo dos medios necesarios para o adecuado exercicio das súas funcións.
2. Estabelecemento dun marco transparente de apoio ás Organizacións Profesionais Agrarias, que atenda a criterios de representatividade. Negociación do proceso de extinción do patrimonio das Cámaras Agrarias.
3. Regulación e posta en marcha de interprofesionais de ámbito galego para os diversos produtos, co fin de introducir transparencia e mecanismos de garantía nas relacións entre o sector produtor e as empresas de comercialización e transformación (contratos homologados, prezos mínimos, calidades estándar, garantía de cobro, etc.). Con este fin promoverase a aprobación polo Parlamento de Galiza da Lei Galega de Interprofesionais Agrarios e tamén da Lei Galega de Contratos Agrarios.
4. A negociación dos prezos ao produtor nas Interprofesionais complementarase cun sistema de seguimento da formación dos prezos ao consumidor e das marxes nos distintos elos da cadea agroalimentaria.
5. Democratización do funcionamento dos Consellos Reguladores das diferentes denominacións, xa sexan de orixe ou de calidade, asegurando ao mesmo tempo unha autonomía real a respecto da Administración.
6. Nas Interprofesionais garantirase unha adecuada participación das diversas partes implicadas, que para o sector produtor será canalizada a través das Organizacións Profesionais Agrarias representativas.

## **7. Comercialización e industrias agro-alimentarias**

1. Potenciación das marcas de calidade (Denominacións de Orixen, Denominacións de Calidade), asegurando ao mesmo tempo a presenza nos seus órganos rectores de todos os colectivos implicados e reforzando as medidas de control sanitario e anti-fraude.

2. Posta en marcha de medidas específicas de apoio aos circuitos curtos de comercialización (recuperación e modernización de mercados locais, apoio a outras fórmulas que permitan un contacto directo entre produtores e consumidores).
3. Impulso das cooperativas de comercialización, fomento da integración cooperativa, co obxecto de superar o minifundismo actual e permitir a consolidación de proxectos viábeis economicamente.
4. Estímulo das liñas de comercialización que aseguren unha adecuada presenza dos nosos produtos no mercado galego e que faciliten a súa penetración en mercados foráneos, mediante tres tipos de medidas: axudas á loxística de distribución, creación de consorcios con participación pública e das empresas privadas de cada sector, apoio ás promocións temporais de produtos.
5. Apoio aos grupos agro-industriais actualmente instalados en Galiza e ás novas iniciativas, primando aqueles de capital galego e/ou que teñan aquí centralizada a súa tomada de decisións. Nas axudas priorizaranse as destinadas á renovación de equipos e maquinaria, o desenvolvemento de liñas de fabricación de produtos de elevado valor engadido e as melloras na calidade e seguridade dos alimentos.
6. Fomento da participación dos agricultores e gandeiros na industrialización dos seus produtos mediante empresas cooperativas, mais condicionando todo o apoio público á viabilidade económica dos proxectos e o seu cumprimento de requisitos en materia de calidade dos alimentos e respecto do medio ambiente.
7. Establecemento dunha estratexia selectiva de participación directa do capital público, naqueles sectores onde isto sexa necesario.

## **8. Política de desenvolvemento rural**

A maior parte das áreas rurais galegas veñen sufrindo un acelerado deterioro económico, demográfico e social, sen que os programas de desenvolvemento rural aplicados até a data, incluídos aqueles cun enfoque local (Leader, Proder, Agader), foran capaces de paliar o proceso. Por iso o BNG considera inaprazábel pór en marcha unha política máis decidida, con iniciativas de maior alcance e que, fronte á actual dispersión de medios e proliferación de accións inconexas, concentre os fondos en torno a prioridades claramente establecidas. Estas prioridades irán en dúas direccións:

- a. O reforzamento da base económica das zonas rurais, mediante o desenvolvemento do seu potencial agrario e o impulso doutras actividades que, respondendo ás novas demandas sociais, xeren empregos estábeis e de calidade.
- b. A progresiva equiparación na prestación de servizos para os habitantes do rural, incluíndo nisto non só as comunicacións viarias senón outros

aspectos que consideramos prioritarios: servizos de transporte público, acceso ás novas tecnoloxías, ensino, sanidade e servizos sociais destinados á vellez, ás mulleres, á infancia e á mocidade.

Con este fin aplicaranse as seguintes medidas:

1. Elaboración dun Plano de Desenvolvemento Rural Sustentábel 2007-2013, incardinado na política de desenvolvemento rural da Unión Europea para ese período, que terá como eixes principais:
  - a. Consolidación do emprego agrario a través da posta en valor dos recursos de cada comarca. Esta liña incluirá tanto medidas de reestruturación das explotacións como destinadas a promover as producións agrarias diferenciadas e de calidade, e tamén actuacións ligadas á posta en valor das novas funcións asignadas desde a UE á poboación agraria.
  - b. Creación de empregos estables e en condicións laborais dignas en actividades non agrarias, priorizando aquelas que permitan valorizar os recursos de cada zona. Neste ámbito aplicaranse en concreto:
    - Un Programa de Creación de Emprego en Áreas Rurais, que establecerá axudas á contratación, incentivos fiscais e financeiros e apoio específico a emprendedores locais. Neste programa prestarase atención especial aos dous colectivos máis afectados polo éxodo rural: mulleres e menores de 35 anos.
    - Un Plano de Apoio ao Sector Agro-industrial no Medio Rural, dirixido a xerar novas iniciativas empresariais que incrementen o valor engadido derivado dos produtos agrarios e forestais.
  - c. Mellora das condicións de vida das áreas rurais, a través de dúas liñas diferenciadas de actuación:
    - Mellora na dotación de servizos nos aspectos antes mencionados.
    - Protección e mellora do patrimonio cultural e natural.
2. Continuación dos programas de desenvolvemento rural a nivel local, aproveitando a oportunidade que ofrece a prolongación e potenciación da ferramenta LEADER, establecida no Novo Regulamento de Desenvolvemento Rural da UE para o período 2007-2013. Mis isto acompañarase de profundas reformas na aplicación concreta destes programas:
  1. Primarase a concentración dos fondos nas áreas máis problemáticas e as accións innovadoras, fronte á dispersión que domina a aplicación dos actuais programas LEADER, PRODER E AGADER.
  2. Sen coartar a liberdade de actuación dos Grupos de Acción Local, establecerase un sistema de control efectivo das súas accións, a partir



do deseño de indicadores comúns que permitan avaliar en que medida se alcanzan os obxectivos establecidos.

3. Arbitraranse medidas que garantan que os Grupos son entidades abertas á participación de todos os axentes do territorio, reducindo ao máximo a existencia de control por parte de certas entidades públicas ou privadas.
3. Os fondos adicionais para desenvolvemento rural procedentes da modulación das axudas directas serán destinados polo Goberno galego a medidas que palién os efectos negativos que poden derivarse da desvinculación das axudas, e contribúan a fixar poboación e diversificar as fontes de ingresos no medio rural (indemnizacións compensatorias, programas agro-ambientais, novas medidas relativas ao apoio ás producións de calidade).
4. No proceso de configuración da nova política de desenvolvemento rural do Goberno galego os anos 2005 e 2006 constituirán unha fase de transición, posto que as medidas veñen marcadas polos programas con financiación europea aprobados para o período 2000-2006. No entanto, na medida en que o permita o estado de execución dos diversos programas, iniciarase unha reorientación nas seguintes liñas:
  - a) Medidas de acompañamento:
    - Redefinición en profundidade da aplicación do “programa de medidas forestais na agricultura”, en dous aspectos: sometemento a unha ordenación dos usos do solo e modificación das axudas por especies, concentrándoas nas frondosas dirixidas á produción de madeira de calidade.
    - Potenciación das medidas agro-ambientais.
    - Posta en marcha das novas medidas introducidas pola reforma intermedia da PAC, especialmente as dirixidas a apoiar as producións agrarias de calidade.
  - b) Medidas emanadas do Plano de Desenvolvemento Rexional e o Marco de Apoio Comunitario: redefinición das prioridades de acordo cos criterios ou directrices expostos anteriormente.
5. No plano da estrutura administrativa farase un esforzo para coordinar as diversas medidas dirixidas ao medio rural, co fin de lograr unha política de desenvolvemento rural máis coherente, eficaz e transparente, que evite as duplicidades e o despilfarro de recursos. Nesta liña, as actuais funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e da Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal integraranse nun único organismo, que se encargará tamén de coordinar as accións sectoriais das diversas Consellarías con incidencia directa nas zonas rurais.

### V.3.3.2 Producións agrícolas

#### 1. Sector vitivinícola

- a. Creación, como órgano de asesoramento e consulta, da Conferencia de Consellos Reguladores Vitivinícolas de Galiza. Potenciación da actividade dos Consellos Reguladores na defensa, garantía, investigación e promoción dos produtos amparados.
- b. Elaboración dun Plano de desenvolvemento do sector vitivinícola, que contemple:
  - A reestruturación dos marcos e sistemas produtivos.
  - O fomento da constitución de explotacións que contengan unha dimensión suficiente para asegurar a súa viabilidade económica e que contribúan ao mesmo tempo ao equilibrio ecolóxico.
  - O establecemento dun marco específico de apoio para os colleiteiros elaboradores da súa produción, co fin de impulsar a súa mellora tecnolóxica e da comercialización.
  - A delimitación das zonas de tradición e especial vocación vitícola e a ordenación de cultivos nas mesmas, fomentando o desenvolvemento da capacidade produtiva ao mesmo tempo que as peculiaridades de cada zona.
- c. Creación, dentro do Banco de Terras de Galiza, dun departamento vitícola, en que colaborarán os Consellos Reguladores. Medidas específicas para fomentar o arrendamento a longo prazo de superficies de cultivo de vide, co fin de facilitar o redimensionamento das explotacións.
- d. Fomento do asociacionismo e o cooperativismo, tanto no ámbito da comercialización como no da compra de *inputs* e fornecemento de servizos de apoio.
- e. Regulación do potencial produtivo:
  - Desenvolvemento dunha normativa propia sobre os dereitos de plantación e a súas transferencias.
  - Distribución das novas superficies coa perspectiva de fixación de poboación e creación de emprego, adaptación ao mercado dos viños de calidade e recuperación de dereitos históricos de viñas que non foron rexistrados e autorizados.
  - Creación dun Rexistro Vitivinícola de Galiza, con organización territorial en base ás denominacións de orixe.
  - Creación dunha reserva de dereitos de plantación nutrida polos dereitos que fiquen abandonados e non sexan transferidos a outros produtores.

- f. Reforzamento das actividades de difusión e promoción dos viños galegos, a fin de lograr a súa consolidación nos mercados tradicionais e a introdución noutros novos.
- g. Medidas referidas á augardente:
  - Réxime especial para Galiza que contemple unha redución considerábel do imposto para aquela augardente destinada á venda directa no noso país.
  - Medidas de control para que baixo a denominación (*Oruxo*) *Augardente de Galiza* só se ampare o produto elaborado con bagazo galego.
  - Estudo da posta en marcha dunha Denominación Específica para a “Augardente artesá”, que preserve este tipo de elaboración.

## **2. Sector hortofrutícola**

- a. Apoio á mellora dos sistemas produtivos, pondo o acento nos seguintes aspectos: protección e mellora dos solos; control e racionalización do uso de adubos químicos e produtos fitosanitarios; investigación, divulgación e promoción de medidas de loita sanitaria non agresiva; elaboración dun programa específico de eliminación de residuos; potenciación da xestión técnico-económica das explotacións co fin de mellorar a súa eficiencia.
- b. Elaboración dun programa galego para a normalización da produción.
- c. Creación dun banco de xermoplama dos ecotipos autóctonos para evitar a progresiva desaparición das nosas variedades.
- d. Fomento dos cultivos de horta ao aire libre. Recuperación e potenciación da mazá de sidra e da mazá roxa. Estímulo do cultivo de pequenos froitos (framboesa, grosella,...).
- e. Recuperación e adecuación dos mercados locais tradicionais de hortalizas e froitas. Realización de campañas de promoción dos produtos hortofrutícolas galegos.
- f. Programa específico de apoio ás cooperativas neste sector, que poña o acento na integración cooperativa.

## **3. Pataca**

- a) Mellora de infraestruturas que permitan reducir custos: regadío integral e mellora do seu uso.
- b) Fomento da produción de pataca de semente propia.
- c) Creación, ao igual que para as restantes producións, dunha interprofesional como medio de interlocución entre produtores, almacenistas, a gran distribución e a industria transformadora. Esta interprofesional promoverá contratos anuais e definirá cantidades e prezos en función das distintas

calidades e orientacións produtivas, diferenciando as patacas para consumo en fresco, as destinadas á industria e ás de sementeira.

- d) Axudas para a mellora do almacenamento e conservación das patacas: construción de almacéns e dotación de maquinaria (tolvas, calibradoras, ensacadoras, encintadoras,...).
- e) Apoio á instalación de empresas transformadoras (patacas *chips*, preconxeladas, precociñadas, puré, etc...), priorizando aquelas iniciativas de capital galego.
- f) Modificación da norma do etiquetado, que especifique de forma estrita o lugar de procedencia e o de envasado, co fin de evitar o uso fraudulento do renome que ten Pataca de Galiza (problema non resolto a pesar da posta en marcha da trazabilidade desde o 1-1-2005).

#### **4. Cereais e leguminosas**

- a) Investigación e conservación dos recursos fitoxenéticos galegos.
- b) Promoción do consumo e calidade dos cereais e leguminosas producidos en Galiza, polo seu interese como alimentos para unha dieta sá.
- c) Medidas de apoio á integración destes cultivos no complexo agro-industrial galego (envasadores, panificadoras,...).

### **V.3.3.3 PRODUCIÓNS GANDEIRAS**

#### **1. Sector lácteo**

- a) Posta en marcha dun Plano de Ordenación do Sector Lácteo, coas seguintes liñas esenciais:
  - 1. Impulso da ampliación da superficie forraxeira das explotacións.
  - 2. Optimización dos custos de produción, mediante:
    - O apoio a investimentos e cambios nos sistemas de manexo que faciliten que as explotacións produzan leite sobre a base do correcto aproveitamento da súa superficie forraxeira.
    - Axudas ao desenvolvemento de cooperativas de abastecemento.
  - 3. Apoio á extensificación dos sistemas produtivos, priorizando nas axudas aos investimentos aqueles que favorezan unha desintensificación da produción e o avance cara a modelos máis respectuosos co medio ambiente ao mesmo tempo que máis eficientes no uso dos recursos.
  - 4. Creación de novas liñas de axuda destinadas a apoiar aos produtores e ás súas asociacións co fin de mellorar a calidade do leite.

5. Reforma da recentemente aprobada Lei de Calidade Agroalimentaria, co obxectivo de favorecer os derivados lácteos de tipo artesanal.

b) Sistema de cotas e prima láctea:

1. O BNG continuará defendendo en todas as instancias unha redistribución das cotas a nivel europeo, de tal modo que estas deixen de estar vinculadas exclusivamente aos dereitos históricos e teñan en conta outros criterios (nivel de autoabastecemento dos distintos estados, dimensión actual das explotacións e potencial de crecemento, peso na economía rural das distintas rexións, etc.).
2. En relación coa xestión do sistema de cotas:
  - Defenderemos a nivel estatal que todas as transferencias de cota sexan controladas pola Administración. As transferencias serán gratuítas para os receptores que non superen un determinado volume de cota, facendo isto compatíbel cunha compensación adecuada aos que abandonen a produción.
  - No reparto das cantidades adquiridas a través dos programas de abandono e da *reserva nacional*, desde o Goberno galego apoiaremos a nivel estatal as seguintes directrices: non rexionalización da cota, prioridade para as explotacións de pequena e mediana dimensión e para aquelas que desenvolvan sistemas de produción extensivos, fomento da instalación de mozos e o relevo xeracional.
3. No que respecta á nova prima láctea:
  - Presionaremos a nivel estatal para que o reparto dos pagamentos adicionais entre CC. AA. se faga atendendo a criterios de carácter social e non unicamente en función da cota.
  - A distribución deses pagamentos por parte do Goberno galego non se realizará de forma proporcional á cota de cada explotación, senón utilizando algúns dos criterios contemplados no art. 7 do R. D. 543/2004, co fin de contribuír a unha distribución máis equitativa das axudas, ao tempo que se fixa poboación no medio rural e se promove unha gandaría máis respectuosa co medio ambiente.

c) Medidas referidas ao sector transformador:

- Apoio á integración de cooperativas que, sendo primeiros compradores, queiran poñer en marcha procesos de industrialización do leite dos seus socios, co fin de lograr o desenvolvemento de proxectos industriais viábeis de base cooperativa.
- Aplicación selectiva das axudas públicas aos investimentos na industria láctea, concentrando o apoio naqueles proxectos que

permitan desenvolver liñas novas e produtos de alto valor engadido. Potenciación do leite do día.

- Análise da viabilidade, a partir da actual estrutura industrial, de avanzar na constitución dun Grupo Lácteo Galego.
- Aplicación dun programa específico de desenvolvemento das queixarías de pequena e mediana dimensión nas zonas que contan con denominacións de orixe, que inclúa a creación de estruturas de comercialización en común.
- Posta en marcha dun Plano de Calidade Integral dos Produtos Lácteos.

d) Medidas no ámbito da comercialización:

1. A través da Interprofesional Láctea Galega, que propoñemos constituír, impulsarase un sistema de fixación de prezos que resolva o problema da falta de transparencia e suavice as fortes oscilacións conxunturais que estes veñen sufrindo. En concreto, respectando a autonomía das partes, ese sistema debería ter como base a calidade do produto, seguindo os parámetros que establezan a Interprofesional e o LIGAL.
2. Potenciación do LIGAL para que poida desenvolver a súa función con solvencia e independencia.
3. Control rigoroso dos produtos lácteos de importados.

## **2. Vacún de carne**

- a. Apoio ao incremento do número de vacas nodrizas, mediante a recría e tendo como base a conservación dos pastos existentes e a recuperación de terras a matagueira.
- b. Fomento da extensificación dos sistemas produtivos, principalmente a través de:
  - O apoio (económico e técnico) á roza e á implantación de pradeiras de calidade, especialmente en grandes áreas de Montes Veciñais en Man Común.
  - A divulgación de sistemas de manexo extensivos, que faciliten a simplificación dos labores e reduzan a carga de traballo para os gandeiros, ao mesmo tempo que melloran o benestar animal.
- c. Promoción do cebo en pastos de xatos, especialmente os procedentes do rabaño leiteiro e os seus cruzamentos. Axudas económicas á creación de cebadeiros, ben sexa por explotacións individuais ou por cooperativas e asociacións, co fin de que os xatos poidan ter un acabado adecuado para as necesidades da industria cárnica e o mercado de carne de alta calidade.

- d. Potenciación da IXP *Tenera Gallega*, establecendo sistemas de trazabilidade nos distintos puntos co fin de garantir a calidade do produto. Estímulo da creación de marcas dentro da Denominación que permitan unha diferenciación de produtos.
- e. Fomento das cooperativas de comercialización. Estudarse o impulso dunha empresa semipública de comercialización de carne, con participación das industrias, os gandeiros e a Administración.
- f. Mellora da xestión das primas de vacas nodrizas, co fin de evitar a drenaxe de dereitos que vén sufrindo Galiza, e adopción de iniciativas no contexto do Estado para incrementar a nosa porcentaxe de vacas primadas.
- g. Defenderase que sexa aplicada a nivel estatal a retención do 10 % das axudas desta OCM, que permite a reforma intermedia da PAC, e o destino deses fondos aos gandeiros de zonas de montaña e / ou sistemas de produción extensivos.

### 3. Ovino-cabrún

- a) Mellora dos sistemas produtivos, con fins económicos e ambientais:
  - Apoio técnico e económico á mellora das estruturas e sistemas produtivos, mediante a construción de cercados, instalacións de manexo, subministro de auga e mellora dos pastos. Impulso de proxectos silvopastorais que impliquen a explotación comunitaria de montes veciñais para o pastoreo.
  - Fomento da constitución de estruturas asociativas, co fin de que estas xoguen un papel dinamizador na transferencia tecnolóxica, a dotación de persoal técnico especializado, a comercialización, e a mellora e tipificación dos produtos.
- b) Aplicación, pola Administración, de medidas dirixidas á erradicación e control de enfermidades específicas do gando ovino-cabrún (*Maedi Visna* e Paratuberculose). Extensión a toda a cabana de ovino das accións de identificación de individuos resistentes ao *Scrapie*.
- c) Implantación gradual do sistema de identificación do gando ovino e cabrún de acordo co exixido pola normativa comunitaria, para que o proceso estea concluído antes do 1 de xaneiro de 2008.
- d) Diferenciación dos produtos e desenvolvemento de novas liñas produtivas:
  - Apoio á creación dunha indicación xeográfica protexida que permita a comercialización do año e cabrito galego baixo unha marca de calidade, co fin de avanzar na diferenciación dos nosos produtos.
  - Potenciación das razas galegas. Fomento simultáneo do aproveitamento das fibras (lá cachemir), considerando a introdución de novas razas produtoras de fibra e a elaboración das mesmas.

- Implementación dun programa piloto de apoio ao ovino-cabrún de leite, incluíndo iniciativas de transformación industrial para a elaboración de queixos.

#### 4. Gandaría sen terra

Para as ramas aquí incluídas (porcino, avicultura de carne, ovos, cebadeiros de xatos, coellos), a política aplicada polo BNG irá nunha dupla dirección: a consolidación ou incremento da produción actual; o avance simultáneo na diferenciación dos nosos produtos, co fin de dar maior garantía ao consumidor e consolidar as marxes económicas tanto do sector produtor como do transformador. Para iso poranse en práctica estas medidas:

- a) Implantación dunha normativa galega sobre elaboración e comercialización de pensos, que garanta que estes son elaborados con materias primas aptas e de calidade.
- b) Adaptación das axudas aos investimentos nas explotacións, co fin de que estas contribúan a financiar as melloras sanitarias e de produción e a adecuación das explotacións ás normas ambientais.
- c) Definición dun modelo propio de produción para conseguir un “Label” baseado nese modelo e que sirva para poñer no mercado un produto diferenciado. Formación para técnicos e produtores en métodos alternativos de alimentación e homeopáticos.
- d) Creación dunha central de compras que substitúa o actual sistema de Lonxas pecuarias, onde se fixarían prezos e garantías contractuais.

#### V.3.3.4 MONTES E SECTOR FORESTAL

A política que o BNG promoverá desde o Goberno galego para as terras de monte e o sector forestal estará estruturada en catro grandes liñas:

- Medidas organizativas: integración da política forestal dentro da Consellaría competente en materia agraria e de desenvolvemento rural; reforma e potenciación dos Distritos Forestais, priorizando a súa función de asesoramento, colaboración na xestión dos montes e extensión forestal; creación dun organismo específico para os Montes Veciñais en Man Común; axilización da burocracia, simplificando e centralizando a tramitación dos procedementos relativos ás licenzas e autorizacións en materia forestal.
- Planificación forestal: revisión do actual Plano Forestal de Galiza e elaboración, coa participación da poboación e os axentes interesados, dos planos forestais de Distrito en coherencia cos programas de desenvolvemento rural.
- Dotación orzamental: compromiso de destinar o 3 % do orzamento da Comunidade Autónoma á política forestal. Destes fondos, tan só o 25 %



como máximo irá dedicado á loita contra incendios, no entendemento de que unha política forestal racional é a mellor defensa contra o lume.

- Estabelecemento dun marco legislativo adecuado, que estableza o marco xeral regulador da produción forestal, da distribución de competencias entre as diferentes instancias administrativas e das medidas de apoio á produción forestal e ao investimento produtivo no sector industrial da transformación da madeira.

Os **obxectivos** que se persiguen son os seguintes:

- ❑ Contribución ao asentamento de poboación e mellora da renda agraria.
- ❑ Contribución á sociedade como espazo de lecer e benestar.
- ❑ Contribución á mellora da calidade ambiental.
- ❑ Contribución á regulación do mapa hídrico.
- ❑ Medidas de control da erosión.
- ❑ Consolidación da industria transformadora da madeira en Galiza.

De modo máis detallado, recollemos a continuación as principais medidas.

### **1. Ordenación da produción forestal**

- a) Elaboración dunha Lei Galega de Montes, que persiga a ordenación racional dos montes en función das aptitudes das terras, o contexto socio-económico e as actuais demandas da sociedade.
- b) Ordenación dos usos das superficies de monte, como parte do *Programa de Ordenación dos Usos da Terra* antes citado, buscando o equilibrio entre os aproveitamentos agrícola-gandeiros e os forestais, e unha adecuada selección de especies forestais. Atención á problemática específica que presentan os montes periurbanos.
- c) Reforma das axudas á forestación de terras (tanto agrarias como non agrarias): someténdooas a unha ordenación dos usos do solo, e modificando as axudas por especies, co fin de priorizar as dirixidas á produción de madeiras de calidade, así como pola produción de madeira certificada incrementando a superficie suxeita aos diferentes sistemas de certificación.
- d) Creación dunha rede de viveiros, con garantía de control xenético das plantas.
- e) Programa de medidas silvícolas tendente á mellora das masas existentes para produción, con especial atención á madeira de serra.
- f) Aprobación dun Plano Estratéxico sobre a propiedade forestal, dirixido a incentivar os réximes asociativos, tanto de titulares individuais como comunais, con vistas á cooperación para a execución de traballos forestais, o aproveitamento de infraestruturas conxuntas e a mellora da comercialización dos produtos forestais.

- g) Impulso da adecuación dos instrumentos tributarios referidos ás actividades forestais aos obxectivos anteriores.
- h) Realización de programas de formación para os titulares dos montes.

## **2. Actividades complementarias**

- Froitos silvestres, cogumelos e apicultura: aplicación de programas de desenvolvemento e mellora desas producións; apoio á posta en marcha de empresas transformadoras e comercializadoras, dando prioridade ás cooperativas.
- Gandaría extensiva: fomento de sistemas de pastoreo en liberdade de gando vacún, ovino-cabrún e cabalar, asegurando un adecuado control sanitario e o acordo cos propietarios dos montes.
- Caza e pesca: impulso destas actividades, integrándoas na ordenación xeral das terras de monte.

## **3. Montes Veciñais en Man Común**

A política en relación con estas superficies estará definida por dúas directrices:

- Reforzar a capacidade das Comunidades para xestionar e mobilizar produtivamente as súas terras.
- Reservar a intervención directa da Administración, a través de convenios, para aqueles MVMC onde se dea unha destas situacións: ausencia dunha comunidade constituída e con capacidade de xestión do monte, ou ben necesidade de preservar valores ambientais de especial interese. Nestes casos, a xestión das terras pola Administración buscará un equilibrio entre as diversas funcións das terras de monte (produtiva, ambiental, social).

Nesa liña, o BNG promoverá as seguintes medidas:

- a) Reforma da Lei de MVMC e o seu Regulamento, co fin de favorecer a mobilización produtiva destas terras e o seu aproveitamento acorde coas actuais demandas da sociedade.
- b) Creación dun organismo dentro da Xunta de Galiza encargado dos MVMC, coa participación das organizacións representativas das comunidades.
- c) Renovación e axilización do funcionamento dos Xurados Provinciais.
- d) Aplicación de programas de formación para os membros das comunidades veciñais, en especial para os integrantes das Xuntas Reitoras.
- e) Posta en marcha dun plano de deslindes e amolloamentos dos MVMC, coa conseguinte inscrición ou actualización no Catastro e no Rexistro da Propiedade.

#### **4. Incendios forestais**

A estratexia básica contra o lume debe ser a mobilización produtiva da terra e a ordenación das masas forestais. Non obstante, de modo complementario e mais específico, o BNG adoptará as seguintes medidas:

##### **a. Medidas inmediatas:**

- Estudo sobre a causalidade dos incendios nos diferentes concellos e comarcas.
- Investigación das causas sospeitosas de teren unha finalidade económica ou criminal.

##### **b. Medidas preventivas:**

- De carácter educativo: inclusión nos programas escolares de actividades relacionadas coa conservación do medio natural.
- Planificación de infraestruturas: pistas, sendas, cortalumes, puntos de auga.
- Actuacións nas zonas situadas preto de vivendas: accesos, invasión de matogueiras e control da fauna silvestre (danos).
- Política de contratacións: os cadros de persoal deben estar intimamente ligados ao medio rural e formar parte das medidas de fomento do emprego e fixación de poboación.

##### **c. Extinción dos incendios forestais e medidas de restauración:**

- Creación de parques zonais de traballadores de montes estábeis, cunha única Administración contratante.
- Despois dos lumes, urxe dispor de actuacións dirixidas a frear os procesos de degradación dos chans. Para iso, actuarase de inmediato cun proxecto de emerxencia, que inclúa, entre outras, operacións silvícolas e de reforestación.

#### **5. Reestruturación e fomento da industria forestal**

- Apoio á industria da serra, establecendo axudas directas para a súa mellora tecnolóxica, con vistas ao peche da cadea de transformación.
- Impulso da industria de segunda transformación, especialmente en sectores con alta capacidade de xeración de valor engadido e emprego, propiciando para iso medidas de normalización da materia prima. Apoio específico á industria do moble.
- Apoio á industria de chapa e taboeiros, considerada como unha liña complementaria dentro da cadea monte-industria.

- Industria de pasta e papel: apoio ás iniciativas empresariais que permitan pechar o circuito produtivo con produtos finais de alto valor engadido, incluíndo circuitos de reciclaxe, sempre condicionado a unha localización adecuada que minimize os custos ambientais e os efectos negativos sobre outras actividades.
- Apoio ás organizacións empresariais, participando estas nos foros de elaboración de propostas e programas para o sector.
- Chegar a acordos de colaboración coa industria da madeira para que esta conte co apoio das medidas derivadas da investigación xenética.
- Impulsar a participación das organizacións representativas do sector transformador da madeira nos foros de elaboración de propostas, planos e programas para o sector.

#### V.3.4. POLÍTICA PESQUEIRA

A pesca galega, considerada no que representa como un conxunto extractivo-acuicultor-transformador, ten un significado na economía galega de moito maior calado e profundidade, e máis extensión que á simple mirada, que desde a perspectiva do cómputo en capturas poderíamos apuntar.

A ringleira de relacións entrelazadas que percorre un produto pesqueiro galego desde a súa captura, cultivo ou estabulación, até que é consumido mesmo a milleiros de quilómetros de distancia, física e cultural, vai creando zonas de influencia e mesmo tecido produtivo noutros subsectores con consecuencias constatábeis.

Así, a parte das contas convencionais de importancia do sector pesqueiro galego medidas en flota, máis de 6.500 barcos pesqueiros e do sector da acuicultura, emprego directo, 28.000 persoas, valor engadido bruto perto de 100.000 millóns de pts. -aproximadamente a metade do Valor Engadido Bruto (VEB) do conxunto do sector no Estado español-, podemos utilizar as medidas que as táboas *input-output* nos proporcionan para dármonos idea das relacións intersectoriais en que a pesca se involucra, de forma que algo máis da metade dos *inputs* intermedios que necesita a pesca son subministrados por outros sectores produtivos galegos. Así mesmo, o sector téxtil, os servizos anexos ao transporte, as entidades auxiliares de seguros, industrias alimentarias, refino de petróleo, produtos metálicos, comercio por xunto, a construción naval, realizan unha parte importante das súas vendas ao sector pesqueiro.

A orientación que ten tomado até agora a política económica pesqueira, tanto central como autonómica, fíxoo sobre un guión que significa unha lectura restritiva do *Estatuto de Autonomía de Galiza* que entende que as competencias do goberno galego se refiren á pesca e ás actividades das economías relativas á pesca en augas interiores, así como ao desenvolvemento lexislativo e á execución da lexislación estatal na ordenación do sector pesqueiro, non podemos resignarnos a non cumprir adecuadamente o mandato do art. 30 de dito Estatuto que atribúe a competencia exclusiva á Comunidade Autónoma, o fomento e planificación da actividade económica, a industria e o comercio interior de Galiza. Por esta razón, é totalmente defendíbel a intervención do goberno galego nunha serie de actuacións que conduzan a esa finalidade. Hai, ademais, unha outra razón, non do ámbito das leis, que é a propia que dá sentido á nosa forza política, o sentido da existencia do BNG: crear condicións políticas para que a nosa nación desenvolva a súa propia capacidade de crecemento económico para Galiza e desde Galiza, é dicir, un crecemento económico autocentrado.

Hoxe en día é, non obstante, imprescindíbel non perder de vista o marco mundial do mercado de produtos da pesca. Capturas e distribución realízanse desde e para calquera lugar do mundo como ben deixa ver a presenza internacional do sector pesqueiro galego. De aí que sexa tamén imprescindíbel ter en conta o marco xurídico, o político e mais o de competencia internacional para deseñar e asumir as medidas que, buscando o crecemento da pesca galega desde dentro, estean orientadas a garantir a súa pervivencia nese marco mundializado de competencia.

Polo que respecta á revisión da Política Común de Pesca (PCP), aínda despois da chamada integración plena, presenta graves déficits en función dos intereses de cada un dos países comunitarios, das estratexias bilaterais e inclusivemente tras a incorporación de novos países á UE. O incumprimento dos acordos por parte dos socios comunitarios está, máis que nunca, demostrado polas políticas que desenvolven os dous estados ribeireños do caladoiro do Gran Sol, Irlanda e o Reino Unido, que non cesan no seu acoso á flota galega.

Na UE a pesca galega vén sufrindo importantes tensións froito dos diversos intereses en litixio, tensións que poden identificarse tanto no plano socio-económico como no plano político. En concreto, as distintas flotas galegas veñen sofrendo unha reestruturación permanente, ao se reducir o número de unidades en máis da metade.

É dicir, vimos só sufrindo reestruturación e non desfrutamos das posíbeis vantaxes dun amplo mercado único: parte do noso sector extractivo sofre as consecuencias dun *apartheid* comunitario (hai caladoiros prohibidos só aos buques de bandeira española que son os galegos), cumprimos sobradamente a redución da flota e constatamos ano tras ano o fracaso da PCP para salvagardar a saúde biolóxica do recurso pretendidamente defendido.

Por outra banda, a transferencia da negociación de acordos con terceiros países á UE ten orixinado unha mancha de problemas na materialización de acordos pesqueiros, que vén dada pola falta de interese en acadar acordos estábeis, longos e duradeiros. Os acordos pesqueiros enténdense pola UE máis ben como cuestións transitorias, mentres acordos sobre outro tipo de actividades, sexan puramente comerciais ou industriais, realízanse a máis longo prazo, ou establécense mediante unha actuación na Organización Mundial de Comercio (OMC) favorábel aos intereses dos grandes países europeos que detentan os centros de decisión. A ruptura de acordos pesqueiros moi importantes para a flota galega, como os de Marrocos ou Angola, ou o drástico recorte de capturas en augas do caladoiro NAFO, certifican a análise exposta. É dicir, os responsábeis estatais e comunitarios incumpriron, no momento de exercer as súas funcións de negociadores, a obriga de defenderen a imprescindible estabilidade económica do sector pesqueiro, de importancia certa e profunda para a nosa economía. Isto é, incumpren a encomenda dos propios tratados comunitarios, entre eles o fundador (O Tratado de Roma).

O programa pesqueiro do BNG oríntase a terminar con esta situación de reestruturación permanente, mantendo, quer a capacidade pesqueira actual, quer os postos de traballo no sector. Para acadar este obxectivo, é precisa unha serie de medidas políticas urxentes de curto e medio prazo. Moitas delas veñen sendo reclamadas desde o sector.

#### **V.3.4.1 Obxectivos**

1. Manter a capacidade produtiva pesqueira actual expresada en desembarcos, valor dos mesmos, tamaño da flota e número de empregos directos.
2. Manter a capacidade pesqueira exterior expresada en empresas, flota e número de empregos directos.
3. Acadar a representación política galega nas deliberacións e na tomada de decisións comunitarias a respecto de:
  - Política Pesqueira Común: acceso recursos, estruturas, mercados.
  - Normas Sanitarias.
4. Acadar a competencia exclusiva sobre o dominio público marítimo en todas aquelas materias relacionadas coa ordenación do sector pesqueiro e a actividade pesqueira que se desenvolva en ditas augas.
5. Mellorar a seguridade do traballo no mar e medios para a seguridade para a navegación.
6. Crear as condicións legais necesarias que regulen, melloren e dignifiquen as condicións laborais dos traballadores do mar.
7. Lograr o control galego dos nosos recursos costeiros, da súa explotación económica e das condicións de mercado.
8. Lograr que as condicións de venda do produto pesqueiro galego non se vexan limitadas pola competencia exterior, quer no mercado español, quer no estranxeiro. Manter e acrecentar, a ser posíbel, a diversidade dos recursos explotados, sempre que non provocaren desequilibrios no medio.
9. Restaurar, no canto do realizábel, o degradado, tanto no que se refire á calidade do medio mariño como ao recurso nel existente.
10. Acadar a valoración económica de especies agora non aproveitadas e susceptíbeis de se converteren en recurso económico.
11. Valorizar no mercado exterior unha parte do noso capital pesqueiro non utilizado, en forma de venda exterior de tecnoloxía, saber facer (*know how*), investigación, ensino superior, etc. Impulsar a participación dos axentes representativos do sector na definición das políticas pesqueiras a través do Consello Galego de Pesca.

#### **V.3.4.2 Reformas institucionais**

1. Impulsaremos a reforma da Lei de Confrarías, procedendo á reforma do entramado institucional actualmente corporativo do sector pesqueiro, na dirección da democratización das institucións hoxe existentes, e da súa representatividade e congruencia coa composición social e os diversos estatus económicos e laborais da poboación traballadora mariñeira.
2. Promoveremos, dentro das confrarías, o desenvolvemento das seccións de Organización da Producción contempladas na actual Lei de Confrarías para racionalizar a explotación dos recursos e mellorar a xestión

económica e comercial. Así mesmo, promoverase a organización das confrarías como entidades fundamentalmente prestadoras de servizos, dotándoas das infraestructuras necesarias para a prestación de servizos, promovendo as condicións para conseguiren o seu autofinanciamento.

3. Impulsaremos a constitución de cooperativas de produtores nas confrarías así como a agrupación das mesmas en cooperativas de segunda orde, para mellorar a comercialización dos seus produtos.
4. Reclamaremos a transferencia do dominio público marítimo-terrestre en todas aquelas materias relacionadas coa ordenación do sector pesqueiro, así como a competencia exclusiva nas augas da plataforma litoral (12 millas).
5. Propiciaremos a unificación dos servizos de inspección pesqueira coa finalidade de evitar a dispersión das funcións de control, tanto das actividades pesqueira e marisqueira como de despacho e inspección de embarcacións, entre distintas administracións. Con esta finalidade, reivindicaremos perante o Goberno español o exercicio íntegro da capacidade de inspección e vixilancia pesqueira para a Comunidade Autónoma de Galiza e, subsecuentemente, a substitución progresiva dos efectivos da Garda Civil do Mar por unidades dependentes da Xunta de Galiza.
6. Impulsaremos a racionalización da Administración pesqueira galega, adecuando a súa estrutura e o volume de recursos humanos ás necesidades do sector, reforzando o servizo de extensión pesqueira e mellorando a dotación material da protección de recursos.
7. Exixiremos a adopción de medidas legais para o emprego da forma orixinal galega na toponimia de provincias marítimas e capitánías. Suporá a modificación das actuais siglas de matriculación das embarcacións pertencentes á Provincia Marítima de Vilagarcía de Arousa polas siglas "VIL".

#### **V.3.4.3 Pesca de baixura e litoral**

A crise que está a atravesar a pesca de baixura e litoral (flota artesanal, cerco, arrastre litoral, palangre e enmalle) en Galiza vén dada por unha importante redución dos recursos, e agravada pola falta dunha política de prezos axeitada, así como pola incorporación de novas tecnoloxías.

O BNG considera que a pesca de baixura e litoral é un sector cun grande potencial de futuro, que pode remontar a actual situación de crise se recibe a cooperación e o apoio decidido da Administración para levar adiante as seguintes medidas:



## **1. Recuperación dos caladoiros**

- Avaliación do estado dos recursos coa participación do sector, incluíndo o estudo da migración das especies, mediante a realización de estudos científicos rigorosos, sistematizados temporal e territorialmente, que fundamentarán o eventual establecemento de medidas de protección de recursos e de control do esforzo pesqueiro.
- Establecemento de paros remunerados que permitan a recuperación dos caladoiros.
- Elaboración de Planos de Pesca zonais e sectoriais, en colaboración co sector pesqueiro, que contemple o conxunto de especies e artes, e que partindo dun Plano Base de Capturas permita a flexibilización das mesmas.
- Erradicación do uso de artes e elementos prohibidos na pesca –dinamita e outros-, e incorporación de medidas técnicas para a rexeneración dos recursos.
- Elaboración e posta en marcha urxente dun Plano de Repoboación das costas galegas con especies de interese pesqueiro e marisqueiro.

Todas estas medidas, así como a posición de negociación con outras Comunidades e coa Administración estatal, levarán aparelladas a realización dun Plano Galego de Pesca de Baixura e Litoral, que contemple a renegociación do actual acordo con Portugal para que a flota galega estea en igualdade de condicións que a portuguesa e non se produza a competencia desleal que se deriva do acordo en vigor, permitindo que a nosa flota poida faenar en Portugal sen renunciar á licenza para o caladoiro Cantábrico Noroeste. Así mesmo, solicitarase a presenza de Galiza na Comisión Mixta Hispano-Portuguesa.

## **2. Mantemento do emprego no sector e mellora das condicións de traballo**

Impulsaremos unha política de mellora das condicións de seguridade e de vida a bordo que implica a renovación da flota, mais tamén unha política que impulse a concertación e, que orixine a extinción progresiva do salario á parte na baixura, e que proporcione maior información para o establecemento de paros retribuídos e regulados, que garantan prestacións sociais aos traballadores afectados. Promovendo a sinatura de convenios colectivos. Humanizando, por tanto, a actividade pesqueira, e impulsando o relevo xeracional no mar. Entre as medidas prioritarias figuran:

- Trocar o actual sistema de compensación de trb (kw) para a construción de novas embarcacións, especialmente na flota artesanal (rías e artes menores), inclusivamente nas dedicadas ao marisqueo.
- Posta en marcha dun banco de *gt* aos efectos de facilitar a modernización da flota.
- Garantir que no ano 2008, as embarcacións que se declaren aptas en termos de operatividade, habitabilidade e seguranza, despois de pasar as preceptivas inspeccións e recoñecementos, poidan seguir a súa actividade.

- Instar a igualación do trato fiscal que reciben a gasolina e o gasóleo utilizados como combustíbel para embarcacións pesqueiras, liberando á gasolina de cargas impositivas.

### **3. Mellora da comercialización dos produtos da pesca fresca**

- Estabelecemento dun sistema de lonxas de referencia que facilite a implantación definitiva do sistema de subasta centralizado.
- Implantación da subasta automatizada de peixe nas lonxas de referencia de Galiza. Na procura da mellora das poxas buscando sistemas que garantan os mellores prezos para os produtores.
- Promover e apoiar a incorporación de novos sistemas de envasado e estiba da pesca fresca en todas as embarcacións.
- Información adecuada para a implantación dos prezos de retirada nas especies afectadas, en especial no cerco e no arrastre litoral.
- Toma en consideración das condicións de mercado para a definición da política de vedas.
- Promover sistemas de regulación de mercados dentro do sector extractivo para conseguir unha mellora dos prezos e da eficiencia da actividade pesqueira.

### **4. Mellora das infraestruturas portuarias**

- Os portos base deberán contar cos servizos adecuados para a reparación e mantemento da flota e para a realización dunha comercialización axeitada. Con tal finalidade, establecerase unha nova clasificación dos portos de Galiza.
- Reclamaremos o traspaso á Galiza dos edificios pertencentes ás antigas Comandancias Militares e Axudantías de Mariña.

### **5. Promoción Formativa**

- Promoción de concertos coas confrarías e cooperativas para levar adiante todas as medidas apuntadas, incluíndo ás asociacións e entidades representativas do sector.
- Realización dun Plano Integral de mellora das explotacións familiares, con un deseño axeitado para os distintos subsectores.

### **6. Mellora a información e a participación do sector**

- Reforzo da presenza da Administración na costa e establecemento de concertos coas organizacións existentes, confrarías e cooperativas, para mellorar a difusión da información das Administracións públicas no sector.

- Promover a participación do sector na tomada de decisións, dotando o Consello Galego de Pesca de maior capacidade de decisión, podendo incluso emitir informes vinculantes nalgunhas cuestións.

#### V.3.4.4 Marisqueo

No BNG estamos convencidos de que o marisqueo pode constituír unha importante fonte de emprego para algunhas vilas mariñeiras a curto e medio prazo, sempre que se solucionen algunhas das eivas que o caracterizan na actualidade, tales como: a insuficiencia da oferta de semente, a ausencia de criterios económicos na explotación, o escaso grao de tecnificación ou un proceso de comercialización deficiente. É por iso que o BNG, no Goberno galego, impulsará a aplicación das seguintes medidas:

- Promover a profesionalización do marisqueo e o cooperativismo de produción e comercialización.
- Apoio económico e técnico para a creación de unidades de xestión que faciliten a incorporación de criterios económicos na explotación e cultivo dos bancos marisqueiros.
- Apoio económico ás confrarías e agrupacións marisqueiras para a incorporación de persoal técnico, tanto nos labores biolóxicos como organizativos, tecnolóxicos, económicos e comerciais.
- Elaboración dun mapa de recursos que recolla a situación dos recursos na actualidade, focos problemáticos, limitacións para futuras actuacións ou limitacións das áreas que ante posíbeis futuras actuacións e compatibilidade de usos. Estudo de particularidades por zonas.
- Realización do inventario de concesións e autorizacións marisqueiras.
- En conxunción coa nosa política de recursos interiores, someteranse a control zonas novas de grandes praias para un cultivo extensivo das mesmas.
- Promoción de *hatcherys* públicas ou mixtas para surtido de semente propia, eliminando así a dependencia exterior nos cultivos extensivos, e garantindo a oferta necesaria de semente das distintas especies.
- Estudo das causas que inciden nos problemas de medre da ameixa babosa en amplas zonas do litoral galego, e revisión normativa das tallas mínimas de extracción.
- Creación dun seguro público de produción marisqueira que supla os efectos de eventuais perdas da produción.
- Promover o reciclado de residuos procedentes doutras actividades pesqueiras ou acuícolas, evitando a reversión ao mar dos mesmos.
- Control na introdución de especies mariñas foráneas e potenciación de especies autóctonas.
- Regulación de exames médicos e recoñecementos específicos para os/as mariscadores/as, de xeito que se definan todos e cada un dos aspectos médico-laborais sobre os que intervir, elaborando ao tempo o cadro de doenzas profesionais deste sector.

- O control efectivo dos recursos marisqueiros a través de axentes públicos, non delegando as funcións de vixilancia nas entidades do sector.
- Promover a construción de depuradoras propias, xestionadas polos produtores.

#### V.3.4.5 Acuicultura

- Creación das condicións legais necesarias para viabilizar a explotación comercial de novos cultivos.
- Impulsar a diversificación do actual monocultivo de mexillón en bateas aproveitando as instalacións actuais:
  - Cultivo de peixes (dourada, ollomol, sargo, robaliza, etc.).
  - Cultivo doutros moluscos (polbo, ameixa, vieira, ostra, etc.) demarcando zonas específicas.
  - Aproveitamento dos refugallos das mexilloeiras en terra (estudo de aproveitamento)
- Recuperación e impulso do cultivo de ostra, con semente e especies autóctonas.
- Apoio á diversificación do cultivo de peixes en terra, con especial atención ás empresas galegas.
- Apoio á mellora dos procesos de comercialización: impulso de marcas e denominacións de orixe galegas.
- Promoción da **imaxe de calidade** do mexillón galego con campañas de mercado nos medios de comunicación de titularidade pública, mais tamén establecendo políticas de fomento e control real da calidade. Obrigatoriedade da **identificación da orixe** da vianda nas conservas de mexillón.
- Apoio á comercialización exterior do mexillón galego, coa finalidade de acadar cotas de mercado relevantes naqueles mercados europeos nos que aínda temos unha presenza escasa.
- Promover a colaboración entre as universidades galegas e o Consello Regulador do Mexillón de Galiza, para o desenvolvemento de **liñas de investigación** dirixidas á creación de novos produtos que usen mexillón ou subprodutos do cultivo de mexillón como materia prima (diversificación das conservas, conxelados, cosmética, pensos, etc...)
- Incentivar as iniciativas industriais que aproveiten os subprodutos do sector mexilloeiro.
- Recuperación efectiva da condición de **concesión administrativa** das bateas, terminando co comercio ilegal de concesións e anulando as concesións a bateas que non se explotan, mais que se manteñen por criterios especulativos.
- Promoción de seguros que permitan diminuír os riscos asociados aos factores climáticos, medioambientais ou de mercado dos cultivos mariños.

#### V.3.4.6 Comercialización

- **Creación dun Órgano (de tutela) comercial do produto Pescado Galego** incluíndo nel peixe fresco, marisco fresco, pescado capturado ou preparado en Galiza. Este órgano tutelador debería ser mixto público-privado, con financiamento público dos Fondos IFOP da propia Xunta e do Estado, así como do financiamento privado que se procurar. As súas obrigas serían levar a cabo a designación, control e vixilancia da calidade, procesos e realización no mercado dos pescados, moluscos e crustáceos que se comercialicen coa marca galega elaborada aos efectos.
  - Designación. Elaboración en mercadotecnia da marca, creación empresarial con todos os elementos dunha marca, a súa posta en funcionamento e o seu sostemento no mercado.
  - Control. Os controis refírense tanto aos sanitarios como aos do mercado para impedir as misturas dun produto de orixe e características coñecidas con outros de procedencia descoñecida.
  - Vixilancia. A vixilancia consiste no seguimento efectivo dos elos da cadea comercializadora, así como na busca de acordos profesionais. Os distribuidores e/ou grandes compradores, nomeadamente conserva, transformadores, supermercados, hipermercados, mercas e horecas para lograr vía acordo e colaboración o que por vía impositiva non se poida.
- **Homologación dos índices de toxicidade e das especificacións técnicas** para a comercialización dos mariscos cos vixentes nos principais mercados da UE, de xeito que o subsector marisqueiro galego non se vexa discriminado.
- Xunto coas transferencias dos portos estatais, **transferir as lonxas dos portos estatais** ao sistema galego de lonxas e sometelas ás mesmas normas de venda que as restantes.
- Elaborar un **Plano Galego de Comercio do Peixe e Marisco** con rango de lei, que terá os seguintes fíos condutores:
  - Redución do nº actual de puntos de venda.
  - Especialización progresiva das lonxas.
  - Profesionalización dos compradores en primeira venda que forman o complexo tecido da cadea comercializadora (normas de acceso á compra, transporte, solvencia, etc.)
  - Dotar as lonxas de medios frigoríficos e demais técnicas para as faceren compatíbeis coa existencia do Produto de Calidade.
  - Estabelecemento dun prezo mínimo por mercadoría (grao de frescura, cor, especie, calibre, procedencia, arte de pesca, días de navegación, tratamento a bordo).
  - Normas de etiquetado, envasado, embalaxe e caducidade e procedencia para todo o produto pesqueiro que saíra dunha lonxa galega.

- Normas de procedencia, sanitarias, envasado, embalaxe e caducidade para todo o produto pesqueiro vendido desde Galiza.
- Promover a creación de **entes comercializadores** coa participación da base produtiva, para o marisqueo, a acuicultura e a pesca de baixura e litoral.
- **Control das importacións** para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da Administración galega en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se ofrece ao consumidor.
- **A industria conserveira** galega pódese converter, grazas á súa colaboración, nunha boa vía de penetración no mercado de alimentos do produto pesqueiro galego, indicando a procedencia e o envasado dese produto. Propomos, así mesmo, a promoción polo goberno de acordos entre conserveiros e produtores no marco dun contrato de provisión de materia prima. En consecuencia, o Goberno galego adoptará perante a Unión Europea medidas que impidan a entrada no mercado conserveiro de produtos pesqueiros procedentes de terceiros países de similares características aos nosos, que poidan inducir á confusión no consumo.

#### V.3.4.7 Melloras sociais

- Promover a reforma do sistema de retribucións, tentando superar o sistema de retribucións “á parte” e procurar acordos entre armadores e mariñeiros que contemplan un salario mínimo.
- Modificación do marco legal vixente en materia de cotizacións para permitir que os autónomos incluídos no Réxime Especial de Traballadores do Mar teñan o mesmo dereito que o resto de autónomos no referente á opción de elección entre as bases de cotización máxima e mínima que se establecen.
- Promoción de acordos entre a Xunta de Galiza e a Administración Central para garantir a protección social de todas as mariscadoras, cubrindo parte das cotizacións á Seguridade Social, mentres os seus ingresos non acaden, polo menos, o Salario Mínimo Interprofesional. Estas medidas terán carácter transitorio e deberán ir acompañadas por planos de desenvolvemento das agrupacións de mariscadoras.
- Elaboración dun censo que recolla os casos de mariscadoras en idade de xubilación que non teñan cotizado o mínimo necesario para acceder a unha pensión contributiva, para procurar a concesión de pensións non contributivas.
- Actuacións precisas para o establecemento de convenios colectivos en todos os segmentos e portos da flota pesqueira galega.
- Adecuación da normativa electoral sindical á pesca.
- Elaboración dunha normativa específica reguladora das tripulacións mínimas operativas na flota pesqueira.
- Axilización de axuda e xestións en prol dos mariñeiros galegos apreixados por terceiros estados.

- No caso dos mariñeiros embarcados en buques pertencentes a sociedades mixtas:
  - Estabilidade no emprego.
  - Defensa dos postos de traballo.
  - Homologación xurídico-laboral cos mariñeiros de buques de pabillón español.
  - Acceso á formación continua.
  - Asinamento de convenios sobre Seguridade Social cos países que teñen ou tiveron acordo pesqueiro coa UE e non contan con esta cláusula e con aqueles outros que non o tiveron, mais teñen sociedades mixtas.
- Melloras sociais diversas (bonificacións fiscais, rebaixa de tarifas telefónicas, garantías no exercicio do dereito do voto aos mariñeiros, etc.).
- Realización de campañas informativas dirixidas á reclamación de prestacións sociais por mariñeiros galegos que traballaron en buques de terceiros países.

#### V.3.4.8 SUPERAR AS CONSECUENCIAS DO “PRESTIGE”

A catástrofe do “Prestige”, como calquera outra marea negra producida no noso litoral, ou en calquera outro lugar do mundo, provocou un impacto, fundamentalmente nos sectores produtivos da pesca e do marisqueo, que cómpre afrontar con realismo. Até o momento, a liña política seguida pola Xunta de Galiza, consistente en negar os danos producidos, ademais de irreal, resulta suicida: non se pode pasar páxina tranquilamente, cando aínda a día de hoxe existen danos como consecuencia do sinistro. Cómpre adoptar medidas, e con urxencia, co obxectivo de resarcir os colectivos afectados e de restabelecer o litoral á súa situación previa ao inicio da catástrofe. O BNG no Goberno galego porá en marcha as seguintes accións:

- Elaborar unha cartografía de todo o litoral galego en que se localicen as manchas e acumulacións de fuel depositado nos fondos mariños, incluída a plataforma continental, co obxecto de que a súa eventual sedimentación non evite a súa retirada.
- Elaborar e executar, en colaboración coa comunidade científica galega e co sector pesqueiro e marisqueiro, un **Plano Integral para a limpeza e descontaminación** de todas as zonas afectadas: rochas, praias, areais e, nomeadamente, os fondos mariños de toda a plataforma continental.
- Elaboración de estudos por zonas e especies que sirvan para avaliar o impacto producido, de cara a posíbeis compensacións económicas ao sector produtivo, e á adopción de medidas de choque.
- Executar accións, en colaboración coa comunidade científica galega e co sector pesqueiro e marisqueiro, de repoboación de zonas, recursos e especies mariñas afectadas.
- Reclamación ao Goberno español, a efectos de compensar economicamente os sectores afectados pola catástrofe: Recoñecemento

dos danos futuros, e incremento de fondos destinados a este fin. Pagamento aos concellos galegos dos gastos orixinados polos labores de limpeza, apoio ao voluntariado, etc.

- Consideración formal como afectados aos mariscadores, mariscadoras, mariñeiros, etc., que no momento da catástrofe se encontraban en situación de baixa laboral.

#### **V.3.4.9 Salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña**

A intensa densidade do tránsito marítimo que atravesamos o litoral galego (45.000 buques / ano como media, dos que uns 13.000 cargan mercadorías perigosas de todo o tipo), a alta sinistralidade no mar (a máis elevada de todo o Estado español), e outro tipo de factores (climatoloxía, posición xeográfica, etc.), demandan unha actuación seria en materia de salvamento marítimo por parte do Goberno galego. Resulta difícil de entender como, dous anos e medio após o inicio da catástrofe do “Prestige”, a nosa nación segue a carecer de calquera plano ou protocolo de actuación en caso de sinistro, ou dos medios máis elementais á hora de afrontar unha situación similar, lamentablemente repetida na nosa historia.

Especialmente grave resultan os constantes sinistros sufridos por buques, con perda de vidas humanas incluídas, que certifican a inadecuación e insuficiencia do actual modelo de salvamento marítimo, e a gravísima carencia de medios que aínda padecemos.

Cómpre que Galiza conte con competencias plenas nesta materia, que lle permita elaborar e organizar unha política propia de salvamento marítimo, para atender á singularidade do noso país. Nese contexto, o BNG no Goberno galego porá en marcha as seguintes medidas:

- Elaboración do Plano Galego de Salvamento da Vida Humana no Mar e de Loita contra a Contaminación Mariña, con protocolos de coordinación con dispositivos similares de España, Portugal, e o que eventualmente se dote a Unión Europea.
- Dotación, en todo o litoral galego, de medios de combate contra a contaminación mariña.
- Dotación na Galiza de avións con capacidade para a realización de labores de patrulla e recoñecemento aéreo sistematizado no litoral.
- Estudo da rescisión dos contratos que vinculan ao servizo de salvamento da Xunta de Galiza con empresas privadas (nos buques e nos helicópteros), garantindo o carácter público deste servizo.
- Dotación á Galiza de dous remolcadores de altura, concibidos como buques de salvamento polivalentes e con capacidade de recollida de hidrocarburos no mar, cunha potencia de tiro non inferior ás 200 e 150 tns., respectivamente.
- Dous buques anticontaminación con porto base na Galiza, con capacidade de almacenamento de residuos non inferior ás 2.500 tns.
- Creación de Bases de Salvamento Marítimo na Costa da Morte, A Mariña e Rías Baixas, nos portos que reúnan as condicións máis



idóneas, con capacidade de atracada de remolcadores de altura e unidades de intervención rápida, contando –no caso da Costa da Morte– con heliporto propio que permita operacións de repostaxe, avituallamento e mantemento, a fin de incrementar a súa autonomía operativa.

- Creación dunha Unidade de Mergulladores de Rescate, dotada con persoal especializado.
- Reivindicación da instalación dun sistema satelitario de control de tránsito marítimo que circula fronte ás costas galegas, a través dun convenio coa Axencia Espacial Europea e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), co obxecto de detectar posíbeis vertidos, lavados de tanques ou “sentinazos”, e disuadir a buques potencialmente infractores.
- Efectuar as melloras técnicas precisas que permitan a cobertura radar plena, desde o Centro Zonal de Coordinación de Salvamento, no actual DST de Fisterra.
- Continuidade e mantemento das instalacións, medios e recursos, tanto humanos como técnicos, da estación radiocosteira da Coruña, garantindo a prestación dos servizos de escoita permanente nas canles e frecuencias de socorro, de xeito ininterrompido, as 24 horas do día e os 365 días do ano, certificando que o emprego do idioma galego nas comunicacións de socorro da flota pesqueira galega non vai significar discriminación nin desatención.
- Ampliar a cobertura VHF en todo o litoral galego, eliminando as sombras radioeléctricas.
- Intensificación nos portos galegos das inspeccións de buques –con independencia da bandeira que enarboren–, nomeadamente os que carguen mercadorías perigosas, eliminando as prácticas de “autodespachos”.
- Mellora dos medios de recollida, almacenaxe, retirada e tratamento dos residuos oleosos xerados por buques nos portos galegos.
- Realización periódica de exercicios e simulacros de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.
- Estudo de medidas destinadas a mellorar a estabilidade e seguranza das novas construcións de buques pesqueiros.

### ***Mellorar a seguridade do colectivo percebeiro***

Un dos colectivos que presenta unha taxa de sinistralidade máis alta no litoral galego é o dos percebeiros. Na actualidade, son 1.062 os traballadores que desenvolven esta actividade, e 635 as embarcacións que contan con permiso de explotación deste recurso específico. O Goberno galego do BNG porá en marcha, no tocante á seguranza deste colectivo, as seguintes medidas:

- Modificar a normativa vixente para que, no caso de extracción de percebe, se poidan utilizar embarcacións tipo planeadora con motores fóra-borda con potencia suficiente para garantir en límites de seguranza as manobras precisas nestas operacións.

- Diseñar de xeito urgente un catálogo oficial que conforme un equipo básico de protección individual no traballo, sendo de uso obrigatorio na extracción do percebe. Para este fin, adoptaranse as medidas de apoio necesarias (incluíndo liñas de axuda económica) para a súa adquisición. Impartir cursos de natación.
- Impartir cursos de conducción de embarcacións menores de alta velocidade e de natación.
- Elaborar, publicar e difundir unhas normas de seguranza para a práctica de extracción de percebe.
- Demandar ao Goberno español a aplicación de coeficientes redutores de cara á xubilación dos percebeiros, nun grao non inferior aos establecidos para os tripulantes de embarcacións pesqueiras.
- Regular a realización de exames médicos e recoñecementos específicos para os percebeiros, de xeito que se definan todos e cada un dos aspectos médico-laborais sobre os que actuar, elaborando ao tempo o cadro de doenzas profesionais deste sector.

### **V.3.4.10 Investigación pesqueira, ensino e cultura mariñeira**

#### **1. Investigación pesqueira**

- O BNG reclamará a transferencia das competencias de investigación oceanográfica e, xa que logo, o traspaso dos centros, persoal e material do Instituto Español de Oceanografía (IEO) radicados en Vigo e A Coruña, así como do Instituto de Investigacións Mariñas de Bouzas e procederá á coordinación de todos os centros de investigación de pesca, marisqueo e acuicultura que houber no país.
- Promover a difusión, entre o público en xeral e os investigadores en particular, das liñas de traballo dos diferentes grupos e dos medios con que contan, principalmente de infraestruturas, co fin de fomentar un mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais para a resolución de problemas concretos.
- Orientar a investigación aplicada prioritariamente á resolución dos problemas e expectativas que poidan presentar pesca e marisqueo galegos, entre outros:
  - Estudos de posibilidades e ordenamento do litoral, impacto ambiental, para o aproveitamento máximo do marisqueo e a acuicultura.
  - Completar o ciclo biolóxico de especies de interese.
  - Tecnoloxías asociadas á pesca, ao marisqueo e á acuicultura.
  - Sistemas para paliar os efectos das mareas vermellas.
- Reordenar nunha única liña de investigación as especies de augas continentais e mariñas, así como as de duplo ciclo.

- Estabelecer procedementos claros para a presentación de propostas e criterios obxectivos e transparentes para a selección de proxectos de investigación subvencionábeis, que permitan priorizar determinadas liñas de investigación e garantan un mellor e máis áxil reparto dos fondos.
- Regulación e axilización das concesións experimentais, de xeito que se facilite a investigación sobre novos cultivos e se impida a utilización fraudulenta das mesmas.
- Transferencia de competencias, funcións e medios en materia de investigación hidrográfica, que hoxe ten encomendados o Instituto Hidrográfico da Mariña, dependente do Ministerio de Defensa, e nomeadamente, todo o que teña a ver con:
  - Levantamentos hidrográficos e estudo do releve submarino no litoral galego.
  - Observación sistemática e estudo das mareas e correntes, da temperatura e propagación acústica e electromagnética nas augas, da meteoroloxía, e en xeral de todos os fenómenos físicos que afecten á navegación ou á contaminación mariña.
  - Elaboración de cartas náuticas e redacción de libros e documentos de axuda á navegación.
  - Axudas á navegación e avisos a navegantes por eventuais alteracións do medio.
  - Representación de Galiza na Comisión do Atlántico Oriental da Organización Hidrográfica Internacional.
  - Representación de Galiza na OMI en canto ás súas relacións coa seguranza na navegación, na Comisión de Faros e Sinais Marítimos.
- Modificación da composición e funcionalidade do Comité Científico Galego da Pesca, dándolle entrada no mesmo ao sector produtivo, e ampliando as súas competencias a todas aquelas augas e recursos de interese para Galiza.
- Adquisición e/ou adaptación dun buque para traballos de investigación e prospección científica.
- Garantir o carácter público do Centro de Control da Calidade do Medio Mariño, radicado en Vilaxoán.

## **2. Ensino pesqueiro**

A experiencia e o coñecemento acumulado en moitos anos de pesca en todas as augas do planeta, constitúen un capital que debe ser valorizado polo sector pesqueiro galego, polas posibilidades que unha xestión adecuada dos mesmos pode ofrecer en termos de cotas de pesca, licenzas, contratos en estaleiros ou vendas na industria pesqueira en xeral. O BNG propón as seguintes liñas de actuación para pór en valor estes coñecementos:

- ❑ Programas adecuados nos diferentes campos das pesqueiras; elaboración, comercialización, etc., rexeitando a cativa visión actual de dedicar tres centros de ensino só ao campo das titulacións.
- ❑ Coordinación dos distintos niveis de ensino relacionados co mar e a pesca (formación profesional e universitario).
- ❑ Posta en marcha de accións formativas en función das necesidades de profesións e ocupacións vinculadas ao mar: actividades portuarias (comercio exterior, idiomas, información e telemática, xestión medioambiental, etc.), marisqueo (tecnoloxías de cultivo, sementes, bioloxía mariña, lexislación, saúde laboral, coñecementos básicos de mercado, etc.), pesca de baixura, acuicultura, industria e servizos afíns.
- ❑ Realización de cursos de formación a tripulantes en datas que non colisionen coa súa actividade laboral.
- ❑ Realización dun Plano Nacional de Ensino Pesqueiro no eido da formación profesional, que sirva de base para a potenciación das escolas existentes no país (Vigo, Ferrol,...), e contemple a realización de cursos de especialización que faciliten a formación de traballadores e alumnos galegos e mesmo contribúan a rendibilizar as instalacións e os coñecementos mediante a admisión de alumnos doutros países.
- ❑ Solicitar a transferencia do Centro de Formación Ocupacional de Bamio, hoxe dependente do ISM, así como toda a programación de cursos que realiza este organismo en Galiza.

### **3. Cultura mariñeira**

- ❑ Implicación do ensino na posta en valor da cultura mariñeira.
- ❑ Elaborarase un plano de recuperación do patrimonio marítimo e embarcacións tradicionais.
- ❑ Estabelecerase, con periodicidade anual, un programa de concesión de axudas a entidades culturais sen fin de lucro destinadas á recuperación de embarcacións tradicionais para uso en actividades de promoción socio-cultural, contemplando a casuística concreta dos grandes buques e os gastos derivados do seu mantemento.
- ❑ Declararase a exención de pago de taxas portuarias en materia de atracada e/ou fondeo de embarcacións tradicionais nos peiraos do Ente Público Portos de Galiza.
- ❑ Elaborarase un inventario do patrimonio etnográfico de Galiza vinculado ao mundo do mar, cumprindo, así, as previsións da Lei do Patrimonio Cultural de Galiza, de 1995.
- ❑ Realizarase unha campaña de divulgación e publicidade da nosa riqueza cultural no mundo do mar para a súa posta en valor social.
- ❑ Consideración do remo tradicional como “Deporte Nacional Galego”, impulsando a súa actividade, apoiando economicamente actividades e infraestruturas dos clubs, e difundindo e publicitando axeitadamente os eventos que se organicen a través dos medios públicos de comunicación.

#### **V.3.4.11 Apoio á pesca galega na UE e en augas extracomunitarias**

A flota pesqueira galega leva máis de 20 anos soportando unha reestruturación permanente. Así, a flota bacallaeira sufriu unha redución do 77,8 %, a de fresco do Gran Sol do 56 %, e a flota conxeladora de pescada e pesqueiras varias do 64 %.

Paralelamente véñse constituíndo unha flota de sociedades mixtas con grande participación de buques e capital galego. Porén, o saldo é negativo, desaparecendo multitude de empresas e milleiros de postos de traballo no sector extractivo. Reaxir perante esta situación establecendo políticas activas de defensa, especialización e diversificación da actividade do sector é de vital importancia.

Para manter e reforzar a actividade da pesca industrial, as actuacións do goberno do BNG neste campo terán como obxectivos o aumento dos apoios políticos nos distintos ámbitos (comunitarios ou bilaterais) e o incremento dos medios humanos e materiais que permitan realizar as Campañas e estudos para defender, nos diferentes foros internacionais, as posicións da flota galega tencionando, ademais, aumentar a diversificación de especies e caladoiros.

#### ***Reforma da Política Común de Pesca (PCP)***

A integración do Estado español na Unión Europea incluíu de cheo ao sector pesqueiro galego no conxunto de medidas, criterios e regulamentacións que conforman a denominada “Política Común de Pesca” (PCP). Ninguén oculta a estas alturas que a PCP foi concibida inicialmente co obxecto de lle facer fronte á inminente integración do Estado español e Portugal na UE, pondo en marcha, en consecuencia, unha serie de medidas claramente discriminatorias contra estes dous Estados, cunha especial relevancia (do punto de vista cualitativo e cuantitativo) para a flota pesqueira galega.

A experiencia acumulada proporciona evidencias dabondo para avaliar o impacto da aplicación da PCP sobre o sector pesqueiro galego. A nova revisión da Política Común de Pesca, aplicada a partir de 2002, incide exactamente nos mesmos criterios. Baste dicir que, neste período, e fóra de casos ou exemplos puntuais, non existe en toda a UE un caso de redución da flota e do emprego na pesca como o que ten padecido Galiza.

Á marxe das propostas que desde Galiza se poidan elaborar e defender, cómpre caracterizar a nosa inserción na política comunitaria de pesca, en base aos seguintes aspectos:

- Un deseño estrutural marxinador para Galiza en materia de política pesqueira, consecuencia das condicións de ingreso do Estado español na UE.
- Inexistencia de canles institucionais directas en que vehiculizar e defender as nosas propostas, isto é, ausencia de Galiza no proceso de tomada de decisión política.
- Contexto xeral, nos planos político, comercial e económico, de reestruturación e redimensionamento do sector pesqueiro no marco da

UE, en beneficio das flotas pertencentes aos estados hexemónicos e en prexuízo, singularmente, da flota galega.

## **1. Un novo estatus institucional para Galiza**

Galiza é a zona pesqueira máis importante de Europa e a máis dependente da pesca en termos sociais e de emprego directo, e inducido, en termos económicos e de representación deste segmento da economía no conxunto do Produto Interior Bruto, estando, aliás, clasificada como “Rexión Obxectivo nº 1 pola UE, en función do noso nivel de renda relativa. Porén, non existe ningunha relación entre a potencialidade pesqueira do noso país e a capacidade de incidir politicamente para tomar as decisións na UE que nos afectan máis directamente.

A nosa nación enfrontase na actualidade a uns problemas que só poden ser resoltos baixo unha perspectiva integral, indo á súa orixe, quere dicir, procurando canles de participación política directa na UE, fóra de voluntarismos ocasionais, e institucionalizando formalmente esta representación nos diversos órganos e foros decisorios da UE. A consecución deste obxectivo é posíbel de existir vontade política para o efectivizar, como o demostra o caso de Escocia.

Para o acadar, o BNG defende os seguintes criterios para a representación institucional de Galiza no marco da UE:

- Adopción das medidas políticas necesarias perante o Goberno español e a UE para o recoñecemento dun novo estatus institucional de Galiza na Unión Europea en materia de política pesqueira, defendendo a presenza directa do Goberno galego na mesma, así como en todas as estruturas que regulan esta actividade en pesqueiras internacionais: NAFO, ICCAT, CCSBT, CCAMLR, IBSFC, NEAF, IOCT, etc.
- Participación directa da Xunta de Galiza no Consello de Ministros de Pesca da UE e no Consello de Representación Permanente do Estados.
- Xestionar, controlar e recibir directamente os planos, programas e instrumentos de financiamento estrutural comunitario en materia pesqueira.
- Participación do Goberno galego no Comité de Pesca hispano-portugués.
- Na ausencia de acordos pesqueiros con terceiros estados, posibilidade de os estados membros, ou directamente a Xunta de Galiza, poderen formalizar protocolos de cooperación pesqueira con calquera outro estado.
- Solicitar, unha vez acadada a transferencia a Galiza do Instituto Español de Oceanografía, a participación no Comité de Pesca da FAO e no Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES).
- Iniciar, antes da negociación nos diversos foros, un proceso de diálogo e interlocución co segmento do sector pesqueiro galego máis interesado en cada un dos caladoiros, co obxecto de elaborar unha estratexia negociadora común.

## 2. Conservación e xestión dos recursos pesqueiros

O BNG defende unha modificación da nova PCP que acabe coa discriminación da flota pesqueira galega no acceso a augas comunitarias. Non é entendíbel como neste momento, en virtude da aplicación do **Principio de Estabilidade Relativa**, os nosos buques non poden capturar unha tonelada de peixe en determinadas áreas comunitarias, mentres outros estados extra-comunitarios faenan nesas mesmas augas ao amparo da legalidade vixente, ou que, en base a ese mesmo principio, só as flotas pesqueiras de algúns estados membros (curiosamente Franza, Alemaña, Reino Unido e Dinamarca), poidan pescar en Groenlandia, mentres galegos e portugueses non. Cómpre, pois, acabar coa “Discriminación legal”, en vixencia actualmente, a través das seguintes medidas:

- Defensa da igualdade de acceso a todas as augas comunitarias, sen discriminación a ningunha flota por razón da súa nacionalidade. En concreto, ao Mar do Norte e o Mar Báltico.
- Derrogación do principio de estabilidade relativa.
- Supresión dos *Box* existentes.
- Sistema de cotas e TAC multiespecíficos e plurianuais, evitando os descartes e a captura de xuvenís. O obxectivo prioritario é a recuperación de *stocks* de especies comerciais en límites biolóxicos de seguranza.
- Introducción do criterio “zona altamente dependente da pesca” para Galiza nas decisións en materia de política pesqueira.
- Estudos científicos permanentes e transparentes (en contacto co sector pesqueiro) que xustifiquen as decisións políticas, tamén en función da importancia socio-económica das zonas altamente dependentes da pesca.

## 3. Política estrutural

Un elemento chave na política estrutural é o representado polos POP, concibidos como método de control da flota pesqueira comunitaria, no marco da política pesqueira común.

O cumprimento das exixencias contempladas nos sucesivos POP foi desigual nas diversas flotas comunitarias. Así, aínda que o POP III significou unha diminución do 7 % no global da flota comunitaria, a flota galega reduciuse notabelmente -máis aínda do establecido no POP-, mentres outros estados europeos non só non reduciron o seu esforzo pesqueiro, senón que mesmo o incrementaron, facendo ouvidos xordos ás limitacións previstas nos POP.

O seguimento do desenvolvemento dos POP fundaméntase, na presentación anual, por parte de cada estado, do nivel de execución do seu correspondente POP, co control da Comisión a través do “registro comunitario de buques pesqueiros”. O fracaso do control que nunca chegou a exercer a Comisión, certifícase cos pobres resultados acadados: Só o Estado español e Portugal cumpriron, e sobradamente, os obxectivos dos POP. Italia, por exemplo, non ofrece datos sobre a súa flota (o crecemento desta flota no

período en que Enma Bonino foi Comisaria foi un elocuente exemplo da dupla moralidade comunitaria), Bélxica, Alemaña, Finlandia, Irlanda e o Reino Unido son estados documentalmente incumpridores, embora os casos francés e holandés sexan os absolutamente escandalosos. Este último estado, só no período 1995-98, foi quen de triplicar a potencia da súa flota pesqueira.

O 14 de xullo de 2004 a Comisión Europea aprobaba a proposta de posta en marcha do “Fondo Europeo para a Pesca” (para o período 2007-2013), en substitución do até agora vixente IFOP (Instrumento Financiero de Ordenación Pesqueira). As previsións da Comisión destinan a este Fondo aproximadamente 5.000 millóns de euros (máis de 700 millóns/ano). Desafortunadamente, os criterios que guían a creación deste novo Fondo non atenden ás necesidades do sector pesqueiro, e discriminan abertamente a países como Galiza. Por varias razóns: na nova consideración de “Zonas Altamente Dependentes da Pesca”, exclúese o país obxectivamente máis dependente desta actividade –Galiza-, ao deixar fóra desta catalogación a concellos que contén con máis de 100.000 habitantes. Unha nova trécola discriminatoria: Chegaríase ao extremo de excluír dos beneficios do novo Fondo aos portos pesqueiros máis importantes de Europa –Vigo, A Coruña-, como consecuencia dun criterio dificilmente explicábel, e que escapa a calquera lóxica racional. Ao tempo, parte a Comisión Europea dunha base acientífica, ao considerar que “todos” os recursos están ameazados e “todas” as flotas sobredimensionadas.

Así, fórmulanse as seguintes propostas en relación coa política estrutural comunitaria en materia de pesca:

- ❑ Posibilitar que o conxunto do sector pesqueiro e marisqueiro galego poida acceder ao novo Fondo Europeo para a Pesca, con independencia da súa localización xeográfica.
- ❑ Primar, na aplicación do Fondo Europeo para a Pesca, para modernización e renovación de buques, as flotas que teñen cumprido as exixencias recollidas nos POP, como a galega.
- ❑ A aplicación de fondos estruturais non estarán vinculados, no caso galego, á consideración do noso país como “rexión con problema de reconversión económica e social”.
- ❑ Xestión e xustificación do Fondo Europeo da Pesca directamente desde Galiza, a fin de non depender, para a súa execución, do grao de cumprimento doutras zonas do Estado español.
- ❑ Supresión da exixencia de renuncia a dereitos de pesca do Océano Atlántico para acceder a axudas para a construción de buques atuneiros conxeladores.

#### **4. Acordos con terceiros países e organizacións internacionais**

Galiza conta, en relación co Estado español e mesmo coa Unión Europea, coa flota pesqueira de altura e longo alcance máis dependente de acordos pesqueiros con terceiros estados, ou regulados no marco de organizacións multilaterais de pesqueiras. Esta situación fainos especialmente



vulnerábeis canto ao resultado dos procesos negociadores pendentes, en marcha, ou que eventualmente se poidan producir.

Son coñecidas, neste contexto, as posicións dalgúns estados da Unión Europea, contrarios á política de acordos pesqueiros. Esta colisión de intereses diversos e contraditorios evidenciouse no caso da negociación do acordo pesqueiro con Marrocos, que contou coa oposición expresa de varios estados comunitarios. En previsión dun novo acordo con Marrocos, o BNG defenderá a inclusión da flota galega (palangreira e cefalopodeira) no mesmo.

Neste marco xeral, de hostilidade interna no seo da Unión Europea e de falta de peso político de Galiza, cómpre afianzar a aposta por unha política firme de acordos pesqueiros.

Os beneficios económicos obtidos pola UE a través dos acordos pesqueiros son aproximadamente de 340.000 millóns de ptas. ao ano, por uns custos de 45.000 millóns no mesmo período. E aos beneficios cómpre sumar o efecto indirecto ou inducido de todas as actividades vinculadas á pesca: industrias de transformación, transporte, comercialización, actividades portuarias, avituallamento, construción e reparación naval, investimentos en tecnoloxía, etc.

O propio Consello Económico e Social indica que, no período 1995-99, os orzamentos comunitarios de pesca permaneceron practicamente constantes, conxelados, mentres que os xerais da UE se teñen incrementado nun 27 % durante ese mesmo tempo.

O mesmo esquema é válido para afrontar unha análise sobre o papel comunitario nas chamadas Organizacións Rexionais de Pesca (ORP) en funcionamento, ou as que de xeito inminente se porán en marcha para regular a captura de peixe en augas internacionais.

Os obxectivos do BNG neste ámbito serán os seguintes:

- ❑ Reclamar a Inclusión da pesca nos acordos xerais de cooperación que asina a UE, evitando deste xeito a marxinación política que padece a pesca na UE.
- ❑ Manter os acordos pesqueiros con terceiros estados, baixo a fórmula de acordos de primeira xeración, isto é, mantendo a titularidade das empresas, o pavillón dos buques, a tripulación embarcada, e a actividade das flotas. Este será o criterio fundamental que guíe as negociacións para a renovación dos acordos vixentes, así como para a sinatura de novos acordos.
- ❑ Os orzamentos da Unión Europea deben incluír partidas específicas destinadas a sufragar economicamente a totalidade do custo dos acordos pesqueiros, incluídas as posíbeis paradas biolóxicas subvencionábeis.
- ❑ Incrementar as prospeccións científicas e campañas de pesca experimental en caladoiros susceptíbeis potencialmente de explotación pesqueira.

- ❑ Diversificar os caladoiros en que actualmente faena a nosa flota, iniciando negociacións tendentes á consecución de novos acordos pesqueiros: República Sudafricana, Marrocos, Namibia, Angola, Estados Unidos, etc.
- ❑ Posibilitar, no marco dos acordos pesqueiros xa subscritos, a actividade da flota pesqueira galega en augas de Groenlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Illas Feroe, Islandia, Polonia e Rusia.
- ❑ Os acordos contarán coas suficientes garantías xurídicas para a normal actividade da flota pesqueira.
- ❑ Impulsar mecanismos que ponderen, no exercicio do voto, a dimensión real da Unión Europea nas ORP en que xa se participa (NAFO, ICCAT, NEAFC, CCAMLR, IOCT), e outras de posíbel creación: SEAFO, CIAT, etc.
- ❑ Extremar os controis sobre as importacións de pesca procedente de buques con bandeira de conveniencia.

## **5. Flota galega con bandeira de países comunitarios**

Debido a como se realizaron as negociacións para a entrada do Estado español na Unión Europea, e a necesidade que tiveron moitos armadores galegos de se faceren con dereitos de pesca no Gran Sol a través da compra de buques con pavillón doutros países, encontrámonos cunha flota galega tanto no seu capital, tanto nas súas tripulacións e na súa actividade principal que vén desenrolando fundamentalmente nos portos galegos.

Esta flota que ten bandeira fundamentalmente de Gran Bretaña, de Irlanda e Francia sofre as consecuencias dunha política comunitaria discriminatoria onde os principios que rexen na Unión Europea son excepciónados neste importante sector para o noso país.

O BNG, desde o goberno galego, propondrá a unificación e homoxeneizacións da flota europea, e a aplicación a todos os que operan no mesmo caladoiro da mesma normativa, o mesmo control, o mesmo réxime de sancións, as mesmas axudas económicas, e as mesmas exixencias para as súas descargas e para as súas tripulacións. En definitiva, un escenario que non sexa contrario ao principio da libre competencia mediante a instauración da bandeira comunitaria única, que faga que se apliquen os principios comunitarios de libre competencia e de libre acceso aos mercados en toda a súa plenitude como ocorre con outros sectores.

## **6. Compoñente social da (PCP)**

Curiosamente, un aspecto esencial na actividade pesqueira, aquela que ten a ver coa distribución da riqueza xerada sobre o colectivo de traballadores que a sustenta, pasou sempre inadvertida na PCP. Probabelmente existan poucos colectivos laborais que padezan unhas condicións de traballo, salariais e de protección social tan duras como a dos mariñeiros.

A manifestación máis evidente do problema descrito é a elevadísima taxa de sinistralidade no mundo pesqueiro, produto non só do estado do elemento en que se desenvolve a actividade, senón tamén do deplorable estado dalgunhas embarcacións, das xornadas de traballo excesivas, falta de descansos, carencia de medidas de seguranza, falta de formación, inspeccións deficientes, inexistencia de normativa aplicábel, etc.

Este novo apartado pretende “humanizar” a actividade pesqueira, dotándoa dunha normalidade homologábel a outros sectores laborais e mesmo introducindo aspectos de acción positiva que vinculan, nos seus mínimos, todos os estados membros. Entre outros:

- ❑ Mantemento de emprego.
- ❑ Condicións de homologación xurídico-laboral para os tripulantes europeos enrolados en buques de bandeira de conveniencia ou de terceiros estados non comunitarios.
- ❑ Política efectiva e coordinada de seguranza e salvamento marítimo no ámbito da UE.
- ❑ Habilitación de fondos para compensar economicamente os traballadores e armadores afectados por paros forzosos derivados de situacións biolóxicas non previstas, pola non renovación de acordos pesqueiros, por condicións meteorolóxicas adversas continuadas, ou por causas en xeral non provocadas polo propio sector.
- ❑ Inspeccións laborais e de buques en alta mar, e en porto a calquera buque que enarbore pavillón dalgún dos estados da UE.
- ❑ Modificación das características técnicas de construción de buques para acceder a axudas comunitarias, introducindo os criterios de habitabilidade, seguranza e hixiene.

## **7. Pesca galega en augas internacionais extracomunitarias**

- ❑ Acadar os apoios na Comisión da Organización de Pesqueiras do Atlántico Nor-Oeste (NAFO) para evitar as reducións da cota comunitaria e acceder a cupos de especies cando a situación biolóxica o permita.
- ❑ Realización de novas campañas de investigación científica na zona de Regulación de OPANO-NAFO, que substenten a pesca galega a longo prazo e contribúan a revisar as TAC (Capturas Totais admisíbeis). Estabelecer planos de campañas cuadrienais, especialmente para o fletán negro.
- ❑ Acordar co sector un plano de campañas bio-económicas ou experimentais que permita obter información, ao longo do ano, de recursos hoxe non explotados, así como campañas destinadas a coñecer o impacto do arrastre e outras artes no ecosistema, comezando polo Banco Hatton.
- ❑ Mantemento do número de tripulantes comunitarios nos buques pertencentes a sociedades mixtas.

- ❑ Ampliación de zonas e cotas de pesca da flota bacallaeira, coa revisión e mellora da situación en Svalbard, conseguindo un aumento de cota.
- ❑ Acadar un acordo pesqueiro con Rusia.
- ❑ Exixir a defensa por parte da UE e do Goberno Central das posicións acadadas e dos dereitos adquiridos pola flota do palangre de superficie, evitando que na ICCAT se modifiquen os criterios de reparto.
- ❑ Axudas para a diversificación desta flota nos novos caladoiros do Índico e do Pacífico.

### V.3.5. POLÍTICA ENERXÉTICA

É necesario definir e aplicar unha política enerxética galega que considere o abastecemento de Galiza desde a perspectiva das necesidades do pobo galego, de garantir unha mellora material na súa calidade de vida, unha menor dependencia do exterior e reducir os efectos ambientais da xeración, transformación, distribución e consumo de enerxía. Unha política enerxética destas características primará os beneficios sociais que puideran obterse da produción enerxética e partirá dunha perspectiva non exclusivamente produtivista, senón tamén orientada a lograr unha elevación da eficiencia enerxética na produción e no consumo, e un uso responsábel e sustentábel dos recursos enerxéticos propios e/ou importados, sob a consideración xeral de que a mellor enerxía a nivel económico e ecolóxico é a que se pode evitar utilizar.

Por iso, o goberno galego deberá elaborar un Plano Enerxético Galego (PEG) en que se indiquen as liñas xerais da disposición e uso dos recursos enerxéticos galegos e/ou utilizados na Galiza. Os obxectivos que deberán orientar a política enerxética serán:

- ❑ Aprofundar no coñecemento das reservas enerxéticas galegas e as limitacións económicas e ecolóxicas que estas impoñen, conforme se poida evitar ou reducir a dependencia enerxética galega.
- ❑ Impulsar o control das administracións galegas sobre as reservas enerxéticas en territorio galego.
- ❑ Impulsar e promover decididamente as fontes enerxéticas renovábeis fronte ás non renovábeis, mais non como vía para agochar exclusivamente un incremento da produción total, senón dentro dun plano global de substitución dunhas fontes por outras.
- ❑ Promover medidas de discriminación positiva nos prezos de produtos enerxéticos (derivados de petróleo, electricidade,...) en favor das comunidades produtoras de enerxía, como é caso de Galiza, co fin de que redunde nos cidadáns galegos parte dos rendementos da explotación duns recursos, como vía compensatoria da degradación ambiental que supón dita explotación.
- ❑ Impulsar actividades produtivas eficientes en termos enerxéticos e penalizar as estragadoras destes recursos.
- ❑ Promover unha redución dos impactos ambientais provocados polas actividades produtoras de enerxía, así como mellorar a eficiencia enerxética en todas as etapas do ciclo da enerxía.
- ❑ Asegurar que o sector enerxético garanta un subministro enerxético en condicións óptimas en todo o territorio galego.

### V.3.5.1 Medidas

- ❑ Reclamarase perante o Goberno central a participación do Goberno galego naqueles órganos con capacidade decisoria sobre a ordenación do sector enerxético, prioritariamente do eléctrico.
- ❑ Dentro do PEG contemplárase a elaboración dun Plano de Enerxías Renovábeis, tendente a reducir substancialmente a importancia en termos relativos e absolutos da enerxía transformada en base a recursos non renovábeis.
- ❑ Control estrito dos proxectos destinados á xeración de enerxía, mesmo no caso dos que se baseen en recursos renovábeis, considerando a compatibilidade ambiental con outros usos. Declaráranse espazos naturais que pola súa importancia ecolóxica deberán estar exentos de calquera explotación enerxética con fins mercantís.
- ❑ As actividades transformadoras de enerxía en base a recursos non galegos deberán someterse ás mesmas medidas correctoras establecidas para as utilizadoras de recursos propios.
- ❑ De acordo coas competencias recollidas no Estatuto, paralizaranse inmediatamente os proxectos para a construción de grandes encoros hidroeléctricos, por seren fortemente agresivos co ambiente e con efectos sociais graves. Naqueles proxectos sob competencia estatal reclamarase unha acción no mesmo sentido.
- ❑ Revisaranse todos os proxectos para a construción de encoros de carácter minihidráulico, considerando de forma rigorosa os impactos ambientais e sociais, desestimando aqueles proxectos que supoñan danos graves, e atenderase especialmente o respecto de caudais ecolóxicos.
- ❑ Revisaranse todos os proxectos para a construción de novos parques eólicos. Só se desenvolverán unha vez se avance no desenvolvemento das medidas anteriormente mencionadas, considerando igualmente minimizar os impactos ambientais e sociais.
- ❑ Aplicación decidida das cotas para a redución das emisións de dióxido de carbono. Procurárase que as empresas do sector enerxético acometan as melloras técnicas e produtivas necesarias para conseguir rapidamente dita redución, como compromiso co país do que ademais de esgotar os seus recursos enerxéticos fósiles, tivo que soportar as gravísimas consecuencias ambientais da súa exploración e transformación.
- ❑ Incentivarase, mediante información, acordos e/ou axudas á modificación das estruturas de consumo enerxético nas industrias, cara a novos modos de producir menos intensivos no uso de enerxía e a utilización de tecnoloxías enerxeticamente máis eficientes.
- ❑ De igual modo, incentivarase que fogares e empresas apliquen medidas tendentes a reducir a cantidade de enerxía utilizada.
- ❑ Priorizaranse actuacións tendentes á realización de investimentos produtivos nas bisbarras onde se asentan os grandes centros de

producción enerxética coa finalidade de construír nelas unha outra alternativa produtiva.

- ❑ Estabeleceranse mínimos indemnizatorios que as empresas produtoras deberán abonar aos afectados pola instalación de centrais produtoras de enerxía. Revisaranse anualmente estas cantidades coa finalidade de minimizar o dano económico que para os afectados puideran ter estas centrais.
- ❑ Realizarase un plano de electrificación que garanta a existencia dunhas redes de abastecemento interno suficientes e de calidade, con prioridade para o ámbito rural e en vías de promover medidas de desenvolvemento económico no conxunto do territorio galego e promover a fixación populacional e evitar o despoboamento rural.
- ❑ Reclamarase o investimento no noso país dunha parte dos recursos financeiros obtidos polas empresas produtoras de enerxía en Galiza ou fortemente consumidoras, tendo en conta a acumulación histórica. Igualmente, reclamarase o investimento dos ingresos derivados pola prima de carbón autóctono utilizado durante as últimas décadas. Do mesmo modo, reclamarase o investimento no noso país dos ingresos que, en concepto de custos de transición á competencia, reciban as empresas eléctricas operantes en Galiza. Estes investimentos non deberán facerse en actividades dirixidas á exploración de recursos non renovábeis ou que sexan perniciosos para o ambiente.
- ❑ Fomentarase o uso eficiente dos automóviles e procuraranse acordos cos fabricantes de automóviles para promover a construción de vehículos máis eficientes no seu consumo, así como a redución da cantidade de enerxía necesaria para a súa fabricación.
- ❑ Realizaranse campañas informativas de fomento de consumo de bens e servizos con menor intensidade enerxética.
- ❑ Fomentarase a produción simultánea de electricidade e calor, tanto na industria como no sector servizos ou no ámbito doméstico. Estipularanse máximos de sobreprodución para evitar actividades mercantís encubertas.
- ❑ Promoveranse actuacións tendentes a descentralizar o actual modelo enerxético, de modo que os centros xeradores de enerxía se dirixan a cubrir sobre todo as necesidades locais e, secundariamente, o abastecemento externo. Deste modo, tomaranse medidas para que administracións locais e colectivos veciñais poidan desenvolver proxectos en base á utilización de recursos renovábeis en vías de conseguir un autoabastecemento enerxético (miniplantas eólicas, solares, hidroeléctricas,...). Estipularanse máximos de sobreprodución para evitar actividades mercantís encubertas.
- ❑ Modificaranse as funcións e fins do INEGA, de maneira que preste un servizo efectivo para o país, contribuíndo aos obxectivos establecidos polo goberno galego en materia de política enerxética, en base a criterios de sustentabilidade.
- ❑ Realizaranse estatísticas continuadas da utilización de enerxías primarias, do uso e transformación das mesmas, así como do consumo por tipos de

enerxía e usuario, que permitan dispor da información suficiente para establecer liñas de actuación governamental e facer un seguimento do seu cumprimento.

### V.3.6. POLÍTICA TURÍSTICA

A actividade turística acadou unha importancia económica, social e territorial na Galiza dos últimos dez anos, que debe ocupar un lugar destacado na estratexia de goberno do país. De feito, a nosa nación beneficiouse do proceso de diversificación da demanda turística dos últimos decenios, que lle restou importancia aos destinos de sol e praia e que, pola contra, animou as modalidades de turismo cultural, rural e da natureza, en que o noso país ten moito que dicir.

O auxe do turismo relaciónase co aumento do tempo libre e da capacidade económica dos cidadáns. Tamén se asocia a unha maior diversidade de gustos e a unha fragmentación dos períodos vacacionais. Por iso, en calquera política turística cómpre clasificar tipoloxicamente a actividade e planificar cara ao futuro, tendo en conta que o turismo urbano implica uns usos diferentes do que se desenvolve no espazo rural, que a preservación da natureza é un elemento que sempre anima as visitas externas, que a cultura e a protección do patrimonio son activos das prácticas turísticas, e que o exercicio do turismo é unha conquista histórica, aínda que ás veces xere problemas de masificación.

Unha das ofertas que máis progresou nos últimos tempos foi a do **turismo rural**. Este progreso é positivo, a pesar de que se acompañara dunha serie de eivas: posta no mercado de falsas casas rurais, onde nunca hai aloxamento e que foron desenvolvidas polos seus propietarios co obxectivo de acadar axudas á restauración de antigas residencias; escaso control das subvencións, e estrutura desequilibrada deste tipo do turismo, definido por unha abundancia de *casas grandes* e unha escaseza de *casas de labranza*.

No que atinxe á ligazón entre **turismo e paisaxe**, en épocas recentes apréciase unha continua degradación dos valores paisaxísticos de Galiza como consecuencia, entre outros factores, do abandono dos campos, e o produtivismo forestal (repoboacións monovarietais de piñeiros e eucaliptos) e gandeiro (grandes extensións de pastos sen restos de vexetación arborada). Isto, unido á escasa disciplina construtiva que gardaron numerosos concellos rurais, fixo que a imaxe de moitas áreas do país fose banalizándose. Neste sentido, cómpre subliñar que unha oferta de casas rurais nun espazo calquera carece de sentido se non se acompañe de medidas destinadas á posta en valor do seu entorno, patrimonio de todos os cidadáns.

Non debemos desprezar as posibilidades de valorizar o noso legado patrimonial a través dunha actividade turística responsábel. Santiago de Compostela, a capital da nación, constitúe un exemplo mundial de **promoción turística ligada ao patrimonio**. Este modelo, xunto con outras experiencias moi destacadas como Pontevedra, Allariz e Poio, deben servir de referentes á promoción de todos os cascos antigos de Galiza como áreas de lecer e de calidade de vida. Cómpre rehabilitar monumentos, establecer guías e produtos turísticos específicos, deseñar políticas que favorezan a



complementariedade entre o uso turístico e o uso residencial nos cascos históricos, e que animen as prácticas de turismo urbano de calidade.

Entre as principais eivas da política turística actual figura a **desconexión existente entre un sector económico en auxe e a política educativa**, constatándose a total ausencia dunha estratexia formativa que prepare profesionais para o seu exercicio laboral no mesmo. A existencia dunha custosísima Escola de Hostalaría na Barcia-Santiago, dependente dun centro suízo, non cobre, nin minimamente, as necesidades inmediatas do sector que se centran en estratexias promocionais, en formación de profesionais para novos produtos, no dominio de idiomas e o coñecemento de mercados diversos, e na xeralización de novos servizos turísticos.

Por último, unha actividade tan importante como o turismo non pode continuar sendo xestionada desde unha Dirección Xeral da Consellaría de Cultura.

### V.3.6.1 Obxectivos

O BNG entende o turismo como unha actividade económica de crecente importancia, que debe estar moi vencellada na súa xestión ao ordenamento territorial.

A aprobación dun **Programa Galego de Calidade Turística** constitúe o noso obxectivo prioritario para a vindeira lexislatura, que ha de recoller as medidas sectoriais que artellen a contribución do turismo ao obxectivo xeral de reequilibrio demográfico, territorial e produtivo do país, e á redución das diferenzas entre o litoral e as comarcas do interior.

### V.3.6.2 Medidas de goberno

- ❑ Impulsaremos unha **nova política de turismo rural**, centrada sobre todo no agroturismo. Compatibilidade entre a agricultura e a gandería coa oferta de lecer (e de aprendizaxe nunha explotación).
- ❑ As axudas á ampliación da oferta de turismo rural enmarcaranse obrigatoriamente en programas máis amplos de desenvolvemento local.
- ❑ Diseñarase unha liña de impulso ás **empresas de servizos turísticos**, case inexistentes no país, que sirvan de complemento á oferta das casas rurais.
- ❑ No Programa Galego de Calidade Turística apoiaranse aqueles proxectos que vinculen **turismo rural e preservación das paisaxes de calidade**.
- ❑ Harmonizaranse as figuras de **planeamento urbanístico e turístico** nos centros urbanos, procurando evitar a conversión de moitas áreas dos cascos antigos en parques temáticos, favorecendo un uso residencial

compatíbel, e catalogando espazos emblemáticos da arquitectura e o urbanismo contemporáneos (barrios singulares, áreas que xurdiron das leis de ensache, etc.) para a súa posta en valor como sectores de visita e lecer.

- Reforzaremos os **estudos turísticos de rango superior** nas universidades galegas.
- Desenvolveremos **programas de posgrao e doutoramento** específicos.
- Diseñaranse suficientes **ciclos formativos de FP e cursos de formación continua** para profesionais do sector que cubran as necesidades de titulación e cualificación dos traballadores do turismo de todo o país.
- Impulsaremos a **promoción turística conxunta** da Galiza con territorios veciños, con que comparte afinidades culturais e paisaxísticas, nomeadamente co Bierzo e o Norte de Portugal.
- Nas localidades con destinos turísticos de sol e praia masificados, implementaremos **medidas de desconxestión** que permitan combinar o desfrute do turismo cun planeamento urbanístico que se axuste a uns mínimos estándares de calidade: creación de zonas verdes e espazos libres, esponxamento do tecido urbano na primeira liña de praia, aminoración das densidades residenciais.
- Reformaremos a **Administración turística** para dotala de entidade de seu en estreita relación coa Consellaría de Economía e Facenda.
- Modificaranse os estatutos da empresa pública **TURGALICIA S. A.**, procurando unha maior transparencia na súa xestión, dependencia funcional e reformularanse as súas prioridades unha vez se aprobe o Plano Galego de Calidade Turística.

### **V.3.7. APOIO AO COMERCIO**

Os cambios sufridos na estrutura comercial galega durante os últimos anos fan necesario o deseño e implantación de distintas medidas encamiñadas a reducir o impacto que sobre o pequeno comercio está a supor a progresiva implantación de grandes superficies e tendas desconto en Galiza.

A análise do sector, tanto en termos de número de establecementos comerciais como en termos de persoal ocupado, reflicten a capital importancia que este sector ten para a economía e a sociedade galegas.

No período comprendido entre os anos 2001 e 2004, produciuse un incremento do 5,3 % no número de establecementos comerciais retalheiros (incremento de 2.968 establecementos), mentres que no mesmo período, a superficie de venda en metros cadrados incrementouse nun 10,9 % (551.907 m<sup>2</sup>), reflexo do aumento do número de grandes superficies e tendas desconto implantadas en Galiza en dito período.

O estudo da evolución nas vendas durante este período (2001-2004) proporciona datos coa mesma orientación. Mentres que para as grandes superficies comerciais se produciu nese período un incremento do 18,5 % e un 14,2 % para o comercio non especializado (entre o que atopamos as cadeas de supermercados, tendas desconto), para o comercio especializado (en que se atopa encadrada a maior parte do pequeno comercio galego) o aumento nas vendas en dito período só alcanzou un 2 % (datos do IGE).

Polo sinalado anteriormente, resulta imprescindible o deseño e implantación de distintas medidas que tenten cubrir os seguintes obxectivos:

#### **V.3.7.1 Obxectivos**

- ❑ Modernizar a estrutura comercial galega, adaptándoa ás novas necesidades do mercado.
- ❑ Limitar e controlar a implantación en Galiza de novas grandes superficies e tendas desconto.
- ❑ Facer do sector comercial un elemento diferenciador e dinamizador das vilas e concellos galegos.
- ❑ Favorecer a creación dunha estrutura de distribución e promoción dos produtos con identidade propia.

#### **V.3.7.2 Medidas**

- ❑ Diagnose de situación do comercio retalheiro en Galiza.
- ❑ Análise das necesidades formativas no comercio.
- ❑ Plano de creación e apoio de novas iniciativas comerciais retalheiras.
- ❑ Plano estratéxico de recuperación do comercio tradicional mediante acordos asinados desde a Administración con todas as Cámaras de Comercio Galegas.

- ❑ Plano de modernización do comercio retalheiro galego.
- ❑ Deseño e implantación dun Plano de Novas Tecnoloxías no comercio.
- ❑ Accións para a revitalización de zonas comerciais deprimidas.
- ❑ Estabelecemento de límites á implantación de novas grandes superficies comerciais mediante a definición de variábeis obxectivas de saturación comercial.
- ❑ Plano de Fomento do asociacionismo comercial galego.
- ❑ Apoio á creación de centrais de compras por parte do sector.
- ❑ Apoio á creación dunha distribuidora de produtos galegos (produtos artesanais e con denominación de orixe galega).
- ❑ Estabelecemento de liñas de crédito e medidas de axudas para o financiamento dos investimentos no pequeno comercio.
- ❑ Potenciación da función comercial das vilas como cabeceiras da comarca.

### **V.3.8. DEFENSA DOS CONSUMIDORES E CONSUMIDORAS**

A continua e acelerada evolución cara a unha “sociedade de consumo” vén pondo de manifesto a necesidade dunha protección eficaz dos consumidores e usuarios por parte dos poderes públicos.

A política dos Gobernos do PP foi ritual, limitándose a manter os organismos e mecanismos previstos no Estatuto Galego do Consumidor de 1984, mais sen os revitalizar nin lle dar un papel relevante á hora de mediar entre os consumidores e as empresas dedicadas ao comercio. O consumo non gozou dun papel relevante até o de agora, sendo boa proba diso a súa adscrición forzada a unha concreta Consellaría da Xunta de Galiza, mais sen lle outorgar a consideración de transversalidade que a protección de consumidores e usuarios merece. Así mesmo, o propio sistema arbitral de consumo, que se concibe como ferramenta útil para solución de xeito áxil ás controversias en materia de consumo, foi devaluado polo desleixo da Xunta.

O BNG potenciará a política de protección e información aos consumidores e usuarios, así como fomentará a colaboración coas asociacións galegas neste eido, outorgándolles o amparo institucional que precisan para poder defenderen os dereitos e lexítimos intereses económicos dos consumidores.

#### **V.3.8.1 Obxectivos**

- ❑ Garantir a efectividade dos dereitos básicos dos consumidores e usuarios.
- ❑ Articular unha estrutura administrativa e institucional en materia de consumo con substantividade propia.
- ❑ Impulsar o sistema arbitral de consumo galego e reforzar a súa imparcialidade.
- ❑ Fomentar o asociacionismo por parte dos consumidores e usuarios.

#### **V.3.8.2 Medidas**

- ❑ Reestruturar o Instituto Galego de Consumo (IGC) na seguinte dirección:
  - Delimitar as competencias do IGC a labores de control de mercado e procedemento sancionador.
  - Mudar a adscrición do IGC á Consellaría de Industria.
  - Delegar as funcións relativas á información e á formación dos consumidores e usuarios nas asociacións e as OMIC.
  - Garantir a independencia real das asociacións de consumidores e usuarios e OMIC do IGC.
- ❑ Dotar o sistema arbitral de Galiza de máis medios persoais e materiais, e propiciar unha maior autonomía do IGC para poder cumprir as súas funcións arbitrais con garantía de imparcialidade.

- Recoñecer unha financiación estábel, transparente e axeitada ás asociacións de consumidores, transformando a actual política de subvencións finalistas.
- Crear un rexistro público de OMIC e doutros entes de protección ao consumidor.
- Apoiar desde a Administración autonómica a creación de servizos de protección ao consumidor nos concellos con menos recursos, por medio de convenios.
- Iniciar un proceso de diálogo cos concellos e asociacións de consumidores e usuarios para reformar o Estatuto Galego do Consumidor e Usuario de 1984, para o adaptar ás mudanzas dos últimos 20 anos e ás novas demandas dos consumidores, reforzando a súa protección perante as novas estratexias e modalidades de venda comercial.
- Impulsar desde o Goberno galego unha modificación da lexislación estatal sobre os consumidores, nos seguintes aspectos:
  - Arbitrar instrumentos para protexer os consumidores do sobreendebedamento.
  - Promulgar unha lexislación sobre crédito ao consumo que protexa acaídamente os consumidores en casos de ineficacia do contrato destinado á prestación dun servizo pola interrupción deste.

## V.4. MELLORAR O FINANCIAMENTO PÚBLICO

### V.4.1. FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

O sistema de financiamento autonómico vixente nas Comunidades de réxime común, entre elas Galiza, responde ao modelo de **corresponsabilidade fiscal limitada** iniciado en 1997 coa cesión do 15 % do IRPF, con escasa capacidade normativa, e desenvolvido posteriormente na última reforma da Lei Orgánica de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA) de decembro de 2001.

A versión actual deste modelo entrou en vigor o primeiro de xaneiro de 2002, e caracterízase pola cesión parcial dos rendementos dunha cesta de tributos ás Comunidades Autónomas, mantendo o Goberno central, na maioría dos casos, a potestade normativa para a regulación e a modificación dos tributos cedidos.

As principais novidades introducidas nesta reforma foron a ampliación da porcentaxe de cesión dos rendementos do IRPF até o 33 %, a incorporación do IVE e dos Impostos Especiais á lista de tributos cedidos, a incorporación do financiamento das competencias sanitarias dentro do marco do sistema xeral de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e a ausencia dun prazo concreto que acote o horizonte temporal de vixencia do mesmo, pretendendo conxelar definitivamente as características definidoras do mesmo.

Porén, van ser precisamente as competencias sanitarias, que supoñen a maior partida de gasto das Comunidades Autónomas, e ademais as que presentan unhas expectativas de crecemento máis acelerado, as que poñan de manifesto, xa desde un primeiro momento, a insuficiencia do sistema en termos dinámicos e a necesidade de afrontar unha revisión en profundidade do mesmo.

Desde a perspectiva galega, o actual sistema de financiamento autonómico adoece de importantes eivas:

#### 1. Dependencia financeira

Este modelo, ao pretender homoxeneizar realidades moi diferentes, mediante a cesión dos mesmos impostos a todas as CC. AA. afectadas, con idénticas porcentaxes, dá lugar a distintos niveis de autonomía financeira entre Comunidades co mesmo rango competencial, degradando a Galiza a un segundo nivel de autonomía entre as nacionalidades históricas, quedando incluso por debaixo de Comunidades que non reúnen dita cualificación constitucional.

A **capacidade normativa** que o sistema outorga ás Comunidades Autónomas é moi limitada, impedindo a adaptación do sistema fiscal á realidade social e material e ás características da base produtiva de Galiza. No noso caso, a ampliación da cesta de tributos cedidos non supuxo avances significativos de autonomía financeira: as institucións políticas galegas só poden exercer certas capacidades normativas sobre o 21 por 100 dos recursos que administran, superando levemente o 20,5 por 100

existente no sistema anterior. A capacidade de autofinanciamento da Facenda galega, estimada no 40 %, fica moi lonxe da que o sistema lle proporciona a outras comunidades sen definición nacional, como Madrid, con cifras próximas ao 100 %.

O modelo vixente non incorpora ningunha fórmula efectiva de participación de Galiza na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

## **2. Insuficiencia dinámica**

Trátase dun sistema que **non proporciona recursos suficientes** para que as institucións galegas garantan, coa súa acción política, niveis de benestar social converxentes cos existentes noutros territorios do Estado. A variación de ingresos que experimentou Galiza co sistema vixente é 4,5 veces inferior ao incremento medio experimentado polo resto das Comunidades Autónomas, dando lugar a un volume de recursos claramente insuficiente para cubrir o custo de prestación dos servizos públicos na Galiza, obrigándonos a depender permanentemente do Fondo de Suficiencia.

As variábeis e ponderacións utilizadas no reparto da cifra total de partida foron desfavorábeis para Galiza: pouca importancia da dispersión poboacional —até o punto de que este criterio non foi considerado no reparto dos recursos destinados á sanidade pública— e insuficiente ponderación da poboación maior de 65 anos.

A aprobación polo Goberno galego dun recargo sobre o imposto minorista de hidrocarburos destinado ao financiamento das competencias sanitarias, coñecido como o *céntimo sanitario*, certificou a insuficiencia do sistema para Galiza desde o mesmo intre da súa entrada en vigor.

## **3. Irrelevancia dos mecanismos de redistribución interterritorial**

Non se aumentou a dotación mínima do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e restóuselle capacidade equilibradora mediante a súa partición en dous Fondos, destinando un deles a financiar gasto corrente, que non posúe os mesmos efectos multiplicadores que o investimento, deteriorando aínda máis a súa escasa capacidade de reequilibrio territorial e de contribución á redistribución da renda.

## **4. Deslealdade institucional**

O sistema vixente non prevé mecanismos que impidan situacións de deslealdade institucional por parte do Goberno central, que mermen os recursos das Administracións autonómicas, como as experimentadas mediante as modificacións unilaterais do IRPF impostas polo Goberno central, en detrimento dos ingresos das Comunidades Autónomas.



#### V.4.1.1 Obxectivos

O BNG defende a substitución progresiva do actual sistema de financiamento autonómico de réxime común por un sistema novo baseado na **responsabilidade fiscal plena** das Comunidades Autónomas, que supere as eivas do sistema actual e que nos permita avanzar cara a:

- a) Un sistema de financiamento congruente coa estruturación plurinacional do Estado, e polo tanto tendente a unha territorialización completa do sistema fiscal.
- b) O exercicio da soberanía fiscal no territorio de Galiza, e en consecuencia, o avance real da autonomía financeira.
- c) A garantía de suficiencia dinámica dos recursos da Administración galega.
- d) O reforzo dos mecanismos de redistribución interterritorial.

#### V.4.1.2 Medidas de goberno

Para avanzarmos cara á consecución destes obxectivos, o BNG vai orientar a súa acción política no Parlamento galego e desde a responsabilidade de Goberno, cara a dúas liñas de actuación complementares:

1. Impulsar a **reforma do actual sistema de financiamento** das Comunidades Autónomas de réxime común, conforme aos seguintes criterios:
  - ❑ **A Facenda galega será a única competente** para a exacción, xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos propios e cedidos, así como de aqueles que puideren resultar da participación de Galiza en institucións de ámbito supraestatal, no territorio de Galiza.
  - ❑ A cesión de tributos do Estado a Galiza terá **carácter irrevocábel** e irá acompañada do traspaso dos servizos adscritos aos tributos cedidos.
  - ❑ Galiza disporá de **capacidade normativa** suficiente sobre os tributos cedidos e de capacidade plena para a creación de tributos propios. A Facenda galega poderá establecer os recargos que considere oportunos sobre os tributos cedidos harmonizados.
  - ❑ Galiza contará cunha **Administración Tributaria Propia**. Asegurarase a coordinación entre as distintas administracións tributarias mediante mecanismos que garantan a transparencia e a transferencia mutua de información entre todas elas.
  - ❑ **Reforma do financiamento da sanidade**, coa revisión da restrición inicial e das variábeis de asignación, configurando un sistema específico que incorpore entre os elementos esenciais

de reparto os criterios de dispersión e avellentamento poboacional e a dotación da necesaria suficiencia para garantir a calidade e a cobertura universal das prestacións sanitarias.

- **Derrogación da lexislación estatal sobre estabilidade orzamentaria** no que atinxe á Administración autonómica, suprimindo a tutela estatal sobre a capacidade de endebedamento da Administración galega.
  - **Reforzo dos mecanismos de redistribución interterritorial.** Galiza exixirá que o novo sistema de financiamento integre un mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que supere a incapacidade do actual FCI, que sirva de verdadeiro elemento de redución das actuais diferenzas nos niveis de infraestruturas e de servizos e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os territorios do Estado.
  - **Lealdade institucional.** O Estado non poderá adoptar de xeito unilateral modificacións normativas que afecten aos tributos cedidos. As modificacións legais de orixe estatal que supoñan minoración de ingresos ou incremento dos gastos da Administración autonómica, deberán ser compensadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
2. **Reforzar a autonomía financeira**, facendo uso da capacidade fiscal atribuída polo sistema de financiamento vixente e exercendo en plenitude os incrementos de capacidade normativa que se deriven da reforma do sistema de financiamento. O BNG asume o compromiso de contribuír á garantía da suficiencia dinámica da Administración galega mediante a utilización da capacidade normativa para o estímulo da base económica e o incremento da participación dos recursos propios nos orzamentos da Xunta de Galiza.

#### V.4.2. REFORMA FISCAL VERDE

Co obxectivo de incentivar a redución das emisións contaminantes no noso país e obter recursos para financiar infraestruturas ambientais e actividades de protección, recuperación e mellora do medio ambiente, en exercicio das potestades fiscais atribuídas á Xunta de Galiza, o BNG promoverá unha “reforma fiscal verde”, que procure a redución das emisións contaminantes no noso país, a internalización dos custos ambientais por parte dos grandes contaminadores, e a penalización de actividades e procesos produtivos fortemente contaminantes. As reformas na imposición ambiental poderán acompañarse de medidas compensatorias noutros impostos directos para evitar incrementos indesexados da presión fiscal.

#### **V.4.2.1 Imposto sobre a Contaminación Atmosférica**

- ❑ Diminución do mínimo exento a 500 toneladas / ano para así aumentar a protección ambiental e evitar discriminacións sectoriais.
- ❑ Modificación da estrutura do imposto, que deixará de ser progresiva a respecto do nivel de emisións, xa que isto carece de xustificación ambiental e resulta ineficiente desde un punto de vista económico.
- ❑ Incremento progresivo da taxa impositiva ao longo da lexislatura.
- ❑ Desafectación dos ingresos agás no que atinxe ao fondo de catástrofes ambientais.

#### **V.4.2.2 Imposto sobre a Producción de Canteiras**

- ❑ Crearase un imposto propio que grave o deterioro ambiental que se está a producir en determinadas zonas do país por causa das actividades de explotación de canteiras. Trátase dun tributo semellante ao que existe no Reino Unido desde 2002.
- ❑ Os recursos que se obteñan por medio deste imposto destinaranse á constitución dun Fondo para a recuperación ambiental e a diversificación económica das zonas afectadas.

#### **V.4.2.3 Imposto sobre o Lixo**

- ❑ Estudarse a implantación dun Imposto Propio sobre o Lixo, que terá como obxectivo reducir as deposicións de residuos sólidos en vertedoiros e incineradoras, promovendo a reciclaxe e condutas de consumo menos agresivas. A taxa impositiva deberá ser suficiente para inducir mudanzas no comportamento.
- ❑ Os recursos obtidos mediante este imposto afectarán ao desenvolvemento de Planos de Reciclaxe e a Redución de lixo.

#### **V.4.2.4 Canon de Saneamento**

- ❑ Revisarse o Canon de Saneamento, co obxectivo de que o tributo poida recoller os custos sociais dos vertidos e do seu tratamento, e garantir a cobertura dos sistemas de saneamento en todo o territorio de Galiza.
- ❑ Proporase a redución da cantidade afectada ao financiamento de Augas de Galiza, que preferibelmente deberá financiarse a través de transferencias finalistas do Goberno galego.

### V.4.3. FONDOS EUROPEOS

O alargamento da Unión Europea cara ao leste e o Mediterráneo, coa incorporación de dez novos estados con niveis de renda inferiores ao 40 % da renda media comunitaria da antiga UE-15, levanta serias dúbidas sobre a continuidade dos Fondos Estruturais e mais dos Fondos de Cohesión.

O coñecido *efecto estatístico*, derivado da redución drástica da renda media comunitaria, provoca un enriquecemento nominal e artificioso dalgúns territorios que se verán expulsados do obxectivo nº 1, sen que nada teña mudado na economía real. No caso galego, este efecto vese agravado pola existencia dunha forte discrepancia entre os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) e os do EuroStat, cunha diferenza equivalente a 1,4 puntos sobre a aproximación de Galiza ao PIB medio comunitario no período 2000-2002, que pode ser determinante para a continuidade dos Fondos Estruturais en Galiza.

A tendencia á restrición dos orzamentos comunitarios que debilita as políticas de cohesión económica e social na Unión Europea, o grande desfase de renda cos novos países membros, que suman preto de 100 novos millóns de habitantes en territorios que si cumpren os criterios de reparto dos Fondos estruturais, e a pasividade do Goberno español están a pór en perigo a continuidade deses fondos, con efectos devastadores para o proceso de converxencia real de Galiza coa Europa desenvolvida.

Fronte a esta situación, o BNG defende a permanencia dos FF. EE., de maneira que se estableza unha política de cohesión destinada por unha parte aos territorios menos desenvolvidos da actual Unión de 15 estados e unha política suplementaria e específica para os novos estados membros do leste, co conseguinte incremento do orzamento destinado á política de desenvolvemento territorial e de cohesión social. Galiza debe seguir percibindo o apoio dos Fondos Estruturais mentres a súa posición económica relativa non mude no conxunto da UE-15, con independencia e sen prexuízo das axudas que reciban os novos estados membros.

1. O Goberno do BNG defenderá con firmeza perante o Goberno central, a Comisión e o Consello da Unión Europea que se teñan en conta, nas futuras decisións relacionadas coas perspectivas financeiras 2007-2013 e coa política de cohesión no mesmo período, os puntos seguintes:
  - a) Que se destine unha porcentaxe superior ao 0,41 % da renda interior bruta comunitaria para a política de cohesión.
  - b) Os territorios afectados polo efecto estatístico -en *phasing out*-, con motivo da recente ampliación, deben ter o mesmo tratamento ou similar que na actual situación como obxectivo nº 1, xa que o seu salto de categoría é artificial e non obedece a un proceso de converxencia real.
  - c) Os territorios afectados polo efecto estatístico -en *phasing out*- deberán manter a intensidade dos incentivos rexionais ao investimento que se prevexa nas futuras directrices comunitarias de axudas rexionais para as rexións do obxectivo converxencia, que

non deberán ser inferiores ás previstas nas directrices vixentes para o período de programación 2000-2006.

- d) No vindeiro período de programación plurianual debe preverse unha solución transitoria para o Fondo de Cohesión no caso dos estados que superan o 90 % do PIB por habitante comunitario, mais manténdoo estritamente, como acontece na proposta da Comisión, dentro do obxectivo de converxencia, e sendo nunha porcentaxe significativa de xestión directa das rexións comunitarias.
2. Exixiremos a corrección inmediata das discrepancias estatísticas relativas ao PIB por habitante en paridades de poder de compra no período 2000-2002, entre EuroStat e o INE, de grande transcendencia de cara á situación de elixibilidade de Galiza para o período 2007-2013. O Goberno galego fará un seguimento directo da evolución destas magnitudes.
  3. A Xunta adoptará as medidas necesarias perante o Goberno central para que, se for o caso, se busquen as fórmulas acaídas para compensar a perda de fondos comunitarios por Galiza no próximo período de programación 2007-2013, entre elas a reformulación do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), para fortalecer as políticas de redistribución e garantir o equilibrio territorial e a cohesión económica e social, de maneira que non se resinta a subministración de bens e servizos públicos aos galegos e a realización dos investimentos necesarios para facilitar o desenvolvemento económico, social e territorial do país.

#### V.4.4. FINANCIAMENTO LOCAL

O sistema de financiamento local caracterízase por unha insuficiencia crónica dos recursos con que contan os concellos para faceren fronte ás demandas de cidadáns e cidadás e ás crecentes necesidades de gasto municipal. O sistema fiscal local é un sistema pouco equitativo, ríxido, insuficiente e, en boa medida, regresivo. A reforma da Lei de Facendas Locais, xunto coas leis de estabilidade orzamentaria, lonxe de corrixiren esta insuficiencia crónica viñeron agravar a situación de partida.

O modelo deseñado polo último Goberno do PP estableceu unha diferenciación entre concellos de máis de 75.000 habitantes e mais capitais de provincia ou Comunidade Autónoma e o resto dos municipios. **O 98 % dos concellos galegos fica á marxe da cesión de tributos que constitúe a principal novidade do actual sistema de financiamento local**, sen que existan razóns obxectivas, nin de necesidades de financiamento, nin de capacidade de xestión, nin de ningún outro tipo, que impidan que esa cesión impositiva se faga para todos os concellos.

Os criterios de reparto que o actual sistema de financiamento local establece para a Participación nos Ingresos do Estado (PIE) non ten en conta a repercusión que sobre o custo da provisión de servizos exercen factores determinantes tales como a dispersión poboacional, a extensión territorial ou o avellentamento da poboación, ignorando as propostas formuladas no seu día

pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEMP) e polo propio Parlamento de Galiza.

Baixo o *slogan* da supresión do IAE, provócase unha situación de insuficiencia financeira á maioría dos concellos, de tal magnitude que os obriga a incrementar outros impostos locais, principalmente o Imposto sobre Bens Inmóbeis (IBI) e o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), para facer fronte ás súas necesidades de gasto. A propaganda institucional de baixada de impostos marcará o que na realidade é un traslado da carga fiscal cara ao conxunto da cidadanía.

Non compartimos unha reforma que configura un sistema de financiamento local estruturalmente insuficiente, que nega o papel das Comunidades Autónomas na organización da Administración local no seu territorio, que non recolle o sentir das organizacións representativas das Administracións locais galegas, que, no canto de corrixir as deficiencias do anterior sistema de financiamento, agrávaas, que non responde ás necesidades de financiamento da maioría dos concellos galegos, e que incrementa a presión fiscal local sobre o conxunto dos/as cidadáns/ás.

É por iso que o BNG considera necesaria e oportuna unha **reforma integral do sistema de financiamento local**, que debería pasar pola adecuación das bases á actividade económica local, por reforzar os principios de autonomía e suficiencia financeira das Corporacións locais, e, en definitiva, por procurar un financiamento máis independente para todos os concellos, nomeadamente para os máis pequenos.

No marco dun proceso de reforma da Administración local e de redistribución de servizos e funcións entre distintos niveis administrativos, en que os concellos están chamados a desempeñar un papel cada vez máis importante, é de importancia fulcral **a adaptación do sistema de financiamento local ás características e ás necesidades de cada territorio** e a resolución simultánea de ambos os procesos, de xeito que a asignación de recursos non condicione, de antemán, o mapa competencial resultante.

Neste sentido, O BNG defenderá unha reforma do sistema de financiamento local que se oriente cara ás seguintes direccións:

1. **Modificar o actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE)**, propiciando a **integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galiza e adaptar así a participación ás características do territorio e da organización local galegas**. Na determinación do montante total da transferencia da PIE deben incorporarse, ademais da poboación, do esforzo fiscal e da capacidade tributaria, criterios que recollan o **maior custo dos servizos derivado da superficie territorial, da dispersión demográfica e do avellentamento poboacional**.
2. Derrogación da lexislación estatal sobre estabilidade orzamentaria no que atinxe aos entes locais de Galiza.

3. Permitir que sexan as leis de facendas locais de cada Comunidade Autónoma as que constitúan o marco de referencia do financiamento local no seu territorio. Neste sentido, o BNG promoverá a aprobación dunha **Lei Galega de Facendas Locais** que operará como referencia básica do financiamento municipal galego e que permitirá a creación dun Fondo de Financiamento Local, que aglutine a transferencia da PIE e a Participación nos Ingresos da Xunta de Galiza. Este Fondo de Financiamento Local distribuirase entre os Concellos galegos conforme a criterios propios, que serán definidos na Lei Galega de Facendas Locais.

## **VI. TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTE**

### **VI.1. UNHA ORDENACIÓN RACIONAL DO TERRITORIO**

É vontade política do BNG retomar un concepto imprescindible hoxe: a planificación. Aínda sabedores de que a planificación non é a panacea que todo o resolve, deixar de ordenar o territorio e de planificar as actuacións futuras nel sería un erro político imperdoábel.

#### **VI.1.1. BASES PARA UNHA POLÍTICA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

1. O BNG considera a necesidade dunha política de ordenación integral do territorio, baseada na crenza de que Galiza é un proxecto de futuro a longo prazo. Mais, como todos os proxectos de longo percorrido, teñen que ser consensuados por unha ampla maioría social, económica e, por suposto, política.
2. O incumprimento dos gobernos do PP na aprobación das directrices territoriais, e consecuentemente do Documento de información de base, como determinaba a Lei de Ordenación do Territorio de 1995, fai precisa unha lei que cree o INSTITUTO DE ESTUDOS TERRITORIAIS, organismo que nos dous primeiros anos de goberno redactará as directrices territoriais para todo o territorio galego. As Directrices, resultado dun proceso de reflexión e de participación das administracións e colectivos territoriais e sectoriais, serán o marco de referencia para o resto dos instrumentos de ordenación, na medida en que describirán e caracterizarán a Galiza do século XXI.
3. Máis é preciso xestionar o inmediato. O goberno adoptará medidas urxentes no campo das infraestruturas de comunicación e transporte, no das infraestruturas básicas e de servizo, no do urbanismo, no da vivenda, no medio ambiente en xeral, nas infraestruturas produtivas, e na posta en valor do noso patrimonio cultural, formulando conxuntamente compromisos de temporalidade e soporte financeiro para facelas efectivas.
4. A Comarca é a unidade territorial básica, chave na ordenación do territorio. Nela é onde se poden concretar e acobillar todas as implantacións necesarias para a vida económica, social e cultural das poboacións dos concellos e parroquias integrados en cada unha.

#### **VI.1.2. OBXECTIVOS DA POLÍTICA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Modificación da Lei de Ordenación do Territorio, (lei 10/ 1995 de 23 de novembro).
- Tramitación e aprobación, con rango de Lei, das Directrices Xerais de Ordenación do Territorio de Galiza.
- Tramitación previa e urxente da Lei conformadora do Instituto de Estudos Territoriais (IET). O Instituto ditaminará sobre os Planos Sectoriais.



- Elaboración dos Planos Directores dos distintos ámbitos que conforman a estrutura organizativa territorial de Galiza, nomeadamente no ámbito comarcal, rural e urbano -áreas metropolitanas-, ou ben de unidades operativas de carácter supramunicipal ou supracomarcal conformadas por territorios complementarios ou homoxéneos.

Este método procedemental ten base nos seguintes feitos:

- As eivas e disfuncións que se aprecian no territorio de Galiza na actualidade
- Impedir o desbaldemento do territorio da nación
- Acomodar o territorio galego aos proxectos de desenvolvemento socio-económico e modernización real do país, evitando a desfeita do modelo territorial tradicional e a destrución dos sistemas produtivos propios da nosa nación
- Potenciar a eurorrexión Galiza-Norte de Portugal
- Equilibrar o asentamento poboacional no territorio
- Regular os instrumentos de ordenación territorial
- Axustar a estrutura organizativa do Goberno galego en favor da coordinación interdepartamental
- Baleirar progresivamente de contido operativo as Deputacións Provinciais
- Determinar áreas de intervención no que atinxe a carácter público, privado ou mixto das implantacións no territorio

## **VI.2. INFRAESTRUTURAS PARA O SÉCULO XXI**

No ano 1995 o Parlamento aprobou un deseño completo de modernización do ferrocarril no interior de Galiza e nas conexións co exterior. Afixaba velocidades medias de circulación e características técnicas para o ferrocarril, e establecía compromisos de investimentos plurianuais para 12 anos, é dicir, até 2007.

A dous anos para acabar o prazo, é obvio que aquel acordo foi incumplido de xeito flagrante polo Estado, sob a responsabilidade do Goberno do PP entre 1996-2004, e coa complicidade dunha indolente Xunta de Galiza.

De feito, en abril de 2005 só están en obras uns poucos tramos do Eixe Atlántico, e algúns outros licitados. A este ritmo en 2007 non estará realizado nin o 20 % das actuacións definidas no Plano, sendo estas obras resposta á insistencia do BNG nas reclamacións do cumprimento do Plano en todas as institucións.

En 2004, acordos adoptados no Parlamento galego, no Congreso dos Deputados e no Senado marcaban prazos para as infraestruturas de transporte en Galiza. Mesmo no Parlamento galego se fixaron partidas orzamentarias

para cada actuación, así como previsións de investimento para o exercicio 2005, co fin de cumprir os prazos.

Porén, a posición contraria do grupo do PP no Parlamento galego, impediu unha planificación orzamentaria plurianual para cada infraestrutura, que asegurase, cun esquema financeiro, o cumprimento dos prazos.

Tamén, en outubro de 2004 o Consello de Ministros aprobou o Plano Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT), que, con horizonte en 2020, programa o conxunto de actuacións en materia de infraestruturas e transporte, sendo así que todo o investimento susceptible de ser acometido polo Estado, de non figurar no Plano, non se realizará nese prazo.

Porén, nin territorializa as actuacións por Comunidades Autónomas, nin tampouco as secuencia, o que provoca incertezas a respecto da súa incidencia. Por iso, o BNG considera necesario deseñar unha proposta desde Galiza que permita reflectir tanto no PEIT como nos planos sectoriais complementarios, as necesidades máis perentorias do país.

Ocorre, ademais, que o trato orzamentario, acumulativo en investimentos, recibido en Galiza por parte do Estado nos últimos dez anos pon de manifesto cifras que se sitúan entre o 4 e o 5,5 % do investimento total. Estas porcentaxes revelan o importante desfase acumulativo que unha política de cohesión, por mínima que fose, debería tender a corregir drasticamente.

De feito, as cifras dos últimos exercicios orzamentarios que seguiron á catástrofe do “Prestige”, e deseñados por gobernos de distinto signo en Madrid, poñen de manifesto a necesidade de cambiar este comportamento rutinario.

### **VI.2.1. OBXECTIVOS**

- ❑ Reclamar o traspaso de competencias do Goberno central á Comunidade Autónoma nesta materia.
- ❑ Facilitar, cunha concepción intermodal, a accesibilidade da poboación galega ás infraestruturas de transporte para a conexión interior e exterior de Galiza. Infraestruturas que deben ser un factor determinante do desenvolvemento económico do país, atendendo acaidamente ao tráfico de mercadorías.
- ❑ Para garantir a intermodalidade, o ferrocarril será un sector de transporte prioritario tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías.
- ❑ Asegurar que ao finalizar o PEIT, en 2020, todas as infraestruturas ferroviarias en Galiza teñan dupla vía, electrificación e ancho UIC.
- ❑ Potenciar as conexións metropolitanas máis achegadas, por ferrocarril, coa categoría de proximidades.
- ❑ Promover, no novo marco legal da regulación do transporte ferroviario, unha empresa pública galega de transporte ferroviario.
- ❑ Acadar a eliminación das peaxes hoxe existentes en determinados tramos, e non aplicación deste sistema nas futuras vías rápidas.

## VI.2.2. MEDIDAS

1. Consonte a estes principios, e tendo en conta a urxencia dos prazos, o Goberno de Galiza en colaboración co Parlamento galego e con todos os axentes sociais, elaborará antes do mes de outubro unha proposta concreta que será incluída no **PEIT**.

### PROPOSTA DO BNG PARA O PEIT:

#### 1. TRANSPORTE FERROVIARIO

As actuacións que se propoñen con prazos de finalización, orzamentos e características son as seguintes:

	VELOCIDADE MEDIA MÍNIMA	PRAZO	ORZAMENTO (en millóns €)
Eixe Atlántico (A Coruña – Vigo) Tráfico mixto	150 qm/h	2007	1.628
Eixe Atlántico (Ferrol - A Coruña) Tráfico mixto	150 qm/h	2009	413
Eixe Atlántico (Vigo - Fronteira Portuguesa e Estudo Saída Sur Vigo)Tráfico Mixto	150 qm/h	2009	407
AVE Santiago – Ourense  Tráfico Pasaxeiros	250 qm/h	2008	1.195
AVE Ourense – Lugo  Tráfico Mixto	150 qm/h	2009	382
AVE Vigo – Pontevedra - Ourense  Tráfico pasaxeiros	220 qm/h	2009	817
AVE Lubián - Ourense  Tráfico Pasaxeiros	220 qm/h	2009	1.688
AVE Lugo - A Coruña  Tráfico Mixto	150 qm/h	2012	819
AVE Ponferrada – Monforte	150 qm/h	2012	724

Tráfico Mixto			
Ourense - Vigo (Trazado actual) Tráfico Mixto	150 qm/h	2014	572
AVE Cantábrico	150 qm/h	2014	1.549
Tráfico Mixto			
Pequenas variantes: conexión liña Lugo - Coruña con Eixe Atlántico tramos Curtis - Ordes		2012	216
BY-PASS en Betanzos e actuacións nas respectivas estacións		2012	40
Conexión por ferrocarril aeroporto Lavacolla		2010	113

<b>TRANSPORTE URBANO E METROPOLITANO</b>	<b>Prazo</b>	<b>ORZAMENTO (en millóns €)</b>
Actuacións para implantación de proximidades Incluso material móbil.	2012	1.245

<b>MANTEMENTO INTEGRAL E PREVENTIVO DA REDE</b>	<b>ORZAMENTO (en millóns €)</b>
Mantenimento integral e preventivo da rede e actuacións para a mellora seguridade (pasos a nivel, radios curvatura) en tanto non se realizan os obras novas	384

As características do ferrocarril terían que asegurar que en todos os casos ao final da vixencia do PEIT, o ancho sería UIC, dupla vía e electrificación.

## **2. ACTUACIÓNS EN ESTRADAS**

	<b>ORZAMENTO (en millóns €)</b>
Autovía do Cantábrico (inclúe conexión S. Cibrao)	2008-2010 725

Autovía Lugo – Ourense	2008-2010	284
Autovía Lugo – Santiago	2008-2010	354
Pontevedra – Autovía Rías Baixas.	2010	504
Monforte – Chantada	2010	205
Cabreiros – Vilalba	2006	43
Monforte – Ponferrada	2014	400
Ourense – Monforte	2014	200
Verín – Fronteira Portuguesa	2012	100
Chantada – Lalín	2020	200
Variantes urbanas en Estradas alternativas a vías de peaxe actuais: -Corredor do Atlántico - Ourense – Santiago.	2014	500
Conexión da N-120 co Macizo Central Ourensán	2015	300
Actualización condicións rede existente		243
Actuacións mellora seguridade vial		301
Centros de Control dotados con sistemas avanzados de xestión de tráfico		75
Actuacións urbanas e intermodalidade		377
Actuacións de abaratamento, eliminación ou rescate de peaxes.		500

### 3. INTERMODALIDADE

	PRAZO	ORZAMENTO (en millóns €)
Apoio ao transporte público. Intercambiadores e intermodalidade. Tráfico de mercadorías. Estacións intermodais nas sete grandes cidades	2014	1.106

Outros programas de Fomento da Intermodalidade de Viaxeiros e mercadorías. Solución ás conexións entre Estacións Autobuses e Ferrocarril nas cidades e vilas galegas	2020	540
Finalización da comunicación terrestre dos Portos de interese xeral coas vías de alta capacidade	2006-2008	200
Fomento de actuacións de intermodalidade nas infraestruturas aeroportuarias		118
Actuacións en intermodalidade nas infraestruturas portuarias		75

#### 4. TRANSPORTE AÉREO

	PRAZO	ORZAMENTO (en millóns €)
Mellora actividades aeroportuarias	2012	294
Ampliación plataformas, pistas de voo, Sistemas categoría II / III e mellora instalacións		390
Novas torres de control e Centro de control da área terminal de Galiza (Santiago)		30
Estudo e planificación de 2ª pista en Santiago	2012	187

#### 5. INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS

	PRAZO	ORZAMENTO (en millóns €)
Porto exterior de Ferrol (2ª Fase)	2010	40
Acceso terrestre estrada, ferrocarril	2007-2010	275
Mellora infraestruturas para tráfico colectores		35
Outras Actuacións na AP da Coruña		102
Outras Actuacións na AP de Ferrol – San Cibrao		74

Outras Actuacións na AP de Marín – Pontevedra	59
Outras Actuacións na AP de Vigo	188
Outras Actuacións na AP de Vilagarcía	
Actuacións en Centros Zonais de Coordinación	118
Salvamento (A Coruña, Fisterra)	

## 6. INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Actuacións en I+D+i	165 millóns €
---------------------	---------------

2. Ao longo de 2006, o Goberno galego enviará ao Parlamento para a súa aprobación un Plano que concrete os investimentos e prazos das infraestruturas de transporte necesarias, e desde unha perspectiva global coordene as actuacións do PEIT.

Este plano atenderá á:

- **Mellora das infraestruturas viarias**
  - Completando a estrutura básica de comunicacións interiores de Galiza por estrada
  - Mellorando as conexións por estrada na comarca da Costa da Morte, así como modernizando as infraestruturas básicas de enlace coa Coruña, Santiago e Muros-Noia.
  - Mellorando as infraestruturas viarias de Ferrolterra, Eume, Ortegal e a Mariña lucense
  - Eliminado o sistema concesional na construción de novas vías, polas posíbeis “peaxes na sombra” encubertas
- **Mellora das infraestruturas aeroportuarias**
  - Elaborando un novo Plano Director do aeroporto de Lavacolla que potencie o seu carácter internacional
  - Fomentando a descentralización do tráfico aéreo
- **Mellora das infraestruturas portuarias**
  - Creando un *pool* dos cinco portos de interese xeral de Galiza, e potenciando os investimentos e transferencia da súa xestión ao Goberno galego

- Garantindo investimentos nos portos dependentes do Goberno galego, para a súa modernización e mellora dos seus servizos, sobre todo os prestados ás embarcacións de pesca de baixura e litoral
- Recuperando os portos tradicionais da costa galega

### VI.3. UN NOVO CONSENSO EN URBANISMO

Os dezaseis anos de goberno do PP en Galiza agravaron os problemas urbanísticos do país. Problemas que, para alén do “feísmo”, inciden negativamente na calidade ambiental e de vida e impiden a un grande número de galegos e galegas o acceso a unha vivenda digna. Unha política que, por outra parte, non contribuiu a compensar, todo o contrario, o desequilibrio territorial e poboacional interno e que alentou unha desorde urbanística posta de manifesto a través da suspensión de planeamentos municipais e a precipitada –e aínda insuficiente e insatisfactoria- reforma da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza. Unhas leis elaboradas sen a participación e a reflexión exixíbeis para medidas de tanto calado, empregadas para resolver problemas e demandas particulares.

Promover, dentro do respecto á autonomía local, unha ordenación urbanística racional e sustentábel do territorio galego a partir dunhas directrices xerais de ordenación do territorio, integrada coas redes xerais –vias, enerxéticas, hidráulicas e de saneamento– e baseada nun amplo consenso político e social, será unha prioridade política para o goberno do BNG que, en desenvolvemento destes obxectivos, adoptará as seguintes medidas.

- Elaboración dunha **nova Lei de Ordenación Urbanística** que, fundada nun amplo consenso social e político, propicie unha planificación municipal e comarcal racional conforme aos obxectivos que sinalen as directrices territoriais e os correspondentes planos sectoriais da minaría, litoral, agrario, forestal, etc. A nova Lei regulará tamén o réxime urbanístico da propiedade do solo. O proxecto de lei deberá ser presentado ao Parlamento antes do final do primeiro ano da lexislatura.
- No bienio seguinte á aprobación da nova Lei de Ordenación Urbanística, aprobaranse os correspondentes **regulamentos executivos** de Planeamento e Deseño Urbano, de Coordinación de Disposicións Sectoriais, de Execución e Xestión da Acción Urbanística e de Disciplina Urbanística.
- Este novo corpo lexislativo e, en xeral, a política urbanística do goberno do BNG responderá aos criterios seguintes:
  - A importancia do deseño urbano, con especial atención ás actuacións nas áreas de maior valor urbanístico -Conxuntos Histórico-Artísticos-, nas áreas urbanas degradadas e nos núcleos rurais tradicionais.



- A coordinación entre a política urbanística e a de vivenda arbitrando medidas para facilitar a posta a disposición de solo para a construción de vivendas protexidas e para as cooperativas de vivenda.
  - A dotación a todos os concellos do correspondente instrumento de planeamento urbanístico de carácter xeral e a introdución de planos directores de ámbito comarcal ou metropolitano, así como os especiais de protección de conxuntos históricos e do medio rural. A lei preverá os supostos en que o departamento competente en materia urbanística se poida subrogar no exercicio das competencias locais.
  - A previsión dun amplo abano de mecanismos de xestión urbanística, permitindo unha escolla flexíbel en función do tipo de planeamento, do tipo de concello e do tipo de solo de que se trate. Regularase especificamente a creación e funcionamento de sociedades públicas, privadas e mixtas de xestión urbanística.
  - A recuperación polas entidades locais dos aproveitamentos lucrativos concedidos a empresas privadas para o financiamento privado de infraestruturas públicas.
  - A garantía dunha completa información e participación cidadás nos procesos de elaboración e tramitación dos planos de ordenación, e os mecanismos que permitan que se cumpra a vontade popular nesta materia.
- O goberno do BNG dará unha solución definitiva ás numerosas irregularidades producidas nestes últimos lustros ao longo do país a través de normas de dereito transitorio que regulen os supostos susceptíbeis de legalización, os prazos para a solicitar, os requisitos para a cumprir e as contías económicas para a satisfacer, á administración local.
  - Crearase, adscrito ao departamento competente en materia de ordenación territorial e urbanismo, un Servizo de Asesoramento, Inspección e Vixilancia que actuará en estreita colaboración cos concellos e comarcas para velar pola legalidade en materia de urbanismo.
  - Dotarase ás comarcas dos correspondentes Equipos Técnicos para desenvolveren de modo positivo a acción urbanística en colaboración coas administracións municipais, os veciños, os propietarios e os promotores.

## VII. UNHA GALIZA SUSTENTÁBEL

A procura da mellora do nivel de vida baseada no crecemento económico desligado de toda a preocupación medioambiental está condenada ao fracaso, pois xera unha degradación do medio ambiente que, finalmente, diminúe o nivel de vida. Por iso, fronte a un crecemento económico puramente cuantitativo, é necesario opor un concepto de desenvolvemento económico cualitativo e sustentábel, que permita aumentar o nivel de vida das xeracións presentes e futuras.

O BNG, conciliando o desenvolvemento e a modernización co medio ambiente, exercerá unha actuación que aposte polo desenvolvemento sustentábel, pola satisfacción das necesidades presentes sen comprometermos a dispoñibilidade de recursos para as xeracións futuras, orientada a preservar a diversidade ecolóxica de Galiza, a impulsar a utilización de recursos sen que muden de xeito irreversible ou substancial as características do noso ambiente.

A defensa medioambiental será unha política transversal básica da acción de goberno do BNG.

Os **obxectivos de carácter xeral** que perseguirá a política ambiental do BNG serán:

- Dotármonos dun marco legislativo que dea resposta, tamén, ás novas necesidades e normativas europeas ou internacionais -Directiva IPPC, Convenio de Aarhus, Quioto, etc.-
- Minimizar o impacto ambiental global.
- Implicar a sociedade galega para que participe na elaboración das estratexias de desenvolvemento sustentábel.
- Favorecer a sustentabilidade actuando sobre os hábitos alimenticios, así como sobre o sector enerxético e o transporte, para reducir a pegada ecolóxica.
- Prestar especial atención á educación ambiental.
- Declarar a Galiza como territorio desnuclearizado, rexeitando decididamente a instalación de centrais nucleares en territorio galego, rexeitando igualmente a ubicación dun cemiterio de residuos nucleares na Galiza e tomando as medidas necesarias para que ningún buque con residuos nucleares poida navegar dentro da nosa Zona Económica Exclusiva.

### VII.1. REORIENTARMOS SOGAMA

A situación actual, apartada dos principios da prevención na xeración de residuos, reutilización e reciclaxe, pon de manifesto o fracaso estrepitoso do

actual Plano de xestión do lixo (1998-2004), e da Lei de Residuos Sólidos Urbanos (1997).

Con efecto, segue a se incrementar a cantidade de residuos xerados (23% entre 1998-2003). O promedio de reciclaxe de residuos de envases e outros materiais reciclábeis (12 %) fica lonxe do 25 % exixido polas directivas europeas, e sobre todo, do exixido para o ano 2008 (55 %). Ademais, o 90 % da reciclaxe é resultado da selección en orixe por parte dos/as cidadáns/ás, procedendo o 10 % do labor nas instalacións de tratamento. Perviven, tamén, os vertidos incontrolados, que reciben máis de 100.000 t de lixo sen tratamento previo. Por outra parte, existen notábeis diferenzas entre ámbitos e/ou modelos de xestión, e a Xunta vén de elaborar un novo plano 2004-2010 que, continuista, favorece a incineración e a SOGAMA, e pon trabas aos planos comarcais de reciclaxe e compostaxe.

### **VII.1.1. OBXECTIVOS**

A acción de goberno do BNG terá como obxectivos prioritarios: reorientar o actual modelo de SOGAMA, impulsando estratexias de prevención e educación dirixidas a fomentar hábitos responsábeis de consumo; accións transformadoras das estruturas produtivas, para a redución da xeración de residuos, e impulsar políticas de reutilización e reciclaxe.

### **VII.1.2. MEDIDAS**

- Elaborar unha nova Lei de RSU de Galiza, adaptada ás novas necesidades, derivadas dos novos obxectivos ambientais de xestión do lixo, incluíndo a redefinición do papel de SOGAMA e a ampliación a outros tipos de residuos (industriais, perigosos, especiais, etc), e a elaboración do Plano Galego de Compostaxe.
- Durante a vindeira lexislatura, porase en marcha O Plano Galego de Compostaxe da fracción orgánica dos RSU, lodos e DAR, restos vexetais e outros residuos orgánicos complementarios, terá como obxectivo compostar en 2006 o 30 % da materia orgánica compostábel, aumentando un 2,5 % anual até a revisión dos obxectivos. Este Plano incluirá:
  - A implantación de complexos medioambientais de compostaxe
  - Inventario dos residuos orgánicos producidos na Galiza
  - Medidas para potenciar e apoiar, nos concellos rurais, a implantación de sistemas de autocompostaxe individuais
  - Medidas para regular a calidade do compostaxe e potenciar o seu uso mediante axudas económicas
- Derrogación e reelaboración da Estratexia Galega de Xestión do Lixo, incorporando á mesma as medidas indicadas anteriormente, así como os obxectivos máis avanzados en materia de xestión dos residuos, e especialmente o Pacto Cívico polos residuos e a sustentabilidade.

- Determinar políticas para estabilizar e reducir as cantidades de lixo xeradas. Fixarase a redución dun 1 % anual a partir de 2006 até o final da lexislatura, onde se proporían novos obxectivos.
- Implantar instrumentos económicos que favorezan esta redución e a súa xestión ecolóxica.
- Impulso inmediato á selección en orixe de residuos aproveitábeis, tanto de tipo reciclábel (papel e vidro) como compostábel (compostaxe caseira no rural e en pequenas comunidades).
- Creación progresiva de plantas comarcais de reciclaxe e compostaxe baseadas nun modelo de recollida selectiva de calidade. Dada a viabilidade destas plantas en calquera escala de capacidade, adaptaranse ás necesidades dos nosos asentamentos de poboación.
- Potenciar a reutilización do vidro, cartón-papel, plástico e metais.
- Reconversión das instalacións de SOGAMA, co obxectivo de abandonar a incineración do lixo no prazo máximo de 8 anos.
- Consensuar un Pacto Cívico polos Residuos e a Sustentabilidade (PCRS), en que se implique a todos os sectores sociais, e especialmente ás administracións locais, entidades educativas e colectivos de protección ambiental.

## **VII.2. MELLORAR A XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E ESPECIAIS**

Galiza xera unha cantidade moi elevada de residuos industriais, algúns cualificados como perigosos, presentando taxas *per capita* superiores ás de moitos países do noso contorno. O programa de xestión destes residuos presenta unha aplicación moi heteroxénea nos diferentes sectores e en función da envergadura e tipoloxía das industrias, sendo a xestión resultante moi pouco acaída. Así o pon de manifesto a inexistencia de normas e instalacións para xestionar os de orixe sanitaria, ou o deseño de proxectos para a súa incineración, polo xeral en zonas rurais afastadas dos centros onde se xeneran; a combustión –incineración- incontrolada dos aceites de locomoción e doutros residuos combustíbeis, ou o deseño de proxectos de co-incineración de residuos en cimenteiras e outras instalacións industriais –celulosas,...-; a inexistencia de planos de minimización da xeración de residuos perigosos na industria; o tratamento finalista de eliminación de residuos perigosos en As Somozas, onde se aceptan residuos de fóra de Galiza; e a falta de transparencia e de información sobre a xeración de residuos, a súa xestión e o seu destino final.

### **VII.2.1. MEDIDAS**

- Promover nas empresas a implantación progresiva de planos de minimización, exixidos pola actual normativa, co obxectivo de reducir en orixe os residuos xerados.

- Estabelecer unha liña de investigación, asesoramento e axuda ás pequenas empresas, dirixida á implantación de medidas de prevención - planos de minimización-, e de tecnoloxías limpas.
- Implantar instrumentos económicos que favorezan a redución e a xestión ecolóxica dos residuos.
- Planificar a xestión dos residuos sanitarios, restrinxindo a súa incineración cando sexa tecnicamente viábel e adoptando as maiores medidas de aproveitamento e reciclaxe. Creación dunha empresa pública para a xestión deste tipo de residuos.
- Cesar a combustión de aceites usados e outros residuos perigosos, e substituír por tratamentos de recuperación e reciclaxe.
- Prohibir a entrada de residuos perigosos desde fóra de Galiza para tratamentos que teñan como finalidade última a súa eliminación por vertido ou incineración en Galiza.
- Elaborar un rexistro da xeración e xestión de residuos actualizado anualmente e de acceso público, co obxectivo de dar transparencia á xestión dos residuos e facilitar a súa fiscalización pola cidadanía.

### VII.3. CUMPRIMOS CON QUIOTO

En Galiza rexístranse unhas emisións de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) e dióxido de xofre (SO<sub>2</sub>) moi elevadas, con índices *per capita* e por unidade de superficie moito por riba dos países do noso contorno, aínda estando estes máis industrializados. Tamén son importantes as emisións de monóxido de carbono (CO) e de óxidos de nitróxeno (NO<sub>x</sub>).

Estas emisións de contaminantes á atmosfera proceden fundamentalmente das centrais térmicas de combustión de carbón para a xeración de enerxía eléctrica e do transporte, e están a causar os seguintes impactos:

- Unha contribución moi elevada ao efecto de invernadoiro, causante do cambio climático.
- Elevadas emisións causantes de acidificación. De novo, son as centrais térmicas e o transporte as causas principais destas emisións.
- Atmosferas moi contaminadas en determinados medios urbanos. As emisións do transporte rodado son a causa principal, cunha pequena contribución das calefaccións domésticas.
- Unhas poucas industrias achegan porcentaxes elevadas de contaminantes específicos.
- O principal factor que contribúe á elevada pegada é a produción e uso de enerxía fósil, con un 31 % do total.

A adopción de medidas que favorezan a sustentabilidade require, por tanto, actuar sobre o sector enerxético e o transporte.

### **VII.3.1. MEDIDAS**

O Goberno galego elaborará un Plano de Convergencia cos obxectivos de Quioto, que formará parte dunha estratexia galega de desenvolvemento sustentábel , e incluirá:

- Planificar o abandono a medio prazo da combustión de carbón, substituíndoo polo gas natural como combustíbel fósil, na medida en que sexa imprescindible, e por enerxías limpas e renovábeis, entre as que se favorecerá prioritariamente a enerxía solar e a enerxía pasiva.
- Elaborar un plano de eficiencia enerxética que abranca todos os eidos da actividade co obxectivo de promover o aforro enerxético, diminuindo o seu consumo. Serán prioritarias, a este respecto, tanto as medidas relacionadas co transporte e os modelos de transporte, como as relativas ao illamento de edificacións e instalacións, e ao aproveitamento pasivo da enerxía solar.
- Ampliar as taxas por emisión de SO<sub>2</sub> a outros gases contaminantes, tales como os COVNM, as partículas, CO e Dioxinas.
- Iniciar, de forma inmediata, a realización periódica dos inventarios de emisións contaminantes á atmosfera, tal como exigen os diversos protocolos internacionais, e subsanaranse as deficiencias actuais na súa medida e seguimento.
- Modificar a normativa que permite o control e seguimento das emisións nas medidas realizadas polas propias empresas interesadas, desenvolvendo as competencias en inspección, seguimento e control por parte da Administración autonómica.

### **VII.4. POLO SANEAMENTO INTEGRAL DAS AUGAS**

Os prazos previstos para o saneamento na Galiza seguen sen se cumprir. Adíase a depuración de efluentes de grandes núcleos como Vigo, A Coruña, Ferrol..., das vilas e tamén dos pequenos núcleos e do rural, e moitas instalacións xa construídas abandónanse ou presentan grandes deficiencias, como é o caso das de Santiago de Compostela.

A actual industria de saneamento móstrase insustentábel, quer por razóns económicas -carestía das tecnoloxías convencionais-, quer polas ambientais -baixo rendemento en depuración, falta de fiabilidade e xeración de inxentes cantidades de lodos contaminados-. Así, os nosos ríos e augas costeiras seguen padecendo situacións de contaminación, que provocan perdas ambientais –biodiversidade- e económicas, especialmente as relacionadas co turismo e a posta en valor dos recursos naturais.

#### VII.4.1. MEDIDAS

- ❑ Elaboración dunha Lei de Augas Residuais e prevención da contaminación acuática de Galiza, en que se incorporen:
- ❑ Un plano de saneamento integral de todas as masas de auga naturais e artificiais, que inclúa medidas de prevención, a depuración sustentábel e a restauración do medio danado.
- ❑ Un protocolo de responsabilidade de custos, e de exigencia da restauración do medio acuático danado, á empresas, corporacións ou entidades casusantes dos mesmos.
- ❑ Depuración dos vertidos urbanos e industriais, preferentemente mediante alternativas de tipo natural, eficiencia integral demostrada, baixo consumo enerxético e baixo custo. No saneamento dos vertidos urbanos, teranse en conta os modelos descentralizados e as técnicas de análise do ciclo de vida para elixir as alternativas máis sustentábeis.
- ❑ Adoptaranse medidas para a creación de zonas de protección contra a escorrentía agrícola nas marxes laterais dos ríos, mediante filtros verdes que preveñan no posíbel as afeccións causadas pola contaminación difusa.
- ❑ Como norma xeral, a xestión dos residuos agrogandeiros basearase no seu aproveitamento como fertilizante para as terras, previo acondicionamento, co obxectivo de minimizar o seu impacto ambiental, e a recuperación da enerxía que conteñen na forma de biogas.

#### VII.5. PROTEXER OS NOSOS RÍOS

Os ríos galegos caracterízanse por unha elevada biodiversidade dentro do seu contexto ibérico e europeo e determinan en grande medida as paisaxes de Galiza, ao tempo que xogaron un papel trascendental na economía tradicional e na conformación das características socio-culturais e psicolóxicas do pobo galego. Estas funcións seguen vixentes na actualidade, como está a pór de manifesto o auxe de novas actividades económicas relacionadas co disfrute da natureza, a través do deporte, o lecer, o coñecemento ou o turismo.

#### VII.5.1. MEDIDAS

**O goberno do BNG** tomará en consideración a actual iniciativa legislativa popular para a protección dos ecosistemas fluviais galegos ou elaborarse unha lei coa mesma orientación.

- ❑ De acordo coas competencias recollidas no Estatuto, paralizaranse os proxectos para a construción de grandes encoros hidroeléctricos, por seren fortemente agresivos co ambiente e con efectos sociais graves. Naqueles proxectos sob competencia estatal, reclamarase unha acción no mesmo sentido.
- ❑ Revisaranse todos os proxectos para a construción de encoros de carácter minihidráulico e consideraranse de forma rigorosa os impactos

ambientais e sociais, desestimando aqueles proxectos que supoñan danos graves. Atenderase especialmente o respecto de caudais ecolóxicos.

- Elaboración de novos planos hidrolóxicos para as novas demarcacións hidrográficas que inclúan:
  - Medidas de restauración dos ecosistemas fluviais, en canto a réxime hidrolóxico e continuidade do río, co obxectivo de garantir a recuperación e pervivencia das especies migratorias.
  - Medidas de mellora integral dos ecosistemas fluviais, incluíndo a prevención da contaminación difusa.
  - Medidas de restauración de humedais e zonas de inundación dos ríos, e de restauración hidrolóxico-florestal das bacías.
  - Medidas de saneamento integral de todos os cursos fluviais.
  - Medidas para a protección integral dos ecosistemas fluviais galegos, co obxectivo de garantir a conservación sustentábel da paisaxe e a biodiversidade fluviais.
- Crearase unha Rede de Vixilancia e Control do estado ecolóxico dos ríos, segundo o recomendado pola Directiva Marco da auga.
- Elaborarase, de acordo coas liñas e pautas de actuación definidas na reelaborada Estratexia Galega de Educación Ambiental, un plano de educación ambiental relacionado cos usos doméstico, industrial e agrogandeiro da auga, priorizando a redución do consumo e a prevención da contaminación.

## VII.6. DEFENDENDO O NOSO MAR

No litoral galego tense acentuado a perda de calidade do medio e do seu hábitat. O vertido de fuel ocasionado polo buque “Prestige” nas costas, logo da súa deriva e posterior afundimento, ten provocado a máis grave marea negra que sufriu Galiza. Alén das perdas económicas ocasionadas pola afección ao ecosistema mariño, o sinistro derivou na maior catástrofe ecolóxica do noso país, debido á extensión da contaminación á práctica totalidade do medio natural costeiro de Galiza, afectando moi especialmente zonas de alto interese ecolóxico, como os arquipélagos comprendidos no Parque marítimo-terrestre das Illas Atlánticas.

A isto podemos engadir o feito de ser lugar de tránsito para transportes marítimos de todo o tipo, lugar de veciñanza de multitude de núcleos poboados, incluídas algunhas das máis grandes cidades galegas, lugar (as rías) de desembocadura dos maiores ríos galegos e de veciñanza de grandes complexos industriais.



Ao tempo, a Administración ten amosado pouco interese na conservación do medio mariño e dos seus recursos, prestando escasa atención ás áreas mariñas propostas para a súa conservación, como reflicte a falla de cobertura do noso mar e costa en convenios internacionais de protección do medio mariño (ASCOBAMS, OSPAR ou SOLAS).

Ocorre que, calquera intento de aplicación de políticas para o coidado e mellora do medio mariño fai necesaria a interrelación da política de ordenación do territorio, da política industrial, da política municipal, da política agraria e forestal, etc. En todos estes eidos deberán desenvolverse iniciativas imprescindíbeis para paliar as agresións sobre o medio mariño.

### VII.6.1. OBXECTIVOS

Son prioridades do BNG: a mellora da calidade do hábitat marítimo e costeiro, o control da contaminación, a planificación do uso do medio mariño, compatibilizando a actividade pesqueira co desenvolvemento sustentábel, así como o aumento da capacidade de xestión do medio mariño e unha adecuación lexislativa.

### VII.6.2. MEDIDAS

- ❑ Elaboración dunha Lei de usos do litoral de Galiza, que, unificando os distintos axentes que administran o litoral galego, e garantindo o desenvolvemento de competencias en conservación de especies protexidas, valores naturais e recursos, *tamén fóra de augas interiores*, así como na xestión de recursos mariños e na investigación dos mesmos, determinara os usos priorizados do ecosistema mariño.
- ❑ Modificación da Lei de defensa das rías galegas.
- ❑ Transposición das directivas europeas -Hábitat, conservación do medio mariño, capturas accidentais, etc.- e revisión das existentes.
- ❑ Promover o saneamento integral das rías galegas, garantindo o funcionamento efectivo dos sistemas de depuración, durante o período 2005-2009.
- ❑ Impulsar o traslado do complexo ENCE-ELNOSA.
- ❑ Evitar o deterioro do hábitat, garantindo espazos libres de ocupación humana.
- ❑ Controlar o planeamento das infraestruturas que inciden directamente sobre o medio mariño: portos ou instalacións portuarias, pontes, construcións ou obras submariñas, etc.
- ❑ Controlar as obras de construción que inciden sobre os cauces dos ríos e, por tanto, sobre os fluxos de auga doce ás rías: construción de presas, etc.
- ❑ Controlar os vertidos de instalacións industriais existentes na ribeira ou a carón dos ríos, nomeadamente: emisións de metais pesados ás augas (cinc, cobre, chumbo, mercurio...), emisión de organohaloxenados,

vertidos directos de petróleo ou derivados, etc., e dos vertidos dos residuos urbanos das localidades de ribeira, ou aos ríos.

- ❑ Controlar o tráfico marítimo interior, limitándoo en áreas sensíbeis, e internacional. Aplicar medidas preventivas de accidentes.
- ❑ Evitar a posibilidade de vertidos “accidentais” de petróleo ou outras substancias nocivas ao mar, ademais do control da limpeza de tanques, sentinas, etc.
- ❑ Elaborar un catálogo de actividades incompatíbeis en áreas sensíbeis polos seus valores ambientais ou recursos explotábeis.
- ❑ Posta en marcha de programas de repoboación de especies mariñas, coa finalidade de conservación da biodiversidade garantindo a repoboación natural de recursos explotábeis.
- ❑ Posta en marcha dun observatorio ambiental integral do medio mariño, coa finalidade de monitorizar a situación ambiental e oceanográfica, situación da costa e evolución das comunidades biolóxicas, así como a súa explotación.
- ❑ Posta en marcha dun centro de recuperación da fauna mariña ameazada.
- ❑ Promoción da participación cidadá nas decisións, control e seguimento dos planos de actuación.

## VII.7. PRESERVAR A BIODIVERSIDADE

A política sobre xestión da biodiversidade e dos Espazos Naturais Protexidos (en diante ENP) é un dos aspectos máis deficientes da xestión dos sucesivos gobernos do PP. Froito diso, Galiza está actualmente á cola das Comunidades Autónomas do Estado español en termos de xestión da súa biodiversidade. Un exemplo ilustrativo é que o noso país conta cunha menor superficie medioambiental protexida en termos relativos, alén de non dispor até o de agora dunha lei de protección específica da súa flora e fauna ameazadas.

Os Gobernos do PP mantiveron unha política continuista que só se viu alterada significativamente coa declaración dalgún novo Parque Natural para o seu uso como propaganda política e electoral, ou por vir imposta desde a Unión Europea a protección de determinadas áreas, como é o caso das zonas LIC (Lugares de Interese Comunitario).

O BNG avoga por unha política de xestión eficaz da biodiversidade e dos Espazos Naturais Protexidos en Galiza, trazando as seguintes medidas de goberno:

- ❑ Dotarse dun marco normativo en materia de protección e xestión de espazos naturais, impulsando a elaboración dunha lei galega sobre protección de espazos naturais e o desenvolvemento da Lei estatal de Conservación da Natureza naqueles aspectos de competencia autonómica que aínda non foron adaptados á nosa realidade.

- ❑ Adoptar unha xestión dos ENP cunha clara finalidade conservacionista e non produtivista, facéndoos compatíbeis cos usos tradicionais e co uso público de lecer.
- ❑ Control estrito das actuacións que poden alterar significativamente os valores naturais, paisaxísticos e a biodiversidade dos ENP (concentración parcelaria, ubicación de parques eólicos, encoros e minicentrales eléctricas, etc...).
- ❑ Creación dunha rede de corredores ecolóxicos que conectarán os diversos ENP permitindo o fluxo natural de especies.
- ❑ Elaboración e aprobación dos Planos de Ordenación dos Recursos Naturais e dos Planos Reitores de Uso e Xestión que aínda están pendentes nos diferentes ENP.
- ❑ Aprobación dun Plano específico de recuperación de ríos e humedais que abranguerá, entre outros, a eliminación de obstáculos aos movementos naturais das especies, eliminación de puntos de vertido, restauración de sistemas lacunares, protección de brañas e gándaras.
- ❑ Aprobación de Planos específicos de recuperación da flora e fauna ameazadas, e creación dunha Rede Galega de microrreservas de determinadas especies especialmente ameazadas non incluídas nos ENP.
- ❑ Elaboración dun plano de erradicación de fauna e flora alóctona invasora, de xeito especial en toda a caste de ENP (Parques Naturais, zonas LIC e ZEPA, etc.).
- ❑ Creación dun Banco de Xermoplasma Galego que albergará sementes das especies silvestres galegas e de variedades de cultivo propias do país.
- ❑ Ampliación da rede de zonas ZEPA para incluír a totalidade ou a maioría das IBA (Áreas Importantes para Aves).
- ❑ Creación dun Consello da Biodiversidade con carácter consultivo que implicará a Administración, investigadores, asociacións ecoloxistas, cazadores, pescadores, e outros sectores sociais e económicos relacionados co medio ambiente natural, que terá como obxectivo a avaliación de actuacións e a elaboración de propostas relacionadas coa conservación da biodiversidade.

## **VII.8. MOBILIDADE SUSTENTÁBEL**

As necesidades de transporte e mobilidade están intimamente relacionadas co modelo de asentamento da poboación e co urbanismo. Porén, o transporte non está a ser atendido dentro da planificación do urbanismo e da ordenación do territorio.

As cidades desbordaron amplamente as súas fronteiras xeográficas, creando de facto comarcas que precisan integrar unha xestión e planificación

conxunta.

A situación da mobilidade e o transporte na Galiza atópanse nunha situación grave, como se pon de manifesto polos seguintes feitos:

- Aposta case absoluta polo automóbil como modo de transporte.
- Esquecemento do ferrocarril, que veu perdendo investimentos de xeito continuado. Esta dinámica traduciuse na diminución da calidade do servizo e o abandono de liñas.
- Transporte colectivo por estrada lastrado por unha normativa legal obsoleta, baseada en concesións que impide respostar axeitadamente á nova organización territorial, nomeadamente na escala comarcal.

As consecuencias sociais e ambientais desta situación son as seguintes:

- Ausencia de alternativas efectivas á hexemonía do automóbil na maior parte do país.
- Creación dunha bolsa de exclusión social fundamentada na mobilidade: o feito de non ter automóbil significa hoxe a imposibilidade de acceder a moitos dos “bens sociais” que na teoría son dereito de toda a cidadanía.
- Desbaldemento de recursos en infraestruturas redundantes.
- Illamento de zonas do territorio.
- Elevados índices de contaminación acústica e atmosférica nas cidades.
- Altos custos sanitarios, tanto por accidentalidade como por contaminación.
- Compartillamento elevado do territorio, coa ruptura de ecosistemas e unha forte ameaza á biodiversidade da nosa terra.
- Elevada achega do sector do transporte ás emisións causantes de cambio climático, e á pegada ecolóxica global de Galiza.

### **VII.8.1. MEDIDAS**

- Aposta definitiva polo transporte público colectivo, potenciando o transporte ferroviario para o tráfico de mercadorías e de pasaxeiros, tanto no interior do territorio galego como co exterior, para o que se actuará na mellora e ampliación da rede de camiños de ferro actual, e se apostará polo sistema de proximidades. (Vid. epígrafe: Infraestruturas de transporte, apartado de Política de Ordenación do Territorio).
- Potenciación do transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros naquelas rías en que non interfira gravemente con outros usos produtivos.
- Fomento da intermodalidade, incluíndo os modos de transporte non contaminantes como a bicicleta.
- Apoio á planificación urbanística orientada a reducir a necesidade de desprazamentos. Isto significará mellorar os servizos públicos e comerciais, as actividades culturais e os espazos de lecer en cada barrio

e nos concellos rurais, favorecer o pequeno comercio, impedir a apertura de grandes áreas comerciais.

- Ampliación dos espazos peonís nos centros urbanos e da creación de espazos deste tipo nos diferentes barrios. Estas medidas acompañaranse dunha acción decidida na mellora e ampliación dos servizos de transporte colectivo urbano e coas zonas de influencia, construción de aparcamentos para automóbeis na entrada dos núcleos urbanos e evitando a construción de novos aparcamentos nos centros urbanos.
- Outras actuacións de fomento do transporte público colectivo:
  - Redución do prezo do billete do transporte público con medidas de fidelidade (bonos, etc..).
  - Campañas continuadas no tempo, promocionando o transporte sustentábel.

## **VII.9. EDUCACIÓN AMBIENTAL**

A situación da educación Ambiental (EA) en Galiza pasa por un dos seus peores momentos nos últimos quince anos. Despois da "esperanza" que xurdiu nalgúns sectores coa elaboración e aprobación da Estratexia Galega de EA (EGEA) en 1999, a situación evolucionou para peor no lugar de mellorar, de tal forma que a referida estratexia ficou en papel mollado.

O cumprimento da Estratexia falla na maioría dos eidos ou sectores implicados na mesma. Porén, o que máis chama a atención é a absoluta falta de interese que veu mostrando pola educación ambiental a Xunta de Galiza. Esta administración, que promoveu a Estratexia e é responsábel da súa aplicación, foi a primeira en esquecerla.

Este esquecemento escenificouse na falta de programas adaptados á realidade galega, a falta de compromiso e traballo do OGEA (Observatorio Galego de Educación Ambiental), a irregularidade na contratación dos equipamentos ambientais, a eliminación das axudas a entidades que traballan na educación ambiental, etc.

### **VII.9.1. MEDIDAS**

- Promover a educación ambiental en todos os seus eidos, sectores, niveis e facetas. O goberno de Galiza asumirá, por tanto, as responsabilidades que a estratexia lle atribúe e porá os medios necesarios para impulsar o compromiso coa EA.
- Aliás, prestarase especial atención a que os programas e planos de actuación medioambiental, ou calquera outro cunha compoñente ambiental ou con incidencia no ambiente, leve parello un subprograma de educación ambiental. Procurarase así introducir a EA como unha das chaves da xestión ambiental.

- Elaboración dunha lei galega de educación ambiental.

## **VIII. MÁIS DEMOCRACIA E LIBERDADES**

Galiza perdeu moitas oportunidades nos últimos dezaseis anos de goberno do PP. Perdeu a oportunidade de avanzar no autogoberno e de consolidar a nosa condición de nacionalidade histórica. Ben ao contrario, os sucesivos gobernos de Fraga limitáronse a criticar as ideas dos demais en vez de formular propostas propias adaptadas ás necesidades de Galiza. Perdeu tamén a oportunidade de crear e consolidar unhas institucións públicas eficaces e coordinadas e de as pór ao servizo do progreso do país e do benestar dos seus cidadáns. Ben ao contrario, os sucesivos gobernos de Fraga utilizaron as institucións e os cartos públicos para tecer unha rede clientelar que afoga as iniciativas da Galiza máis creativa e emprendedora. Perdeu a oportunidade de aprofundar na democracia e na transparencia dos poderes públicos e de consolidar o Parlamento galego como a institución central do noso autogoberno. Ben ao contrario, os sucesivos gabinetes de Fraga fixeron do desprezo á cidadanía –en especial á máis activa e comprometida co país–, da negación do pluralismo político e social, e da opacidade unha forma de gobernar. Perdeu a oportunidade de racionalizar o réxime local, revisando a súa planta actual co fin de o adaptar á realidade do país, e de o coordinar coa Administración autonómica para mellorar a súa eficacia na satisfacción das demandas cidadás. Ben ao contrario, nos anos de goberno de Fraga fomentouse o localismo nos concellos e o clientelismo nas Deputacións provinciais. Perdeu, en fin, a oportunidade de aproveitar os medios de comunicación públicos e os xenerosos auxilios concedidos aos medios privados para crear unha opinión pública galega plural, crítica e informada e para dignificar e normalizar a lingua e a cultura do país e as producións audiovisuais e musicais propias. Ben ao contrario, os gobernos de Fraga distinguíronse pola manipulación informativa nos medios públicos, pola arbitrariedade e a falta de transparencia nas subvencións concedidas aos medios privados, polo desprezo polas manifestacións culturais e artísticas galegas e, en fin, por facer da política informativa un instrumento partidista ao servizo do PP.

Mais o BNG quere recuperar o tempo perdido. O próximo goberno nacionalista porá os poderes públicos de Galiza ao servizo da xente, rexenerará a vida democrática, establecerá unha nova cultura de servizo público incompatible coa corrupción e co clientelismo, organizará unhas administracións públicas eficaces na satisfacción das demandas sociais e eficientes no uso dos recursos públicos, porá en pé unha Administración de xustiza e uns corpos de seguranza galegos modernos e áxiles na garantía dos dereitos de todas as persoas e no control da actuación dos poderes públicos. E proxectará o país no mundo, para defender os nosos intereses políticos, culturais e económicos, protexer as nosas colectividade espalladas polos cinco continentes e exercer a solidariedade con todos os pobos do planeta.

### **VIII.1. REXENERACIÓN ÉTICA E DEMOCRÁTICA**

O futuro goberno do BNG asume publicamente o compromiso de facer efectivos os dereitos e liberdades dos galegos e das galegas. Por iso o BNG

aposta pola veracidade informativa, a tolerancia cero coa corrupción, a promoción da igualdade real entre homes e mulleres, o afondamento na democracia participativa e a transparencia na acción de goberno. Sabemos que o sistema democrático se fundamenta na confianza dos cidadáns e cidadás na honestidade e no comportamento ético dos servidores e autoridades públicos e por iso asumimos os seguintes compromisos.

### **VIII.1.1. CÓDIGO ÉTICO E LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN**

O goberno do BNG comprométese a que as autoridades, altos cargos, funcionarios e traballadores ao servizo dos poderes públicos galegos, incluídas as súas fundacións e empresas en que teñan participación maioritaria, observen as recomendacións e convenios do Consello de Europa en materia de loita contra a corrupción e comportamento ético dos servidores públicos, aínda que non teñan sido ratificadas polo Estado español.

Serán contidos básicos deste código ético aplicábel a todas as administracións públicas galegas os seguintes:

- ❑ O rexeitamento de calquera regalo, favor ou hospitalidade que poida afectar á imparcialidade no desenvolvemento das funcións e cargos públicos.
- ❑ A denuncia de calquera conduta de corrupción detectada no exercicio das súas funcións, sen que a realización de tal denuncia poida ser, directa ou indirectamente, obxecto de sanción ou represalia.
- ❑ Evitar os conflitos, reais ou eventuais, entre os intereses propios e o interese público.
- ❑ Absterse de utilizar a influencia ou as relacións adquiridas con ocasión do desempeño de funcións públicas en interese propio ou de terceiros, mesmo despois de ter abandonado o cargo ou función.

### **VIII.1.2. TRANSPARENCIA**

O goberno do BNG fará públicas e accesíbeis a través de Internet as condicións contractuais e retributivas de todo o persoal ao servizo da Administración galega, incluídas as fundacións e empresas en que teña participación maioritaria ou sobre as que exerza unha influencia dominante, comezando polo Presidente e os Conselleiros e Conselleiras.

Todos os altos cargos ao servizo dos poderes públicos galegos deberán realizar unha declaración pública do seu patrimonio, intereses e actividades profesionais e mercantís, incluídos os dos seus familiares directos, antes da súa toma de posesión e outra cando abandonen o seu cargo. Estas declaracións serán de acceso público a través de Internet. Será competencia do Consello de Contas controlar a veracidade destas declaracións e impor as sancións que correspondan en caso de falsidade ou falta de cumprimento das mesmas.



A estes efectos, será tarefa inmediata do goberno do BNG promover unha nova regulación do réxime de incompatibilidades dos funcionarios e, en especial, dos altos cargos, co fin de garantir o servizo exclusivo aos intereses públicos durante o seu mandato e evitar calquera tráfico de influencias ou intereses após o seu abandono.

### **VIII.1.3. LIMPEZA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA**

O goberno do BNG promoverá unha contratación pública eficiente no uso dos recursos públicos, eficaz na satisfacción das necesidades públicas e transparente na selección das empresas. En concreto, adoptaranse con carácter inmediato as seguintes medidas:

- Estabelecemento de criterios obxectivos e procedementos transparentes para a adxudicación dos contratos públicos e introdución da obriga de realizar unha nova licitación cando o prezo inicial do contrato experimente, durante a súa execución, un incremento superior ao 15 %.
- Introdución de criterios sociais –referentes á estabilidade e seguridade laboral e á igualdade de xéneros– e ambientais na selección das empresas contratistas.
- Publicación inmediata a través de Internet das adxudicacións de contratos, calquera que for a súa natureza, indicando o prezo e as súas sucesivas variacións, e a empresa adxudicataria.
- Derrogación da Lei 10/1996, co fin de someter a contratación das fundacións e empresas con participación maioritaria da Administración galega á normativa xeral de contratación pública.

No seo do Consello de Contas creárase unha unidade especial encargada de controlar, dirixir –por medio de informes e recomendacións– e, no seu caso, sancionar, a actuación contractual dos poderes públicos galegos.

### **VIII.1.4. OBXECTIVIDADE NA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS**

O goberno do BNG eliminará a concesión arbitraria e opaca de axudas e subvencións con cargo aos fondos públicos galegos, adoptando inmediatamente as seguintes medidas:

- Eliminación dos créditos orzamentais de libre disposición do Presidente da Xunta de Galiza.
- Sometemento a procedementos públicos, obxectivos e concorrenciais de toda a concesión de axudas e subvencións públicas, incluídas as actualmente canalizadas a través de convenios de colaboración.
- Publicación inmediata, a través de Internet, de todas as axudas e subvencións públicas concedidas polos poderes públicos galegos, incluídas as fundacións e empresas públicas con participación maioritaria da Administración galega.

- Elaboración dunha lei reguladora da concesión de axudas e subvencións públicas.

O Consello de Contas velará polo cumprimento da normativa reguladora da concesión de axudas e subvencións públicas.

#### **VIII.1.5. ELIMINACIÓN DA PUBLICIDADE INSTITUCIONAL**

O goberno do BNG comprométese a limitar a actividade publicitaria dos poderes públicos galegos a fins estritos de servizo público. Eliminarase a publicidade institucional con fins propagandísticos e garantirase, a través das reformas legais apropiadas, que tanto a adxudicación dos contratos publicitarios como a distribución da publicidade institucional entre os diferentes medios de comunicación se realice de xeito obxectivo, público e transparente.

#### **VIII.1.6. INFORMACIÓN ESTATÍSTICA E DEMOSCÓPICA PÚBLICA FIÁBEL**

O goberno do BNG comprométese a fornecer os cidadáns unha información estatística e demoscópica pública fiábel, completa e inmediatamente accesíbel a través de Internet e conforme a un calendario previamente establecido.

#### **VIII.1.7. REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA**

O goberno do BNG impónse como tarefa inmediata a revitalización da vida democrática en Galiza, promovendo para tal fin as seguintes medidas:

- Impulso da participación cidadá directa no goberno e xestión dos asuntos públicos por medio de consultas populares directas, elaboración participativa dos orzamentos públicos e participación social na proposta dos candidatos e candidatas a ocupar os cargos de Valedor do Pobo, Presidente do Consello de Contas e Presidente da Axencia Pública de Control dos Procesos Selectivos, aproveitando para tal fin as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC).
- Revitalización do Parlamento galego como centro da vida democrática en Galiza. Impulsarase a reforma do seu regulamento co fin de incrementar a frecuencia das súas sesións, dotar os deputados e deputadas e os grupos parlamentarios de máis medios para un control e seguimento máis eficaces do labor do goberno, facilitar a constitución e o funcionamento de comisións de investigación e crear unha oficina orzamental que posibilite o seguimento da xestión económica e financeira pública.
- Eliminar a reelección indefinida do presidente da Xunta, limitándoa a dous mandatos consecutivos.

### **VIII.1.8. REFORMAS INSTITUCIONAIS**

Para garantir o cumprimento efectivo deste programa de revitalización democrática e rexeneración da vida pública, o goberno do BNG impulsará de forma inmediata as seguintes reformas institucionais:

- Mellorar a dotación de medios persoais e materiais a dispor do Consello de Contas e reformar a súa lei reguladora para incrementar a súa independencia, atribuírlle potestades sancionadoras e estender o seu control ao financiamento dos partidos políticos e das campañas electorais en Galiza.
- En tanto a Fiscalía siga sen contar coas garantías de independencia exixidas polo Convenio Penal contra a Corrupción do Consello de Europa, aínda non ratificado polo Estado español, o Consello de Contas exercerá a acusación pública en cantos casos de corrupción se detecten no seo dos poderes públicos galegos.
- Creación dunha Axencia pública independente de control dos procesos de selección de persoal ao servizo dos poderes públicos galegos.

### **VIII.2. UNHA NOVA CULTURA DE SERVIZO PÚBLICO**

Unha Administración pública eficaz é condición necesaria para o funcionamento dunha sociedade moderna e para o logro de niveis elevados de benestar. O BNG aposta por unhas administracións públicas activas e eficaces, comprometidas co país e integradas por traballadores e traballadoras formados, motivados e con vocación de servizo á cidadanía. Por iso, o goberno do BNG terá como unha das súas prioridades a creación dunha nova cultura de servizo público, común ás diferentes administracións públicas de Galiza, asentada nos valores de lealdade e servizo ao país e aos seus cidadáns e cidadás, sobre a base dun réxime xurídico novo –en materia de organización e procedementos, función pública, contratación, axudas e subvencións, expropiación e responsabilidade patrimonial– adaptado á nosa realidade e ás demandas dunha sociedade cada vez máis exixente, cunha especial atención á introdución das novas tecnoloxías da información e da comunicación como forma de reducir e axilizar trámites e mellorar as relacións cos cidadáns e cidadás e, en xeral, a eficacia e a eficiencia da actuación administrativa e a calidade dos servizos prestados á cidadanía.

Unha nova cultura de servizo público, un novo modelo de Administración que, sobre a base da concertación, elimine a precariedade laboral nas administracións públicas, a arbitrariedade na selección e na promoción dos traballadores e traballadoras públicos, que estableza a formación continua como un dereito e un deber que a Administración debe fornecer sen exclusións. Un modelo administrativo que restrinxa o nomeamento de funcionarios eventuais aos cargos de dirección política recoñecendo, en consecuencia, a existencia dun ámbito xerencial público reservado aos funcionarios e funcionarias de carreira.

O BNG quiere unha Administración eficaz. Por iso propoñemos restrinxir o recurso á creación de entes instrumentais e á externalización de servizos exclusivamente aos supostos en que se constaten, e así se xustifique, necesidades ou novas demandas sociais ás que a Administración se deba adaptar. Mais non, como o PP ten feito nos últimos dezaseis anos, para evitar controles –en materia de contratación, de xestión orzamental e de selección de persoal- ou facilitar o uso partidista dos recursos públicos.

O BNG é consciente que estas mudanzas urxentes non poden ser simplemente froito da reflexión ou do voluntarismo dunha forza política. O que propoñemos é un programa ambicioso de cambio organizativo e cultural. E xa que a Administración Pública é un elemento estratéxico para o proxecto de país que defendemos, precisamente por iso, a súa transformación debe ser o resultado dun proceso en que participen as Universidades, os sindicatos representativos dos traballadores e traballadoras do sector público galego e, directamente, a cidadanía que culmine coa elaboración dun Libro Branco sobre as Administracións Públicas e o Sector Público de Galiza que, fundado nun amplo consenso social e político, sexa a base das reformas legais e organizativas que se deben iniciar na próxima lexislatura.

### **VIII.2.1. DEFINICIÓN DUN MODELO INTEGRAL DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA GALIZA**

O goberno do BNG márcase como obxectivo inmediato lograr o máximo consenso social e político arredor da definición e implementación dun novo modelo de Administración Pública integral para Galiza que inclúa tanto a actual Administración Autónoma como tamén os entes que integran as Administracións Locais, sempre dentro do respecto pola súa autonomía. As mudanzas legais que a construción deste novo modelo exige faranse, en primeiro lugar, aproveitando as posibilidades que o ordenamento actual – estatal e europeo– permiten, sen prexuízo de que, vixente o Novo Estatuto, os poderes públicos galegos ostenten competencias exclusivas para organizar e regular a actuación das súas estruturas administrativas, incluído o réxime local. A tal fin levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Elaboración dun Libro Branco sobre as Administracións e o Sector Público de Galiza que formule un novo modelo organizativo e funcional para as Administracións Públicas de Galiza, incluídas as súas relacións recíprocas e coa Administración estatal e europea, o modelo de función pública, as estruturas de prestación de servizos, a plena incorporación das TIC á actuación administrativa, a participación cidadá e a normalización efectiva da lingua galega neste ámbito. A tal fin, e baixo a dirección da EGAP, recabarase a participación de todos os sectores interesados e, en especial, as Universidades, sindicatos, organizacións empresariais e demais entidades representativas da sociedade galega.
- Reformulación da función da Escola Galega de Administración Pública, co fin de a converter en líder do proceso de transformación das Administracións Públicas de Galiza e de asentamento dunha nova cultura de servizo no seu seo.

## VIII.2.2. EFICACIA NO SERVIZO Á CIDADANÍA E AO PAÍS

O goberno do BNG comprométese a construír unha Administración eficaz –o cal require a necesidade de establecer unha xestión por obxectivos e a previsión de medios para verificar o seu cumprimento– no servizo á cidadanía e na defensa dos intereses de Galiza, introducindo no sector público galego a cultura da cualidade. Unha Administración eficaz supón eliminar as duplicidades innecesarias –sexa entre Departamentos ou entre a Administración autonómica e as locais– incluída a redución da Administración periférica do Estado en Galiza e racionalizar unha estrutura administrativa cangada por unha mesta rede de entidades instrumentais de toda caste – societarias, fundacionais,...- creadas polo PP para atenderen necesidades partidistas e non para responderen adecuadamente ás demandas cidadás.

Para lograr estes obxectivos, o goberno do BNG propón as seguintes medidas:

- ❑ Impulsar unha cultura de calidade nas Administracións públicas e nas empresas privadas xestoras de servizos públicos a través da elaboración de cartas de servizos, manuais de boas prácticas, acreditacións e certificacións, xestión por obxectivos e sistemas de avaliación do seu cumprimento. A promoción da calidade na prestación dos servizos públicos será un obxectivo fundamental da política de formación dos empregados e empregadas públicos.
- ❑ Implantación de horarios de atención ao público adaptados ás súas diferentes necesidades.
- ❑ Promover a interdepartamentalidade co fin de eliminar duplicidades e/ou rivalidades que entorpecen a xestión pública e incrementan inxustificadamente o gasto público, escollendo a tal efecto, nunha xeira inicial, certos programas como a atención e promoción das PEME e da economía social, igualdade de xéneros, atención á mocidade, á discapacidade, política lingüística e atención socio-sanitaria.
- ❑ Incrementar a coordinación entre a Administración autonómica e as Administracións locais para, de conformidade co principio de subsidiaridade, simplificar e homologar a prestación de servizos á cidadanía.
- ❑ Estabelecer por lei o criterio de que só se externalizará a prestación dun servizo público cando se demostre que a xestión privada supón algún tipo de beneficio –socio-económico, de aforro de recursos públicos– a respecto da xestión pública. En todo o caso, antes de proceder á xestión privada, deberán estudarse e eliminarse as rixideces que desaconsellen a xestión pública.
- ❑ Elaborar unha listaxe exhaustiva dos entes instrumentais dependentes da Administración autonómica, como primeiro paso para a súa redución ou integración na estrutura xeral da Administración.

### VIII.2.3. AXILIDADE E PARTICIPACIÓN NA ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA

Para o goberno do BNG o tempo é, na Administración, un recurso precioso e limitado. Porque na actuación administrativa o incumprimento dos prazos, a paralización inxustificada de procedementos, a falta de contestación expresa ás solicitudes dos interesados e interesadas ou a concepción burocrática que impregna as vixentes regulacións procedementais son algo máis que simples vicios ou irregularidades: constitúen, as máis das veces, a imposibilidade de os cidadáns e cidadás afectados poderen exercer os dereitos que as leis lles recoñecen.

Lograr unha Administración máis áxil na garantía dos dereitos das persoas e do dinamismo económico e social precisa, necesariamente, dun programa coherente de introdución e aproveitamento das posibilidades que abren as TIC, incluídas maiores posibilidades de participación directa da cidadanía. Participación que, sendo un valor en si mesma, aporta outros beneficios como a transparencia e o fomento do cambio de cultura organizativa.

Para lograr estes obxectivos, o goberno do BNG adoptará as seguintes medidas:

- Espallamento do uso das TIC na actuación administrativa para axilizar a tramitación de procedementos e facilitar a participación e información directa en tempo real da cidadanía. Potenciarárase a tramitación telefónica e a través de Internet, creando unha rede telemática que integre a Administración autonómica, as locais e as empresas privadas prestadoras de servizos públicos co fin de ofrecer á cidadanía unha tramitación única de procedementos complexos en que interveñan diferentes niveis administrativos. Con este fin:
  - a) Unificarase e homoxeneizarase o *hardware* e os sistemas operativos dos diferentes departamentos e servizos, centralizando nun único órgano de contratación a súa adquisición.
  - b) Mellorarase as páxinas web das administracións públicas galegas, co fin de facelas máis útiles e accesíbeis a través do uso de formatos abertos e programas multiplataforma.
  - c) Reducirase canto sexa posíbel a exigencia de aportación de documentación, substituíndoa por declaracións responsábeis dos afectados, co fin de axilizar os procedementos e facilitar a súa tramitación telemática.
  - d) Fornecerase a toda a cidadanía e a todas as empresas e entidades dunha certificación dixital que lles permita realizar trámites con calquera administración con garantías de seguranza, identificación e autenticación.
- Apertura dos procesos de tomada de decisións políticos e administrativos á participación directa da cidadanía, en especial no referente á fixación das prioridades no emprego dos recursos públicos, a planificación territorial e das infraestruturas públicas.

#### VIII.2.4. UN NOVO SISTEMA DE EMPREGO PÚBLICO

O deseño dunha Administración Pública galega integral require necesariamente un sistema de emprego público que dea resposta a dúas demandas básicas: mobilidade entre as diferentes administracións e capacidade de adaptación e capacitación permanente dos empregados e empregadas públicas. Para lograr estes obxectivos cómpre motivar adecuadamente o persoal ao servizo da Administración e eliminar unha precariedade laboral, elevada nas administracións galegas, que é ben reveladora da má xestión realizada polo goberno do PP dun recurso fundamental en calquera sociedade moderna e avanzada.

Como condición necesaria para o logro destes obxectivos, o goberno do BNG comprométese a que os procedementos de acceso aos empregos públicos se desenvolvan con publicidade en todos os seus trámites e se atean exclusivamente a criterios obxectivos de mérito e capacidade. A tal fin adoptará con carácter inmediato as medidas seguintes:

- Garantir a igualdade, a publicidade e os principios de mérito e capacidade no acceso á función pública galega e, en concreto:
  - a) Supresión de trámites discrecionarios e potencialmente discriminatorios como a entrevista nos procedementos de selección e de promoción.
  - b) Estabelecemento dunha Axencia Pública independente de control dos procesos de selección e promoción do persoal ao servizo dos poderes públicos galegos, e con poderes de paralización e anulación en tempo real destes procesos e de sanción das irregularidades cometidas nos mesmos.
  - c) Reforma das normas reguladoras da conformación dos tribunais e comisións xulgadoras, co fin de eliminar o control partidario das mesmas.
  - d) Estabelecer procesos de selección homoxéneos para os diferentes servizos e departamentos.
- Reserva efectiva do 5 % dos postos de traballo ofertados a persoas discapacitadas co obxectivo de conseguir que, ao fin da lexislatura, ao menos o 2 % dos postos de traballo no sector público galego estea ocupado por persoas con algunha discapacidade.
- Estabelecemento concertado dun sistema retributivo xusto e ligado á consecución de obxectivos e ao desempeño das funcións e responsabilidades asignadas.
- Racionalizar as libres designacións circunscribíndoas aos postos de carácter claramente político ou de confianza e establecendo un estatuto dos directivos públicos e unha carreira xerencial pública para os postos de dirección de carácter non político.
- Inclusión nas RPT das relacións contractuais que, iniciándose como contrato de obra ou servizo, respondan a un traballo habitual e, correlativamente, limitando estritamente as contratacións temporais ao

desempeño de actividades que carezan de carácter habitual ou permanente.

- ❑ Estabelecer mecanismos de mobilidade entre as diferentes administracións públicas de Galiza, establecendo categorías e carreiras administrativas homoxéneas.
- ❑ No ámbito local, substitución dos actuais corpos estatais por corpos galegos de secretarios/as e interventores/as.

### **VIII.3. UNS ENTES LOCAIS ADAPTADOS Á REALIDADE DO PAÍS**

O goberno do BNG traballará para que, por medio das reformas estatutarias e constitucionais precisas, Galiza ostente competencia exclusiva para a organización do noso réxime local, superando deste xeito o carácter bifronte dos entes locais que, na práctica, redonda nunha ineficiente superposición de niveis administrativos. Seguimos a pensar que o nivel provincial, procedente dunha división administrativa do territorio que descoñece a realidade xeográfica e poboacional do noso país, carece de sentido na Galiza de hoxe e que debe ser substituído por un novo esquema organizativo territorial. Porén, en tanto estas reformas estatutarias e constitucionais non se efectivizaren, a Administración galega actuará, para o exercicio das súas funcións, sobre unha base comarcal e non provincial e coordinará a actuación das Deputacións Provinciais galegas por medio dun Plano Único de Obras e Servizos.

O BNG entende que este nivel comarcal e metropolitano debe completarse co municipal. Un nivel municipal que, pensamos, debería ser repensado e reformulado. Xa que, se ben é certo que o número de concellos de Galiza –317– é incomparabelmente menor, en termos relativos, aos máis de 8.000 existentes no conxunto do Estado, tamén é verdade que a viabilidade de moitos concellos rurais –do punto de vista poboacional e financeiro– obriga a reflectir acerca dunha posíbel racionalización da planta municipal galega completándoa, alí onde esta continúe a ser unha realidade viva, co recoñecemento xurídico das parroquias rurais. É, pois, vontade do goberno do BNG abrir un amplo debate sobre esta cuestión, sobre a base dos estudos xa existentes e coa participación da FEGAMP, co fin de acadar uns concellos solventes, funcionais, dinámicos e ben xestionados que permitan mellorar a prestación dos servizos e igualar a súa calidade en todo o país.

Non hai autonomía local sen suficiencia financeira. O goberno do BNG impoñe como tarefa fundamental garantir que todos os concellos de Galiza contén con recursos suficientes para a cobertura das súas competencias e para lle garantir a todos os seus veciños e veciñas uns servizos públicos de calidade en calquera parte do territorio.

E para conseguir estes obxectivos, o BNG propón as seguintes medidas:

- ❑ Baixo a responsabilidade do Parlamento, elaboración dun Libro Branco sobre o réxime local galego, con participación de Universidades, da Administración galega e dos entes locais e a FEGAMP, que formule propostas a respecto da planta municipal, as vías para a implantación do



nivel comarcal e metropolitano e, no seu caso, dos niveis inframunicipais, parroquia e barrio.

- Elaboración dun Plano Único de Obras e Servizos para Galiza relativo a infraestruturas básicas de carácter local, que unifique, racionalice, evite duplicidades, e tenda a homologar servizos para todos os cidadáns. Plano que coordinaría a actuación das distintas administracións e, en particular, a das Deputacións Provinciais.
- Estabelecemento, con dotación suficiente, dun Fondo de Suficiencia Financeira Local que dote os distintos concellos dunha capacidade de actuación e investimento mínima que permita mellorar a calidade e cantidade dos servizos que prestan.
- Promover un novo modelo de financiamento municipal que permita a participación dos pequenos concellos nos ingresos do Estado, tendo en conta os criterios de extensión do territorio, número de núcleos e dispersión poboacional.
- Fortalecer o papel institucional dos concellos e, en particular dos seus alcaldes, nas súas relacións coa Administración galega. Creación no Parlamento dunha Comisión de Política Local.
- Dignificar a autonomía municipal, recoñecendo legalmente os concellos as competencias que hoxe xa executan de facto, e dotando os orzamentos xerais da Xunta de Galiza cun fondo non finalista para os financiar.

#### **VIII.4. UNHA XUSTIZA GALEGA ÁXIL E CON GARANTÍAS**

Unha comunidade política democrática, como a galega, debe fundarse na división de poderes propia dun Estado de Dereito. Dese punto de vista, semella preciso que Galiza conte cunha Xustiza propia. Isto non quere dicir necesariamente que se teña de construír un poder xudicial galego á marxe do estatal, mais si, ao menos, que Galiza conte con órganos propios de goberno dos xulgados e tribunais existentes no seu territorio, competencia para seleccionar ao persoal xurisdiccional e cuns corpos propios de persoal non xurisdiccional. Supón tamén que no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza se esgoten todas as instancias xudiciais no noso país. Que o goberno galego poida establecer unha planta xudicial axeitada á realidade xeográfica e poboacional de Galiza e que, desde logo, se acometa urxentemente un programa de normalización do uso da lingua galega no ámbito da Xustiza. Todo ao servizo dunha Xustiza de calidade máis independente, áxil e eficaz na garantía dos dereitos das persoas e no control da actuación dos poderes públicos.

Xa que logo, ao falarmos da Xustiza debemos, no momento actual, diferenciarmos entre dous planos, diferentes mais complementares. Dun lado, a configuración dunha Xustiza galega tal e como esta resultará do Novo Estatuto para Galiza. Doutro, entre tanto as medidas que, dentro do actual marco estatutario e constitucional, permiten incrementar as competencias de Galiza en relación coa Administración de Xustiza.

#### VIII.4.1. A XUSTIZA NO NOVO ESTATUTO

O goberno do BNG comprométese a que o Novo Estatuto, que o Parlamento aprobará na vindeira lexislatura, configure unha Xustiza galega en base aos seguintes trazos fundamentais:

- Creación do Consello Xudicial de Galiza como órgano de goberno do Poder Xudicial en Galiza, cuxos membros serán nomeados polo Parlamento de Galiza, os xuíces de maxistrados, os avogados e procuradores e mais polo persoal non xurisdiccional ao servizo da Xustiza.
- O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza será o órgano xurisdiccional superior na Comunidade Autónoma en todas as ordes. Nel acabarán toda caste de procesos, xa se aplique neles tan só Dereito Público ou Civil galego ou tamén, conxuntamente, Dereito Estatal ou mesmo Dereito Estatal de xeito exclusivo. Unha lei procesual penal garantizará que o TSXG resolva no eido penal, non só recursos de casación, senón auténticos recursos de apelación revisores das sentenzas penais ditadas en primeira instancia, mesmo no que atinxe aos feitos, como exixen os tratados internacionais de Dereitos Humanos vixentes. Neste sentido, o Poder Xudicial Galego garantizará en todos os casos o acceso á dupla instancia xudicial penal.
- Estabelecemento dunha Escola Xudicial Galega que, baixo a dependencia do Consello Xudicial de Galiza, será a institución docente fornecedora da preparación práctica necesaria para todos os alumnos admitidos nas fases de concurso ou oposición aos corpos xurisdiccionais.
- O Parlamento de Galiza elixirá por maioría cualificada o Fiscal Xeral de Galiza, que será o cabezaleiro do Ministerio Público no noso país, consonte aos principios de legalidade, xerarquía e unidade.
- Corresponderalle ao Consello Xudicial de Galiza a convocatoria de probas selectivas para o ingreso na carreira xudicial, provendo o necesario para a súa substitución, concursos e ascensos, con pleno respecto aos principios de independencia e inmovilidade.
- Será mérito excluín-te o dominio oral e escrito da lingua galega e mais o coñecemento dos Dereitos Público e Civil propios de Galiza.
- Estabelecerase unha organización propia do persoal das Oficinas Xudiciais, e crearanse dous únicos corpos: o Corpo de Xerentes de Oficina Xudicial, que integrará os actuais Secretarios, e o Corpo de Xestión Xudicial, que asumirá funcións análogas ás dos actuais Oficiais. Na selección destes funcionarios, será mérito excluín-te o coñecemento avanzado da lingua galega e das ferramentas ofimáticas e informáticas de uso cotián.
- A Comunidade Autónoma contará, cando menos, cun maxistrado do Tribunal Constitucional, proposto polo Parlamento de Galiza e daqueles que correspondan á proporción da poboación galega respecto da do Estado.

- Galiza asumirá a competencia sobre o sistema penitenciario e promulgará, a xeito de desenvolvemento directo do Estatuto de Autonomía, unha Lei penitenciaria galega, baseada nos principios de tratamento progresivo, reinserción e seguridade das vítimas dos delitos.
- Crearase un Instituto Galego de Medicina Forense.

#### **VIII.4.2. AVANCES DENTRO DO MARCO ACTUAL**

Aínda que limitadamente, o actual marco constitucional e estatutario permite, por un lado, incrementar as competencias galegas sobre a Administración de Xustiza e, por outro, que a pluralidade nacional do Estado español transparente nos órganos de goberno do Poder Xudicial. Así pois, e en tanto non entre en vigor o Novo Estatuto, o goberno do BNG traballará para que:

- As actuais competencias da Xunta de Galiza sobre infraestruturas e medios dos órganos xudiciais se vexan acompañadas da transferencia dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza de carácter non xudicial. Deste modo, axentes, oficiais e secretarios pasarían a constituír corpos enteiramente dependentes da Administración galega, sen prexuízo da intercomunicación cos demais corpos autonómicos.
- A Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza se erixa nun verdadeiro órgano descentralizado de goberno do Poder Xudicial. Anualmente, tanto a Sala de Goberno como a Fiscalía renderán ao Parlamento galego unha Memoria sobre a súa actividade e comparecerán na Comisión correspondente para explicala.
- A aprobar con urxencia un programa de galeguización da Administración de Xustiza na Galiza e, no seu marco, porá en marcha as seguintes medidas:
  - a) Estabelecer que sexa requisito necesario acreditar un coñecemento determinado da lingua e do Dereito de Galiza para desempeñar unha praza de fiscal, xuíz/a ou maxistrado/a en Galiza.
  - b) Impulsar a subscrición de convenios entre a Xunta de Galiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial para a capacitación en lingua galega do persoal ao servizo da Administración de Xustiza e para a elaboración de programas informáticos, formularios, publicacións científicas e demais material informático e de formación en lingua galega.
  - c) Garantir que en todas as comparecencias –orais e escritas- da Administración galega perante as instancias xudiciais a lingua usada sexa a galega.
  - d) Adoptar accións inequívocas para a normalización efectiva do uso e da presenza da lingua galega en notarías e rexistros.
- Afrontar un plano realista de construción de infraestruturas xudiciais que vise eliminar as deficiencias e solventar as carencias actualmente

existentes e mais tamén afrontar as necesidades que as recentes reformas legais (Lei do Menor, reforma da Lei de Axuizamento Civil) van suscitar á Administración galega.

- Revisar a normativa reguladora da asistencia xurídica gratuíta para axilizar o recoñecemento deste dereito aos cidadáns e ás cidadás e dignificar a preparación e a retribución dos profesionais que prestan este servizo.

## **VIII.5. UNHA POLÍTICA INTEGRAL DE SEGURANZA**

O tratamento da seguranza cidadá está a ser abordado unicamente desde a perspectiva da criminalidade coa intención de sensibilizar e alarmar a opinión pública, previa representación deformada e parcial da realidade, conxugando a dramatización permanente da ameaza da delincuencia e a ocultación da análise das súas múltiples causas.

Cómpre superar esa visión reduccionista e estritamente securitaria do problema da seguranza cidadá, e articular por parte dos poderes públicos un modelo de protección integral eficaz para todas as persoas, que abranxa todo o tipo de situacións de risco ou ameaza. A seguranza debe entenderse sobre todo económica, mais incluso deixando á marxe ese aspecto, refírese tamén á protección face situacións catastróficas ou emerxencias graves, tales como vertidos contaminantes, incendios, enchentes, accidentes, etc...

Se analizamos a política levada a termo por parte dos sucesivos Gobernos en materia de seguranza, de seguido nos decatamos da súa total inoperancia e o alto grao de desprotección ao que se ve sometida a cidadanía galega pola falta dunha planificación e ordenación adicional dos medios destinados á seguranza cidadá en diferentes ámbitos como a protección civil, bombeiros, policía, salvamento marítimo ou a conservación de espazos naturais, nomeadamente de carácter forestal.

### **VIII.5.1. UNHA NOVA POLÍTICA DE SEGURANZA**

O BNG comprométese a mudar o desleixo demostrado polo PP, e para iso deseñar unha política integral de seguranza, guiada polos obxectivos que se expoñen de seguido:

- Planificar e ordenar o dispositivos de atención a situacións de emerxencias.
- Despregar un operativo global con capacidade de intervir eficazmente en todo o tipo de continxencias, que dea amparo e protección eficaz a todas as persoas perante ameazas ou situacións de risco que poñan en perigo a súa integridade ou dignidade, así como os seus bens e o patrimonio colectivo.

- ❑ Reforzar o carácter de servizo público dos distintos servizos dedicados á protección civil e xestión de emerxencias (extinción de incendios, salvamento), revisando a tendencia privatizadora.
- ❑ Integrar nun único servizo, baixo dependencia autonómica e en colaboración coas entidades locais, os distintos corpos de extinción de incendios e salvamento.
- ❑ Mellorar a capacitación profesional e potenciar a carreira profesional dos integrantes dos corpos de bombeiros e salvamento.
- ❑ Articular unha política de seguraza cidadán orientada ao benestar, e a tal efecto, coordenalas con aquelas outras que desenvolvan as distintas administracións para dar resposta á marxinación e exclusión social.
- ❑ Despregar unha policía galega integral ao longo do país que asuma as funcións dos actuais corpos e forzas de seguraza do Estado en Galiza.

### **VIII.5.2. IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA INTEGRADO DE PROTECCIÓN CIVIL E SALVAMENTO**

O sistema galego de protección civil caracterízase pola súa complexidade burocrática e a dispersión competencial, que mingua a súa eficacia e operatividade. Por outra banda, a eiva de dotacións materiais vese agravada pola falta de ordenación e racionalización dos medios existentes dedicados á protección civil e xestión de emerxencias en Galiza, que fai que moitas comarcas e concellos do país non dispoñan dun dispositivo axeitado e eficaz de protección civil. A tentativa do Goberno do PP de promulgar unha Lei galega de protección civil limitábase a integrar a normativa dispersa, mais non levaba aparellada unha mellora substancial, nin desde a perspectiva da planificación e ordenación de recursos dedicados á protección civil, nin desde a óptica de mellorar a operatividade dos servizos de emerxencias e salvamento.

O BNG, consciente de que a protección perante catástrofes ou emerxencias civís non é simplemente un servizo público, senón o servizo que garante a protección do desenvolvemento normal da vida e das actividades da nosa xente, fortalecerá un sistema integrado de protección civil que abranga todo o territorio galego en cooperación coas entidades locais:

- ❑ Abordar unha planificación racional dos dispositivos e procedementos de protección civil, que incida especialmente en mellorar a coordinación entre a Administración autonómica e os concellos.
- ❑ Garantir a elaboración de planos básicos de emerxencia en todos os concellos do país, asumindo a Xunta de Galiza a realización naqueles que non veñan obrigados legalmente a facelo.
- ❑ Revisar o vixente Plano territorial de continxencias pola contaminación mariña accidental de Galiza, reforzando a dotación de medios para combatir eficazmente as agresións por vertidos ao litoral mariño.
- ❑ A creación dun Centro Xestor de Emerxencias en Galiza, encargado de centralizar todas as alertas e pór en marcha os operativos de protección civil.

- Crear o Servizo de Bombeiros e Salvamento da Xunta de Galiza, como instrumento para:
  - a) Implantar en todo o territorio galego os servizos relacionados coa protección civil de xeito integral.
  - b) Asegurar a intervención rápida perante todo o tipo de situacións de risco ou perigo para as persoas ou os bens (accidentes, incendios, catástrofes, búsqueda de persoas desaparecidas, etc.).
  - c) Estender os servizos de protección civil en todo o territorio galego de maneira profesionalizada, preservando o seu carácter público e cuns custos asumíbeis para todas as administracións.
- O Servizo de Bombeiros e Salvamento da Xunta de Galiza será despregado paulatinamente ao longo de tres anos, desenvolvéndose nas seguintes fases:
  - a) Incorporación dos medios e recursos humanos dos consorcios comarcais de bombeiros.
  - b) Integración das brigadas dos servizos de defensa contra incendios forestais, permanentes ou temporais, que se dedican á prevención e loita contra os incendios forestais.
  - c) Ofrecemento aos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes que teñan servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento, para que voluntariamente incorporen eses servizos á organización do servizo de prevención e extinción de incendios da Xunta de Galiza.
  - d) Distribución comarcal dos parques de bombeiros da Xunta de Galiza, cubrindo todo o territorio galego de xeito que poidan actuar de forma eficaz en todos os concellos e parroquias do país.
  - e) Estabelecemento dun proceso formativo e de capacitación dos bombeiros profesionais e do persoal dedicado á extinción de incendios forestais, que contemplará a promoción na súa carreira profesional.
  - f) Culminar o proceso coa constitución dun consorcio único para a prestación dun servizo único de prevención, extinción de incendios e salvamento en Galiza, en que se integrarán os actuais consorcios provinciais, comarcais, as mancomunidades e concellos que contén con bombeiros propios.
  - g) A creación dunha Escola de Bombeiros e Salvamento de Galiza, encargada de impartir a formación inicial e continua de todo o persoal dedicado a labores de extinción de incendios e salvamento, tanto nos servizos dependentes de institucións públicas como dos das empresas privadas.
- Garantir o dereito de restauración por parte das administracións públicas á comunidade afectada por unha catástrofe ou calamidade por medio de:
  - a) O restabelecemento dos servizos esenciais.

- b) A elaboración de programas de recuperación da normalidade, rehabilitación e reconstrución das zonas afectadas.
- c) A recuperación do tecido socioeconómico e ambiental anteriormente existente.
- Promover o estudo científico dos riscos que poidan afectar á poboación, os bens e o medio ambiente; a investigación sobre os medios e técnicas de resposta, e os estudos sociolóxicos necesarios para determinar as necesidades informativas da poboación.
- Estudiar a imposición dun gravame tributario sobre os elementos patrimoniais afectados ás actividades de que poida derivar a activación de planos de protección civil no territorio de Galiza.

### **VIII.5.3. UNHA POLICÍA GALEGA**

O Goberno do PP vén de recoñecer o fracaso do vixente modelo de Policía Autonómica, baseado na adscrición de efectivos dos corpos da policía do Estado e na atribución dun raquíctico catálogo de funcións, que foi rexeitado desde sempre polo BNG.

O BNG reitera a súa aposta por un modelo de policía galega integral, produto do traspaso dos corpos de seguranza que actúan en Galiza e a súa transformación nun corpo unificado, que terá como prioridades superar en eficacia o actual, evitar a descoordinación e falta de planificación conxunta que estamos a padecer e contribuír para unha distribución máis racional dos seus efectivos ao longo de todo o territorio galego. Para lograr estes obxectivos, o goberno do BNG aplicará as seguintes medidas:

- Impulsar un Plano de Prevención e Seguranza de Galiza, que implique a todas as administracións, cunha atención prioritaria ás zonas e sectores sociais máis sensíbeis, onde os índices de delincuencia estean asociados á desestruturación social e á marxinalidade, ou a problemas económicos e laborais, ao tempo que conteña as medidas socioeconómicas, educativas e asistenciais precisas para posibilitar a inserción social.
- Crear o Corpo de Policía de Galiza, que xunto aos corpos de policía local protexerán o libre exercicio dos dereitos e liberdades, contribuirán a garantir a seguranza cidadá e velarán pola pacífica convivencia, cooperando con outros axentes sociais, especialmente nos ámbitos preventivo, asistencial e de rehabilitación.
- A Policía Galega configurarase como a policía ordinaria e integral de Galiza e as súas actuacións inspiraranse nos principios de eficacia, coordinación, planificación, proporcionalidade, prevención de riscos e ameazas, corresponsabilidade e complementariedade, e transparencia e información aos cidadáns.
- O Corpo de Policía de Galiza asumirá competencias e funcións en materia de seguranza cidadá, policía administrativa, policía xudicial, control e vixilancia do tráfico, colaboración e coordinación coas policías locais.

- ❑ Constituír a Xunta Superior de Seguranza de Galiza, integrada de xeito paritario pola Administración autonómica e a estatal, que coordinará as actuacións dos corpos de seguranza en Galiza.
- ❑ Potenciarase a integración das Policías Locais coa Policía Galega, a fin de garantir unha efectiva coordinación, homoxeneizar as condicións de traballo de todos os efectivos policiais e fomentar súa carreira profesional.

## **VIII.6. MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS E POLÍTICA INFORMATIVA**

### **VIII.6.1. MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA**

#### **VIII.6.1.1 A CRTVG**

Será obxectivo prioritario do goberno do BNG que os medios de comunicación públicos de Radio e Televisión garantan a función de servizo público, de acordo cos principios legais en que se sustentan.

Os 16 anos de goberno do PP significaron a ocupación partidaria da radio e da televisión de Galiza, a manipulación e a censura informativa, fenómenos que acadaron o seu clímax cando a catástrofe do “Prestige”.

Ocorre que non hai democracia sen información plural, obxectiva e veraz. Por iso o BNG defende uns medios de comunicación públicos abertos á participación social, respectuosos co pluralismo político, relixioso e cultural e activos e exixentes na normalización da lingua, a cultura e as producións audiovisuais do país.

No cumprimento da súa función de servizo público, garantirase:

- ❑ O dereito de todas as persoas a daren e receberen información veraz, plural e completa sobre toda a temática de interese xeral e relevancia pública.
- ❑ A presenza e participación, na programación, de todas as persoas que reflectan a pluralidade ideolóxica e social do país.
- ❑ A participación política, sobre todo nos procesos electorais, en condición de igualdade e proporcionalidade.
- ❑ A programación para todas as idades -infancia, mocidade e terceira idade-, e para outros colectivos e minorías relixiosas e culturais.
- ❑ Programas de lecer e deporte, atendendo aos eventos de interese xeral.

Con este obxectivo, o goberno do BNG promoverá:

- ❑ As reformas legais precisas para que a dirección e a administración da CRTVG se encomende a un órgano independente, nomeado polo Parlamento.



- ❑ O Consello do Audiovisual de Galiza, creado por Lei, regulará a actividade do sector audiovisual galego.
- ❑ O Parlamento de Galiza elixirá o Director Xeral, por maioría cualificada e para un período de 5 anos.
- ❑ O Parlamento de Galiza elixirá os membros do Consello de Administración, por maioría de dous terzos, e serán persoas de recoñecido prestixio nos distintos ámbitos ou sectores sociais do país.
- ❑ O financiamento dos medios públicos estará garantido nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, mais sempre suxeito a un contrato-programa. A venda de publicidade e da produción propia complementará o financiamento.
- ❑ A CRTVG e as súas sociedades serán o motor da sociedade dixital na Galiza do século XXI.
- ❑ Co fin de fortalecer a función de servizo público e, ao tempo, para contribuír á consolidación de industrias culturais nacionais, atenderase ao incremento da produción propia. Así mesmo, e como motor do audiovisual, a participación da TVG no sector priorizará a creatividade procurando a calidade e a singularidade.
- ❑ Nas contratacións exteriores, tenderase a fortalecer empresas culturais ou técnicas do país, mais sempre na liña de non debilitar o papel, a función e a expansión da propia CRTVG.
- ❑ Estabeleceranse convenios de intercambio e coparticipación permanente coas sociedades de radiofonía e televisión portuguesas, con vista á emisión habitual de produtos do país veciño no noso e viceversa, de produtos galegos en Portugal.

#### **VIII.6.1.2 TVE e RNE na Galiza**

O goberno do BNG procurará que as desconexións para Galiza de TVE e RNE, en canto que medios públicos, cumpran requisitos de calidade e pluralidade informativa e respecto pola lingua e a cultura de Galiza.

Máis en concreto, tentarase acadar o:

- ❑ Aumento de horas de emisión para o país, tanto da radio como da televisión.
- ❑ Fomento da produción propia no centro territorial e, subsecuentemente, o seu fortalecemento.
- ❑ Maior uso da lingua galega, tanto nas emisións para o interior do país como no programa "Desde Galicia para el mundo", programa distribuído a nivel mundial e contemplado por centos de millares de compatriotas emigrantes.
- ❑ Reintrodución de Radio 4 ou, no seu defecto, doutra frecuencia radiofónica emitida integralmente en lingua galega e centrada na

información sobre a economía, a sociedade, a cultura e a política de Galiza.

### **VIII.6.1.3 Concesións de radio e televisión**

O goberno é competente para a concesión de frecuencias radiofónicas de FM e de frecuencias analóxicas e dixitais de TV. De feito, a través do Decreto 81/2005, de 14 de abril, o goberno do PP regula a concesión de frecuencias de TV dixital terrestre co obxectivo de consolidar un panorama televisivo afín antes de perderen as eleccións. Para o BNG, estas competencias deben ser exercidas en beneficio da pluralidade informativa e para crear un espazo audiovisual e comunicacional propio de Galiza e en galego. En definitiva, para crear unha opinión pública galega e promover a creación de contidos audiovisuais en galego en beneficio das industrias e produtoras do país.

Para lograr estes obxectivos, o goberno do BNG adoptará as seguintes medidas:

- Estabelecer un mínimo horario de emisión en lingua galega, en todo o caso superior ao 60 % do tempo total de emisión, e en todas as bandas horarias.
- Estabelecer un mínimo de produción propia (20 %) e de produción galega (30 %) para as empresas ou persoas concesionarias de frecuencias de radio ou televisión.
- Estabelecer medidas efectivas para o cumprimento das exixencias da Directiva “Televisión sen Fronteiras” no relativo á protección da xuventude e a infancia e a limitación das emisións publicitarias.

### **VIII.6.1.4 Axudas e Subvencións aos medios de comunicación privados**

Os sucesivos gobernos do PP fixeron da discrecionalidade na concesión de auxilios aos medios de comunicación privados (baixo diferentes fórmulas: convenios, axudas de “normalización lingüística”, publicidade institucional, publlirreportaxes, etc.) un xeito de conformar un panorama mediático favorábel aos seus intereses e escasamente plural. Para alén de ser un verdadeiro despilfarro de fondos públicos superior, cada ano, a 120 millóns de euros.

O goberno do BNG establecerá unha regulación clara das axudas aos medios de comunicación privados, eliminando a súa concesión discrecional e clientelar, e ligándoas en todo o caso ao cumprimento efectivo de obxectivos de interese público tales como, nomeadamente, o uso e a normalización da lingua galega.

## **VIII.7. AVANZAR NOS DEREITOS CÍVICOS**

O BNG defende unha alternativa avanzada socialmente, polo que na súa acción de goberno prestará unha especial atención a aquelas medidas que contribúan a pór fin e corrixir as situacións de inxustiza social e desigualdade aínda existentes na nosa sociedade, así como garantir o desenvolvemento e desfrute dos dereitos inherentes ao libre desenvolvemento da personalidade.

### **VIII.7.1. GARANTIR A IGUALDADE LEGAL DE TODAS AS RELACIÓNS AFECTIVAS**

Na lexislatura que se acaba de esgotar, o BNG rexistrou unha iniciativa lexislativa para regular as parellas de feito no ámbito de Galiza. A raíz da mesma, pactouse a creación dunha ponencia conxunta que redixiu un texto consensuado. Malia o acordo inicial, o PP demorou conscientemente a tramitación parlamentaria até que caducou, ao se disolver o Parlamento galego.

Perdeuse unha oportunidade histórica, a pesar dos esforzos do BNG, de que Galiza contase cunha lexislación que promovese un trato idéntico por parte dos poderes públicos de todas as persoas sen importar as súas opcións e formulacións nas relacións afectivas e a súa orientación sexual, e que ao mesmo tempo dese cabo coas inxustizas no campo civil, administrativo, fiscal, social e penal, que provocaron situacións de desamparo.

O BNG retomará desde o Goberno galego a iniciativa para equiparar legalmente a todas as lexítimas formas de familia, recollendo legalmente o fenómeno das parellas de feito para corrixir unha situación de grave desamparo e inxustiza.

#### **VIII.7.1.1 Obxectivos**

- ❑ Garantir idénticos dereitos para todas as parellas, con independencia do xénero de quen as compoña.
- ❑ Regular un réxime de dereitos e obrigas que asegure protección aos membros das parellas de feito no caso de que a súa disolución cause menoscabo económico a unha delas.

#### **VIII.7.1.2 Medidas**

- ❑ Elaborar unha Lei Galega de Parellas de Feito, que inclúa o dereito á adopción e acollemento das mesmas, con independencia da súa orientación sexual.
- ❑ Estabelecer fórmulas que garantan, dentro dos ámbitos e posibilidades competenciais, igualdade de dereitos de todas as parellas na adopción internacional.

- Promover a inclusión, nos convenios colectivos de todas as empresas e organismos públicos, dos dereitos sociais e laborais que vaian sendo recoñecidos ás persoas e parellas homosexuais.

## **VIII.7.2. LIBERDADE DE OPCIÓN SEXUAL**

A sexualidade é un elemento esencial para o desenvolvemento do individuo. Porén, o seu libre desenvolvemento e desfrute non ten sido amparado e promovido pola Xunta de Galiza. Mantivo, na práctica, unha actitude contraria ao recoñecemento de iguais dereitos ás persoas con independencia da súa orientación sexual, e non realizou ningún tipo de actividade destinada á normalización da realidade homosexual.

O BNG entende que se debe atallar a situación de violencia –física, simbólica ou legal- que padecen as persoas que non seguen o padrón heterosexual dominante e que o Goberno galego debe actuar para dar recoñecemento e potenciar o respecto e exercicio da liberdade de opción sexual.

### **VIII.7.2.1 Obxectivos**

1. Desenvolver unha cultura que fomente o libre desenvolvemento afectivo das persoas, erradicando os prexuízos que seguen presentes cara ás persoas de condición homosexual.
2. Fomentar medidas que normalicen socialmente a realidade homosexual.

### **VIII.7.2.2 Medidas**

- Organizar, promover e colaborar en campañas que desmonten os prexuízos sociais existentes a respecto das persoas de condición homosexual, e que difundan unha cultura non homófoba.
- Programar actividades e campañas no ámbito educativo, mediante a elaboración de materiais, formación docente para incluír a orientación sexual na planificación transversal e na educación de valores do ensino obrigatorio.
- Garantir nos medios de comunicación de titularidade pública un tratamento respectuoso e digno de todas as informacións que digan a respecto das e dos homosexuais, baseándose nos principios de igualdade e libre desenvolvemento da personalidade. Estabeleceranse protocolos cos medios de comunicación de titularidade privada a fin de conquistar idéntico trato.
- Retirar ou denegar calquera axuda ou subvención por parte da Xunta da Galiza a aquelas entidades, públicas ou privadas, que pola súa ideoloxía ou actividade incorran ou promovan a homofobia.
- Organizar, en colaboración con outras entidades, cursos de formación de mediadores xuvenís, incluíndo contidos sobre a realidade homosexual.

- ❑ Desenvolver políticas activas contra a discriminación no emprego a causa da orientación sexual.
- ❑ Elaboración dun decálogo de actuación para os altos cargos da Administración galega que concrete un marco de respecto e promoción da liberdade de opción sexual, polo que deban rexirse obrigatoriamente todos os altos cargos do Goberno galego. Iniciaranse actuacións para a extensión deste decálogo a outros niveis institucionais.

## VIII.8. GALIZA E A UNIÓN EUROPEA

O goberno do BNG defenderá a presenza directa de Galiza en Europa para que os intereses de Galiza poidan estar debidamente representados e defendidos tanto na elaboración das normas e das políticas comunitarias como tamén nos procedementos de tomada de decisións concretas que poidan afectar ás competencias do noso país. Na vía descendente, as institucións galegas deben ser as únicas competentes para desenvolver o dereito comunitario e, en especial, as Directivas comunitarias que, como en canto establecen mínimos normativos comúns para toda a Unión Europea ocupan o lugar das leis básicas estatais. En particular, o goberno do BNG traballará para que, ben por medio de reformas do ordenamento español ou ben a través das modificacións precisas no dereito europeo, os poderes públicos galegos estean lexitimados perante o Tribunal de Xustiza e para que Galiza sexa circunscrición electoral única nas eleccións para o Parlamento Europeo.

Sen prexuízo das medidas concretas que se relacionan noutras epígrafes deste programa, o goberno do BNG adoptará as seguintes medidas e liñas de traballo:

- ❑ Estabelecemento de canles efectivas para a participación de Galiza nos asuntos europeos co obxectivo de salvagardar as súas competencias e promover os seus intereses.
- ❑ Galiza terá voz e voto directos no Comité das Rexións e en calquera outra institución ou órgano de representación territorial da UE. Atribuiráselle *status* xurídico-público á Oficina de representación de Galiza en Bruxelas.
- ❑ Remitiráselles directamente ás institucións da Unión Europea as disposicións e resolucións da Comunidade Autónoma en materias da súa competencia.
- ❑ Recoñeceráselle a Galiza a lexitimación activa privilexiada perante o Tribunal de Xustiza para a preservación das súas competencias exclusivas.
- ❑ O Parlamento de Galiza terá dereito a intervir (mediante os mecanismos previstos no Dereito europeo, en particular, no Protocolo sobre a función dos parlamentos nacionais na Unión Europea e no Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiaridade e proporcionalidade) nas materias que afecten os intereses específicos da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galiza poderá participar nas sesións do Consello de Ministros cando trate materias da súa competencia e de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma. En calquera caso, garantirase a

participación de Galiza na formación da vontade estatal polos procedementos máis idóneos para o efecto.

- ❑ Conforme o principio de subsidiaridade, Galiza poderá asinar convenios ou acordos con outras entidades (estatais ou subestatais) en materias da súa competencia. Nomeadamente, terá a capacidade específica de formalizar acordos transfronteirizos no marco da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.
- ❑ A Comunidade Autónoma transporá directamente as Directivas europeas no ámbito das súas competencias.

### **VIII.9. UNHA GALIZA ACTIVA E SOLIDARIA NO MUNDO**

O goberno do BNG impulsará unha política exterior activa. Porque sen ela, no mundo de hoxe, resultaría imposible exercer as competencias atribuídas en exclusiva aos poderes galegos. O fenómeno da mundialización e a necesidade de promover iniciativas que favorezan a presenza internacional dos nosos sectores produtivos, exixen un renovado esforzo para asegurar a Galiza unha posición destacada nos mercados, nas institucións internacionais, nas redes de cooperación científica, cultural e, en xeral, en todos aqueles foros onde as nosas competencias poidan ser exercidas e os nosos intereses defendidos.

É urxente concitar un consenso o máis amplo posible na definición das liñas fundamentais da acción exterior, previa concreción dos intereses estratéxicos de Galiza. Este acordo debe producirse como resultado dun proceso de diálogo cos diferentes axentes e forzas sociais con implicación directa na proxección exterior do noso país. En todo o caso, o BNG procurará que esta política exterior se fundamente nos principios da igualdade entre os pobos, a resolución pacífica dos conflitos, a defensa da democracia e dos dereitos humanos, a solidariedade e o beneficio mutuo.

A acción exterior da Xunta de Galiza, deberá incorporar as seguintes actuacións:

- ❑ Difusión da realidade e especificidade galegas no Mundo, proxectando a personalidade internacional de Galiza mediante o pleno desenvolvemento das competencias que contempla o propio Estatuto de Autonomía de Galiza.
- ❑ Promoción da lingua e da cultura galega no exterior.
- ❑ Desenvolvemento das institucións e apoio aos colectivos galegos no exterior.
- ❑ Apoio ás políticas de financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, co obxectivo de dedicar a estas accións, ao final da próxima lexislatura, o 0,5 % dos orzamentos de Galiza.
- ❑ Participación na axuda directa e de urxencia en situacións de crise humanitaria internacional, alentando o agrupamento de recursos e a implicación da cidadanía e outros actores privados.

- Apoio ás accións de cooperación ao desenvolvemento nos países inmersos en procesos de reconstrución ou vítimas da indiferenza internacional.
- Promover iniciativas que favorezan a coordinación de recursos, políticas e estratexias de acción exterior baixo o liderato da Administración galega.

Para levar a cabo estas políticas de forma coherente, o goberno do BNG contará cunha unidade de acción exterior en que se agrupen as competencias que, na actualidade, se encontran dispersas en diferentes departamentos, asignándolle o rango institucional adecuado.